



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 559  
12 de novembro de 2019



CSV: BOPGDSPG8xIRG8q9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

### **I Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020**

#### **Grupo I. Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos)**

##### **1. Emendas de devolución global**

- Núm. 1: (núm. de rexistro 58636) do G. P. dos Socialistas [184524](#)
- Núm. 1: (núm. de rexistro 58659) do G. P. Grupo Común da Esquerda [184532](#)
- Núm. 1: (núm. de rexistro 58557) do G. P. do BNG [184547](#)
- Núm. 1: (núm. de rexistro 58668) do G. P. Mixto [184555](#)

##### **2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto**

#### **SECCIÓN 03 Consello da Cultura Galega**

##### A) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

- Núm. 1: (núm. de rexistro 58605) [184576](#)

#### **SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia**

##### A) Emendas do G. P. dos Socialistas

- Núm. 1: (núm. de rexistro 58617) [184580](#)

##### B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

- Núm. 2: (núm. de rexistro 58620) [184583](#)
- Núm. 17: (núm. de rexistro 58612) [184586](#)
- Núm. 16: (núm. de rexistro 58607) [184588](#)
- Núm. 22: (núm. de rexistro 58639) [184593](#)

##### C) Emendas do G. P. do BNG

- Núm. 1: (núm. de rexistro 58560) [184596](#)
- Núm. 2: (núm. de rexistro 58559) [184599](#)



## D) Emendas do G. P. Mixto

- Núm. 1: (núm. de rexistro 58583) [184602](#)  
—Núm. 14: (núm. de rexistro 58597) [184606](#)  
—Núm. 20: (núm. de rexistro 58609) [184610](#)

**SECCIÓN 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas

- Núm. 2: (núm. de rexistro 58619) [184612](#)

## B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

- Núm. 3: (núm. de rexistro 58657) [184615](#)  
—Núm. 20: (núm. de rexistro 58625) [184620](#)  
—Núm. 21: (núm. de rexistro 58628) [184623](#)  
—Núm. 15: (núm. de rexistro 58598) [184626](#)

## C) Emendas do G. P. do BNG

- Núm. 3: (núm. de rexistro 58561) [184628](#)

## D) Emendas do G. P. Mixto

- Núm. 2: (núm. de rexistro 58584) [184632](#)

**SECCIÓN 06 Consellería de Facenda.**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas

- Núm. 3: (núm. de rexistro 58622) [184635](#)

## B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

- Núm. 4: (núm. de rexistro 58647) [184639](#)  
—Núm. 28: (núm. de rexistro 58666) [184642](#)

## C) Emendas do G. P. do BNG

- Núm. 4: (núm. de rexistro 58558) [184646](#)

## D) Emendas do G. P. Mixto

- Núm. 3: (núm. de rexistro 58585) [184650](#)  
—Núm. 19: (núm. de rexistro 58608) [184654](#)



**SECCIÓN 07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 4: (núm. de rexistro 58623) [184658](#)

## B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 5: (núm. de rexistro 58658) [184661](#)

—Núm. 34: (núm. de rexistro 58688) [184664](#)

—Núm. 27: (núm. de rexistro 58656) [184666](#)

## C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 5: (núm. de rexistro 58562) [184669](#)

## D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 4: (núm. de rexistro 58586) [184674](#)

—Núm. 23: (núm. de rexistro 58614) [184677](#)

—Núm. 25: (núm. de rexistro 58621) [184679](#)

**SECCIÓN 08 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 5: (núm. de rexistro 58624) [184681](#)

## B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 6: (núm. de rexistro 58638) [184683](#)

—Núm. 23: (núm. de rexistro 58641) [184686](#)

## C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 6: (núm. de rexistro 58563) [184690](#)

## D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 5: (núm. de rexistro 58587) [184694](#)

—Núm. 15: (núm. de rexistro 58600) [184696](#)

**SECCIÓN 09 Consellería de Economía, Emprego e Industria**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas





—Núm. 6: (núm. de rexistro 58626) [184698](#)

B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 7: (núm. de rexistro 58610) [184701](#)

—Núm. 19: (núm. de rexistro 58616) [184705](#)

—Núm. 18: (núm. de rexistro 58615) [184707](#)

—Núm. 24: (núm. de rexistro 58645) [184709](#)

C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 7: (núm. de rexistro 58564) [184712](#)

D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 6: (núm. de rexistro 58588) [184722](#)

**SECCIÓN 10 Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**

A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 7: (núm. de rexistro 58627) [184729](#)

B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 8: (núm. de rexistro 58644) [184731](#)

C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 8: (núm. de rexistro 58565) [184734](#)

D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 7: (núm. de rexistro 58589) [184737](#)

**SECCIÓN 11 Consellería de Cultura e Turismo**

A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 8: (núm. de rexistro 58629) [184739](#)

B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 9: (núm. de rexistro 58643) [184742](#)

—Núm. 33: (núm. de rexistro 58687) [184747](#)

—Núm. 14: (núm. de rexistro 58596) [184751](#)



## C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 9: (núm. de rexistro 58566) [184754](#)

## D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 8: (núm. de rexistro 58590) [184756](#)

—Núm. 13: (núm. de rexistro 58595) [184758](#)

**SECCIÓN 12 Consellería de Sanidade**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 9: (núm. de rexistro 58630) [184760](#)

## B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 10: (núm. de rexistro 58679) [184763](#)

—Núm. 31: (núm. de rexistro 58678) [184766](#)

—Núm. 29: (núm. de rexistro 58676) [184768](#)

—Núm. 32: (núm. de rexistro 58680) [184770](#)

—Núm. 30: (núm. de rexistro 58677) [184772](#)

## C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 10: (núm. de rexistro 58567) [184775](#)

## D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 9: (núm. de rexistro 58591) [184778](#)

—Núm. 16: (núm. de rexistro 58602) [184780](#)

—Núm. 17: (núm. de rexistro 58604) [184781](#)

—Núm. 21: (núm. de rexistro 58611) [184783](#)

—Núm. 24: (núm. de rexistro 58618) [184785](#)

**SECCIÓN 13 Consellería de Política Social**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 10: (núm. de rexistro 58632) [184787](#)

## B) Emendas do G. P. de Grupo Común da Esquerda

—Núm. 11: (núm. de rexistro 58655) [184790](#)

## C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 11: (núm. de rexistro 58569) [184793](#)



## D) Emendas do G. P. Mixto

- Núm. 10: (núm. de rexistro 58592) [184797](#)  
—Núm. 18: (núm. de rexistro 58606) [184800](#)

**SECCIÓN 14 Consellería do Medio Rural**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas

- Núm. 11: (núm. de rexistro 58633) [184802](#)

## B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

- Núm. 12: (núm. de rexistro 58675) [184805](#)

## C) Emendas do G. P. do BNG

- Núm. 12: (núm. de rexistro 58570) [184808](#)

## D) Emendas do G. P. Mixto

- Núm. 11: (núm. de rexistro 58593) [184813](#)

**SECCIÓN 15 Consellería do Mar**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas

- Núm. 12: (núm. de rexistro 58634) [184817](#)

## B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

- Núm. 13: (núm. de rexistro 58646) [184819](#)  
—Núm. 26: (núm. de rexistro 58654) [184822](#)  
—Núm. 25: (núm. de rexistro 58652) [184825](#)

## C) Emendas do G. P. do BNG

- Núm. 13: (núm. de rexistro 58571) [184827](#)

## D) Emendas do G. P. Mixto

- Núm. 12: (núm. de rexistro 58594) [184831](#)  
—Núm. 22: (núm. de rexistro 58613) [184837](#)



## **Grupo II. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)**

### **1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos**

A) Emendas do G. P. dos Socialistas

Número 1 (núm. de rexistro 58637) [184840](#)

B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

Número 1 (núm. de rexistro 58661, primeira parte do documento e corrección de erros no doc. núm. 58694) [184877](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Números 2, 4, 22, 24, 24 a 40 (núm. de rexistro 58665) [184924](#)

D) Emendas do G. P. Mixto

Número 1 (núm. de rexistro 58686 e corrección de erros no doc. núm. 58711) [184974](#)

### **2. Emendas que transfiren créditos entre seccións**

#### **2.1. Observacións**

#### **2.2. Relación de emendas transversais presentadas polos grupos parlamentarios**

A) Emendas do G. P. dos Socialistas

A1) Núm. 1 (núm. de rexistro 58637) [185021](#)

A2) Observacións

B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

B1) Número 1 (núm. de rexistro 58661, segunda parte do documento e corrección de erros no doc. núm. 58694) [185058](#)

B2) Observacións

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

C.1) Números 1 a 25 (núm. de rexistro 58665) [185105](#)

C.2) Observacións



## D) Emendas do G. P. Mixto

D1) Número 1 (núm. de rexistro 58686 e corrección de erros 58711)

[185155](#)

D2) Observacións

**I Cualificación de emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**

— 1 Emenda presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 58642)

[185202](#)

— 1 Emenda presentada polo G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm 58660)

[185209](#)

— 1 Emenda presentada polo G. P. do BNG (doc. núm. 58556)

[185218](#)

— 1 Emenda presentada polo G. P. Mixto (doc. núm. 58681)

[185222](#)**4. Informacións e correccións de erros****4.2. Correccións de erros**

I Corrección de erros na execución do Acordo da Mesa do Parlamento do día 5 de novembro de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 2020

[184523](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

### **Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020**

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa reunión do 11 de novembro de 2019, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade que rematou ás 18:30 horas do 7 de novembro de 2019 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia

Documentos cos números de rexistro: 58636, 58617, 58619, 58622, 58623, 58624, 58626, 58627, 58629, 58630, 58632, 58633, 58634 e 58637.

b) Documentos presentados polo G. P. Grupo Común da Esquerda

Documentos cos números de rexistro: 58659, 58661 (corrección de erros no doc. 58694), 58605, 58620, 58657, 58647, 58658, 58638, 58610, 58644, 58643, 58679, 58655, 58675, 58646, 58596, 58598, 58607, 58612, 58615, 58616, 58625, 58628, 58639, 58641, 58645, 58652, 58654, 58656, 58666, 58676, 58677, 58678, 58680, 58687, e 58688.

c) Documentos presentados polo G. P. do BNG.

Documentos cos números de rexistro: 58557, 58560, 58559, 58561, 58558, 58562, 58563, 58564, 58565, 58566, 58567, 58569, 58570, 58571 e 58665.

d) Documentos presentados polo G. P. Mixto.

Documentos cos números de rexistro: 58668, 58583, 58584, 58585, 58586, 58587, 58588, 58589, 58590, 58591, 58592, 58593, 58594, 58595, 58597, 58600, 58602, 58604, 58606, 58608, 58609, 58611, 58613, 58614, 58618, 58621 e 58686 (corrección de erros no doc. 58711).

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro. Cualificalos como emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020.

Segundo. Clasificalas nos grupos que a seguir se indican e ordenalas mediante a asignación dunha numeración correlativa para cada tipo de emenda para facilitar a súa identificación, sen que esa numeración cuantifique necesariamente o número de emendas presentadas.

Terceiro. Admitir a trámite as emendas seguintes:



**Grupo I**  
**Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos**  
**(con efectos devolutivos)**

**1. Emendas de devolución global**

- Núm. 1: (núm. de rexistro 58636) do G. P. dos Socialistas.
- Núm. 1: (núm. de rexistro 58659) do G. P. Grupo Común da Esquerda.
- Núm. 1: (núm. de rexistro 58557) do G. P. do BNG.
- Núm. 1: (núm. de rexistro 58668) do G. P. Mixto.

**2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto**

**SECCIÓN 03 Consello da Cultura Galega**

A) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

- Núm. 1: (núm. de rexistro 58605), á sección 03.

**SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia**

A) Emendas do G. P. dos Socialistas

- Núm. 1: (núm. de rexistro 58617), á sección 04, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e á CRTVG.

B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

- Núm. 2: (núm. de rexistro 58620), á sección 04.
- Núm. 17: (núm. de rexistro 58612), á Fundación Deporte Galego.
- Núm. 16: (núm. de rexistro 58607), á CRTVG.
- Núm. 22: (núm. de rexistro 58639), á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

C) Emendas do G. P. do BNG

- Núm. 1: (núm. de rexistro 58560), á sección 04 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.
- Núm. 2: (núm. de rexistro 58559), á CRTVG.

D) Emendas do G. P. Mixto

- Núm. 1: (núm. de rexistro 58583), á sección 04.
- Núm. 14: (núm. de rexistro 58597), á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Núm. 20: (núm. de rexistro 58609), á CRTVG



**SECCIÓN 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 2: (núm. de rexistro 58619), á sección 05 e á Axencia Galega de Emerxencias e á Escola Galega de Administración Pública.

## B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 3: (núm. de rexistro 58657), á sección 05.

—Núm. 20: (núm. de rexistro 58625), á Escola Galega de Administración Pública.

—Núm. 21: (núm. de rexistro 58628), á Fundación Galicia Europa.

—Núm. 15: (núm. de rexistro 58598), á Axencia Galega de Emerxencias.

## C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 3: (núm. de rexistro 58561), á sección 05 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

## D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 2: (núm. de rexistro 58584), á sección 05 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

**SECCIÓN 06 Consellería de Facenda.**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 3: (núm. de rexistro 58622), á sección 06, á Axencia Tributaria de Galicia e ao Cixtec.

## B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 4: (núm. de rexistro 58647), á sección 06.

—Núm. 28: (núm. de rexistro 58666), ao Consello Económico e Social.

## C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 4: (núm. de rexistro 58558), á sección 06 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

## D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 3: (núm. de rexistro 58585), á sección 06 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

—Núm. 19: (núm. de rexistro 58608), á Consello Económico e Social.





**SECCIÓN 07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 4: (núm. de rexistro 58623), á sección 07, ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, á Xestur, S.A., ao Consorcio Casco Vello de Vigo, á Sociedade Galega de Medio Ambiente e Augas de Galicia.

## B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 5: (núm. de rexistro 58658), á sección 07.

—Núm. 34: (núm. de rexistro 58688), ao Instituto Galego de Vivenda e Solo.

—Núm. 27: (núm. de rexistro 58656), á Sociedade Galega de Medio Ambiente.

## C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 5: (núm. de rexistro 58562), á sección 07 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

## D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 4: (núm. de rexistro 58586), á sección 07 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

—Núm. 23: (núm. de rexistro 58614), ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.

—Núm. 25: (núm. de rexistro 58621), á Sociedade Galega de Medio Ambiente.

**SECCIÓN 08 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**

## A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 5: (núm. de rexistro 58624), á sección 08, á Axencia Galega de Infraestruturas, á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia e a Augas de Galicia.

## B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 6: (núm. de rexistro 58638), á sección 08.

—Núm. 23: (núm. de rexistro 58641), a Augas de Galicia.

## C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 6: (núm. de rexistro 58563), á sección 08 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

## D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 5: (núm. de rexistro 58587), á sección 08 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.



—Núm. 15: (núm. de rexistro 58600), á Augas de Galicia.

### **SECCIÓN 09 Consellería de Economía, Emprego e Industria**

#### A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 6: (núm. de rexistro 58626), á sección 09, á Axencia Galega de Innovación, ao Instituto Galego de Promoción Económica e ao Instituto Enerxético de Galicia.

#### B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 7: (núm. de rexistro 58610), á sección 09.

—Núm. 19: (núm. de rexistro 58616), ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

—Núm. 18: (núm. de rexistro 58615), ao Instituto Galego de Promoción Económica.

—Núm. 24: (núm. de rexistro 58645), ao Instituto de Enerxía de Galicia.

#### C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 7: (núm. de rexistro 58564), á sección 09 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

#### D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 6: (núm. de rexistro 58588), á sección 09 e ás entidades públicas instrumentais Axencia Galega de Innovación, Instituto Enerxético de Galicia e Instituto Galego de Promoción Económica.

### **SECCIÓN 10 Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**

#### A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 7: (núm. de rexistro 58627), á sección 10.

#### B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 8: (núm. de rexistro 58644), á sección 10.

#### C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 8: (núm. de rexistro 58565), á sección 10.

#### D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 7: (núm. de rexistro 58589), á sección 10 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.



## SECCIÓN 11 Consellería de Cultura e Turismo

### A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 8: (núm. de rexistro 58629), á sección 11, a Axencia de Turismo de Galicia, a AGADIC e á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

### B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 9: (núm. de rexistro 58643), á sección 11.

—Núm.: 33 (núm. de 58687), á Fundación Pública Cidade da Cultura. A referencia á sección 10 debe entenderse feita á sección 11.

—Núm. 14: (núm. de rexistro 58596), á Axencia Galega de Industrias Culturais.

### C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 9: (núm. de rexistro 58566), á sección 11.

### D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 8: (núm. de rexistro 58590), á sección 11.

—Núm. 13: (núm. de rexistro 58595), á Axencia Galega de Industrias Culturais.

## SECCIÓN 12 Consellería de Sanidade

### A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 9: (núm. de rexistro 58630), á sección 12 e ao Servicio Galego de Saúde.

### B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 10: (núm. de rexistro 58679), á sección 12.

—Núm. 31: (núm. de rexistro 58678), á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento da Saúde.

—Núm. 29: (núm. de rexistro 58676), á Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

—Núm. 32: (núm. de rexistro 58680), á Sociedade Mercantil Galaria, S.A.

—Núm. 30: (núm. de rexistro 58677), ao Servizo Galego de Saúde.

### C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 10: (núm. de rexistro 58567), á sección 12 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

### D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 9: (núm. de rexistro 58591), á sección 12 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.



- Núm. 16: (núm. de rexistro 58602), á Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.
- Núm. 17: (núm. de rexistro 58604), á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.
- Núm. 21: (núm. de rexistro 58611), a Galaria, S.A.
- Núm. 24: (núm. de rexistro 58618), ao Servizo Galego de Saúde.

### **SECCIÓN 13 Consellería de Política Social**

#### A) Emendas do G. P. dos Socialistas

- Núm. 10: (núm. de rexistro 58632), á sección 13, á Axencia Galega de Servizos Sociais e ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

#### B) Emendas do G. P. de Grupo Común da Esquerda

- Núm. 11: (núm. de rexistro 58655), á sección 13.

#### C) Emendas do G. P. do BNG

- Núm. 11: (núm. de rexistro 58569), á sección 13 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

#### D) Emendas do G. P. Mixto

- Núm. 10: (núm. de rexistro 58592), á sección 13 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.
- Núm. 18: (núm. de rexistro 58606), á Axencia Galega de Servizos Sociais.

### **SECCIÓN 14 Consellería do Medio Rural**

#### A) Emendas do G. P. dos Socialistas

- Núm. 11: (núm. de rexistro 58633), á sección 14, ao Fondo Galego de Garantía Agraria e á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

#### B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

- Núm. 12: (núm. de rexistro 58675), á sección 14.

#### C) Emendas do G. P. do BNG

- Núm. 12: (núm. de rexistro 58570), á sección 14 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

#### D) Emendas do G. P. Mixto

- Núm. 11: (núm. de rexistro 58593), á sección 14 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.



## SECCIÓN 15 Consellería do Mar

### A) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 12: (núm. de rexistro 58634), á sección 15 e a Portos de Galicia.

### B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

—Núm. 13: (núm. de rexistro 58646), á sección 15.

—Núm. 26: (núm. de rexistro 58654), a Portos de Galicia.

—Núm. 25: (núm. de rexistro 58652), ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

### C) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 13: (núm. de rexistro 58571), á sección 15 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

### D) Emendas do G. P. Mixto

—Núm. 12: (núm. de rexistro 58594), á sección 15 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

—Núm. 22: (núm. de rexistro 58613), ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

## Grupo II

### Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)

#### 1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos

##### A) Emendas do G. P. dos Socialistas

Número 1 (núm. de rexistro 58637) do G. P. dos Socialistas, que prevé un incremento dos orzamentos consolidados ata a cantidade de 12.048.552.614 euros polo aumento dos ingresos en 226.977.277 euros.

O maior gasto finánciase coa modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, co reforzamento da inspección fiscal e cunha mellora na xestión tributaria. De aceptarse, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

##### B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

Número 1 (núm. de rexistro 58661, primeira parte do documento e corrección de erros no doc. núm. 58694) do G. P. Grupo Común da Esquerda, que incrementa os gastos por operacións non financeiras en 560 millóns de euros nas actuacións identificadas nas aplicacións sinaladas nela.



O maior gasto finánciase cun incremento dos recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico, coa modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, co reforzamento da inspección fiscal e coa minoración selectiva de determinados beneficios fiscais. De aceptarse, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

#### C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Números 2, 4, 22, 24, 24 a 40 (núm. de rexistro 58665) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que incrementan os ingresos en 224.775.436 euros.

O aumento do gasto nas actuacións previstas nas emendas finánciase mediante a modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos e coa supresión de beneficios fiscais. De aceptárense, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

#### D) Emendas do G. P. Mixto

Número 1 (núm. de rexistro 58686 e corrección de erros no doc. núm. 58711) do G. P. Mixto que prevé un aumento dos ingresos en 226.000.000 euros.

O maior gasto finánciase cun incremento nos recursos procedentes do sistema de financiamento, coa modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, coa revisión dos beneficios fiscais, co reforzamento da inspección fiscal e cun incremento do endebedamento. De aceptarse, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

## 2. Emendas que transfiren créditos entre seccións

### 2.1. Observacións

Hai emendas que reducen o importe dos créditos destinados a ser transferidos para financiar, con cargo aos capítulos 4 «Transferencias correntes» e 7 «Transferencias de capital» do orzamento de gastos da sección correspondente ou do orzamento de gastos dunha entidade pública instrumental con orzamento administrativo (organismos autónomos e axencias públicas autonómicas), operacións correntes e de capital doutras entidades instrumentais que dependen da sección ou reciben fondos da entidade pública instrumental, concretamente entidades públicas instrumentais con orzamentos de explotación e de capital (entidades públicas empresariais, sociedades públicas mercantís e fundacións do sector público autonómico). Pero esas emendas non rebaixan os orzamentos de gastos das entidades instrumentais con orzamento limitativo nin os importes das contas correspondentes dos estados financeiros das que teñen orzamentos estimativos, afectados pola redución. Malia que estas operacións contables deberían facerse na propia emenda ou, no seu defecto, a través dunha emenda complementaria á principal, tendo en conta os precedentes, non existe atranco formal para admitilas a trámite, ben que, no caso de seren aceptadas, sería necesario facer os correspondentes axustes na contabilidade orzamentaria das seccións e das entidades instrumentais con orzamento administrativo (concreción das aplicacións cuxos créditos habería que reducir) e



tamén na contabilidade financeira (previsión de balance, previsión de conta de perdas e ganancias ou da conta do resultado económico-patrimonial e previsión de fluxos de efectivo) das entidades instrumentais con orzamentos de explotación e de capital para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto coas consecuencias que a lexislación establece.

## 2.2. Relación de emendas transversais presentadas polos grupos parlamentarios

### A) Emendas do G. P. dos Socialistas

A1) Núm. 1 (núm. de rexistro 58637), que transfire crédito entre aplicacións de diferentes seccións. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, como unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola que figura clasificada nos epígrafes 1 e 2 do grupo II.

A2) As observacións efectuadas no punto 2.1. poderían afectar as aplicacións seguintes, que figuran na alínea 4, «Movementos concretos de partidas orzamentarias»: 07.83.451B.441.17, 08.01.542A.740.01, 04.10.131A.732.0, 15.01.513A.740.02, 15.01.513A.440.02, 11.20.432B.441.19.

### B) Emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda

B1) Número 1 (núm. de rexistro 58661, segunda parte do documento e corrección de erros no doc. núm. 58694), que transfire crédito entre aplicacións de diferentes seccións. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, como unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola que figura clasificada nos epígrafes 1 e 2 do grupo II.

B2) As observacións efectuadas no punto 2.1. poderían afectar as aplicacións seguintes: 04.10.571A.732.00, 08.01.512B.732, 08.01.542A.740, 09.10.741A.732, 15.01.513A.740, así como ás aplicacións cuxos créditos se incrementan e están clasificados organicamente en servizos que son entidades públicas instrumentais con orzamento administrativo e que reciben financiamento da sección da que dependen.

### C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

C.1) Números 1 a 25 (núm. de rexistro 58665), que transfiren crédito entre aplicacións de diferentes seccións.

C.2) As observacións efectuadas no punto 2.1. poderían afectar as aplicacións seguintes: na emenda núm. 1, as partidas 08.01.512B.732.04, 08.01.542A.740.01, 09.10.741A.432.16, 09.10.741A.732.16, 11.10.761A.432.12, 11.10.761A.732.12; na emenda núm. 2, a partida cuxo crédito se incrementa, por estar clasificado organicamente nunha entidade pública instrumental con orzamento administrativo que se financia da sección da que depende; na emenda núm. 26, a partida cuxo crédito se incrementa, por estar clasificado organicamente nunha entidade pública instrumental con orzamento administrativo que se financia da sección da que depende

### D) Emendas do G. P. Mixto



D1) Número 1 (núm. de rexistro 58686 e corrección de erros 58711, que transfere crédito entre aplicacións de diferentes seccións. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, como unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola que figura clasificada nos epígrafes 1 e 2 do grupo II.

D2) As observacións efectuadas no punto 2.1. poderían afectar as aplicacións seguintes: 04.10.571A.732.00, 08.01.512B.732.04, 08.01.512B.432, 09.30.751A.741, 10.40.561B.743.14, 11.20.432B.443, 11.20.432B.743.15, así como as aplicacións cuxos créditos se incrementan e están clasificados organicamente en servizos que son entidades públicas instrumentais con orzamento administrativo e que reciben financiamento da sección da que dependen.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### **Cualificación de emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 11 de novembro de 2019, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade que rematou ás 18:30 horas do 7 de novembro de 2019 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia:

Documento co número de rexistro 58642.

b) Documentos presentados polo G. P. Grupo Común da Esquerda:

Documento co número de rexistro 58660.

c) Documentos presentados polo G. P. do BNG:

Documento co número de rexistro 58556.

d) Documentos presentados polo G. P. Mixto:

Documento con número de rexistro 58681.

A Mesa, de conformidade co disposto no artigo 112.3 do Regulamento da Cámara, adoptou o seguinte acordo:

1º. Cualificalos como emendas á totalidade de devolución ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

2º. Admitilas a trámite co seguinte detalle:

a) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia:

Documento co número de rexistro 58642: 1 emenda.





b) Documentos presentados polo G. P. Grupo Común da Esquerda:  
Documento co número de rexistro 58660: 1 emenda.

c) Documentos presentados polo G. P. do BNG:  
Documento co número de rexistro 58556: 1 emenda.

d) Documentos presentados polo G. P. Mixto:  
Documento con número de rexistro 58681: 1 emenda.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

#### **Corrección de erros na execución do Acordo da Mesa do Parlamento do día 5 de novembro de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 2020**

Advertido un erro material, na execución do acordo da Mesa do Parlamento do día 5 de novembro de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 2020, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Onde di:

«2º) Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 2020[10/PL-000020 (57866)], ata o día 16 de novembro ás 13.00 horas.»

Debe dicir:

«2º) Ampliar, por unha soa vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 2020[10/PL-000020 (57866)], ata o día 16 de novembro ás 13.00 horas.»

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019  
Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado oficial maior



### Á Mesa da Comisión 3.<sup>a</sup>

**O Grupo Parlamentario Socialista**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

O actual presidente da Xunta de Galicia leva gobernando máis de dous lustros, o que o inhabilita para apelar a herdanzas recibidas ou reclamar indulxencia sobre promesas incumpridas. Gobernou sempre con maiorías absolutas, e durante sete anos - de decembro de 2011 a xuño de 2018 - cun Goberno da súa mesma cor política na Administración Xeral do Estado. Con anos iniciais de intensa crise económica pero, tamén, nos últimos anos con taxas de crecemento positivas, próximas ás existente a nivel de España. Pese a todo o cal, a situación económica e social de Galicia non ten mellorado.

Un Goberno autonómico que non fai nada excepcional presentando unha proposta de orzamentos, limitándose a cumprir coas súas obrigas, como por certo, están facendo outros gobernos autonómicos en España de xeito simultáneo (Canarias, Extremadura, Navarra, País Vasco, Andalucía, Castela-A Mancha) e en similares condicións sobre as previsións de transferencias de fondos derivadas do sistema de financiamento autonómico.

En primeiro lugar, solicítase a devolución destes orzamentos para o 2020 porque non coincidimos co diagnóstico que efectúa a Xunta de Galicia, que ten unha visión en exceso optimista e pouco realista da sociedade e da economía de Galicia.

Baséase nunha previsión do teito de gasto non financeiro que está lastrado polas incertezas económicas e unha política de ingresos propios restritiva, cunha previsión regresiva en termos sociais e que non favorece ao emprego, e que polo tanto non puido ser avalado dende este grupo parlamentario.

Galicia hoxe está máis integrada, afortunadamente, en España e en Europa do que nunca. No plano orzamentario, os fondos procedentes do orzamento comunitario e as transferencias finalistas da administración xeral do estado explican unha boa parte da formación autonómica bruta de capital público. O Fondo de Facilidade Financeira xunto coa capitalización do sistema financeiro e a mellora na percepción internacional da solvencia do Estado á baixada dos tipos de xuro e polo tanto a menor carga financeira. As transferencias finalistas



facilitan sensiblemente a prioridade outorgada ao combate contra a violencia de xénero, en favor do emprego ou na promoción de vivendas.

O consumo das familias, que é o elemento máis relevante do cadro macroeconómico, depende da actualización e reforzamento do sistema de pensións, da elevación do salario mínimo interprofesional e do bo comportamento do emprego en España.

Máis importante aínda é que Galicia leva tendo un perfil de crecemento sensiblemente similar ao español. Se a España vai ben a Galicia tamén lle irá. Se España entra nun momento de desaceleración económica o máis probable é que a Galicia tamén lle suceda. Son múltiples os mecanismos de transmisión dos impulsos de crecemento (ou de desaceleración), a través do comercio (o resto de España é o principal mercado de exportación), os fluxos de capital, os fondos públicos ou os movementos de persoas.

O cadro macroeconómico presentado pola Xunta de Galicia confirma esta apreciación. Non hai nada singular, en sentido positivo, no perfil de crecemento de Galicia en relación co resto de España.

Cunha política de ingresos excesivamente ambiciosa sobre os ingresos alleos pero restritiva nos propios da Xunta, sendo necesario avanzar na progresividade fiscal, sendo cuestionable, por exemplo, as reducións impositivas para as persoas con maiores rendas ou patrimonios, o que prexudica ao equilibrio social, aumenta as desigualdades ao beneficiar ás maiores fortunas, demostrándose incapaz de traducilo en maior crecemento, co que favorecese o aforro pero non o investimento.

O Goberno galego permítese dispoñer dunha décima adicional de déficit - 68 millóns de euros adicionais - ao evitar acollerse ás previsións dos orzamentos de Montoro, aínda en vigor. Pódese reclamar e ao goberno galego que siga a senda da prudencia das demais comunidades autónomas, sinaladamente cando veñen de suprimir formalmente a posibilidade de axustar as cifras dos Orzamentos a posteriori. Incluso a propia Xunta de Galicia tiña establecido como obxectivo chegar ao déficit 0 no ano 2020, en función dos escenarios aprobados no último ano do goberno Rajoy, que serviron en 2019 para confeccionar o orzamento autonómico. Sen embargo en 2020 renuncian a ese horizonte e prolonga un ano máis a consolidación fiscal, incorrendo nun déficit do exercicio similar ao do exercicio precedente, resultando criticable a renuncia a un compromiso previo, que era defendido no debate orzamentario precedente con enerxía. E só cabe explicar esta viravolta pola condición electoral do exercicio 2020.



Pero en moitas das cuestións fundamentais que ten Galicia, os problemas seguen a estar basicamente pendentes de solución.

En demografía, Galicia segue indo a menos. O ano 2018 ten o triste privilexio de presentar o peor saldo vexetativo de todas as Comunidades Autónomas; co menor número de nacementos en Galicia na serie histórica (16.563), cando en 2008 había 23.175. Unha caída do 28 % nos últimos dez anos. As súas políticas de fomento da natalidade (as bonificacións no IRPF ou a Tarxeta Benvida) están lonxe de ocasionar os efectos agardados e merecerían ser revisadas para facelos máis eficaces e máis redistributivas. Compartimos o diagnóstico: precisamos emprego dabondo e de calidade, servizos públicos e estratexias de conciliación para que a dinámica cambie, pero por desgracia non observamos que existan medidas no vindeiro orzamento da Xunta de Galicia que apunten á rectificación necesaria e non reflicten políticas públicas eficaces para corrixir estas derivas.

En economía, simplemente retornamos no mellor dos casos, dez anos despois, ao punto de partida. Pero con máis desigualdades, con menos emprego e con máis precariedade laboral. A Xunta de Galicia limítase a tirar partido do impulso global de España e da acción dos axentes económicos. A permitir que a economía galega sexa impulsada polos ventos de cola do crecemento económico global, da expansiva política monetaria europea, que fixo posible unha notable redución dos tipos de xuro, e a queda dos prezos do petróleo. Na actualidade algúns destes factores están desaparecidos ou amortiguados, pero o goberno galego non prevé alternativas suficientes para acometer as novas situacións.

En política industrial, en innovación, en formación, en infraestruturas, a política da Xunta de Galicia merece un xiro rotundo. A economía vai indo a pesar da ineficacia do goberno autonómico en temas clave, que deberían reforzar as nosas capacidades de futuro.

Poden poñerse cuestión ademais as cifras manexadas pola Xunta, ata o punto de que apuntan á administración central, cando non directamente a Pedro Sánchez, como responsables da actual situación industrial, cando o sector industrial galego perdeu 30.000 postos de traballo dende 2009 con Feijóo no goberno.

Aínda que nos últimos anos Galicia foi expandindo o seu produto e recuperando a produtividade do traballo, así como o comercio exterior foi evolucionando satisfactoriamente (se ben no 2019 o seu comportamento está a ser menos favorable), se reflicte unha problemática industrial, como por exemplo no relativo a consecución dunha transición enerxética xusta, que non ten ningunha clase de actuación singular e novidosa por parte do goberno galego nin se reflicten no proxecto de orzamento presentado.



Existen sectores nos que existe un positivo comportamento empresarial, ao que a Xunta se engade, pero que depende directamente da fortaleza e o acerto das decisións corporativas, pero é incapaz de vertebrar solucións viables para aqueles sectores que están en dificultades, onde a culpabilidade sempre é achacable a axentes externos á Xunta de Galicia.

En relación coas políticas que inciden directamente no comportamento económico, o Igape continúa na súa parálises e resulta ineficaz. Só executa a metade dun orzamento minguante (de 345 millóns de euros en 2010 a 127 millóns de euros para 2020). Procedementos tortuosos, decisións lentas, cofinanciamento disuasorio, ...; sen que observemos ningún plan para a reforma do Igape que permita ver con maior optimismo a execución duns fondos que continúan a ser insuficientes e son deficientemente xestionados.

En I+D+i quedámonos atrás. Menos persoas investigadoras e menos recursos. Sen resolver as cuestións organizativas, coa segregación entre investigación básica e aplicada, cunha execución orzamentaria na AGAIN baixa e en descenso. Cun gasto proporcional menor que para o conxunto de España, que supuxo só o 0,94 % do PIB, cando, por ofrecer un exemplo, no País Vasco ascendía ao dobre. A suba consignada no orzamento do 2020 (menos de dez millóns de euros) resulta insuficiente para recuperar o tempo perdido e estará sometida aos mesmos criterios e formas de xestión que dificultan o seu uso eficaz en anos anteriores.

En infraestruturas, co denominado Plan Move, a Xunta de Galicia simplemente tirou a toalla. Dito plan cifraba o investimento previsto en 3.622 millóns de euros, dos que aproximadamente 2.600 millóns eran para investimento en estradas. A licitación acumulada dende o ano 2011 sitúase nunha porcentaxe que non chega nin á cuarta parte do previsto. Na práctica, o plan está paralizado desde que foi aprobado. E para colmo, o orzamento para 2020 lonxe de remediar tal situación, minora en 40 millóns de euros os programas de construción, conservación e explotación de estradas. Renuncia pois o goberno a actuar sobre un elemento importante para a xeración de emprego a través dun aumento da obra pública.

Tamén sofre unha incompresible diminución as partidas dedicadas á mobilidade, cando debía entrar en funcionamento un novo plan de transporte público que, segundo a Xunta de Galicia, debera levar parello maiores dotacións.

O fracaso da política económica ten consecuencias dramáticas. A máis relevante, a grave fenda en emprego. Galicia, a diferenza do acontecido en España e na maioría das Comunidades Autónomas, aínda non recuperou o nivel





de persoas ocupadas fai dez anos. Segundo a EPA, no terceiro trimestre de 2019 España tiña 775.900 persoas ocupadas máis que 10 anos antes. Galicia 55.500 menos. A ineficaz utilización dos fondos para o emprego por parte da Xunta de Galicia merece de novo unha nítida reprobación.

Cae o emprego e ademais créase un emprego máis precario. Coa reforma laboral reduciuse o poder de negociación dos sindicatos, o que conduciu á baixa dos salarios.

A taxa de actividade da mocidade galega é inferior á española, a taxa de temporalidade superior. E iso que cada vez os grupos de idade relevante son máis reducidos. Precisamos darlle un horizonte á mocidade, con máis e mellor educación, que prepara para un mundo en cambio, e sobre todo, con maiores oportunidades laborais onde o talento e o esforzo poidan amosarse. Por iso compre reformar as normas da FP dual para poder ampliála, eliminar as taxas de primeira matrícula nas universidades e facilitar o acceso aos mestrados cunha política de bolsas máis decidida. Por iso, en emprego, o noso empeño é que a Xunta de Galicia use os recursos de que dispón para favorecer a inserción laboral e a formación especializada.

Cómpre impulsar o diálogo social, co obxectivo, en primeiro lugar, de reducir substancialmente a precariedade. No emprego público é imprescindible un plan realista para que a curto prazo a Xunta de Galicia presente un nivel de precariedade por baixo do 5 %. E no ámbito da contratación pública, a demanda sindical de abrir un diálogo sobre as cláusulas sociais na contratación debería servir tamén para que nos servizos sociais, no transporte, nas actividades de limpeza e seguridade, nas obras públicas... combatamos a precariedade, melloremos as condicións de traballo e favorezamos a protección do medio ambiente.

Cabe lembrar que os salarios ascendían ao 46,7 % do PIB en 2008, pero na actualidade baixaron drasticamente para situarse no entorno do 42,5 %, co que dedúcese un aumento moi substancial das desigualdades. Contrariamente, produciuse unha suba dos beneficios que non repercute en promover máis riqueza social, porque non dá lugar a unha expansión da capacidade económica vía investimento. Hai fuga de recursos financeiros por medio do sistema bancario ou en xeral financeiro.

Non seduce aos empresarios que xa están aquí para que invistan. E non seduce aos de fóra para que creen riqueza e emprego. Galicia capta unha cifra irrisoria do total dos investimentos estranxeiros totais en España: menos do 0,5 % nos últimos anos. Non está funcionando a política fiscal de sedución de investidores.



Porque choca coas dificultades da economía real. Os datos de creación de empresas, logo da aprobación da Lei de fomento de iniciativas empresariais en outubro de 2017, indican que houbo unha caída, que para os meses deste ano 2019 son un 13 % inferior a igual período de fai dous anos, cunha tendencia crecente á baixa.

O cadro macroeconómico que acompaña aos orzamentos cifra en a previsión de novos empregos para 2020 nunha diminución de 0,8 puntos na taxa de paro existente, cun aumento da orde de 9.000 empregos novos. Unha contía insuficiente para reverter a tendencia diverxente con España e para configurar unha base humana sólida e de futuro para a nosa economía.

Tamén propoñemos a devolución do orzamento para 2020 pola súa política de ingresos. Unha política de ingresos que afonda no carácter regresivo da política tributaria e que trata mellor os que máis ingresos ou patrimonio posúen. Que renuncia conscientemente a utilizar toda a dispoñibilidade de recursos por carencia de proxecto e falla de ambición por construír un país máis moderno e xusto.

Os beneficios fiscais anunciados son de escaso porte ou diferidos. As novas modificacións en Sucesións ou en Actos Xurídicos Documentados son de moito menos releve do que tenta transmitir o goberno autonómico, tal e como ven a suceder con moitos dos beneficios fiscais introducidos nos últimos anos.

A nosa discrepancia coa política tributaria ten que ver coa necesidade de someter os beneficios fiscais existentes a un escrutinio rigoroso para avaliar a súa pertinencia e/ou eficacia; de reforzar o carácter progresivo da tributación propia ou cedida, usando a capacidade normativa autonómica; e de ampliar, modernizar e unificar os instrumentos tributarios de carácter extrafiscal, favorecendo un modelo económico máis sostible. Nada disto existe no proxecto de lei de orzamentos para 2020.

A devolución do proxecto de orzamentos de 2020 igualmente demandase porque non compartimos algunhas das prioridades de gastos recollidas.

Os servizos básicos, tanto os sanitarios como os educativos, teñen unha previsión de gasto que evolucionan no mellor dos casos cuns cativos aumentos que son fundamentalmente derivados do incremento salarial previsto para os funcionarios públicos de todas as administracións.

Tendo en conta a recuperación paseniña da inflación os compromisos adquiridos en termos de recuperación da carreira profesional ou as cargas derivadas dos



contratos de colaboración público-privada, as marxes orzamentarias en ambos servizos básicos son moi limitadas, defraudando as expectativas para unha mellora substancial da calidade dos servizos básicos prestados á cidadanía.

Os recortes e a xestión dos gobernos Rajoy e Feijóo están pasando unha dura factura a un sistema que resiste grazas ao empeño e calidade dos e das profesionais. Diminuíu o persoal na sanidade pública cando as necesidades crecen polo avellentamento. Pero hai menos profesionais e a OPE prevista é un paliativo insuficiente, cando temos en conta as xubilacións e a estabilización de interinos. Existe unha precariedade excesiva que debilita o sistema e castiga aos e ás profesionais. Un goberno que di defender aos e ás profesionais en realidade está expulsando do sistema a aqueles que forma ou, no mellor dos casos, explotándoos miseravelmente con precariedade abusiva.

O que en boa medida tamén pode ser aplicable ao persoal educativo. Un ámbito que continúa a ser desatendido e ao que o goberno non dedica o esforzo necesario, sen ter aínda resolto os importantes déficits polos recortes no gasto que efectuou no pasado.

En relación coas políticas sociais obsérvanse unha excesiva concentración no reforzamento das estruturas directivas e unha excesiva dependencia das transferencias condicionadas procedentes da Administración central (tanto para a atención aos e ás dependentes como a protección e apoio das mulleres vítimas de violencia de xénero). Se temos en conta ambos efectos, o esforzo feito con recursos de decisión propia para reforzar as políticas de atención redúcese de xeito moi considerable. E, sen embargo, seguen existindo relevantes feridas sociais que suturar, aínda con moitas persoas con carencia material severa.

O número de perceptores da Risga e das axudas sociais de emerxencia baixan e representan soamente o 7,2 % das persoas galegas que están baixo o limiar de pobreza, persistindo unha Risga que non é nin suficiente nin digna, excesivamente burocratizada, non individualizada, con trabas excesivas para que aqueles que o merecen poidan ter esta renda de integración.

Existe un déficit acusado de prazas residenciais para persoas maiores e dependentes; fundamentalmente nas prazas públicas e financiadas. Produce frustración, molestias e dificultades económicas a moita xente. Abre un amplo espazo á lexítima oferta privada, que en condicións de demanda moi alta, sube os prezos. Poñendo contra as cordas en termos financeiros a moitas familias. Co anuncio da realización futura por parte dunha fundación privada, de residencias públicas nas sete principais concellos de Galicia, non queda resolto o fondo





déficit existente, polo que segue a ser necesario un esforzo público con un calendario realista.

Ademais o esforzo investidor é insuficiente. Aumentan os gastos de capital nun 2,4 %. Pero o meirande esforzo investidor continúa a estar financiado dende o exterior por medio de transferencias finalistas, ben sexa da Unión Europea, ben sexa da Administración xeral do Estado. Pero programas de gasto que carecen de financiamento externo ou que ven este reducirse experimentan unha caída en termos absolutos que non está xustificada pola anterior satisfacción de necesidades: o programa de estradas reduce o seu importe nun 14 %, as actuacións para mellora da mobilidade caen nun 26 %, en portos existe un retroceso de 14 %; e a promoción de solo para actividades económicas cae nun 79 % nun momento que debера ser un facto clave para o desenvolvemento económico.

Todo o cal lévanos a concluír que o proxecto de orzamentos remitido non da resposta axeitada aos principais retos para o impulso do crecemento económico, a diminución das desigualdades e a creación de emprego en Galicia, polo que esixe adoptar outro tipo de medidas máis ambiciosas e importantes.

Por todo o anterior, preséntase esta emenda á totalidade e solicítase a devolución do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, para a súa reformulación completa polo Goberno da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2020

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:25:03**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda, ao abeiro no disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, coa expresa **petición de devolución**, do **Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de Orzamentos para o ano 2020, remitido polo Goberno, resulta totalmente insuficiente para afrontar os efectos da desaceleración económica e da crise industrial que estamos a padecer en Galicia. Trátase duns orzamentos totalmente carentes de alternativas de crecemento que veñan a substituír o tirón da demanda externa dos últimos anos, insisten na estratexia neoliberal, equivocada, da perda de relevancia do sector público na economía, son continuistas, restritivos e antisociais, e non van servir para darlle a volta aos recortes que padecemos durante os últimos dez anos.

Estes non son os orzamentos necesita Galicia nestes intres, como non o eran as políticas de recortes draconianos do gasto público, impulsadas polos ideólogos do neoliberalismo en Europa e seguidas aquí, de xeito totalmente acrítico, polo Goberno de Feijóo, sen cuestionar o seu custe social, nin sequera a súa eficacia en termos económicos, que agravaron a depresión e prolongaron innecesariamente os seus dolorosos efectos sobre os segmentos da poboación con menos recursos, e nomeadamente sobre as traballadoras e os traballadores.



Por mais que se insista desde a dereita, hoxe xa todos os estudosos serios recoñecen que as políticas de austeridade aplicadas en Europa, con especial virulencia nos países do sur, para garantir o pago da débeda aos bancos alemáns e franceses, retardou a saída da crise, e provocou cotas de pobreza e desigualdade descoñecidas en Europa desde a Segunda Guerra Mundial.

En Galicia, o PIB real tardou nove anos en recuperarse, pero, recuperado o nivel agregado da produción, o panorama actual é ben distinto ao de antes da crise. A economía crece en termos nominais desde o ano 2014, pero ese crecemento non se está a trasladar ao nivel de benestar da sociedade. O 94% da cidadanía galega considera que a situación económica é mala ou moi mala e, se atendemos á variables socio-económicas, estamos moi lonxe de ter superado a crise.

Hai un factor explicativo fundamental. En 2017 acadamos o mesmo nivel de PIB que en 2008, antes de empezar a caer no pozo da dobre recesión, pero a parte destinada a retribuír aos asalariados aínda está 1.250 millóns de euros por debaixo. Temos o mesmo nivel de riqueza pero menos emprego, máis precariedade laboral e peores salarios.

Hoxe en Galicia hai 103.000 empregos menos que en 2008 e 54.000 menos que en 2009 cando a dereita recuperou o goberno.

Menos emprego e maias precariedade porque a metade da clase traballadora xa é precaria, porque só o 47% das persoas afiliadas ao Réxime Xeral da Seguridade Social ten un contrato indefinido a tempo completo.

Hai 32.000 desempregados máis que antes da recesión, son 141.000 persoas que están buscando hoxe un traballo e moitas delas son paradas de longa duración.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Hai mais de 52.000 fogares con todos os membros en paro, e dentro deles 34.000 que non teñen nin un ingreso laboral, nin salario, nin pensión nin prestación por desemprego.

O conxunto da clase traballadora perdeu de media un 8 % do seu salario, pero os máis precarios perderon neste tempo o 25 % do seu salario real. Cos datos da Axencia Tributaria sabemos que 450.000 persoas asalariadas teñen ingresos por debaixo de 900 euros.

Son traballadores pobres, un de cada tres asalariados galegos, pobreza que afecta tamén aos traballadores autónomos porque o 55 % declara ingresos por debaixo de 500 euros ao mes.

No 44 % dos fogares galegos, a suma dos ingresos de todos os seus membros non chega a 1.500 euros. As familias gastan de media 3.600 euros ao ano menos que en 2008, unha caída do seu gasto real do 25 %.

En Galicia, hai 612.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social, temos unha taxa Arope do 23 % que implica que unha de cada catro persoas do noso país está nesa situación. O 63 % das pensións están por debaixo do limiar da pobreza, pensionistas pobres que no caso das pensións de viuvez chega ata o 81 %. Pensións moi baixas que ademais perderon o 3 % do seu poder adquisitivo nos dous últimos anos.

Foron dez anos de recortes nos eixos troncais dun Estado do benestar incipiente, aínda en construción, que se viu truncado polas políticas austericidas, e que requirirá de esforzos redobrados en tempos de crecemento se queremos que algún día se recupere deses recortes.

O pasado 9 de outubro, o Parlamento de Galicia aprobou, coa maioría do Partido Popular, un Teito de Gasto Non Financeiro de 10.160 millóns de €. Só unha se-



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

mana despois, o Consello da Xunta aprobaba un Proxecto de Orzamentos para 2020 que nin sequera esgota ese límite, establecendo o gasto non financeiro en 10.149 millóns de €, que seguen sen acadar os niveis de gasto dos orzamentos anteriores á crise, situándose case 400 millóns de € por debaixo dos orzamentos de 2009 en termos nominais, e preto de 2.000 millóns de € (exactamente 1.958 millóns de €) en termos reais, que é como se debe comparar a evolución no tempo das magnitudes macroeconómicas.

Cos datos dos orzamentos iniciais de 2019, das dezasete Comunidades Autónomas do Estado, Galicia era a terceira Comunidade que se atopaba mais lonxe, en termos absolutos, de recuperar os niveis de gasto anteriores á crise.

Levamos xa dez anos de recortes acumulados. Eses 2.000 millóns de € representan só a diferenza entre os orzamentos previos aos gobernos de Feijóo e o Proxecto para 2020. Polo medio hai dez anos de recortes acumulados que deixaron mermados os principais servizos públicos.

Sufriron especialmente as **políticas sociais**, con recortes que supoñen preto de 900 millóns de € con respecto ao ano 2009. É precisamente o núcleo das políticas sociais as que aínda presentan maiores diferenzas cos orzamentos anteriores á chegada de Feijóo á Presidencia da Xunta: case 300 millóns de € menos en **educación**, 218 millóns de € menos en **sanidade**, 209 millóns de € menos en políticas de **emprego**, e 162 millóns de € menos en políticas de **vivenda**, son a distancia que nos separa, en termos reais, dos recursos destinados a esas políticas no ano 2009.

Eses recortes supoñen, aínda no Proxecto de Orzamentos para 2020, minoracións reais superiores ao 5% do gasto en Sanidade, e ao 10% en Educación, sendo esas



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

dúas políticas as mais cuantiosas en termos absolutos, cun peso aproximado do 65% do total do gasto non financeiro nos orzamentos para 2020.

Os recortes en materia de **políticas de vivenda** acadan o 66,8% dos recursos destinados no orzamento de 2009 en termos reais. Esta foi unha das políticas sacrificadas durante a crise, precisamente no momento en que se estaban a producir mais desafiuzamentos, como consecuencia da perda de empregos e das dificultades de moitas persoas e familias para facer fronte ás hipotecas das súas vivendas.

No Proxecto de Orzamentos para 2020 as **políticas de emprego** seguen a estar un 43.2% por debaixo dos orzamentos iniciais de 2009 en termos reais. Ademais, tanto as políticas de emprego, cunha execución do 58,8% dos créditos definitivos, como as políticas de vivenda, cunha execución do 75%, presentan graos de execución inferiores á media do conxunto dos orzamentos, excesivamente baixos se temos en conta a dimensión das necesidades sen atender, tanto en materia de acceso á vivenda, como no relativo á xeración de oportunidades laborais para as persoas desempregadas.

Os recortes nas políticas sociais resultan reveladores das prioridades políticas dos Gobernos do Partido Popular, pero non son estas as únicas políticas relegadas.

Tamén no que ten a ver coa **promoción das actividades económicas**, co necesario impulso das **políticas sectoriais**, os orzamentos para 2020 seguen a manter recortes importantes en termos reais con respecto aos anteriores á crise. Un 17% menos para as políticas de dinamización do medio rural (-71,7 M de €), un 45% menos para as políticas de pesca (-90,8 M€), un 17% menos para as políticas industriais (-11,8 M€), un 33% menos para o desenvolvemento empresarial (-24,5 M€), un 60% menos para apoiar ao comercio (-24,5 M€), e case un 18% menos para a promoción do turismo (-16,1 M€) aínda neste ano véspera de Xacobeo, e a



pesar de ser o incremento da actividade turística a gran esperanza da Xunta para manter o crecemento económico no ano 2020.

Manter recortes nas políticas sectoriais e de promoción da actividade económica, ademais de pouco intelixente, resulta tremendamente arriscado nun momento no que a demanda externa xa está a ter unha contribución negativa ao crecemento do PIB, e nun contexto de caída das exportacións, de tensións comerciais entre as grandes potencias e, de volta a políticas proteccionistas que están a influír negativamente sobre o volume do comercio internacional.

Ademais, Galicia está a atravesar por unha situación especialmente delicada no noso sector industrial, con caídas sostidas da produción industrial, con perda de miles de empregos industriais, con empresas senlleiras que están a pasar por dificultades moi serias en sectores cruciais da nosa economía, sexa na metalurxia, no sector enerxético ou no sector da construción naval.

Nun contexto de “alerta máxima na contorna macro”, segundo indica o propio Informe Económico Financeiro do Proxecto de Orzamentos, o crecemento dos investimentos reais 1,1 puntos por debaixo do crecemento xeral do Gasto Non Financeiro tampouco é unha boa nova, e non axudará a imprimir o impulso que necesita a economía galega.

Tampouco se salvaron dos recortes as **políticas culturais**. No Proxecto de Orzamentos para 2020, a función 43 Cultura, conta con menos da metade dos recursos previstos no orzamento inicial de 2009, en termos reais. Son 87,6 millóns de € menos dos que serían necesarios para igualar os recursos destinados ás políticas culturais antes de que Feijóo asumira a Presidencia da Xunta e, dentro das políticas culturais, o seus gobernos afanáronse na súa particular cruzada contra o idioma galego. Os fondos destinados ao programa 151A – Fomento da Lingua





Galega representan pouco mais dun terceo do que se destinaba no ano 2009, en termos reais, a esa finalidade. Nesta materia, os recortes son tan drásticos que, nin sequera en termos nominais os orzamentos previstos para 2020 acadan a metade do previsto inicialmente nos orzamentos de 2009.

A **débeda pública** é a única función que medra de xeito destacado, tanto en termos nominais coma en termos reais. En 2020 a débeda viva da Xunta de Galicia superará por primeira vez na historia da Comunidade Autónoma os 12.000 millóns de €, a Xunta emitirá 1.692 Millóns de € de débeda nova para amortizar 1.519 millóns de € de prestamos que vencen este ano e, o servizo da débeda superará os 1.642 millóns de €, multiplicando por mais de catro veces os recursos orzamentarios destinados a esa finalidade no ano 2009.

A comparación das dotacións orzamentarias previstas para 2020 coas correspondentes aos orzamentos inmediatamente anteriores á toma de posesión de Feijóo como presidente da Xunta, ilustran a magnitude anual dos recortes que afectan ás distintas políticas, mais o verdadeiro deterioro das políticas públicas, a dimensión real do dano causado polas políticas austericidas ven determinada pola acumulación deses recortes ao longo dos últimos dez anos.

Nestes dez anos de recortes, o gasto público autonómico retrocedeu en case catro puntos en relación ao PIB galego. En contra da tendencia rexistrada nos países mais desenvolvidos da Unión Europea, o peso dos orzamentos da Comunidade Autónoma con respecto ao PIB galego reduciuse significativamente, pasando do 18,6% no ano 2009, ao 14,9% na previsión para 2020.

No Proxecto de Orzamentos para 2020, os gastos non financeiros crecen por debaixo do crecemento nominal do PIB estimado pola Xunta de Galicia para ese mesmo ano. Iso significa que o Goberno continúa coa estratexia de reducir o pe-





so do sector público na economía, significa consolidar os recortes que vimos de sinalar e, significa cronificar a atrofia inducida nos servizos públicos.

Non será posible superar esa atrofia cuns orzamentos que crecen por debaixo do crecemento medio da economía. Para facer posible a implementación de estratexias sectoriais que impidan a recaída na crise e para recuperar o terreo perdido nas políticas de emprego, na educación, na sanidade, ou nas políticas de vivenda, é necesario que as contas públicas medren significativamente por enriba dese 3,1% de crecemento nominal da economía previsto para 2020, e que o faga de xeito sostido no tempo, para compensar os recortes acumulados.

Ese obxectivo é factible, mesmo dentro do absurdo marco normativo actual, e mesmo sen sobordar os límites do déficit público asignados a Galicia na actualización do Programa de Estabilidade remitido polo Goberno Central á Unión Europea.

Nos últimos catro anos coñecidos, a desviación media das liquidacións positivas dos ingresos que lle corresponden a Galicia pola súa participación nos tributos que integran o Sistema de Financiamento Autonómico, foi 338 millóns de € superior ás achegas a conta. Esta infraestimación sistemática, inducida polo Goberno Central, dos recursos do Sistema Financiamento que lle corresponden a Galicia, minora nunha cantidade equivalente as previsións de ingresos que a Xunta incorpora nos seus proxectos de orzamentos anuais.

No que vai do exercicio 2019, a recadación en Galicia das figuras tributarias que nutren o Sistema de Financiamento autonómico está a ser moi superior á media estatal. O bo comportamento da recadación por tributos como o IVA, que é un dos impostos mais relevantes en termos cuantitativos, fai que os ingresos tributa-



rios totais estean crecendo en Galicia a taxas do 8.2%, fronte a unha media estatal do 2.2%.

O pasado 11 de outubro, o Goberno Central deu a coñecer a liquidación provisional do Sistema de Financiamento Autonómico correspondente ao exercicio 2018, onde se lle asignan a Galicia 428 millóns de €. As previsións de ingresos contidas no Proxecto de Orzamentos para 2020 estiman esa liquidación en 400 millóns de €, 28 millóns de € por debaixo dos ingresos que finalmente percibirá a Xunta de Galicia.

O propio Goberno reconece no Informe de Estratexia Financeiro-Fiscal que acompaña o acordo de fixación do Teito de Gasto, que as previsións das achegas a conta do Sistema de Financiamento para 2020 están feitas á baixa, reducindo aproximadamente nun 30% as estimacións feitas pola AIREF, no mes de abril deste ano, sobre a evolución previsible da recadación das principais figuras tributarias.

O Goberno galego tamén debería defender, no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, e no marco da reforma do Sistema de Financiamento Autonómico, un Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) reforzado, que cumpra co papel de reequilibrio territorial para o que foi concibido.

A drástica caída dos recursos asignados ao FCI, que a partir do ano 2009 perde o 70% da súa capacidade total, explícase por unha crecente externalización dos investimentos da Administración Xeral do Estado (AXE), que se está a converter nunha Administración de transferencias e que delega no sector público empresarial e fundacional mais da metade dos seus investimentos reais, mingando a ba-



se de cálculo do FCI, e desvirtuando o seu papel como mecanismo constitucional de reequilibrio territorial.

O Goberno Feijóo debería poñer enriba da mesa do novo Goberno do Estado, que xurda das eleccións do dez de novembro, a reforma dos criterios de cálculo do FCI, desvinculándoo do investimento novo da Administración Xeral do Estado, por ser esta unha variable minguante e afectada pola crecente externalización dos investimentos, reclamando a súa ligazón a variables orzamentarias máis estables, como podería ser o Gasto Non Financeiro Consolidado da AXE. Ademais, deberíanse propor porcentaxes de participación no GNF que permitisen configurar FCI como un verdadeiro mecanismo de desenvolvemento rexional, que compense a caída dos Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional.

Investigadores galegos teñen estimado que, o incremento de recursos para investimentos nas CCAA que suporía unha configuración do FCI desta natureza, podería situarse entre un 28% e un 156% das dotacións medias do FCI no período 1990-2013, dependendo das porcentaxes do GNF polas que se optase. O Proxecto de Orzamentos para 2020 prevé uns ingresos polo FCI de 44,4 millóns de €, rebaixando nun 3,7% a previsión do ao anterior. Unha estimación prudente do incremento de ingresos que podería obter Galicia no ano 2020, cunha reconfiguración do FCI semellante á sinalada, situaríase, nun punto intermedio desa franxa de mellora, arredor dos 44 millóns de €.

Por último, non podemos esquecer que o Proxecto de Orzamentos para 2020 inclúe unha previsión de perda de ingresos autonómicos por beneficios fiscais de 451 millóns de €.

Esta é unha renuncia voluntaria da Xunta de Galicia á obtención de maiores recursos públicos, que en algúns casos está xustificada pola adaptación das dispo-



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

sicións do sistema tributario ás condicións persoais e sociais dos contribuíntes, pero que, noutros casos, carece absolutamente de xustificación desde a óptica da redistribución da renda, nomeadamente no relativo ás reducións da carga tributaria dos impostos que gravan a riqueza, o patrimonio e as herdanzas. Concesións fiscais que benefician aos que mais teñen, e que se ven agravadas neste proxecto de orzamentos para 2020.

Cando no ano 2011 se procedeu, por parte do Goberno Central, á recuperación “temporal” do **Imposto de Patrimonio**, a Xunta elevou o mínimo exento xeral, de 108.000 € a 700.000 € (ademais da vivenda habitual). Iso provocou que en Galicia o número de declarantes con cotas a ingresar por este imposto pasase de 53.120 no ano 2007 a 6.598 no ano 2011, e a cota a ingresar de 81.4 millóns de € a 51 millóns de €. O cambio normativo impulsado por Feijóo supuxo que preto do 90% dos contribuíntes galegos polo Imposto de Patrimonio deixasen de selo, e unha perda de ingresos superior aos 30 millóns de € nese ano de restauración do imposto, que non se recollen nas memorias de beneficios fiscais, por considerarse o mínimo exento un elemento estruturante do imposto.

Segundo os informes mais recentes da Axencia Tributaria sobre a recadación do Imposto de Patrimonio, correspondentes ao ano 2017, o número de declarantes en Galicia é de 7.335, cun patrimonio medio declarado de 5,2 millóns de €. Ese é o segmento da poboación galega ao que van destinadas as rebaixas fiscais contidas no Proxecto de Orzamentos para 2020.

Ademais, no vindeiro ano 2020, os ingresos polo Imposto de Patrimonio veranse reducidos en 8.7 millóns de € adicionais, polos efectos da rebaixa da tarifa do imposto aprobada na lei de acompañamento dos orzamentos de 2018.



Logo da restauración do Imposto de Patrimonio, os patrimonios medios declarados en Galicia aumentaron a unha taxa media anual do 7,7%, no período comprendido entre 2011 e 2017. Galicia pasou de estar no sétimo lugar, por abaixo, das Comunidades con menor patrimonio medio, a situarse na segunda posición, por arriba, entre as Comunidades con maior patrimonio medio declarado, só superada pola Comunidade de Madrid.

Unha estimación prudente do incremento de ingresos que suporía para a Comunidade Autónoma a reversión, cando menos parcial, das medidas fiscais regresivas aprobadas en 2011, intensificadas ao longo destes anos e mesmo neste proxecto de orzamentos, suporía uns ingresos adicionais superiores aos 52 millóns de € anuais, tendo en conta o incremento do número de contribuíntes e a evolución dos patrimonios medios nestes últimos anos.

O mesmo acontece no **Imposto de Sucesións e Doazóns**. A memoria do Proxecto de Orzamentos para 2020, sinala que a minoración de ingresos prevista polos beneficios fiscais aplicables ao Imposto de Sucesións e Doazóns, pola aplicación de normativa autonómica, ascende a 155,4 millóns de €.

Para o ano 2020, o Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas que acompaña aos orzamentos, establece a elevación da actual redución de 400.000 € do Grupo II (adquisicións por descendentes e adoptados de 25 anos ou mais, ascendentes e adoptantes) a 1.000.000 de €, unha cantidade que multiplica por mais de 46 veces o salario medio dos traballadores galegos.

Por outra banda, no que atinxe ás reducións do 99%, amplíase o grupo de parentesco, a efectos de propiedade e control da xestión, do cuarto ao sexto grao.

De acordo coa memoria de ingresos do Proxecto de Orzamentos, o impacto recatorio destas dúas medidas supera os 9.6 millóns de €. Consideramos innecesaria



rio, e profundamente regresivo desde a óptica da función redistributiva do Sistema Fiscal, que a Administración autonómica renuncie a eses ingresos para beneficiar a un número moi reducido de persoas ou familias, cuxos patrimonios evidencian unha capacidade económica moi superior á media da poboación galega.

Para rematar, a Xunta tamén podería obter mais recursos para o financiamento das Políticas Públicas mediante unha **xestión mais eficiente da débeda**.

Desde o ano 2012, ante as dificultades de algunhas Comunidades Autónomas para acudir aos mercados financeiros, o Goberno Central puxo a disposición das Comunidades Autónomas unha serie de mecanismos adicionais de financiamento, á marxe do sistema de financiamento autonómico, en condicións mais vantaxosas que as que podían conseguir as CCAA no mercado neses momentos.

O Fondo de Liquidez Autonómica, o Mecanismo de Pago a Provedores e, a partir de 2014, a Facilitade Financeira, o Fondo de Liquidez, o Fondo Social e os Fondos de Ordenación e Impulso Económico, son mecanismos adicionais de financiamento que entre 2012 e 2019 canalizaron mais de 260.000 millóns de € cara as Comunidades Autónomas, cun custe financeiro sensiblemente inferior ao custe de mercado.

Estes mecanismos adicionais constitúen unha fonte de financiamento á que a Xunta renunciou de xeito voluntario ate o ano 2015. O propio Presidente Feijóo se gabou en reiteradas ocasións de que Galicia non acudise durante eses anos ao Fondo de Liquidez Autonómica, pero esa soberbia tivo, e continua a ter, un custe para as arcas da nosa Comunidade.

Estudos recentes estiman en mais de 12.700 millóns de € o aforro neto en intereses bancarios que obtiveron as Comunidades que utilizaron os mecanismos adicionais de financiamento, entre os anos 2012 e 2016. Galicia descubriu tarde os



mecanismos adicionais de financiamento, nese período o aforro imputado a Galicia é só de 34 millóns de €. Se a nosa Comunidade tiverse feito o mesmo uso deses mecanismos adicionais de financiamento que fixeron, en promedio, o resto das CCAA, o aforro que a Xunta tería obtido en intereses bancarios sería de 551 millóns de €, polo tanto, o sobrecoste que soportamos os galegos por unha deficiente xestión da débeda por parte dos Gobernos de Feijóo supera os 516 millóns de € entre os anos 2012 e 2016.

Para o ano 2017, último exercicio liquidado do Sistema de Financiamento Autónomo, os estudos sinalados estiman un incremento medio do financiamento efectivo de 61 € por habitante axustado, pola utilización dos Mecanismos Adicionais de Financiamento, cando en Galicia foi de 37 €. Se Galicia tivera feito uso deses mecanismos coa mesma intensidade que a media das CCAA de Réxime Común, obteríamos un financiamento adicional, por aforro de intereses, de aproximadamente 70 millóns de €.

Nesta emenda de totalidade puxemos de manifesto o desastroso balance destes dez anos de Presidencia Feijóo para a economía Galega, demostramos que o estado de gastos proposto no Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020 está lonxe de recuperar os niveis de gasto nas políticas públicas previos á crise económica, puxemos en evidencia que estes orzamentos son insuficientes para recuperar o terreo perdido durante estes dez anos de austericidio e, amosamos que é posible construír unha alternativa fiscal que aporte os recursos necesarios para a recuperación das políticas públicas.

**Polas razóns expostas formulamos a presente emenda de totalidade ao Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, e solicitamos a súa devolución ao Goberno.**





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:36:15  
Nº Rexistro: 58659  
Data envío: 07/11/2019 16:36:15.467

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 14:26:49**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, doc. núm. 57865 (10/PL-000019).**

O Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2020 representa a continuidade coa liña económica errada dos anos anteriores da presente legislatura así como da totalidade dos sucesivos gobernos presididos por Alberto Núñez Feijóo desde o ano 2009. Representan, polo tanto, unha década perdida ao servizo do dogma neoliberal ao aplicar políticas regresivas no fiscal e políticas restritivas no estado de gastos, depauperando os servizos públicos galegos e abandonando todo tipo de planificación respecto do desenvolvemento económico e dos sectores produtivos, contribuíndo a empobrecer Galiza e as súas maiorías sociais.

Un exercicio máis, estes orzamentos amósanse como inadecuados na súa articulación e deseño por non atender a crise industrial do momento nin supoñer a base para unha recuperación laboral e demográfica ao tempo que mantén a falta de atención dos servizos públicos básicos, nomeadamente os sanitarios e os referidos á atención á dependencia nun contexto de recesión económica..





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En liñas xerais, estes Orzamentos:

## **1. Constatan a necesidade de que Galiza avance no seu poder político e na súa soberanía económica**

Os acontecementos políticos sucedidos durante o ano 2019 agudizaron a constatación de que o noso país precisa con urxencia mudar a súa relación económica co Estado español tanto para non verse condicionada pola inestabilidade política do goberno central como para desenvolver con plenas capacidades o exercicio da súa soberanía política e cumprir necesidades da sociedade galega en todos os ámbitos.

A chantaxe do goberno central respecto da débeda para con Galiza das entregas a conta do sistema de financiamento e do IVE de 2017 evidenciaron dunha banda o fracaso do réxime de financiamento en común e doutra o esgotado marco autonómico así como a falta de peso político do goberno galego, con independencia de que forza política ostente o goberno central.

Con independencia deste agravio concreto, estes acontecementos son unha evidencia máis de que Galiza debe aspirar a superar o actual status en materia de financiamento e política fiscal, mudándoo por un modelo propio e autónomo onde a xestión do gasto vaia ligada á do ingreso a través dunha Facenda Galega que regule e recade os nosos recursos económicos. É esta a única alternativa fiábel para termos garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos sen dependencias de conxunturas nas que a incapacidade política dos axentes estatais repercute na nosa autoorganización e planificación.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Mentres non se acada este horizonte, estes Orzamentos padecen non só a herdanza da falta de soberanía económica, senón tamén da falta de iniciativa política do goberno Feijóo, pois cómpre sinalar que continúan atravesados polas consecuencias dunha década de pleitesía aos dogmas da consolidación fiscal e da política de déficit imposta polo Estado e, en consecuencia, polas políticas de recortes.

Desta forma, Galiza terá que enfrontar un novo ciclo económico de recesión sen terse recuperado do anterior, cuestión que apunta, como advertiamos na análise de Orzamentos anteriores, a dificultades profundas no ámbito social e económico.

## 2. Néboa en San Caetano. O goberno illado

O Proxecto de Orzamentos de 2020, baleiro de contido e alternativas no plano social e económico, volveu recorrer xa non só á falta de credibilidade na súa descrición e obxectivos, diferentes ao que logo recolle a concreción das cifras, senón que se adheriu á retórica para ocultar unha errada análise do contexto. Sorprende, desta forma, coa expresión Néboa en Pedrafita, o continente illado, nunha sutil referencia á popular expresión británica *Fogin channel, continent cut off* que se ten empregado recentemente pola prensa internacional para ilustrar o euroescepticismo e o sentimento do Brexit. Porén, parece a razón última da incorporación desta afirmación non foi a toma de conciencia do goberno galego de como as decisións tomadas en institucións supraestatais ou estatais afectan o noso país, senón máis ben a necesidade de titular un dogma de fe baseado en que Galiza non será afectada pola





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

conxuntura internacional de incertezas e ralentización económica constatábeis obxectivamente.

Desta forma, o goberno galego apunta na xustificación dos Orzamentos da Xunta de Galiza a un marco macroeconómico en absoluto crible e que, polo tanto, está a subestimar novamente as consecuencias que o ritmo da economía poden ter tanto nos nosos sectores produtivos como, en última instancia, na calidade e dignidade da vida dos galegos e galegas.

Por exemplo, se temos en conta que Galiza está cada vez máis internacionalizada e o seu PIB depende cada vez máis das exportacións, é obvio que a irrupción dun Brexit duro ou a guerra comercial entre os Estados Unidos e China así como a política arancelaria do xigante americano van ter consecuencias. Porén, asemella que a ollos do goberno galego iso non afectará o futuro de Galiza. O feito de facer pasar unha situación de crise por unha simple incerteza é un intento de facer crer que un novo ciclo negativo do capitalismo, agudizado pola non solución de moitas das causas últimas da crise de 2008, non terá consecuencia algunha, minimizándoo como un contexto de “crecemento menos dinámico” no lugar de impulsar políticas de intervención que axuden a preparar o país e a paliar as súas consecuencias.

Neste sentido, apreciamos un exceso de confianza en organismos e indicadores que, cómpre non esquecerlo, xa teñen errado. Por exemplo, podemos recordar que a propia OCDE recoñecía, nun documento do 2014, a súa incapacidade para realizar prognósticos en épocas de crise “As proxeccións económicas da OCDE subestimaron a profundidade do colapso da actividade entre 2008 e 2009 e sobreestimaron o ritmo de recuperación dos últimos anos (...) o grado de erro nos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

prognósticos observado no período 2007-2012 é similar en magnitude ao visto acerca da crise petroleira dos 70”

Así mesmo, como xa sinalamos no correspondente debate respecto do teito de gasto para 2020, o propio goberno galego rebaixou as previsións de crecemento para o fin de 2019, o que evidencia as dificultades do contexto e a autocomplacencia nos seus propios horizontes.

Máis aínda, o que desvelan estes Orzamentos é a negación do goberno galego a facer unha análise realista de que está pasado a finais de 2019 en Galiza. O goberno galego ignora a crise industrial e ignora a consolidación da desigualdade social, recoñecida por organismos e entidades de todo tipo. Por exemplo, respecto deste último aspecto cómpre recordar o recente informe FOESSA. Este informe recolle literalmente que a exclusión social está enquistada na nosa sociedade, que o número de persoas en exclusión social é de 470 mil, o 17,4% da poboación, e a metade en risco severo. E non só iso, senón que alerta dunha evolución negativa dos niveis xerais de integración e exclusión.

Polo tanto, nin a clase traballadora galega se recuperou do impacto da crise económica que estourou no 2008 nin se fixo a unha aposta por un modelo alternativo no plano económico que pasara por activar os sectores produtivos a partir do ano 2014 cando o PIB comezou a medrar.

En conclusión, quen está illado e cegado pola néboa do seu conformismo é o goberno galego, que desde a súa Torre de Marfil en San Caetano non quere ver a realidade que construíu nunha década fracasada de goberno Feijóo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

### **3. Repetición de receitas fracasadas e falta de proxecto para a Galiza do futuro**

Neste contexto de cronificación da desigualdade social e de agravamento da crise industrial, alén de evidenciarse que non se aproveitou os anos de medre do cadro macroeconómico para tomar medidas estruturais que preparen Galiza para novos ciclos de recesión, resulta preocupante que un ano máis a previsión de redución estimada para o desemprego estea fundamentada nunha previsión de descenso da poboación activa por mor da emigración, cuestión recoñecida de forma explícita no Informe económico financeiro que acompaña o proxecto.

Diante desta realidade, non se acompañan programas innovadores que corrixan a política económica da Xunta de Galiza e afóndase nunha realidade laboral marcada pola temporalidade, a precariedade e a fenda salarial, condicionada pola incidencia na poboación activa da emigración e do avellentamento.

É necesaria e urxente, como xa temos reiterado, unha aposta diferente por novas políticas de estímulo económico orientadas a superar a temporalidade e a precariedade; e para iso sería preciso apostar por unha planificación de reindustrialización que recupere o peso dos sectores produtivos e aposte pola participación pública dos ámbitos estratéxicos como o naval ou o eólico así como unha inxección en investigación que compense os desinvestimentos da última década, que consolide a carreira investigadora galega e atalle a precariedade.

Así mesmo, sería necesaria tamén unha reformulación no que ten a ver cos ingresos, xa que un ano máis o proxecto de lei mantén unha orientación regresiva, que é a que está a caracterizar a política fiscal do goberno do Partido Popular. Deste





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

xeito, non atopamos medidas que avancen cara outra concepción da fiscalidade e xa que logo aposten polos principios de progresividade e equidade como eixos principais do sistema fiscal para atender á súa función redistributiva destacando novamente en negativo as decisións respecto do imposto de sucesións, entre outras medidas que non van contribuír a corrixir a desigualdade social.

Finalmente, estes orzamentos non apostan por impulsar a recuperación e blindaxe dos servizos públicos básicos malia a crise que atravesa especialmente a sanidade galega, gravemente afectada pola falta de persoal, redución de servizos e por acontecementos como a gran fraude de Povisa, aínda sen resolver.

Así mesmo, certifican a nefasta xestión da débeda, que xa foi triplicada desde que Núñez Feijóo chegara ao goberno. Nestes orzamentos, malia as promesas de reestruturación, continúan a ter un peso e cómpre sinalar que a débeda viva da comunidade vai acadar en torno ao 17,1% do PIB no ano 2020 sen ter servido para colocar Galiza nunha mellor posición para os retos de futuro e sen ter servido para recuperar os servizos públicos.

En definitiva, son uns orzamentos caracterizados polo esgotamento do goberno galego e por permanecer instalados no continuísmo, sen ningunha ambición nin deseño estratéxico para intervir na economía e nos sectores produtivos, para xerar emprego de calidade nin para loitar contra as agravadas desigualdades sociais, dando as costas aos problemas máis importantes do noso país nun momento determinante.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todas estas razóns, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) SOLICITA A DEVOLUCIÓN DO PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA PARA 2020.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:51:10**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, coa expresa **petición de devolución**, ao **Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

### 1. Limiar.

A crise que da comezo no ano 2008 é unha **crise poliédrica**. Non foi simplemente unha caída profunda do PIB. É unha crise que representa o colapso dun determinado modelo de acumulación e que trouxo consigo non soamente un duro recorte no estado de benestar, senón que ademais acelerou o proceso de cambio no modelo e relacións produtivas a escala internacional.

Estamos inmersos en profundas transformacións; novas relacións laborais, novas tecnoloxías, novas formas de produción, etc. Galicia non é allea ás mesmas, senón máis ben todo o contrario, vese totalmente afecta por todos estas transformacións e ao mesmo tempo presenta un características propias que fan incidir en maior medida ditas transformacións.

Galicia presenta unha **sector empresarial** que se sitúa na cadea media de valor a excepción dalgunhas empresas illa e que polo tanto están máis expostas aos cambios que se dan. O sector empresarial está exposto a unha maior competencia e polo tanto os retos aos que ten que facer fronte son moito maiores.

Galicia tamén presenta un **mercado laboral** moi débil, quizais un dos máis débiles do conxunto de España. As taxas de ocupación e actividades son realmente moi baixas, pero ademais, o mercado laboral galego está caracterizado por unha expulsión daquel capital humano máis cualificado e faise cada vez máis dependente daquelas actividades que xeran un menor valor engadido.



Este mercado laboral tan pernicioso para a sociedade galega, que expulsa do territorio a aqueles galegos e galegas en idades clave para o establecemento familiar vai da man pois, dunha **pirámide demográfica** totalmente invertida e que ten importantes consecuencias sociais, políticas e económicas.

A **función dun goberno** é a de xerar o ecosistema que teña a capacidade de anticiparse aos problemas que poidan xurdir. Un ecosistema que xera institucións que permiten o desenvolvemento social, que facilita o desenvolvemento da capacidade produtiva a través da ciencia e da innovación e que é quen de desenvolver unha rede de solidariedade que garante a inclusión da maioría social.

Pero a Xunta considera que as barreiras a superar son moi grandes e prefire renunciar a desenvolver o tecido produtivo e social do país. Esta concepción negativa e derrotista, fai que o ecosistema xerado acabe promovendo a especialización produtiva en actividades de menor valor engadido, que o capital humano ben formado emigre, que perdemos coñecemento e aprendizaxe que non atraíamos investimentos e que acabemos tendo un Estado do benestar por debaixo das necesidades que presenta a sociedade galega.

Cando non se cre na xente nin no territorio, como fai a Xunta actual, acábase xerando un círculo vicioso.

Os orzamentos da Xunta 2020, omiten por completo todas estas transformacións que se están dando. É máis, **representan os orzamentos dun goberno que asume a derrota para Galicia**, que non cre no propio país que goberna e que reforza a idea dunha Galicia que se atopa na fin do mundo.

Por todo isto, porque **En Marea si cre na sociedade galega, si cre no territorio**, anticipamos dito grupo rexeitará por completo os orzamentos 2020 presentados pola Xunta de Galicia.



## 2. Galicia vive un estado de emerxencia feminista, climática e social.

### 2.1. O contexto económico e social.

O crecemento económico de Galicia durante a última década foi realmente moi débil. Concretamente a economía galega creceu menos ca media española. Como media a economía española creceu un 1% anual, mentres que Galicia fíxoo nun 0,9%. Pero é importante sinalar que este débil crecemento mantívose principalmente grazas ao que son denominados como “ventos de cola”: a) a política monetaria expansiva do BCE b) o tipo de cambio euro/\$ c) o prezo do petróleo e d) una “relaxación” da política fiscal.

Pero as previsións futuras da economía galega seguen sendo bastantes negativas en comparación co conxunto do estado. No ano 2019 o crecemento da economía galega será do 1,5% mentres que o crecemento español acadará o 1,9%. Para o ano 2020, o crecemento galego manterase no mesmo nivel e o español reducirase ata o 1,6%. A isto hai que engadir que o crecemento da economía galega mantense nun 2% mentres que a española é dun 2,3%.

Se as previsións de crecemento do PIB non resultan moi positivas, a creación de emprego aínda se sitúa nunha perspectiva peor.

1. Galicia segue sendo a Comunidade Autónoma con peor evolución de emprego. Galicia é a segunda CA onde menos se incrementou o emprego (soamente superada por Asturias). De feito, aínda temos 50.500 ocupados menos dos que había, mentres que no conxunto de España hai 779.000 ocupados máis.
2. Na EPA do IIIT 2019, a creación de emprego en Galicia sitúase xusto na media do conxunto do estado. Con respecto ao anterior trimestre o número de ocupados aumentou nun 0,62%, o que equivale a 1.099 ocupados máis.
3. Se comparamos o número de ocupados con respecto ao IIIT 2014 (ano no que comeza a fase de recuperación), o número de ocupados creceu nun



- 8,69% (88.400 ocupados máis), mentres que no conxunto de España o aumento foi do 13,54%, isto é, 2,37 millóns de ocupados.
4. Galicia é a terceira CA onde menos descendeu o paro dende o IIIT 2009. O paro caeu noso territorio nun 11% mentres que no conxunto do Estado a caída foi do 22%.
  5. A nosa taxa de temporalidade segue crescendo e sitúase por riba da media española. Dita taxa en Galicia é do 27,7% (nos homes é do 28% e nas mulleres do 27,4%) e en España é do 26,4%.
  6. Con respecto ao IIIT do ano 2018, os ocupados caen tamén nos servizos (-14.300), agricultura (-800) e aumentan na industria (18.100) e construción (6.200).
  7. Finalmente, cando analizamos a evolución do emprego por sectores dende antes da crise ata a actualidade, conclúese que na agricultura aínda existen 33.000 ocupados menos que antes da crise; na industria, esta diferenza é de 30.000; na construción de 58.700 e é nos servizos onde unicamente os ocupados aumentaron en 10.800 persoas.

Estes datos indican, sen dúbida, que Galicia presenta unha importante **anomalía** con respecto ao resto do estado en termos de emprego. No ano 2019 a creación de emprego situarase en Galicia no 1,5% mentres que en España acadará o 2,2%, pero no 2020 a creación do emprego en Galicia reducirase ata o 0,5% mentres que en España manterase no 1,4%.

Esta evolución do emprego vai da man dunha **decadencia industrial** nunca vista nas últimas décadas.

- Na actualidade, o índice de Producción Industrial en Galicia caeu no que vai de ano un 6,2%, mentres que en España aumentou nun 0,4%.
- Con respecto ao que vai de ano, a caída é dun 6% en Galicia e dun 0,5% no conxunto de España.

Galicia acumula 12 meses consecutivos de caídas interanuais, xa que o último dato positivo data de novembro de 2018.



Esta caída da produción industrial vai da man dunhas tendencias no **mercado exterior** que son moi preocupantes.

- A taxa de variación interanual das exportacións galegas en agosto de 2019 é do -2,1%, mentres que no conxunto do Estado é do 3,8%.
- No primeiro semestre do ano, as exportacións caeron case un 9%, mentres que en España aumentaron un 2%
- A nosa comunidade, neste ano 2019, amosa unha taxa de variación do -8,9%, cun peso do 7,2% sobre o total das exportacións nacionais e convértese na comunidade autónoma coa achega máis negativa (-0,7 puntos) a ese crecemento nacional.

Todos estes datos indican que existe unha profunda diverxencia entre o patrón de crecemento da economía galega con respecto á española. No conxunto de España obsérvase un fortalecemento da industrial e unha evolución moito máis positiva do sector exterior. Pola contra, na economía galega existe unha profunda caída, xa prolongada no tempo, da produción industrial e as nosas exportacións son as que experimentan unha peor evolución do conxunto de España.

Así pois, o obxectivo de situar o peso da industria no 20% do PIB resulta ser aínda unha quimera, xa que leva xa estancado no 16% e todo indica a que esta porcentaxe reducirase.

Sen dúbida, a industria e as exportación, son piares fundamentais da nosa economía, pero tamén existen outros elementos que xogan un papel clave e que se atopan nestes momentos nunha situación de emerxencia.

Outro deses elementos fundamentais son **os autónomos e autónomas**. O número de afiliados ao réxime xeral de autónomos no noso territorio mantén unha evolución moi negativa. Concretamente en setembro rexistráronse un total de 209.873 afiliados, o que significa a cifra máis baixa dende xaneiro do ano 2009, onde se situaban nos 232.107. Incluso a cifra actual de afiliados a dito réxime resulta ser moi inferior á que se rexistrou nos anos 2012 e 2013, que viñan



caracterizados por unha profunda crise económica e destrución de emprego; no ano 2012 a afiliación media foi de 215.826 e no ano 2013, de 213.845 afiliados.

Unha das medidas estrela para impulsar o traballo autónomo foi a denominada *tarifa plana*. Esta fomentou dende xaneiro a agosto deste ano 20.203 novas altas, o que implica unha media de 84 novos autónomos por días. máis sen embargo, o ritmo de destrución de negocios é maior. Para o mesmo período, déronse de baixa un total de 21.260 emprendedores, o que se traduce nunha media de 88 peches ao día. Pero o feito máis destacable da tarifa plana é que na realidade soamente o 16% dos autónomos que se beneficiaron desta continúan dados de alta unha vez que rematan o período de cotización bonificada. Calcúlase que o custo desta tarifa plana en Galicia acadou os 230 millóns.

## 2.2. As consecuencias sociais desta situación.

Todos estes condicionantes económicos xeran un **panorama social** que se traduce nos seguintes datos.

- A taxa Arope é do 23%, o que se traduce en 612.085 persoas
- Hai aproximadamente uns 34.700 fogares sen ingresos
- O 20% dos fogares non pode facer fronte a ningún gasto imprevisto
- No 2018, houbo un total de 14.338 persoas, solicitudes de RISGA e de Axudas de Inclusión Social
- Un 26,81 % das persoas beneficiarias teñen entre 35 e 44 anos, sendo superior o número de mulleres comprendidas neste tramo de idade. Un 13,81 % das persoas beneficiarias atópase no tramo de idade entre 25 e 34 anos, o 3,31 % son persoas menores de 25 anos e o 27,43 % maiores de 55 anos.



- En 2018 a RISGA só cubriu ao 1,6% da poboación en risco de pobreza e esta prestación deixa fóra ao colectivo de persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa
- O 1,6% da poboación atópase con carencia material severa
- O 11,1% da poboación vive en fogares con baixa intensidade do traballo
- Son aproximadamente 670.000 galegos e galegas as que obteñen ingresos por baixo de 9.000 euros brutos, isto é, que case 700.000 persoas que chegan como máximo a 750 euros brutos ao mes, 643 euros en 14 pagas.
- En total estímase que son algo máis de 1,2 millóns de persoas as que conforman o universo da precariedade, unha situación que no mellor dos casos os sitúa no mileurismo e no peor por baixo do limiar de pobreza ou exclusión social.
- Con respecto á desigualdade salarial, os 154.000 que menos cobran quédanse co 1% da renda total mentres que os 229.000 que máis cobran acaparan o 35% da renda total.

### 2.3. A resultante, unha Galicia en situación de emerxencia.

Todo este cadro pon de manifesto que en efecto, Galicia atópase nunha tripla emerxencia:

**A) unha emerxencia industrial-ambiental**, ocasionada por un modelo industrial en decadencia, altamente dependente dos combustibles fósiles, que deixou de ser competitivo pola aparición dunha conciencia ambiental que esixe a descarbonización da economía ante o imparable avance do cambio climático e a ameaza dun colapso civilizatorio nos países do noso entorno, coa perda de hábitats, de calidade de vida e mesmo de superficie terrestre en zonas costeiras altamente poboadas do noso País;



**B) unha emerxencia social**, ocasionada polo incremento das desigualdades sociais, nun país que produce máis riqueza que nunca, pero que a redistribúe menos que nunca, cun sistema tributario inxusto onde os de arriba se fan cada vez máis ricos polas rebaixas fiscais de Feijoo mentres os de abaixo sofren as consecuencias das reducións orzamentarias debidas á menor recadación. Menos recursos para atender dereitos fundamentais como a saúde, a educación, a dependencia, os servizos sociais; menos recursos para a lingua e cultura de Galicia, para a promoción da cohesión social; pero menos recursos tamén para unha transición a un modelo produtivo verde e xusto, unha transición enerxética e industrial da que o goberno non se ocupou e que se vai tornar nunha monstruosa fábrica de parados e de emigrantes, non só nas comarcas devastadas polos peches industriais, senón cun efecto arrastre por toda Galicia.

**C) e unha emerxencia feminista**, que trae causa nas insuficientes actuacións do goberno do PP para atender e reverter a situación de desigualdade histórica da muller en relación ao home, que as condena a cobrar menos polo mesmo traballo, a sacrificar a carreira profesional pola maternidade, a ter menos oportunidades laborais nos mellores postos de traballo, e a ser tratadas como obxectos na publicidade e denigradas como persoas con menos dereitos por forzas políticas de extrema dereita que portan valores non democráticos nas que o PP se apoia para gobernar a cambio de concesións no seu discurso e nas súas políticas de igualdade.

Ante estas emerxencias, a Xunta non só non fixo nada senón que é responsable, a través das súas políticas, a través dunha xestión económica delirante e autodestrutiva de fomentar e afondar estas emerxencias, fillas todas elas da peculiar práctica política e económica que adquiriu o neoliberalismo en Galicia.





E si, a xestión económica esquiladora do territorio e desentendida dos intereses da cidadanía practicada polo PP ten como consecuencia final a **implosión demográfica** de Galicia.

### **3. Orzamentos 2020: Néboa en Monte Pío. Feijoo, illado da realidade social de Galicia.**

#### **3.1. O PP si ten un plan para Galicia, pero non lle convén á maioría da xente.**

O negacionismo que fai a Xunta das emerxencias que vive Galicia, está correlacionado co modelo e o proxecto que ten o PP para Galicia. O PP ten un mantra económico que obedece fielmente.

- Ese mantra di que hai que reducir o peso do gasto público e baixar impostos aos ricos, o que implica menos servizos públicos, máis privatizacións, e aumento das desigualdades sociais;
- Ten o mantra da eficiencia económica, isto é, todo gasto ten que ser eficiente, o que implica abandonar e deixar atrás areas despoboadas e envellecidas, ou desatender servizos públicos que non se miden en cartos, como a atención aos maiores ou a educación e a cultura;
- Hai un mantra que é o da non intervención na economía nin no mercado, o que leva á despreocupación polas crises industriais e económicas, e logo cando veñen peches anunciados décadas atrás, como o das Pontes, ao goberno lle colle cos deberes sen facer; ou cando se reducen as exportacións e non se ten preparado unha estratexia para aumentar a demanda interna.



Si. A Xunta ten un modelo economicamente moi claro e sabe perfectamente o que queren para Galicia. Reforzar a especialización produtiva de Galicia no **espolio** de materias primas e recursos naturais por parte de grandes multinacionais que xeran pouco emprego e teñen un alto impacto no territorio.

Para todas estas ideas o PP ten unha **inxusta política fiscal de ingresos e gastos perfectamente definida como antisocial** e que se plasma nos orzamentos que polo lado dos ingresos realiza importantes concesións as rendas máis altas e ás grandes corporacións empresariais que esquilman o territorio sen compensación ningunha, e polo lado do gasto, a redución de orzamentos golpea os servizos públicos e a creación de emprego, polo que resulta imposible remontar o profundo dano xerado polos recortes impostos durante a última década.

### **3.2. Baixarlles impostos aos ricos reduce os ingresos e incrementa a desigualdade social.**

Precisamos achegarnos aos orzamentos **dende a perspectiva dos ingresos** para comprender mellor o carácter antisocial da política económica do PP. Cando se analizan uns orzamentos, sempre prestamos unha maior atención á partida de gastos. Sen embargo, **os ingresos** pódennos proporcionar un profundo reflexo de como está funcionando unha economía e cal é a estratexia económica e social que está a seguir un goberno. Así, a evolución dos ingresos dos orzamentos galegos demostran a dinámica actual da economía galega: *Unha economía que crece menos ca española, que crea menos emprego ca española, con salarios máis pequenos e cunha pirámide demográfica totalmente invertida.*

**Os ingresos non financeiros** no ano 2008 (sen ter en conta a intermediación financeira local e a PAC) acadaron un total de 9.938,9 millóns de euros. No ano 2018, tales ingresos foron de 9.000,2 millóns de euros, isto é, 938,5 millóns de euros menos que no ano 2018. No ano 2020, os orzamentos indícanos que os



ingresos non financeiros serán de 9.846 millóns de euros. Polo tanto 12 aos despois, Galicia aínda non é quen de igualar os ingresos existente no ano 2008. Soamente o estancamento da nosa poboación compensa en parte estes datos tan negativos.

Se comparamos os ingresos non financeiros co resto dos territorios no ano 2017 (ano que está dispoñibles todos os datos das CCAA), Galicia sería a cuarta CA cunha menor recuperación dos ingresos do conxunto do Estado.

Pero por que a evolución dos nosos ingresos son tan negativos? O certo é que **o profundo recorte de gasto público que levou a cabo a Xunta de Galicia depressiu en maior medida a economía galega** con respecto ao resto das CCAA e o crecemento que se dá na actualidade non é suficiente para compensar toda a perda dos anos anteriores.

Por outra banda, **as políticas do PP atacan a nosa autonomía financeira e vólvennos totalmente dependentes do Estado.** Abusar das reducións de impostos propios implica renunciar a ingresos lexítimos e necesarios para o funcionamento da autonomía, de xeito que **os nosos ingresos fanse cada vez máis dependentes dos ingresos a conta que recibe a CA do Estado** en concepto do financiamento autonómico. E isto acontece por un modelo fiscal da Xunta que evita responsabilidades e que proporciona concesións económicas inxustas ás rendas máis altas e ás empresas máis piratas, deixando sen recursos o financiamento da autonomía de benestar e a creación de emprego. Feijoo fuxe do seu deber de gobernante de recadar das rendas altas e dos beneficios empresariais para redistribuír ese exceso de lucro entre o conxunto da poboación, quebrando así co principio de progresividade impositiva no que se asenta a convivencia social. Ao non recadar, aumentan as desigualdades, porque os ricos transfiren menos diñeiro ás arcas públicas e a Xunta non pode redistribuír eses recursos en forma de financiamento de servizos básicos a quen máis o necesita.

A falta de responsabilidade fiscal e a competencia desmesurada, moitas veces intencionada politicamente e que acaba como sempre beneficiando ás rendas



máis altas, fixo que a **Xunta renuncie cada vez máis a súa capacidade tributaria.**

Vexamos isto na **traxectoria** dun imposto xestionado por Feijoo na última década: No ano 2020 o imposto de sucesións, transmisións e actos xurídicos documentados teñen un menor peso nos orzamentos que o que tiñan no ano 2013, concretamente esta caída do peso implica unha redución da recadación de 66 millóns de euros.

A pregunta é clara entón; como é posible que nun momento de desigualdade social como o que nos atopamos, sendo España un dos países da UE con maior desigualdade de renda, aqueles impostos que gravan concretamente a riqueza e que teñen como obxectivo impedir a creación de “dinastías familiares” sexan cada vez menos relevantes nos orzamentos?

Parte da resposta é clara; debido aos agasallos fiscais da Xunta ás rendas máis altas.

Por unha banda, a Xunta decidiu conceder un **agasallo aos patrimonios máis elevados** do noso territorio. Concretamente reduciu un 20% a escala de gravame de dito imposto e fixo reducir a recadación nun 11%.

Pero obviamente este agasallo non foi suficiente para a avaricia dos máis poderosos que inflúen no PP e a Xunta decidiu de novo conceder un novo agasallo fiscal, esta vez no imposto de sucesións e doazóns. Deste xeito a Xunta decidiu que no imposto de sucesións e doazóns **aquelas fortunas** ata 1 millón de euros quedarán exentas de tributar.

A sustentación teórica que emprega a dereita, baseada en que esta redución ou eliminación de impostos é fundamental para facer o territorio máis atractivo e competitivo é totalmente **falso**. A proba disto é a propia Galicia, que perde ano tras ano capacidade competitiva. Non o di En Marea, senón que acaba de dicilo a Comisión Europea; Galicia perde 16 postos.



Pero ademais cando nos comparamos co norte de Portugal, parece que estamos perdendo a partida claramente. Baixamos impostos, facemos agasallos fiscais as rendas máis altas e facemos leis de fomento empresarial, pero todo iso para que? A taxa de paro do norte de Portugal duplica a galega e mentres o investimento estranxeiro ignora a Galicia, no norte de Portugal non para de aumentar e atraer empresas estranxeiras.

A falta de responsabilidade fiscal da Xunta tamén se pon de manifesto na política de **beneficios fiscais** que leva a cabo. Nos orzamento do 2014, 2015, 2016 e 2017, 2018 e 2019, a Xunta de Galicia realiza unhas previsións onde se cuantifican tales bonificacións fiscais.

Dende 2014 estes beneficios fiscais supuxeron unha caída acumulada que acada os 2.827 millóns de euros e destacando o Imposto de Sucesións e Doazón, que acumula uns beneficios fiscais de 717 millóns de euros.

Como se indicou, o volume de beneficios fiscais no medio longo prazo supón a perda dun volume de recursos públicos moi importante co seu respectivo impacto na equidade do sistema.

Táboa: Resumo Beneficios Fiscais da Xunta. 2014-2019. Miles euros.

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
IRPF	19.125	21.373	28.900	24.755	23.151	26.211	27.260
IP	804	804	804	94.514	200	800	700
ISD	88.289	76.691	117.477	144.250	142.367	148.186	155.479
ITP-AXD	15.309	20.567	30.469	103.085	44.366	59.469	68.898
Hidrocarburos	14.718	19.078	6.483	8.745	8.975	4.625	0
Taxas e prezos	171.959	173.985	179.758	178.088	186.079	191.148	200.834
Total	310.204	312.499	363.892	553.437	405.139	430.439	451.173

Fonte: Orzamentos da Xunta 2014-2019.



Certo é que parte deses beneficios fiscais cumpren un papel importante, pero **outra parte deles** deben ser analizados de forma pormenorizada e revisados.

Por outra banda, **Galicia ten un problema grave coa fraude fiscal** e parece que a Xunta de novo evade as súas responsabilidades. Os resultados indican que en Galicia a economía somerxida acada o 22% do noso PIB, o que equivale a un volume de 12.400 millóns de euros e que sitúa a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma con máis economía somerxida, soamente superada por Canarias e Andalucía.

Os datos sitúan a Galicia lonxe das CCAA con menor economía somerxida. No país Vasco a porcentaxe é do 15,5%, en Madrid é do 16,7%, en Navarra do 18,8% e en Aragón do 19,8%. Mentres estas porcentaxes sitúanse na media da Unión Europea, a porcentaxe galega supera claramente o 18,2% do que representa a economía somerxida na Unión e sitúase máis próxima a países como Eslovaquia, Polonia, Hungría ou Grecia.

Ante esta situación de renuncia do PP a recadar, a pregunta que hai que responder é esta: están garantidos economicamente unha educación pública de calidade, unha sanidade pública universal e gratuíta, a atención dilixente ás persoas dependentes, o pleno emprego e a neutralidade ambiental da nosa industria?

Calquera mandatario con ollos na cara, que vexa, que escoite, pero sobre todo que sinta e que empatice coa súa poboación, dirá que non.

Daquela, como é posible que a Xunta queira evadir intencionadamente a súa capacidade fiscal ademais de facer agasallos fiscais aos máis ricos, cando aínda estamos a vivir unha clara insuficiencia de recursos para atender as necesidades máis importantes da poboación?



### 3.3. Un orzamento que non acompaña as emerxencias de Galicia.

O gasto non financeiro da Xunta de Galicia vaise incrementar no ano 2020 nun 2,7% con respecto ano 2019.

Poñendo o foco de atención nos **Servizos Públicos Fundamentais**, o incremento en Sanidade é do 3,1%, en Educación do 4,5% e Servizos Sociais do 5,7%. Pero a cuestión clave é; como valoramos este incremento? É **suficiente** o aumento que se da nestas partidas para atender as necesidades actuais?

#### 3.3.1. *Mirar atrás, o gastado, non o executado.*

No ano 2018 a suma do **gasto executado** en sanidade, educación e servizos sociais, isto é, os piares dos servizos públicos fundamentais, aínda era menor que no ano 2009. Concretamente, o gasto executado no ano 2009 destas tres partidas acadou os 6.930 millóns de euros, mentres que no ano 2018, a suma foi de 6.824 millóns de euros, 106,5 millóns de euros menos.

Pero ademais, cando estimamos o *gasto por habitante axustado*, clave para entender como evoluciona o gasto segundo as nosas necesidades, obsérvase que este tamén caeu con respecto ao 2009. Nese ano, o gasto por habitante axustado en Sanidade, Educación e Servizos Sociais ascendía a 2.341 euros, mentres que no ano 2018 o gasto foi de 2.116 euros. Unha diferenza de 225 euros por habitante axustado.

O gasto executado en Educación no ano 2018 foi de 2.283 millóns e en Servizos Sociais de 685 millóns, isto é, 164 e 40 millóns de euros menos que o gasto executado en ditas funcións no ano 2009. En relación ao gasto por habitante axustado, os gasto nestas dúas partidas foi de 1.024 euros no ano 2018, mentres que no ano 2009, acadara os 1.073 euros.



Deste xeito, soamente Sanidade superou o nivel de gasto do ano 2009; nese ano o gasto fora de 3.755 millóns de euros e no 2018 o gasto superou os 3.850 millóns e o gasto por habitante axustado e 60 superior.

### *3.3.2. Mirar aos lados: como fan os que van mellor.*

Outro aspecto fundamental a ter en conta para interpretar os incrementos do gasto que se dan nas diferentes partidas é a **comparativa** de dito gasto con outros territorios do Estado e da UE.

A Xunta de Galicia realiza un enorme esforzo de propaganda para anunciar o seu comprimio co gasto social. Sen embargo, a realidade empírica pon en evidencia que Galicia aínda está **moi lonxe dos rateos medios europeos** (en gasto público/PIB). Como referencia sirva o dato de que Galicia a nivel de gasto público total nas funcións de benestar **ten un déficit coa media europea duns 4.500 millóns de euros sendo as funcións de vellez, atención sanitaria e familia as máis deficitarias**. Un déficit que con estes orzamentos non se vai a reducir significativamente. Tamén se podería indicar que mentres na UE a media do gasto en Sanidade e Educación sitúase actualmente no 7% e no 4,5% respectivamente, o gasto galego nestas dúas funcións é do 6% e do 3,6%.

### **3.3. Orzamentar VS executar. A trampa da propaganda popular.**

Os orzamentos do ano 2020 indican un incremento do gasto en practicamente tódalas partidas. máis o certo é que **cando se compara o orzamentos inicial e executado**, obsérvase que hai determinadas partidas que reciben un orzamento inicial superior ao que gastan e que outras, son dotadas cuns recursos inferiores aos que finalmente acaban gastando.

Unha das partidas que ano tras ano presenta uns orzamento financiado é a de Sanidade. Así, por exemplo.





- No ano 2015 realizáronse modificacións por importe de 437 millóns de euros.
- No ano 2016 acadaron os 321 millóns.
- No ano 2017, tales modificacións foron de 254 millóns.
- Finalmente no ano 2018, as modificacións foron de 203 millóns.

O exemplo anterior do que acontece coa Sanidade, contrasta por exemplo co que acontece na partida de **I+D+i**.

Por exemplo, para o ano 2016 o programa *561A Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica*, foi dotado cun fondo inicial de 57,3 millóns de euros, mentres que o gasto executado descendeu ata os 46,6 millóns, o que supón unha redución do 18,6%.

Para o ano 2017, volve a acontecer o mesmo. O programa *561A Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica*, mantén uns recursos iniciais de 72,2 millóns de euros e execútanse 55,9 millóns de euros. Isto supón unha redución do 22,5%. mais a isto haille que engadir que para o ano 2017 no programa *561B Investigación Universitaria*, acontece o mesmo fenómeno: duns recursos iniciais de 42,2 millóns de euros, execútanse 37,9 millóns, un 23% menos. Finalmente, para o ano 2018, de novo no programa *561B Investigación Universitaria*, dunha previsión de 83 millóns execútanse 61,7. En total no 2018, déixanse sen executar 25 millóns.

Así pois, se temos en conta estes últimos anos, estaríamos a indicar que para o período 2009-2018, deixáronse sen executar máis de 240 millóns de euros.

Paradigmático é o que acontece ano tras ano coas partidas relacionadas co **fomento de emprego**. A porcentaxe de execución do total dos programas desta partida sitúanse para o conxunto do período 2011-2018 no 62%. Isto equivale a dicir que dos 2.562,5 millóns de euros orzamentados no total dos anos indicados, soamente foron executados un volume de 1.620 millóns.



**Polo tanto a Xunta de Galicia dende o 2011 ata o 2018, deixou sen executar un total de 945 millóns de euros, o que representa o 1,5% do PIB galego, daquelas partidas cuxa función específica é promover o emprego.**

Os exemplos son múltiples. Se nos centramos no ano 2018, pódese poñer de manifesto o seguinte.

- En Vivenda a execución foi do 83%, 13 millóns de euros sen executar.
- En Medio Ambiente a execución foi do 70%, isto é, 37 millóns de euros sen executar.
- Na partida de Desenvolvemento Empresarial, o gasto sen executar acadou os 71 millóns de euros.
- Na Dinamización Económica do Medio Rural, os recursos non empregados foron de 61 millóns
- En infraestruturas, o gasto sen executar foi de 67 millóns.

Polo tanto, o anteriormente exposto resulta fundamental para poder cuestionar os incrementos de gasto que se dan en múltiples partidas nos orzamentos 2020.

De que vale anunciar un incremento orzamentario se logo non se executa?

Acaso hai pleno emprego para deixar sen gastar 945 millóns de euros?

Acaso todo o mundo ten unha vivenda digna para deixar sen investir 13 millóns de euros?

Acaso xa fixemos a reconversión industrial para unha economía verde, competitiva e de grande valor engadido, para deixar sen investir 71 millóns?

Os seus anuncios son fume. Simple propaganda. Son unha verdade a medias, que é a peor das mentiras.



### 3.4. En conclusión.

As tres emerxencias na que vive a Galicia actual, a feminista, climática e social, parecen ser ignoradas por completo nos orzamentos 2020.

**Sufrimos unha emerxencia ambiental**, pero a Xunta non considera darlle a importancia que realmente ten. Baste con comprobar que cando consideramos todas aquelas partidas destinadas a actuacións contra o cambio climático o gasto destinado a combatalo non chega aos 450 millóns de euros, o 4,3% do gasto orzamentario total.

**Vivimos unha emerxencia feminista**, mais sen embargo, os fondos destinados a protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero resulta ser das que menos se incrementa. Concretamente o aumento soamente é do 1,22%, por debaixo do que medra o conxunto dos orzamentos, e pasa de 14,1 millóns a 14,27 millóns. Un incremento que resulta ser insignificativo especialmente cando se ten en conta o executado no ano 2018. En dito ano o gasto comprometido foi de 14,6 millóns, mentres que o gasto executado acadou os 6,6 millóns.

**A crise industrial que preconiza a emerxencia social** dun paro insoportable, e que funciona como tarxeta de embarque da nova emigración, non resulta un problema para a Xunta do PP, que considera que os retos aos que se expón este sector son insuperables e prefire apostar polo máis sinxelo, encomendarse ao santo e agardar que o 25 de xullo caia en domingo. Causa estupor que un país no que as súas zonas máis industrializadas están en crise estrutural ou de modelo (electrointensivas), pasando por dificultades conxunturais importantes (construción naval) precisadas de captación de novos proxectos de desenvolvemento (transformación agroalimentaria, I+D+i), ou en transición (automoción eléctrica) merezan o desprezo da Xunta ata o punto de que **a partida dedicada ao Desenvolvemento Empresarial cae nun 1,28%**. Mentres tanto, iso si, a aposta polo turismo, que crea emprego maiormente estacional e de baixa calidade, moi sometido á conxuntura económica internacional e que ten



efectos secundarios no uso especulativo das vivendas que soben os prezos do aluguer nas cidades impedindo a emancipación da xente moza -sen que a xunta actúe para neutralizalo-, e que promove o crecemento desordenado e insostible do cemento no castigado litoral de Galicia, increméntase nun 15%.

A emerxencia climática que reclama un cambio de mobilidade, cara o transporte colectivo e eléctrico, sexa tren, tranvía ou bus, tamén se ignora pola Xunta, que segue pensando coma no século XX, que infraestrutura só é sinónimo de estrada. Esta é a partida que máis viu reducido o seu orzamento. Dende o 2009, descendeu nun 70,5%, pasando de 925 millóns a 273 no ano 2018, e para 2020 volve caer case un 16%.

Con todo o exposto, os orzamentos 2020 presentados pola Xunta supoñen a negación da realidade económica e social na que vivimos. Asumen unha visión derrotista e pesimista do territorio e desatende as emerxencias climática, social e feminista na que estamos inmersos. Pola contra, os orzamentos 2020 fai do Xacobeo 2021 e dos agasallos fiscais aos que máis teñen a solución a calquera mal que teña o país.

#### 4. Unha Galicia feminista, ecoloxista e xusta pide paso. Hai alternativa!

A política orzamentaria nun país dotado de autonomía política como Galicia, que cre no **feminismo** como motor da igualdade entre mulleres e homes como presuposto da liberdade, que cre na **xustiza social** como valor que nos impide deixar a ninguén atrás e mirar para outro lado, e que cre na convivencia harmónica co noso medio natural, ten que ser diferente.

Galicia é unha sociedade **feminista, ecoloxista e solidaria**, en definitiva, xusta e merece outros orzamentos acorde cos seus valores.



Por iso, En Marea propón incrementar o gasto en 410 millóns de euros a través dunha revisión da política de ingresos e especialmente dos agasallos fiscais, como expresión da necesaria xustiza fiscal que require unha autonomía galega social que procura o benestar, tratando de facer que aqueles que máis acumulan acheguen máis ao sistema e poidamos facer fronte ás emerxencias que vivimos actualmente en Galicia.

A resultas do anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea considera que hai razóns máis que dabondo para rexeitar o Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020 na súa totalidade e solicitamos a súa devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 17:02:35**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, **presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, CONSELLO DA CULTURA GALEGA sección 03 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

O CONSELLO DA CULTURA GALEGA perdeu en termos nominais case 400.000 € desde o ano 2009. Para o ano 2020 ten destinado un orzamento de 2.757,063 €. Adelgazouse a partida significativamente, porque non se lle dá a relevancia que ten que ter para o ecosistema cultural galego. Os números denotan unha ausencia de compromiso do goberno galego cun sector precarizado, desestruturado, inestable, que en moitos casos vive na intemperie e malia todo é moi vizoso.

O CCG fai unha planificación clara, elaborada, congruente, ben estruturada. Ten un bo equipo para xestionar un bo proxecto. Puidémolo constatar na comparecencia que fixo a súa presidenta para realizar a sesión informativa en relación co proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020.

De feito o orzamento do 2019 está executado case na súa totalidade. Os seus orzamentos foron continuístas. Houbo Congresos, exposicións, xornadas, ciclos, asesorías, publicacións, concertos e outros actos que contaron con sesenta e seis persoas coordinadoras, cento setenta e sete relatores e ao redor de mil setecentas persoas inscritas.



É clara a súa defensa dos valores culturais, a súa necesidade de divulgación, a abordaxe de temáticas moi variadas tanto no que respecta á cultura humanística como á científico-tecnolóxica. Son importantes os grandes informes relacionados coa situación laboral das mulleres dos sectores audiovisual e das artes plásticas que desde o noso grupo valoramos como necesario, e cremos que pode ser moi útil para avanzar nas demandas feitas polo sector desde unha perspectiva igualitaria. Despois de dous anos sae á luz un documento que esperamos teña resultados óptimos xa que conta co compromiso expreso de varias institucións culturais e do propio vicepresidente do Goberno. Outros informes de relevancia son os referidos ás Diásporas e no que ten a ver cos museos das migracións.

Fixeron itinerancia de sete exposicións; naceron doce publicacións; celebráronse concerto de diferentes estilos e tendencias. Visitando a web podemos ver que cantidade de actividades se despregaron. Creemos que é para parabenizar o traballo dun equipo que ten claras as súas liñas de actuación con respecto á igualdade; ao patrimonio; á Lingua; á innovación e á consideración do Consello da Cultura coma unha casa cultural de todas as persoas e axentes que poden atopar non só un bo tecido para a investigación, senón tamén un lugar de encontro.

O Grupo Común da Esquerda considera que para que o CCG poida cumprir coas súas funcións con máis recursos, tería que contar cunha partida económica suficiente.

O adianto do proxecto para o 2020 que se fai público dá conta de congruencia e responsabilidade. A defensa da accesibilidade e a igualdade desde un punto de vista territorial e amplo, con arelas de internacionalización, traballando con



visión de país, salientando as nosas potencialidades cunha dimensión contemporánea e un enfoque no que a nosa cultura, por exemplo con respecto ao Xacobeo dá noticia tamén dun camiño de volta onde se poden visibilizar a nosa importancia cultural e xerar emprego de calidade.

Durante a última década acometéronse recortes salvaxes ao amparo de austeridade e coa escusa da crise. Agora que medrou a economía, inexplicablemente, non se reviste a situación. A razón, desde o noso punto de vista, está clara. Non é técnica. Non é económica. É ideolóxica. O Partido Popular non cre nas políticas culturais. Só cre no mercado e no Xacobeo.

Desenvolve un traballo magnífico, pero non ten os orzamentos que sen dúbida poderían rendibilizar coa máxima eficacia, eficiencia e transparencia. Poderían reforzar, por exemplo, o traballo do observatorio e elaborar máis informes.

Porque no Grupo Común da Esquerda cremos que é imprescindible cumprir co dereito de acceso á cultura, recuperando os orzamentos para Cultura: Artes Escénicas, Música, Danza, Libro, Museos, Patrimonio, Artes Visuais, Artes Plásticas e situando á cidadanía no centro das políticas culturais.

Porque consideramos que hai que desenvolver as accións necesarias para garantir unha estratexia cunha visión ampla da cultura a respecto da sociedade que representa, ben planificada e integradora dos axentes que a fagan transformadora, que teña en conta a traxectoria e o contexto que nos é propio, e ben conducida a través dun proceso sistemático, porque é necesaria para construír as políticas culturais que necesitamos como sector e como país.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58605  
Data envío: 07/11/2019 16:17:33.413

**Por iso, solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para o Consello da Cultura Galega.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:25:00**



## Á Mesa da Comisión 3ª

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade do **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020**, relativa á **Sección 04, Presidencia da Xunta de Galicia, así como das axencias Amtega e Corporación Radio Televisión de Galicia**, e con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

### **Sección 04 – Presidencia, Amtega e Corporación Radio Televisión de Galicia**

Como vimos sinalando nos sucesivos debates orzamentarios, esta Sección, co seu actual organigrama, abrangue competencias que van moito máis alá daquelas que serían específicas das necesidades da Presidencia da Xunta de Galicia; asumindo ámbitos competenciais propios dunha consideración excesivamente presidencialista da dirección política do Goberno da nosa Comunidade Autónoma.

Ao propio tempo que presidencialista, os orzamentos para 2020 da Presidencia presentan novamente un diagnóstico claro, e reiteradamente denunciado, de opacidade, de gasto excesivo, sobredimensionado e claramente dirixido á conformación dunha “única versión oficial” da nosa realidade; especialmente nuns momentos no que a sociedade esixe máxima credibilidade, pluralidade e exemplaridade pública.

Un ano máis, o gasto en persoal eventual e altos cargos da Presidencia da Xunta supón un 25 % do total de custos de persoal desta sección orzamentaria.

Así, en materia de Medios e Comunicación, esiximos, tamén unha vez máis, unha política de máxima transparencia e concorrencia competitiva na asignación das cantidades previstas no programa 461A para axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión e para programas de comunicación social (conxuntamente da orde de 2,7 millóns de euros).

A sociedade galega, como calquera sociedade madura e avanzada na nosa contorna, necesita que as súas políticas de comunicación e medios garantan a pluralidade cultural, ideolóxica e política, coa participación activa e directa dos grupos sociais representativos no conxunto da programación. Pluralidade dos



nosos medios públicos de comunicación por certo moi discutida, incluso polos seus propios profesionais.

Insiste o Goberno galego, e singularmente o propio presidente Feijóo, no flagrante incumprimento da propia Lei 9/2011, xa que nin se abordan os contratos-programa coa CRTVG, nin hai produción propia completa dos informativos, nin se poñen en marcha as necesarias medidas no eido do audiovisual. Porque oito anos despois da súa aprobación, segue sen cumprirse a *Lei 9/2011 de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia*, unha norma promovida para acabar coa manipulación política dos informativos, e que ten provocado a protesta pública do cadro de persoal a través dos denominados *venres negros*. É necesario proceder de acordo coa Lei ao nomeamento do seu director xeral, a partir dun acordo parlamentario, ademais de impulsar o Estatuto Profesional, o Consello de Informativos e o primeiro contrato – programa. Na actualidade o ente atópase nunha situación excepcional, co comité de Empresa asumindo as funcións contra a manipulación informativa competencia do Consello de Informativos.

Polo que respecta aos orzamentos 2020 da Secretaría Xeral de Emigración, continúa o importante incremento dos gastos correntes en bens e servizos do capítulo II acadando unha cifra xa de 2,3 millóns de euros. Deberíase explicitar con maior claridade os resultados deste programas e medidas de apoio para bolsas, non só de posgrao, senón tamén de grao. Os compromisos para prestar unha atención integral e específica aos galegos e galegas retornados e que retornan cada día fuxindo da grave situación de Venezuela deben ser contundentes, tal e como se ten aprobado nos diferentes acordos parlamentarios dende 2017. Non podemos esquecer que o propio Goberno galego reconece que 1/3 das persoas retornadas proceden de Venezuela.

Polo que atinxe á Secretaría Xeral para o Deporte, un ano máis, dende 2012, segue sen facer efectivo o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia conforme require a propia Lei 3/2012 do deporte de Galicia, plan que debe de presentarse no Parlamento. Descoñécense se as contías previstas para transferencias a entidades e federacións deportivas teñen en conta o estudo de custos reais do exercicio de competencias delegadas por parte das federacións, tal e como acordou no seu momento este Parlamento. Na mesma liña, a Lei 3/2012 segue sen desenvolvemento regulamentario, 7 anos despois da súa aprobación.



En materia de sociedade da información, cómpre facer unha referencia ás previsións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), cuxo orzamento medra ata máis dos 115,9 millóns de euros, dos que só 693.000 se destinan a transferencias ás entidades locais, cando máis de 4 millóns de euros van para financiar ás grandes corporacións tecnolóxicas. Lembremos que esta axencia deixa sen executar créditos por importe moi considerable. Ademais, segundo o último informe do Ministerio de Economía sobre cobertura de banda larga en España relativo ao ano 2018 di que Galicia é das últimas Comunidades en cobertura por tecnoloxía inalámbrica e a penúltima por velocidade.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:30:37**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 04, Presidencia , dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, atendendo ás seguintes razóns:

Unha vez mais a proposta de orzamentos da Xunta de Galicia para a consellería de presidencia segue na liña de adelgazar a xestión pública de determinadas secretarías, incrementado o peso partidista e do sector privado. Esta consellería manexa o 57,2% do total do orzamento da Sección 4, sendo a CRTVG e a cobertura informativa o 41,7% do orzamento (102.923.844€). Practicamente o 70% que se inviste maioritariamente en información destínase ao aparato de propaganda do PP e do Goberno. Estes orzamentos inciden de novo na potenciación do control de determinados medios externos mediante a utilización de partidas como as contidas no programa 461A, cun orzamento de 5.703.138 euros.

A lei de medios di que os obxectivos da CRTVG son, entre outros, a promoción e difusión da cultura e da lingua galega, a defensa da nosa identidade, o fomento da produción audiovisual e o reflectir o pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.



Estas partidas orzamentarias, que non imos discutir na súa contía, non son utilizadas para garantir os obxectivos de pluralidade dos medios públicos galegos, se son que son de facto utilizadas para a creación do órgano de expresión do goberno galego - e do partido que o sustenta -, o cal amosa unha baixa calidade democrática inaceptable que é denunciada pola sociedade e polos propios traballadores e traballadoras da CRTVG que, durante ducias de venres negros, denuncian a manipulación informativa da canle pública galega.

Neste orzamento, aparecen coma sempre, prexudicados os colectivos mais vulnerables, a mocidade, os retornados e os colectivos migrantes, que non encontran neste proxecto de orzamentos, políticas nin recursos para atender as súa necesidades, nin a mellora das posibilidades de retorno, nin a acollida, nin a protección da mocidade parecen hoxe, a vista dos orzamentos, unha prioridade para o goberno.

Tamén consideramos insuficientes os 25 millóns de euros destinados ao programa 44 de promoción do Deporte, con esta cantidade é imposible garantir o deporte para todos os galegos e galegas.

Ademais os escasos recursos das partidas 441A Promoción da Actividade deportiva (24.259.027€), impiden crer nun verdadeiro esforzo por impulsar o fomento de hábitos saudables ou do deporte como mecanismo de socialización incluso en tódalas franxas de idade.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por todo isto **solicitamos a devolución dos orzamentos da consellería  
Presidencia, sección 04.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:36:46**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución dos orzamentos da Fundación Deporte Galego (Sección 04)**, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, atendendo ás seguintes razóns:

A previsión orzamentaria da sección 4 do orzamento da Xunta para o 2020, ten unha vez mais unha cativa previsión en termos de fomento do deporte, con apenas 25 millóns de euros no seu conxunto.

Con estas cantidades é imposible realizar e acadar os obxectivos que debe marcarse a administración pública, para e co deporte, que non son outros que o fomento dun modo de vida saudable a través da práctica deportiva en todos os sectores sociais de Galicia.

Así o orzamentos son incapaces de cubrir necesidades básicas de equipamentos, infraestruturas e axudas para garantir o deporte para todos, caendo unha vez mais nunha visión curta do deporte, baseada no deporte federado e profesional, áreas que son tamén descoidadas pola administración Galega.

Dende o Grupo Común da Esquerda, cremos necesario investir en novas instalacións deportivas, axudar os clubs e as familias nos custos dos desprazamentos,, mellorar o acceso ao deporte en idade adulta e axudar os custos dos seguros en tódolos ámbitos da práctica deportiva, isto é hoxe imposible coa proposta da Xunta





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Estas razóns obrígnanos a solicitar a devolución do orzamento da Fundación  
Deporte Galego.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 14:18:46**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda **ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, CRTVG sección 04, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Falar dos orzamentos da CRTVG para 2020 é falar de **anomalías** orzamentarias; de anomalías nos catro eixos marcados na propia memoria de orzamentos; de anomalías legais e mesmo nas liñas estratéxicas de produción.

A **norma** indica que hai que presentar uns orzamentos **equilibrados**. E dicir ten que haber unha correspondencia entre ingresos e gastos. A CRTVG é a única **ENTIDADE** que presenta uns orzamentos **desequilibrados**. Isto é unha **ANOMALÍA!** A Corporación prevé un déficit de **102.763 M€** para 2020 que se cubrirá cunha **APORTACIÓN DE CAPITAL** da Xunta. A Xunta debera aportar subvención corrente de explotación. Non aporta nada de forma inicial. Si aporta cando se materializa a perda. Isto evidencia dous problemas: por unha banda, a Corporación aparece con perdas, con déficit. Por outra banda, a Xunta no canto de facer gasto corrente, aparece intervindo con **102 M€**. Porén, fai achegas de capital.

Ademais **caen** os ingresos en **publicidade e audiencia**. En ingresos publicitarios o importe neto dá unha cifra negativa. a caída é de máis do 8 %. Menor audiencia e menores ingresos publicitarios. Cabe pensar que existe unha mala utilización dos orzamentos con pouca eficacia, pouca eficiencia e bastante



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

opacidade. Non existe unha relación positiva cos resultados obtidos.

Non está clara a porcentaxe que se destina á compra de produtos ou a prestación de servizos. Con respecto aos **demandantes do Audiovisual**, no punto 4. Aproveccionamentos hai unha cifra confusa de **38.045 M€** sen desglosar. Con respecto a adquisición do inmovilizado non financeiro hai un dato moi preocupante xa que hai unha caída do **16%** en dereitos de coproducións e actuacións de obras de interese estratéxico.

A CRTVG inviste a metade do seu orzamento en gasto de persoal: **53M€**. Os seis membros do Consello de Administración (4 do PP e 2 do PSdG) Sáennos moi caros para as poucas competencias que desenvolven. Os seus salarios están consignados na conta 629: Outros servizos. A previsión para 2020 é de **7.462.700 € IMPORTE: 449.000 €**, glosado en Remuneracións (375.500€) e Seguridade Social. A CRTVG incumpre un dos principios estratéxicos, o de **igualdade**. Afirmamos isto porque o **regulador interno** sobre o cumprimento das estratexias de igualdade na CRTVG é o propio Consello de Administración que conta cunha **Comisión de Igualdade** que vela pola observancia da normativa neste eido nos medios de comunicación dependentes da CRTVG. A Comisión de Igualdade celebrou catro sesións no 2016 e 6 no 2017 participando nelas os responsables das Áreas de Proxección Social, Recursos Humanos e Informativos e Documentación. Px. 62 do Informe. Apartado IV.2

Isto é grave se ademais temos en conta que está pendente de elaboración o Código de boas prácticas mediante autorregulación tal e como obriga o DOG 17/2/2016. Cap III. Igualdade de oportunidades e medios de comunicación. Solicitado reiteradamente en varias Comisións e Plenos na presente lexislatura.



Dos **cinco grandes eixes** dos que se fala na Memoria dos orzamentos e o Programa de actuacións, investimentos e financiamentos, tanto as persoas traballadoras como as súas representantes e este grupo parlamentar levamos tempo cuestionando o seu desenvolvemento. **1º** non se poden preservar os *valores fundacionais e o seu acoplamento ás necesidades emerxentes da sociedade actual* incumprindo sistematicamente a Lei. **2º**, en nigrures se explicita como se vai facer *a adaptación ás novas demandas e formas de consumo dos cidadáns*. **3º**, non se pode falar da *reconversión tecnolóxica e organizativa para atender á converxencia de usos* cando as categorías profesionais son as mesmas que en 1.992, están conxeladas. Como se as máquinas xerasen contidos! **4º**, falan das *necesidades de financiamento e as formas máis eficientes de gobernanza en clave de sostibilidade*. Na súa páxina web pintan una Arcadia feliz. Unha empresa modelo. Cunha gobernanza por riba dos estándares europeos. Disocian a realidade. Non poden dar leccións de boa gobernanza incumprindo a Lei. **5º**, xa constatamos a anomalía e a forma tramposa de presentar as contas, así que este último eixo - *transparencia na rendición de contas para incrementar a confianza e a credibilidade social dos medios de comunicación audiovisual de Galicia*- tampouco se cumpre e a súa credibilidade mingua.

**Incúmprense** os seguintes artigos da **Lei 9/2011 de 9 de novembro**: O artigo **23.2** di que o director xeral debe ser elixido no Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos en primeira votación ou por maioría de tres quintos en segunda votación. O que fixeron foi blindar a Sánchez Izquierdo cunha lei de acompañamento. Metérono pola porta de atrás. E aí está. O artigo **36.2** establece a creación dun Consello de informativos e o Estatuto dos Traballadores. Tiña que estar funcionando na CRTVG como órgano interno de participación do persoal e encargárase de velar pola independencia, a veracidade e a obxectividade dos



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

contidos informativos. O artigo **49**, que establece a creación dunha Autoridade Audiovisual independente do goberno e dos operadores. Consideramos tamén unha grave anomalía legal e laboral que se ditaminen unilateralmente servizos abusivos, atentando **contra o dereito á folga** dos traballadores/as. O **Director xeral** atribúese función que non ten Pedimos a súa **dimisión** o xoves día 31 de outubro de 2019. A resposta recibida foi que recurrirán Falando de orzamentos, levamos gastados 25.000 € en 3 sentenzas os últimos meses.

Non se explica que **programación** se vai facer con estes orzamentos. Despois da desaparición da grella da radio do 'Diario Cultural' (o actual formato é outra cousa) e as desconexións locais dos informativos, consideramos preocupante a perda de espazos de produción propia e consideramos indecentes as perdas destes referentes. Non se especifica canto custa unha hora de **produción propia** interna e unha hora de produción propia externa. Hai moita opacidade. Deberan reverter os recortes tremendos que durante os últimos anos se fixeron á programación **cultural** e na defensa da **Lingua** da CRTVG. Para nós este é un tema chave. No que atinxe a cobertura da cultura galega, urxe en particular que a CRTVG cumpra a normativa vixente en materia de **patrimonio**, creando espazos informativos e divulgativos dedicados especificamente á súa conservación, protección e difusión. Ata o de agora amosaron un desleixo irresponsable. Urxe adicar máis atencióna ás Artes Escénicas, Música, Danza, Libro, Museos, Patrimonio, Artes Visuais, Artes Plásticas e situando á cidadanía no centro das políticas culturais.

A TVG tampouco soubo manter a atención dos **nenos e das nenas**, algo que si conseguiron outras canles da TDT dirixidos aos cativos. Isto só pode explicarse polo nulo interese dos directivos da canle autonómica por renovarse e adaptarse aos novos tempos. Non parecen ter intención de investir en recuperar a audiencia infantil e xuvenil.



No que respecta a información, a supresión das **desconexións locais** foi unha das maiores agresión ao dereito ao información dos galegos e das galegas. A cidadanía ten dereito a saber o que acontece na súa contorna inmediata e a radio televisión pública ten a obriga de satisfacer ese dereito. Estes orzamentos non semellan encamiñados a recuperar ese dereito. A Radio Galego no seu conxunto merecería un capítulo aparte

Os orzamentos deberan contemplar tamén a posibilidade de producir novos programas de actualidade política plural galega, de ecoloxía, de feminismo, da Ciencia...; deberan contribuír a solucionar os problemas que sinalan os e as profesionais da Radio e da TV Galega. Un medio público ao servizo dos cidadáns e cidadás e non unha ferramenta de propaganda do Goberno.

Por iso, **solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para a Corporación Radio Televisión de Galicia.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:32:46**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar **Grupo Común da Esquerda** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, **presenta a seguinte emenda á totalidade de devolución do orzamento da Axencia Para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.** do Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, atendendo ás seguintes razóns:

Primeira, porque o seu incremento non é suficiente para atender a fenda dixital existente no noso país. Un dos obxectivos fundamentais da axencia

Segundo os datos do informe “brecha dixital en España 2019” elaborado por UGT, Galicia está a cola do estado en numerosos indicadores dixitais como o número de vivendas dotadas de ordenador. Somos a segunda comunidade autónoma con menos Vivendas dotadas de ordenador con apenas un 74,3% so por diante de Extremadura, fronte ao 79,55 de media. Ademais, estamos no sexto lugar pola cola en vivendas con acceso a internet con un 82,6% fronte o 86,45 de media estatal. Continuamos a cola do estado cun 80% de cidadanía que ten usado internet, así Galicia é penúltima desta clasificación cun 16,9% de cidadanía que non usou internet no último ano. E por último segundo o dato de Eurostat en Galicia un 25% da súa poboación nunca utilizou unha computadora.

Segunda, porque minusvalora o obxectivo da formación. A proposta de orzamentos reduce as axudas á formación TICs en concellos. Así, as cesións aos concellos para as aulas CEMIT pasan duns xa escasos 782.000€ en 2019 aos 693.000 para este exercicio, unhas cantidades que impiden axudar aos entes locais nesta labor.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Terceira, porque botamos en falla partidas que se destinen a axudas sociais que permita acceder a internet a poboación vulnerable que hoxe o ten case imposible polos elevados prezos do mercado.

Cuarta, porque o enorme investimento producido en dixitalización do ensino non vai acompañado dunha garantía ás familias para que non teñan que sufragar os custos de roturas dos equipos, nin de partidas suficientes para a formación dos docentes.

En definitiva, estamos ante uns orzamentos que esquecen partidas fundamentais para abordar a fenda dixital galega e a axeitada modernización tecnolóxica da administración.

**Por iso rexeitamos o orzamento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia na súa totalidade e reclamamos a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal







# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:48:54**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 04, Presidencia da Xunta, e organismos, consorcios, entidades, fundacións e sociedades públicas dependentes, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas razóns que se expoñen a seguir:

Un primeiro aspecto a ter en conta para o rexeitamento dos orzamentos da Sección 4 (Presidencia da Xunta) é a distribución de recursos relacionados co control dos medios de comunicación e a propaganda institucional. As transferencias á CRTVG non están vencelladas ao cumprimento das esixencias establecidas na lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, marco normativo que está sendo incumprido cando menos nos seguintes aspectos fundamentais:

- Aprobación do Estatuto profesional e Creación do Consello de informativos
- Creación da Autoridade audiovisual como órgano de control externo.

A situación de asfixia e control que sofre a CRTVG derivou na mobilización dunha parte importante do persoal através dos denominados “Venres negros”, para denunciar a utilización partidista dos medios públicos ao servizo do PP e do Presidente da Xunta, a falta de pluralismo, e a represión a xornalistas que exercen os seus dereitos. A demisión de profesionais de prestixio é unha clara manifestación da situación de degradación que sofre a CRTVG, un ente que actúa como terminal da Presidencia da Xunta de Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Canto aos orzamentos da Secretaría Xeral de Medios, resulta cando menos chocante a irrisoria cantidade destinada a “Axudas a publicacións en galego normativo”, que ascende a 40.000 euros, mentres que se destinan 1.186.771 euros a “Empresas xornalísticas e de radiodifusión” que utilización de maneira residual a lingua propia de Galiza, contravindo así o mandado de fomento da normalización da lingua galega.

En realidade, CRTVG e Dirección Xeral de Medios actúan ao servizo directo da Presidencia da Xunta como aparato central de propaganda, de control da información, de limitación do pluralismo e de distorsión da realidade ao servizo do PP.

Outro dos grandes eixes de xestión da sección 4 é a chamada “Modernización tecnolóxica de Galicia”, que se desenvolve através da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). En realidade, a Axencia é a tapadeira dun descomunal proceso de privatización da administración pública, con importantes e decisivos servizos (administración de xustiza, sanidade, educación, administración pública) xestionados por multinacionais que controlan unha inxenta cantidade de información sensíbel. Consideramos, pois, necesario revertir este proceso, apostando pola creación dunha verdadeira administración pública dixital, con xestión directa e control público de servizos centrais e esenciais.

Ademais destes dous grandes ámbitos, que concentran a maior parte do gasto, tamén dependen da sección 4 o programa 312C (Servizos Sociais relativos á Migracións), con 13, 5 millóns, e o programa 441A (Promoción da actividade deportiva), con 25,2 millóns. Trátase de dúas áreas con moi pouca dotación orzamentaria, tratadas como se fosen restos, asignadas á Presidencia da Xunta por descarte.

En materia de Deporte, para o BNG é prioritario desenvolver o Censo e o Plan de Infraestruturas Deportivas, pendentes desde a aprobación da lei galega do deporte do





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ano 2012, así como incrementar as partidas destinadas á construción e mellora das infraestruturas deportivas garantindo a súa distribución con criterios de transparencia e obxectividade.

No tocante á Emigración, ademais de fortalecer os programas sociais e de recuperación do patrimonio, é imprescindible incrementar os créditos destinados ao fomento do retorno, sobre todo da mocidade emigrada, a recuperación do talento e a integración sociolaboral das persoas emigrantes retornadas.

Por estes motivos, solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 04.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:51:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos Orzamentos do Ente Público “CRTVG” (Sección 04) no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns.

Os Orzamentos son a plasmación dun proxecto político, isto é indiscutíbel. Porén, tan importante como a contía orzada é o cumprimento da misión de servizo público cando nos referimos a un ente como a Corporación da Radio e Televisión de Galiza (CRTVG).

O Proxecto de lei sitúa en case 106 millóns de euros o orzamento para a CRTVG en 2020, o 19,23% menos que en 2009. Porén, se nos preguntamos: é moito ou pouco esta cantidade, debemos responder: depende. Depende de se o investimento que se fai nos medios de comunicación audiovisual públicos de Galiza cumpren coas súas obrigas recollidas na Lei 7/2011. E aí, a resposta é claramente, non.

O incumprimento que a CRTVG fai da súa propia lexislación é obsceno, a comezar polo mantemento da súa Dirección Xeral en réxime de interinidade vulnerando o proceso de elección parlamentaria disposto no artigo 23 da lei.

Tampouco está a cumprir a CRTVG en materia laboral coa súa negativa a proceder á elaboración e aprobación do Estatuto Profesional e a creación do





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Consello de Informativos (artigo 36). Tampouco en materia de xestión coa negativa a asinar o Contrato Programa (artigo 33) ou a dar cumprimento aos principios fundamentais en que reside a natureza da propia Corporación (artigo 4).

Estes deberan ser argumentos suficientes para rexeitar o proxecto de orzamentos para 2020 e exixir a súa devolución. Porén, hai máis, como veñen denunciando de maneira ininterrompida as traballadoras e traballadores dos medios públicos desde hai máis dun ano.

O control político, o tratamento informativo con fins partidarios ou a vulneración de dereitos laborais son unha constante nas denuncias do cadro de persoal. Cuestión inadmisíbel en calquera democracia digna de tal nome.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos do Ente Público CRTVG (Sección 04)**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:51:39**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 04, Presidencia, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, atendendo ás seguintes razóns:

En materia de **Emigración**, malia que consta na Memoria: *“Así mesmo, apoiarase socioeconómicamente aos retornados a través de axudas económicas, accións informativas, e de fomento do autoemprego e a actividade emprendedora, para contribuír á súa incorporación laboral”*, as partidas son notoriamente insuficientes á vista dos resultados obtidos o ano pasado, o que impedirá recuperar capas significativas de mocidade que marcharon ao estranxeiro en busca das oportunidades que lles nega o un goberno que non cre neles.

O **deporte galego** segue sen ter unha planificación digna de tal nome, que non supedite as decisións de gasto a criterios clientelares. Din na memoria: *“En cuarto lugar, a mellora do mapa de infraestruturas deportivas de Galicia, tanto propias como de terceiros. Neste campo, continuarase coa optimización do mapa de infraestruturas deportivas da comunidade autónoma.”*, pero pola contra non existe unha estratexia de infraestruturas deportivas, que permita construír racionalmente no territorio os centros deportivos precisos, que non estean supeditados aos caprichos da consellería.





Non se albisca unha estratexia dirixida aos menores de idade que busque evitar que dirixan o seu ocio ás apostas on line e espazos semellantes, e estimular a práctica de deporte, tal como se falou nos debates das últimas semanas no Parlamento.

Non se orienta a memoria a medidas concretas para fomentar a igualdade e impedir a discriminación das mulleres no deporte, como denuncian as nosas competidoras máis internacionais.

Recentemente, deportistas galegas como Ana Peleteiro denunciaron a penalización na competición de elite polo exercicio da maternidade, que supuña decote rescisións de contratos de mecenado, sen que conste que a Xunta vaia realizar campañas de sensibilización neste sentido.

A **AMTEGA** volve un ano máis a incumprir os seus propios estatutos e propósitos. Din na súa Memoria para 2020 que entre o seus obxectivos está: *“Énfase na Vida Dixital: aproveitando o potencial das TIC para converter a Galicia nun lugar de progreso social avanzado e onde as persoas poidan levar unha vida autónoma e participar activamente na sociedade.”*

A Valedora do Pobo denunciou recentemente que 160 mil fogares quedaran excluídos inxustamente da TUR co cambio normativo. Para eses fogares non hai plans de modernización dixital.

Tampouco se albisca cando vai asumir a **AMTEGA** o reto de estender e xeralizar o uso de software libre en todas as administracións públicas, empezando pola Xunta.

**RETEGAL** tampouco cumprirá este ano cos seus fins estatutarios. Di a Memoria neste apartado para 2020: *“Con carácter máis específico, os obxectivos de Retegal no ano 2020, serán: 1. Servizos de operador neutro de*



*telecomunicacións. (..) As infraestruturas e redes que xestiona Retegal, especialmente no eido rural, facilitan a prestación de futuros servizos, reducindo os tempos de implantación, investimentos e custos recorrentes de mantemento e explotación a outros operadores". O informe da Valedora do Pobo deste ano deixou ao descuberto un importante número de queixas pola imposibilidade de vivir e sobre todo, de desenvolver actividades económicas no rural por falta de banda larga.. todo isto mentres Galicia conta cunha empresa que ten este entre os seus fins: dar extensión telefónica e telemática a todos os recunchos do país. Non se orzamenta asumir a denuncia da Valedora e empregar o RETEGAL para mellorar a calidade de vida no rural, implementando servizo de banda ancha.*

A CRTVG vén caracterizada nos últimos tempos pola falta de desenvolvemento da normativa do audiovisual e a falta de respecto á pluralidade informativa na corporación, aspectos nucleares que nos vinculan directamente con Presidencia e co talante autoritario dun Feijoo que non cre na liberdade dos profesionais para desenvolver o seu traballo con obxectividade e que se dedica sistematicamente a censurar nas súas actuacións, facendo singularmente dos servizos informativos un NODO como os que tanto gustaban ao ditador que hoxe é colocado no sitio onde debe estar. Neste estado de cousas, non se albiscan orzamentos para facer efectivo un estatuto que garanta un consello de redacción independente.

Por outra banda, hai un ano e medio decidiron restrinxir a súa función de servizo público pechando varias delegacións da CRTVG, polo que debería orzamentarse a reapertura de sedes en Pontevedra, Ferrol e Burela.

Por todo isto solicitamos a **devolución** do orzamento da sección 04, Consellería de Presidencia.



Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 13:59:51**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á AMTEGA, da Sección 04, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Di o Presidente da Xunta de Galicia a “Axenda Dixital de Galicia 2020 mobilizará máis de 1.500 millóns de euros” nunha desas comparecencias publicitarias ás que nos ten acostumados.

Seguinte noticia: O Consello da Xunta aprobou en maio de 2018 o segundo contrato de xestión plurianual da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), dicindo que disporá de máis de 500 millóns de euros para investir no período 2018-2021. Os investimentos reais nos Orzamentos de 2020 son de 74 M€ e, se sumamos as Transferencias de capital, poderíamos chegar aos 79 M€. No total de 2018 e 2019 en inversións reais acadouse unha cantidade de 130 M€. A este ritmo como se vai chegar aos 500 M€ comprometidos en catro anos?

Non imos entrar en partidas concretas se non en reflexións xerais para evidenciar se estamos a avanzar ou non na dixitalización dos principais sectores dependentes da administración da Xunta de Galicia:

En **Xustiza** repítese exactamente o mesmo orzamento: 6,8 M€. En declaracións tamén do Presidente Feijóo: "avanzaremos" na implantación do expediente xudicial electrónico, que se estenderá" a firma dixital e o sistema de xestión de arquivos e pezas de convicción ao 95% dos órganos xudiciais. Ademais, neste campo, tamén incidiu na "creación dun sistema de información" de atención cidadá e á vítima, así como no deseño dun modelo de sala de vista "totalmente dixital" que se implantará no 100% das salas".



Realmente alguén pode pensar que con este orzamento se conseguirá este obxectivo en 2021?.

Só hai que ver como están as oficinas xudiciais, non hai nin un papel.

### **Servicios Sociais:**

No eido da dixitalización dos servizos sociais os investimentos deberían servir para unha moito maior axilidade ante a desesperación dos usuarios ante a situación actual, cando en moitas ocasións teñen que acudir a multitude de instancias para poder sacar adiante as súas solicitudes. Repetiuse de novo a situación esperpéntica na xestión do Bono Social Eléctrico no que respecta as familias en extrema vulnerabilidade que precisan, por exemplo, que se conecte a información entre os servizos sociais e as empresas comercializadoras de electricidade para axilizar os trámites. Consecuencia desplome dos bonos concedidos. Evidentemente non só por este motivo, pero a farragosa xestión necesaria desanima a moita xente. Pois o orzamento segue nuns exiguos 4,3 M€ así será moi difícil chegar a dixitalizar eficazmente todos os servizos sociais no 2021.

### **Dixitalización da Educación:**

Esta partida e a que mais medra, uns 5 M€, pero a cantidade total orzamentada 12,5 M€ evidenciase moi raquílica para os obxectivos acadados en todo o sistema do ensino público de Galicia. A este ritmo cando pensa a Xunta de Galicia que todas as cidadás e cidadáns poderán formarse cun nivel de dixitalización adecuado?

A Xunta de Galicia fala continuamente do **CRECIMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL** neste eido as declaracións do Presidente en 2018 foron as seguintes:


“Para apoiar o crecemento do ecosistema dixital destacamos o obxectivo de "estender" a banda ancha para que "o 96% da poboación de Galicia teña acceso a redes de 30 megas"

Pero esta é a realidade:



## Las provincias con peor internet

% de población con menos de 10 Mbps de velocidad



Fuente: Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital

B. T. / CINCO DÍAS

E esta situación é normal, os investimentos, de maneira global destinados a este obxectivo e outros conexos, no programa 571A descenderon de 2018 no que había 64 M€ a 50 M€ no 2019 e agora medran escasamente aos 52 M€.

Por este camiño será imposible totalmente acadar o obxectivo marcado polo Presidente para 2021. E a implantación da economía 4.0 será imposible en unha parte moi importante do territorio de Galicia.

Polo tanto necesitamos moita máis inversión pero tamén un cambio na liña política no desenvolvemento das redes de banda ancha. No canto de fiar todo as empresas privadas, a Xunta de Galicia debería apostar por desenvolver unha potente rede pública a través de Retegal, sobre todo nos territorios mais desfavorecidos e con orografía mais complexa, aínda que posteriormente poidera ser ofrecida como rede transparente e neutral para os



operadores privados que a quixesen alugar. E sobre todo tendo en conta que a maior rede de fibra que existe en Galicia, a de R, deixou de estar controlada por unha empresa galega e agora chegan as noticias de que vai ser vendida a un fondo de inversión internacional, a ninguén lle pode parecer que isto é seguro e confiable. Unha rede desenvolta con moitas axudas e facilidades públicas tanto da Xunta como dos Concellos.

A sostibilidade e a dixitalización son os dous eixos principais para o progreso dun País, non parece que con estes orzamentos poda responder a esta evidencia.

**Por todo isto rexeitamos os orzamentos da AMTEGA e solicitamos a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 13:52:27**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do ente Publico CRTVG, Sección 04 do Proxecto de lei de Orzamentos de Galicia para o ano 2020.**

Unha CRTVG que continúa a incumprir a Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, presenta unhas contas que confirman a continuidade dun modelo, amparado polo Goberno do PP, que supón a redución da condición de servizo público de comunicación audiovisual.

Un ano máis, consolídanse uns Orzamentos recortados a respecto de 2009, que reforzan a produción “externalizada” fronte á propia e que non apoian o cinema en galego (apenas 1 m € de apoio directo) nin promocionan a dobraxe. A CRTVG atópase nun 75,6% do nivel orzamentario de 2009 e só contará con 2,1 m € máis que en 2019.

Asemade, as contas non avanza na recuperación da programación local e das delegacións territoriais suprimidas.

Por outra parte, consolidan a declarada intención de “contención” salarial e “optimización” dos recursos humanos, que derivou en eliminar as substitucións de persoal necesarias para prestar o servizo; o gasto de persoal supón un 47,4% do total, sen variación respecto a 2019.

Alén máis, non se acadou o obxectivo de conter a tendencia de diminución dos ingresos comerciais, estimando menos ingresos por publicidade neste exercicio.

Trátase duns Orzamentos que tampouco especifican se van permitir cumprir coa Lei 7/2010 Xeral da Comunicación Audiovisual, en relación ao dereito das “persoas con discapacidade auditiva a que a comunicación audiovisual televisiva, en aberto e cobertura estatal ou autonómica, subtitule o 75% dos programas e





conte polo menos con dúas horas á semana de interpretación con lingua de signos”.

En xeral, preséntase unha documentación que non permite desagregar as partidas, nin sequera a respecto do custo separado de Radio Galega e TVG.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:51:42**



## Á Mesa da Comisión 3ª

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, relativa á **Sección 05, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Axencia Galega de Emerxencia e Escola Galega de Administración Pública**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

### **Sección 05 – Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, Axencia Galega de Emerxencias e Escola Galega de Administración Pública.**

O orzamento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para 2020 ascende a 307.213.000 euros, cunha suba do 4,38 % con relación ao exercicio 2019, aínda que, revisando a partida destinada a persoal de Xustiza, a suba xa non é tal.

En relación ás políticas de Igualdade e de loita contra a violencia de xénero que prevé desenvolver a Secretaría Xeral de Igualdade, o incremento é consecuencia da aportación de algo máis de 8 millóns estatais polo Pacto de Estado da Violencia de Xénero. Resulta curioso que, en 2018, a execución froito deste pacto só acadase un 2,29 % e non saibamos aínda nada de como vai a execución deste ano 2019, no que o Goberno galego disporá en total de case 16 millóns de euros. Por outra banda, segue obviándose algún tipo de medida ou acción específica para o rural galego. Máxime cando, segundo datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, un 73 % dos asasinatos ocorren en poboacións inferiores a 100.000 habitantes, o que alerta de que a “ruralidade” é un factor de vulnerabilidade que se debe ter en conta nas políticas integrais, e todo sen perder de vista que, do reparto que fixo o Estado entre todas as Comunidades Autónomas en función da condición rural, Galicia é a que recibe máis fondos. Polo tanto, en coherencia cos criterios de adxudicación, esa cantidade debese ir destinada especialmente á política de prevención da violencia de xénero no rural, mais non é así.

No marco xurídico-institucional, novamente atopamos falla de compromisos para a aprobación do plan antifraude na contratación pública autonómica, a inacción en materia de medidas anticorrupción para regular a actuación dos grupos de



presión ou a protección integral das persoas denunciante de prácticas corruptas, sen que se afonde en materia de transparencia, bo goberno ou calidade democrática e institucional.

Tanto as transferencias á EGAP como os recursos en materia de avaliación e reforma administrativa mantéñense conxelados, polo que dificilmente se vai poder contribuír dende esta Consellería aos programas anunciados de formación e carreira profesional.

No eido da Administración de Xustiza, os orzamentos para o ano 2020 revelan a mesma atonía que en exercicios anteriores, tanto que a partida destinada para a Dirección Xeral de Xustiza baixa un 1,05 %, a pesares dos incrementos salariais acordados cos sindicatos e incumpridos pola Consellería en canto á suba do chamado IPC galego, que desfruta todo o persoal menos o de Xustiza.

Con relación ao modelo de implantación da nova organización da administración de xustiza, medios económicos e materiais dos xulgados, fiscalías, rexistros civís, Imelga e demais servizos, resalta a escaseza das cantidades destinadas ás novas oficinas Xudicial e Fiscal (de novo 70.000 euros) e á organización do arquivo xudicial e proceso de expurgo (196.750 euros).

En relación a novas infraestruturas xudiciais, o Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015 segue sen ser executado na súa totalidade, reflexando ademais unha partida de só 345.000 euros para obras menores.

De novo, non hai partidas para a promoción e desenvolvemento do Dereito Civil Especial de Galicia, para a potenciación de medidas alternativas ao cumprimento das penas de prisión, para a promoción do uso do galego nin, lamentablemente, para a Memoria Histórica, a gran esquecida pola Xunta de Galicia.

En canto á planificación estratéxica e seguimento das medidas para o impulso das novas tecnoloxías e solucións informáticas, o Goberno galego segue a apostar polo traballo da AMTEGA, a pesares da súa ineficacia e lentitude.

Polo que respecta a Emerxencias e Interior, e pese aos compromisos que se anuncian por parte da Consellería, non se observan compromisos firmes para dispoñer do novo Mapa de Emerxencias de Galicia nin da revisión do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia. A falla tamén de compromisos específicos para mellorar a dotación de efectivos da Unidade de Policía Autonómica de



Galicia, fan que debamos rexeitar as previsións que sobre este ámbito se conteñen nos orzamentos para 2020.

En materia de Administración Local, consignase un incremento nos fondos de cooperación que veñen condicionados pola propia administración autonómica, sen asumir o compromiso claro para avanzar nun novo marco, transparente e obxectivo, para acadar un maior financiamento incondicionado dos nosos concellos. A forma de aplicar, con absoluta subxectividade e opacidade por parte da Xunta de Galicia, determinados plans (infraestruturas rurais, Hurbe, creación e mellora de equipamentos de medio ambiente, convenios, obras de abastecemento e saneamento, etc...), o bloqueo sistemático aos procesos e servizos de carácter metropolitano (que nin figuran nos orzamentos), ou os problemas denunciados nas únicas dúas fusiones municipais de Cerdedo-Cotobade ou de Oza-Cesuras, non permiten referendar as previsións orzamentarias en materia de entidades locais para 2020.

Finalmente, en materia de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e diante do reto que Galicia ten no marco da UE ante o impacto do Brexit. o vindeiro marco financeiro da Unión a partir do 2021 en materia de cohesión e da PAC ou as necesarias políticas solidarias en materia de migracións, os orzamentos son máis que insuficientes. A maiores, o programa de Cooperación ao Desenvolvemento, segue sen acadar 0,2 % das contas anuais.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:25:46**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 05, Vicepresidencia e Administración Pública, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, atendendo ás seguintes razóns:

Este ano comprobamos como dos 25.428.00€ orzamentados en políticas de igualdade no programa 31 deixáronse sen executar 7.500.000€, o que supón practicamente un terzo. Isto xa é moi grave de por si, pero aínda o é máis tendo en conta que a situación é máis problemática e preocupante ca nunca ante as cifras de violencia machista. Polo tanto, que sexa precisamente o programa 313D de PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO o que sofre o maior grado de non execución, practicamente o 43% do total da partida, precisamente cando as cifras evidencian a necesidade de abordar con recursos máis recursos o drama da violencia de xénero e os asasinatos machistas, evidencia a moita propaganda e escasa política real deste goberno e do uso dos recursos dos orzamentos.

A escaseza da execución orzamentaria da secretaria xeral de igualdade amosa a falta de compromiso económico, na necesaria loia pola igualdade de xénero social e laboral na sociedade galega, os datos de fende salarial pero sobre todo os datos de violencia indican a necesidade de apostar de forma clara por políticas de formación e protección que deben ter a súa contrapartida orzamentaria para poder ser eficientes, este orzamento non parece comprometer esa realidade, nin a



necesidade de intervir de forma transversal nesta materia no conxunto da sección e do orzamento.

Entre as eivas evidentes do proxecto esta a falta de garantía para que a asesoría xurídica xeral poida mellorar e incrementar a súa participación na elaboración de plans de prevención da corrupción no ámbito da administración autonómica, unha vez mais esquecese a necesidade de determinar os mecanismos e medios para este fin absolutamente necesario.

No que ten a ver coa dirección xeral de Administración local, botamos en falta recursos que permitan unha planificación ordenada dos recursos destinados aos concellos, tanto para os que procedan a mancomunar servizos, como aqueles que realizaron fusión, sistema que foi anunciado pola consellería pero que non acada unha execución concreta neste orzamento. Existen inconsistencias orzamentarias para mellorar os plans das áreas metropolitanas, das existentes, e das que deberan crearse no futuro, o que demostra que a súa formulación polo goberno é mais unha expresión de vontade con obxectivos electorais, que unha realidade a conseguir polo executivo galego.

En outros ámbitos como a cooperación, o lixeiro incremento non chega para cubrir a demanda da sociedade civil organizada neste sector, como se puido demostrar na falta de unanimidade na aprobación da estratexia galega de cooperación exterior, que non foi compartida precisamente pola falta de compromiso orzamentario suficiente. Igualmente sería necesario establecer mecanismos e partidas que permitan estudar e analizar os impactos das modificacións que se están a dar no seo da Unión Europea e que afectaran a nosa sociedade e economía, sobre todo en sectores como o mar ou o agro.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

As previsións orzamentarias non permiten garantir o desenvolvemento da Lei 1/2015 no que ten a ver coas garantías cidadáns usuarias de servizos públicos. Os programas orzamentados de medición de calidade obvian o uso da lingua galega como indicador.

Non existe avaliación e seguimento programados do cumprimento dos obxectivos de modernización, cando os investimentos da materia están sendo moi elevados, o que imposibilita os xuízos de eficiencia na asignación de gasto.

No relativo a dirección xeral de emerxencias, o igual que no ano 2019 o orzamento non garante a realización dos compromisos adquiridos en novembro do 2017 sobre todo en materias como:

- Implementación do mando único
- Equipos Forestais de Investigación para apoiar a Policía e a Garda Civil nas pescudas sobre a orixe dos lumes
- Equipos de Vixilancia de Incumprimento para supervisar que se leven a cabo as medidas de prevención
- Rexistro de investigación de incendios, con información á disposición dos equipos
- Completar o mapa de comarcalización necesario para coordinar os servizos.

Observamos unha baixada na partida 21 de Protección civil e seguridade, dun 9,2%, equivalente a 790.566 € o cal é moi chamativa en vista das novas necesidades e carencias que se evidenciaron o ano anterior.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Preguntámonos cando o Goberno galego vai abordar que Galicia precisa un sistema de emerxencias público e de calidade, xa que somos a única comunidade cos servizos de bombeiros aínda en mans de empresas privadas, facendo negocio coa vida das galegas e os galegos, e non vou entrar en mans de que empresas porque entón teremos que falar das tramas de corrupción ás que nos teñen acostumbradas, ou os nomeamentos para os seus chiringuitos a costa dos cartos públicos.

Temos un sistema de emerxencias totalmente parcheado, e con queixas dos bombeir@s dos parques públicos, as bombeir@s dos parques comarcais, as e os traballadores do GES que saben como se xestiona a seguridade das persoas e do noso espazo público, e non temos mais desgracias porque, unha vez mais, a vontade e bo facer dos e das traballadoras fai que se solventen do mellor xeito posible malia as carencias de medios e, sobre todo de coordinación.

Saudamos os pasos que se están a dar cara o paso ao público dos parques comarcais, pero son insuficientes, sobre todo, consideramos urxente solicitar que se retome o proceso de comarcalización. Dende o noso grupo consideramos que con parches e chiringuitos non vale abordar a seguridade das galegas e dos galegos, se non que o necesario é abordar esta cuestión de xeito integral cara un sistema público e de calidade.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:35:09  
Nº Rexistro: 58657  
Data envío: 07/11/2019 16:35:09.264

**Por iso, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda solicita a súa devolución na súa totalidade da sección 05, Consellería de Vicepresidencia Administración pública e Xustiza.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 16:07:18**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda, **ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Servizo 80, Escola Galega de Administración Pública**, dos **Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

O Partido Popular é unha formación que dende os últimos anos pasará a figurar nos libros de historia como o primeiro partido condenado por corrupción. Ademais disto é unha organización que non cree no sistema público nin na transparencia da súa xestión. Non cree no Estado de Benestar ao servizo da cidadanía se non na súa fragmentación e desmantelamento para ir repartindo contratos e servizos as empresas amigas estendendo a modelo de precarización aos empregados públicos, uns traballadores agraviados e espoliados como os demais polas políticas do Partido Popular. Proba disto é a esforzada labor que acometeu desmantelando a sanidade e a ensinanza públicas, externalizacións varias, tentar impor un modelo laboral de contratación temporal e precarios, e tamén patrimonializando as institucións para poñelas ao servizo dunha minoría privilexiada que nalgúns escandalosos casos descubrimos que financian as súas campañas electorais. Por isto, non é de estrañar que non invirta no orzamento da Escola Galega de Administración Pública. Para que vai formar ao corpo de traballadores públicos cando nin tan sequera cre nel e prefire traballadores precarios que obedezan sen chiar ao aparato do poder?



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58625  
Data envío: 07/11/2019 16:21:52.430

A Escola Galega de Administración Pública dedícase a formar e especializar ao persoal ao servizo da Administración pública de Galicia. A súas labores se centran na investigación e na divulgación coa finalidade de profesionalizar e formar de xeito continuado as persoas que traballan na Administración. Na medida na que un país saudable precisa traballadores que estean ao día e sexan capaces de adaptarse aos novos retos que van xurdindo, a Escola encargase dunha labor de gran importancia. E debería investirse cunha gran partida concreta na formación dos traballadores públicos en materia de control e prevención da corrupción sistémica que sufrimos no conxunto do país, con énfase no eido local, e en materia de xénero de xeito transversalizado.

Non obstante, a súa contribución a mellora dos servizos públicos, a loita contra a corrupción e o machismo estrutural a través da formación, non se ve recoñecida nos orzamentos, que se ven afectados polo estancamento. A mensaxe que o Partido Popular manda con isto aos traballadores da Administración é claro: non contamos con vós, non contamos con vós para erradicar a corrupción, erradicar o machismo e mellorar de xeito profundo dende a independencia da carreira e o servizo público a xestión pública dos cartos de todos os cidadáns e cidadás galegas.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58625  
Data envío: 07/11/2019 16:21:52.430

Porque apostamos pola formación continúa dos traballadores da Administración, solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos para a Escola Galega de Administración Pública.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:39:58**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda, **ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao ente público Fundación Galicia Europa , Sección 05, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

A Fundación Galicia Europa durante 25 anos leva traballando e adicando os seus esforzos á defensa dos intereses de Galicia de cara a Europa, a informar sobre a UE en Galicia, a promover a participación das entidades galegas en proxectos europeos e a formar e sensibilizar sobre a Unión Europea na nosa terra sabendo que moitas das políticas que afectan, e inflúen, aos galegos e galegas principalmente no relativo aos sectores produtivos pasan por Europa. Todas estas acción terían que ser apoiadas polo Goberno da Xunta, pero Feijóo ben sabe que, tendo en conta o traballo que está a facer, benefícialle moito máis pasar desapercibido que impulsalo.

Ao Partido Popular non lle interesa tender pontes co exterior e, moito menos, proxectar Galicia no mundo. Feijóo segue na súa política de facer turismo político, sen obxectivos claros e con total falta de transparencia sobre os gastos e sobre os resultados, porque os obxectivos reais están ocultos tras a maquinaria de marketing.

Polo demais, o PP quere que Galicia permaneza nun discreto segundo plano porque non cree en Galicia nin no seu potencial. Para Feijóo Galicia é un medio



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

para outras cousas que pouco teñen que ver cos intereses e necesidades dos galegos e galegas. Un partido, e un goberno, que menospreza a cultura e o idioma de Galicia, e día tras día demostran que carecen dun proxecto de país nin gañas de telo. Como poderían, entón, apostar por Galicia no exterior, ou defendela, cando non mostran o máis mínimo interese en defendela e potenciala ante os galegos e galegas?

Así, enténdense os orzamentos que o Goberno da Xunta pensa conceder á Fundación Galicia Europa. Este ano aumentan lixeiramente os cartos dedicados a fortalecer a acción exterior de Galicia, pero prevese xa que no futuro inmediato esa liña de acción vai ver diminuídos os seus fondos. É comprensible e coherente coa estratexia do Partido Popular. Mellor permanecer recollidos para que o mundo non coñeza as miserias das súas políticas.

Porque nós si apostamos pola defensa dos intereses de Galicia no exterior, **solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos para a Fundación Galicia Europa.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58628  
Data envío: 07/11/2019 16:22:22.649

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:41:22**

CSV: BOPGDSPG8xIRIG8q9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



---

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da **Axencia Galega de Emerxencias** (sección 05), dos **Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, atendendo ás seguintes razóns:

Unha vez máis, os orzamentos da axencia son uns orzamentos de novo continuístas con respecto aos presentados no 2019. Atopámonos ante un goberno esgotado que non ten ilusión ningunha por xestionar e por cubrir os mínimos necesarios ou simplemente interesarse nas novas problemáticas que van xurdindo nos distintos niveis administrativos responsabilidade da Xunta ou onde se lle exige colaboración ou lealdade institucional. Se partimos que os orzamentos de 2019 presentaban eivas evidentes no capítulo de inversións, por exemplo nos compromiso públicos adquiridos pola Xunta nesta materia cos concellos de Galicia, os orzamentos do 2020 son exactamente igual.

De novo, gran parte dos investimentos reais da Axencia van destinados a contratar a atención telefónica, que como é habitual en todos os eidos que poden, están en mans privadas, nunha estratexia política e orzamentaria que non podemos admitir. Seguen a imporse condicións laborais de precariedade para as persoas prestadoras do servizo o cal se suma a crecente merma dos recursos que poderían estar a disposición do cumprimento doutras funcións esenciais da Axencia. Vemos de novo que isto non se muda porque a prioridade non é cubrir as necesidades reais se non incrementar o beneficio empresarial da adxudicataria. A xestión directa dende o público destas tarefas é mais eficaz, incrementa a calidade do servizo e supón un esforzo económico menor, polo que non





podemos compartir este modelo privatizar e precario adoptado como norma polo Goberno.

Por último, este último ano quedou máis claro que nunca que existen novas necesidades, e unha percepción clara de desleixo por parte da Administración en sectores cada vez máis maioritarios da cidadanía galega ante a necesidade real de incrementar os recursos públicos en materia de emerxencias en tódolos seus ámbitos, incluso os que derivan desta axencia. Ante o incremento de necesidades neste sentido que ten sufrido a poboación galega tanto no 2018 como no presente ano, é obrigatorio asignar moitos máis recursos como prioridade.

Estas razóns obrígnanos **solicitar a devolución do orzamento da Axencia Galega de Emerxencia, Sección 05**, para que podan atender dun xeito máis áxil, e cunha maior eficiencia e eficacia, os problemas detectados.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 14:32:13**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 05, Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e organismos, consorcios, entidades, fundacións e sociedades públicas dependentes desta, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Consideramos insuficientes os créditos destinados ás políticas de igualdade, que deberían incrementarse ata chegar ao 1% do orzamento da Xunta, co obxectivo de desenvolver medidas estruturais e transversais para combater as desigualdades (formación especializada, educación, coordinación institucional, medidas de conciliación, políticas sociais, saúde, medidas no eido laboral e do emprego, combate á fenda salarial...) e desenvolver unha actuación integral contra todo tipo de violencias e agresións sexuais, así como de apoio ás vítimas de violencia machista.

No tocante á acción exterior, cómpre superar o actual marco de políticas subordinadas e deslabazadas, nas que non hai unha verdadeira “dirección xeral” que coordine e dirixa de maneira integral a presenza exterior do goberno galego, a promoción da imaxe de marca do país, a presenza en foros e organismos internacionais, ou a defensa dos intereses galegos diante da UE. Consideramos necesario ademais desenvolver unha estratexia específica en relación coa comunidade de países da lusofonía, en coherencia co establecido na Lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No relativo á administración de xustiza, un ano máis bótase en falta a dotación orzamentaria para desenvolver un programa de fomento do uso do galego neste ámbito, conforme o establecido na Lei de Normalización Lingüística (1983) e no Plan Xeral de Normalización do uso do galego (2004). Consideramos necesario ampliar os créditos para artellar as seguintes medidas:

-Elaborar un programa de normalización específico, en colaboración co Ministerio de Xustiza, e establecer un órgano de referencia.

-Fomentar o uso do galego por medio de medidas de promoción profesional e prestixio dos funcionarios que a vaian usando.

-Verter ao galego os programas informáticos de xestión e os formularios de uso cotián e garantir a súa presenza en todos os órganos xudiciais de Galicia.

-Deseñar campañas de información sobre os dereitos lingüísticos dos cidadás nas súas relacións coa Administración de xustiza.

-Establecer que nos tribunais de xustiza, antes do inicio de calquera procedemento, se pregunte de oficio cal é a lingua habitual do cidadán e que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental.

Canto ao sistema galego de emerxencias, non hai un sistema universal, público e con cobertura de todo o territorio. Non hai unha xestión integral e integrada das emerxencias: 112, bombeiros, emerxencias sanitarias, incendios forestais, salvamento marítimo... Temos un sistema de emerxencias obsoleto, fragmentado, sen coordinación, con mala cobertura e ineficaz. Que falla cando se producen catástrofes e grandes emerxencias: Angrois, Fandicosta, vaga de lumes de outubro de 2017.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Falta mando único operativo. Temos un sistema fragmentado e ineficaz: parques urbanos de xestión municipal, consorcios provinciais e no resto GES (mal dotados).

O Proxecto de orzamentos non achega propostas para resolver todas estas grandes eivas que presenta en materia de coordinación, mando único operativo e cobertura territorial. Neste sentido, consideramos que deben ter prioridade nos orzamentos as seguintes medidas:

-Desenvolver a lei de emerxencias en todas aquelas cuestións pendentes de planificación e desenvolvemento normativo.

-Revisar e actualizar o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA).

-Impulsar, a través da Comisión Galega de Protección Civil, a aprobación dun novo mapa de emerxencias que teña como obxectivo a cobertura do territorio galego en tempos de resposta máximo de 20 minutos.

Por estas razóns, solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 05.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:52:11**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 05, Vicepresidencia e Administración Pública, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, atendendo ás seguintes razóns:

### IGUALDADE E VIXE

En materia de Igualdade, a Xunta non orzamenta unha expectativa esencial da sociedade, a universalización da educación de cero a tres anos, nin tampouco unha medida que podería contribuír ao exercicio da maternidade responsable, como elevar a FIV ata os 45 anos. Non se avanza nada orzamentariamente na loita contra a discriminación da muller na ciencia.

Quedan por desenvolver numerosos apartados do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que non se acollen na memoria nin se orzamentan, e dificilmente se vai poder cumprir coa función de detección precoz de casos en Atención Primaria ou polos servizos sociais se o tempo de atención ao paciente apenas chega aos 5 minutos.

Por outra banda, na opinión de En Marea unha vez máis a escaseza orzamentaria da secretaria xeral de igualdade no seu programa Accións Para A Igualdade, Protección E Promoción Da Muller amosa de novo a falta de compromiso económico, na necesaria loita pola igualdade de xénero social e laboral na sociedade galega. O orzamentado é necesario, pero insuficiente.



## INTERIOR E PROTECCIÓN CIVIL

Malia as insistentes denuncias en materia de Protección civil, relativa ás condicións de traballo e medios en diversos GES de Ourense e Lugo, nada se orzamenta neste sentido.

Tampouco se atende nesta materia da Protección civil á harmonización do mando único dos plans de emerxencias de Galicia, tal como se comprometera o Presidente da Xunta nas incumpridas 30 medidas de loita contras os lumes forestais de 2017.

Un ano máis, no ámbito de unidade de policía adscrita non aparece consignación orzamentaria para reforzar a investigación de incendios, nin para mellorar as unidades asignadas, nin para redimensionar os departamentos de investigación.

## ADMINISTRACIÓN. ASESORÍA

A DX de **Avaliación e reforma administrativa** segue sen valer para auditar as Listas de espera non estruturais do SERGAS, malia que cómpren datos claros, tal como denunciou a Valedora do Pobo.

A Xunta segue a incumprir, dous anos despois, un mandado unánime da Cámara para implementar o Galego no sistema informático da Administración de Xustiza.

Un ano máis, as previsións orzamentarias non permiten garantir o desenvolvemento da Lei 1/2015 no que ten a ver coas garantías cidadáns usuarias de servizos públicos. Os programas orzamentados de medición de calidade obvian o uso da lingua galega como indicador.

Por todo isto solicitamos a **devolución** do orzamento da sección 05, Vicepresidencia e Administración Pública.



Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:51:18**





## Á Mesa da Comisión 3ª

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, relativa á **Sección 06, Consellería de Facenda, Axencia Tributaria de Galicia e Cixtec**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

### Sección 06 – Facenda, Axencia Tributaria de Galicia e Cixtec

O Proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020 non garante a aposta firme que debería ter o Goberno da Xunta de Galicia para restablecer os servizos públicos e a calidade no emprego, cando menos para a súa recuperación a niveis anteriores á crise económica, constituíndo un orzamento continuista que acepta resignado a situación actual, sen respostas para os principais problemas existentes e renunciando a utilizar os múltiples mecanismos que ten ao seu alcance para lles facer fronte.

A crise agudizou as desigualdades económicas e sociais, das familias e a recuperación non está sendo uniforme nin xusta, así mentres o principal peso dos impostos recae sobre os empregados, públicos e privados, e os pensionistas, o número de millónarios creceu un 500 %.

Ante esta situación o Goberno galego, no canto de apostar pola recuperación dos servizos públicos de calidade ao tempo que compensar a situación socioeconómica das familias galegas que peor o están pasando para revertir esta situación e dinamizar a demanda interna, o que fai é rebaixar os impostos aos que mais teñen, apostando por un sistema fiscal regresivo, que detrae recursos ao sistema.

O Goberno galego segue a falar dun plan de dinamización demográfica que non acaba de establecer, sen facer realmente unha aposta polas medidas que revertirían a sangría demográfica que vimos padecendo en Galicia, a creación de emprego estable e de calidade, as facilidades para o acceso á vivenda, non só no rural, a recuperación dos servizos públicos de calidade, o despregue das telecomunicacións á práctica totalidade do territorio, as medidas para conciliar a vida laboral e familiar e o incremento de medidas que aposten claramente polo I+D+I deberían estar na folla de ruta do Goberno galego para conseguir o asentamento da poboación, así como o retorno das persoas que tiveron que emigrar.



Os últimos informes mostran que a pobreza se está facendo crónica, tanto as familias sen ingresos como as que teñen todos os seus membros no paro diminúen a un ritmo moi lento, sen que atopemos nestes orzamentos ningún plan de choque que atalle esta situación, máis aló dos anuncios de bonificacións fiscais que, agás as rebaixas aos grandes patrimonios, terán escasos resultados.

O emprego público vén sufrindo a precariedade laboral que o caracteriza, a pesar dos anuncios propagandísticos de última hora da Xunta de Galicia de novas ofertas de emprego público.

A incapacidade do Goberno galego para xestionar os concursos de traslados, as ofertas de emprego público e os procesos de funcionarización e de estabilización do persoal temporal, únese á permanencia da vixencia da Lei 1/2012, que unicamente se derroga en materia de prestacións por incapacidade temporal en consonancia cos acordos estatais, pero que mantén a suspensión de preceptos do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia que está a incidir nos programas de conciliación e, especialmente, na saúde e seguridade laboral de moitas traballadoras, especialmente dos centros de política social, desoíndo a recomendación recollida no informe do Valedor do Pobo.

Na previsión de ingresos, no que se refire a impostos directos (IRPF, Imposto sobre o Patrimonio, e Imposto sobre Sucesión e Doazóns) o Goberno galego prevé un incremento do 7,6 %, cando ao mesmo tempo se anuncian para 2020 novos beneficios fiscais que se tentan presentar como medidas sociais de impacto, pero que non terán un importante efecto, medidas electoralistas que tratan de ocultar as verdadeiras rebaixas fiscais para os contribuíntes con maior capacidade económica: rebaixa de xeito significativo do Imposto sobre Sucesións e Doazóns que minora a súa recadación nun 6,9 %, debido ao incremento da redución do Grupo II ata o 1.000.000 de euros; mentres baixa a recadación polo Imposto sobre a Patrimonio, debido á rebaixa da escala aprobada.

E pese á anunciada rebaixa dos tipos impositivos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados aplicables á compra de vivendas no rural, a súa recadación increméntase alcanzando un importe de 309,6 millóns de euros. Incremento ao que contribúe a revisión de valores tan cuestionada polo Tribunal Económico Administrativo de Galicia.

Renúnciase, novamente, a exercer unha política fiscal progresiva, na que as rendas máis altas contribúan máis, na procura dunha mellor e máis equitativa e xusta redistribución da riqueza.



O orzamento da Axencia Tributaria Galega non responde as principais liñas de acción para o 2020: loita contra a fraude fiscal e mellora da información e asistencia ao contribuínte, pese ao incremento no investimento real e o incremento do 4,7 % en gastos de persoal. E mesmo desatende as recomendacións reflectidas no último informe da Inspección Xeral do Ministerio de Facenda no que se aconsella á Atriga a incorporación de novos efectivos, así como o desenvolvemento de actuacións en materia de formación tributaria, outra das liñas de acción que aparecen recollidas na memoria, ou o Informe do Valedor do Pobo que alerta sobre o uso excesivo do silencio administrativo e o incumprimento do procedemento administrativo; para corrixir estas disfuncionalidades sería necesario un plan con obxectivos e indicadores contrastables e controlables, o que non acontece na actualidade nin se prevé cara ao exercicio do ano que vén.

Respecto do CIXTEC a súa principal liña de acción para o 2020 está orientada á implementación da Administración dixital, obxectivo que aparece recollido entre as liñas de acción dos distintos organismos, pero para dar cumprimento ao establecido sería necesario unha eficiente utilización e aumento dos seus recursos, pero que o orzamento non contempla.

A igualdade, como elemento artellador, non foi tido en conta neste documento, a pesar de que o informe sobre o impacto de xénero forma parte del, o que implica examinar o xeito en que a distribución de recursos orzamentarios afecta ás oportunidades económicas, sociais e persoais de mulleres e homes, e medir o impacto do gasto público en relación cos obxectivos de igualdade de xénero. Dito informe é un mero trámite baleiro de contido, que non afonda nas posibles actuacións, nin ofrece información real e detallada da situación actual na administración galega. Neste sentido non se pode compartir a adaladora e pouco rigorosa conclusión do informe que realiza a Secretaria Xeral de Igualdade ao respecto, que cualifica como de positiva a visión de xénero destes orzamentos para 2020, o Informe sobre o impacto de xénero

En definitiva, non son uns orzamentos que respondan ás necesidades da poboación galega actual nin ás necesidades do noso territorio; non se teñen en conta as novas situacións socioeconómicas xurdidas nos últimos anos e non se arbitran medidas para evitar a exclusión social e a exclusión económica.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2020

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 07/11/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58622**  
Data envío: 07/11/2019 16:21:22.555

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:26:02**

CSV: BOPGDSPG8xIRfG8q9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda , ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, relativa á **Sección 06 Consellería de Facenda**, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, con expresa petición de devolución, atendendo ás seguintes razóns:

A proposta de orzamento que se presenta para a consellería de Facenda, supón un orzamento de 59,4 millóns de euros, unha vez mais a consellería con menor dotación orzamentaria do Goberno.

Esta escaseza de recursos impide atender as necesidades e traballos desta consellería, que entre outros son exercer o control a través dos organismos que dela dependen e a loita contra o fraude a través da ATRIGA, polo que a falla de recursos condiciona as súas capacidades para acadar estes obxectivos de control. É para nos inaceptable a escaseza de recursos destinado tanto ao CES como ATRIGA.

A evolución do orzamento da Consellería de Facenda é decepcionante ao igual que o é a evolución dos ingresos orzamentarios previstos, cuxos incrementos unicamente proceden dos ingresos provintes do Estado e da UE, namentres se ve enormemente reducida a nosa capacidade de xerar ingresos propios.

Esta redución de ingresos está enmarcada neta nova etapa de políticas neoliberais, baseada non no recorte directo se non no recorte de gasto e inversión ao respecto do PIB dispoñible, unha vez mais o mais alto da serie histórica.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:32:14  
Nº Rexistro: 58647  
Data envío: 07/11/2019 16:32:14.059

Inaceptable para o Grupo Común da Esquerda son as rebaixas fiscais para unha minoría que contempla este orzamento, esta política fiscal é profundamente ideolóxica, conservadora e reaccionaria, así segundo a propia memoria xustificativa dos orzamentos, onde se recolle que os beneficios fiscais que contempla o imposto autonómico sobre o patrimonio ascenden a mais de 119 millóns de euros, estamos polo tanto ante un regalo do goberno autonómico a aqueles que mais teñen, no camiño dunha política económica do Goberno Galego pensado para favorecer a unha minoría social acomodada fronte ao sufrimento das clases populares.

Por todo isto, **rexeitamos os orzamentos da Sección 06, Consellería de Facenda, do proxecto de Orzamentos para o ano 2020 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:32:14  
Nº Rexistro: 58647  
Data envío: 07/11/2019 16:32:14.059

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:56:50**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no Artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a **seguinte emenda á totalidade da Sección 6 da Consellería de Facenda (Consello Económico e Social)** do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 atendendo ás seguintes razóns:

O Consello Económico e Social (CES) é un órgano consultivo das políticas públicas da Xunta de Galicia que cumpre un papel fundamental, no marco dunha sociedade que debe afondar no seu carácter democrático, sendo un foro permanente de diálogo e deliberación entre a sociedade civil organizada e a Xunta de Galicia para facilitar a participación dos axentes socioeconómicos e representantes da sociedade civil no proceso de toma de decisións, tendo o cometido tanto de analizar a actividade normativa governamental como de elaborar, por iniciativa propia, estudos e informes que dean lugar a propostas de acción política en calquera ámbito directamente vinculado ao desenvolvemento económico e social do País.

No Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da C. A. de Galicia para o ano 2020, os fondos previstos para o CES non acadan o mínimo necesario para reforzar o seu papel consultivo e de análise sociopolítica, quedando en 993.000 €, o que supón un aumento dun 4,3% con respecto a 2019, pero que segue a ser é moito mais baixo que o orzamento total do ano 2009, incluso en termos nominais. Ano no que os orzamentos de explotación e capital sumaban 2,6 millóns de €.





Ademais, a dotación para gastos correntes, incluídos os gastos de persoal, os gastos en bens correntes e servizos, e as transferencias correntes, aínda seguen sendo un 27% mais baixas que os gastos de explotación do ano 2009, o que nos da idea da merma dos medios persoais e materiais postos a disposición deste órgano para a realización das súas función consultivas.

A pesar do crecemento porcentual superior á media dos orzamentos, e dun crecemento do capítulo II do 18,6%, a variación en termos absolutos a respecto de 2019 é só de 41.000 €, dos cales 15.000 corresponden ao incremento dos gastos de persoal, e 24.000 aos créditos para a realización de reunións, conferencias e cursos.

A pesar deses incrementos, consideramos que as dotacións do CES son absolutamente insuficientes e testemuñais, non sendo posible para o CES, con este orzamento, realizar xornadas e cursos sen recorrer á colaboración con outros organismos.

Así, os Orzamentos de 2020 consolidan o baleirado de contido que o Goberno da Xunta leva anos aplicando ao CES, ben a través de reducir os seus recursos para a elaboración de informes e a realización de xornadas e cursos, ben non sometendo a ditame do CES proxectos de lei e normativa da Xunta.

No momento actual de non superación da crise social, co mantemento da precariedade laboral, a consolidación da perda do peso dos salarios no conxunto da economía, o mantemento de preocupantes niveis de pobreza e desigualdade, o



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

excesivo prezo de recursos básicos e o descenso da poboación activa – tal e como explica a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia de 2018, do propio CES – é fundamental reforzar a labor de análise do CES e a súa capacidade de proposta para que a sociedade civil galega se implique en dar solucións aos problemas estruturais do País como a propia precariedade laboral ou o devalo demográfico, en previsión da desaceleración da economía e das repercusións do Brexit na cidadanía galega.

Por outra parte, nun escenario parlamentar de maioría absoluta, a labor consultiva do CES sobre a labor lexislativa do Goberno é fundamental para complementar a tarefa dos grupos parlamentarios, implicando a sociedade na participación nas políticas da Xunta.

**Polo exposto con anterioridade, rexeitamos os orzamentos da Sección 6 da Consellería de Facenda (Consello Económico e Social) do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución para seren reformados tendo en conta a necesidade de reforzar o papel do CES como organismo consultivo e de análise socioeconómica, contando coa participación de distintas entidades e organismos da sociedade civil.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 17:03:07  
Nº Rexistro: 58666  
Data envío: 07/11/2019 17:03:07.118

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 17:01:56**

---

*Grupo Parlamentar*  
*Grupo Común da Esquerda*

+ 981 551 584  
*gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 06, Consellería de Facenda, e todas as entidades públicas, e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Un ano máis, o Proxecto de lei de Orzamentos da Consellería de Facenda para 2020 representa unha liña de continuísmo respecto da planificación e folla de ruta marcada nos anos anteriores da lexislatura e, por extensión, durante a década de goberno de Núñez Feijóo. Non ofrecen, polo tanto, a corrección necesaria para que Galiza poida enfrontar cunha maior capacidade un contexto económico no que a realidade social se caracteriza pola cronificación e o aumento da desigualdade social ao tempo que a evolución da economía está caracterizada por un marco cada vez máis incerto. A nivel estatal, pola inestabilidade política, e a nivel internacional, co horizonte de acontecementos coma o Brexit, as consecuencias para a economía da guerra comercial entre China e os Estados Unidos ou o impacto da política arancelaria do xigante americano sobre os sectores produtivos.

O Proxecto remitido á Cámara galega ignora esta realidade e non introduce cambio algún para a súa estrutura, funcionamento ou obxectivos. Polo tanto, a que debe ser o centro irradiador dunha corrección da planificación





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

económica ofrece unicamente unha repetición rutineira e automática dos anos anteriores. É sintomático desta situación de repetición mecánica que, por exemplo, a Memoria de Orzamentos desta Consellaría leve repetindo durante toda a legislatura nos seus obxectivos “A finalización dos procesos de actualización legislativa coa aprobación dunha nova lei en materia de réxime financeiro, orzamentarios e de control” da que o goberno non ten dado explicacións nin información ao respecto.

Así mesmo, a proposta de planificación fiscal e económica do goberno galego afonda nunha liña contraria aos intereses das maiorías sociais do país, contribuíndo a manter a desigualdade que se consolidou durante esta década de goberno a través do desenvolvemento de políticas antisociais como resposta á recesión e a través da falta de estímulo económico mentres o PIB medrou desde 2014, renunciando a impulsar un cambio de modelo económico e social.

Por outra banda, un ano máis, esta planificación contraria aos intereses das maiorías sociais agrávase polo impacto negativo do marco administrativo, financeiro e político sobre o que se asentan estes orzamentos: unha corsé centralista que limita a capacidade de actuación real do goberno galego polo marco legal do déficit e da débeda ao tempo que se mantén un sistema de financiamento insuficiente para exercer o noso autogoberno e garantir os servizos esenciais dos que somos responsábeis, como son o caso da sanidade ou da política social.

Evidénciase unha vez máis a renuncia a aumentar o poder político e económico do noso país, sen proposta algunha para reclamar de forma efectiva a débeda do Estado con Galiza ou para negociar unha relación económica co





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Estado que tiña que terse revisado xa no ano 2014, data de revisión do sistema de financiamento.

En conclusión, desde a área responsábel do cumprimento e a organización da planificación económica non se ofrecen alternativas para avanzar na construción dun marco político e financeiro máis ambicioso que poida dar cobertura ás necesidades sociais e económicas de Galiza. Non se marca sequera o inicio dunha folla de ruta que poida supor o máis mínimo avance na capacidade normativa, recadadora ou política que permita ao noso país activar os instrumentos conducentes a unha facenda galega propia que permita unha xestión directa dos nosos recursos sen depender das chantaxes do goberno central.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 06.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:51:26**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 06, Consellería de Facenda, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

O orzamento da Consellería pódese caracterizar como exiguo, simple e rutinario, apenas dotado cos recursos suficientes para pagar ao persoal, cun incremento mínimo, por debaixo do orzamento total, explicado case exclusivamente polo aumento das retribucións salariais.

E presenta esta Consellería uns orzamentos xerais que non serán quen de combater as principais crises que ameazan a Galicia:

- Crise industrial. Perda de competitividade como indican as estatísticas das rexións europeas onde Galicia non para de baixar, peche ou risco de peche de empresas emblemáticas, desplome do índice de produción industrial, etc.
- Crise medioambiental. No que o caso máis paradigmático vémosto cando o Partido Popular pide que a central máis contaminante de España siga a queimar carbón ata o 2045, no canto de desenvolver uns orzamentos que deran un pulo decisivo a Transición Ecolóxica. Non se aposta decididamente pola eficiencia enerxética nos fogares que podería crear miles de postos de traballo de calidade.
- Crise feminista. Precariedade específica de xénero, fenda salarial, dificultades de conciliación pola falla de prazas públicas infantís.
- Crise social. Precariedade laboral, incremento da pobreza, falla de oportunidades, perda poboacional sobre todo na xente nova, imposibilidade de acceso á vivenda.





Neste escenario de escaseza de recursos e de falla de ambición, destacan de forma negativa a escasa dotación da Axencia Tributaria de Galicia e do Consello Económico Social, que rexeitamos de forma contundente.

A estratexia do goberno de reducir o papel do CES, de evitar que este organismo clave de participación dos axustes económicos e sociais de Galicia na elaboración de análises, ditames, estudos e propostas, faise evidente co limitado orzamento do organismo que se quere asfixiar orzamentariamente, non dotándoo dos recursos necesarios para que faga o seu traballo.

E algo similar sucede coa ATRIGA, un órgano central na loita contra o fraude fiscal, un dos maiores problemas para a suficiencia financeira da Xunta e da equidade fiscal e que ano tras ano sofre de infradotación de recursos para levar a diante a súa tarefa de combater o fraude.

Pero a relevancia da Consellería de Facenda vai moito máis alá do seu cativo orzamento, porque nas súas funcións está a xestión dos ingresos públicos, tanto nos impostos propios como nos cedidos e os compartidos coa a Administración central.

Por iso, o rexeitamento de En Marea aos orzamentos da Consellería de Facenda ten como elemento central a decepcionante e inxustificada evolución dos ingresos para o exercicio de 2020.

Evolución decepcionante e negativa en todas as súas compoñentes: e inaceptable que os ingresos derivados do modelo de financiamento autonómico apenas medre nun contexto de incremento da recadación de figuras tributarias como o IVE e o IRPF.

Inaceptable a evolución das transferencias doutras administracións, e nomeadamente o Fondo de Cooperación Interterritorial (FCI) que teñen como finalidade o reequilibrio territorial.



Pero entre todas as medidas sobre ingresos, as que suscitan o maior rexeitamento do Grupo Mixto de En Marea é a decisión da Xunta de agravar a estratexia de rebaixas fiscais en beneficio dos máis ricos.

2.373 M€ de beneficios fiscais só nos últimos 6 anos. Algúns razoables, pero moitos outros dunha inxusticia fiscal e social intolerables.

A medida estrela destes orzamentos son os beneficios fiscais para os millonarios galegos. Outros 16 M€ que se lles regalan nunha tendencia constante nos últimos anos, así non e raro que o número de millonarios se teña multiplicado por 5 nos últimos anos.

Se as exencións anteriores xa beneficiaban ao 99% da cidadanía porque agora se teñen que ampliar a ese 1% que herda máis de 1 M€ por beneficiario.

E por contra uns orzamentos que perpetúan a precariedade laboral xeral e cunha incidencia moi especial no emprego público, as enfermeiras eventuais seguirán en situación precaria, seguiremos sen ambulancias medicalizadas suficientes, non haberá profesores de apoio necesarios nos centros públicos, os dependentes seguirán esperando por axudas e centros adecuados, a construción de vivenda pública seguirá sendo case inexistente, as infraestruturas imprescindibles seguirán esperando. O I+D+i seguirá moi lonxe do obxectivo do 2% do PIB e con sorte podería chegar ao 1%.

Canto da débeda pública se corresponde con estas rebaixas fiscais, con estes ingresos que a Xunta decidiu non percibir? Que recortes na sanidade e no ensino foron provocados por estes menores ingresos? Porque o que non se paga con impostos págase con recortes ou con débeda.

No ano 2008, a débeda pública galega total era de 3.954 millóns de euros, para acadar no primeiro trimestre do ano 2018 o seu máximo histórico de 11.750 millóns. No II trimestre do ano 2019, o volume da débeda é de 11.685 millóns.



En porcentaxe do PIB, a débeda pasou de representar o 6,7% do PIB no ano 2008 a unha porcentaxe que se sitúa agora no 18%.

Dende o 2008 ata a actualidade, a Xunta de Galicia endebedouse en 7.650 millóns. En dez anos endebedámonos o dobre que nos 28 anos anteriores.

A política fiscal que se ten aplicado nestes anos e que se sigue presente no orzamento de 2020 ten un profundo sesgo ideolóxico conservador, porque reducir impostos sempre beneficia aos máis ricos e recortar gasto público sempre prexudica aos máis débiles. Esa é a opción: elixir fiscalidade e gasto público para a elite ou para a maioría social.

**Por todo isto rexeitamos o orzamento da Consellería de Facenda e solicitamos a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:57:22**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do orzamento do Consello Económico e Social, Sección 06, Consellería de Facenda, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, atendendo ás seguintes razóns:

O Consello Económico e Social (CES) é un órgano consultivo das políticas públicas da Xunta de Galicia que cumpre un papel fundamental, no marco dunha sociedade que debe afondar no seu carácter democrático, sendo un foro permanente de diálogo e deliberación entre a sociedade civil organizada e a Xunta de Galicia para facilitar a participación dos axentes socioeconómicos e representantes da sociedade civil no proceso de toma de decisións, tendo o cometido tanto de analizar a actividade normativa governamental como de elaborar, por iniciativa propia, estudos e informes que dean lugar a propostas de acción política en calquera ámbito directamente vinculado ao desenvolvemento económico e social do País.

No Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da C. A. de Galicia para o ano 2020, os fondos previstos para o CES non acadan o mínimo necesario para reforzar o seu papel consultivo e de análise sociopolítica, quedando en 993.031 €, o que supón un aumento dun 4,2% dende o ano 2019, pero sendo aínda apenas un 76% do orzamento consignado ao organismo en 2008.

Isto significa que o organismo consultivo terá uns medios claramente insuficientes para a realización de informes e estudos. Os 30.000 € para reunións, conferencias e cursos son absolutamente insuficientes e testemuñais, non sendo posible para o CES, con este orzamento, realizar xornadas e cursos sen recorrer á colaboración con outros organismos. Por outra parte, o “reto demográfico” e as



reunións do Observatorio Demográfico apenas se traducen nos Orzamentos do CES, salvo no capítulo 4, no que ten que ver con pago dos desprazamentos das persoas integrantes do Observatorio.

Así, os Orzamentos de 2020 consolidan o baleirado de contido que o Goberno da Xunta leva anos aplicando ao CES, ben a través de reducir os seus recursos para a elaboración de informes e a realización de xornadas e cursos, ben non sometendo a ditame do CES proxectos de lei e normativa da Xunta.

É necesario un orzamento moito máis ambicioso para cumprir os fins enunciados no primeiro parágrafo e potencialos de maneira moi forte ante as ameazas que se vislumbran no futuro próximo: desaceleración, Brexit, guerras comerciais, etc., ou outras xa claramente presentes como as do incremento da pobreza e a acumulación da riqueza, Transición Enerxética e tamén para marcar camiño cara as evidentes oportunidades que abrirá, sobre todo, a Transición sustentable cara unha economía mais respectuosa co medio ambiente e a loita contra o cambio climático. Para todo isto unha institución como o CES é chave.

Por todo elo, como nos anos anteriores, consideramos o orzamento do CES extraordinariamente cativo, non só para poder desenvolver moitos máis informes sobre as ameazas e oportunidades que xa mencionei, se non tamén para, por exemplo:

- Poder informar de todas as Leis e Decretos con incidencia socioeconómica. E isto afecta a maioría.
- A situación flagrante das Leis de Medidas Fiscais e administrativas onde se modifican innumerables Leis sen control parlamentario nin por suposto informe do CES.
- Unha moito maior capacidade de difusión dos seus informes e a adaptación a formatos dixitais, gráficos e audiovisuais para poder ser mellor e máis doadamente comprensibles para toda a cidadanía. Non toda a



xente ten o tempo ou os coñecementos necesarios para analizar os informes que se desenvolven.

- Elaborar un informe anual, como o socioeconómico que xa realiza cada ano, dos avances e as recomendacións cara a transición sustentable da sociedade e a economía.
- Unha moito maior capacidade para desenvolver actividades públicas e académicas.
- E moitas outras.

E todo isto precisa un orzamento moito máis ambicioso que o que a Xunta de Galicia ten determinado para o CES. Estamos seguros de que sería unha das mellores inversións para o futuro e o benestar da sociedade Galega.

No momento actual de non superación da crise social, co mantemento da precariedade laboral, a consolidación da perda do peso dos salarios no conxunto da economía, o mantemento de preocupantes niveis de pobreza e desigualdade, o excesivo prezo de recursos básicos e o descenso da poboación activa –tal e como explica a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia de 2018, do propio CES– é fundamental reforzar a labor de análise do CES e a súa capacidade de proposta para que a sociedade civil galega se implique en dar solucións aos problemas estruturais do País como a propia precariedade laboral ou o devalo demográfico.

Por outra parte, nun escenario parlamentar de maioría absoluta, a labor consultiva do CES sobre a labor lexislativa do Goberno é fundamental para complementar a tarefa dos grupos parlamentarios, implicando a sociedade na participación nas políticas da Xunta.

Polo exposto con anterioridade, rexeitamos os orzamentos da Sección 6 da Consellería de Facenda (Consello Económico e Social) do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 na súa



totalidade e reclamamos a súa devolución para seren reformados tendo en conta a necesidade de reforzar o papel do CES como organismo consultivo e de análise socioeconómica, contando coa participación de distintas entidades e organismos da sociedade civil.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:56:43**



### Á Mesa da Comisión 3.<sup>a</sup>,

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**, relativa á **Sección 07 – Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Instituto Galego da Vivenda e Solo e Xestur, S.A., Consorcio Casco Vello de Vigo e Sogama S.A.**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

#### **Sección 07 – Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Instituto Galego da Vivenda e Solo, Xestur S.A., Consorcio Casco Vello de Vigo e Sogama S.A**

O orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para 2020 (153 millóns de euros) baixa un 4,53 % con respecto ao ano anterior e queda moi lonxe dos 878 millóns daquela macroconsellería de 2009 (MATI). Ocorre tamén que a execución en investimentos reais, a 30 de setembro, está nunha porcentaxe do 50 %.

De novo, o artigo 45 da Constitución española de 1978 vulnérase nos orzamentos de 2020 para o medio ambiente. Lamentablemente, conséntase que o ciclo da auga e as rías deixan de pertencer ao medio ambiente en Galicia, esquecendo o Goberno galego que a calidade da auga e a transición hidrolóxica son un pilar fundamental da loita contra a crise climática.

Continuísmo no incumprimento de promesas reiteradas: non existen a Estratexia de Sustentabilidade, a Estratexia de Economía Circular, a Lei de residuos de Galicia, cinco dos seis dos Plans Reitores de Uso e Xestión dos Parques Naturais nin os regulamentos da Lei de Benestar e Protección Animal nin da Lei de caza. Tampouco se recolle ningunha partida que faga referencia ás campañas de sensibilización sobre as consecuencias negativas para o medio ambiente do consumo de macro e microplásticos e a súa incidencia sobre a crise climática. E o orzamento para a adaptación ao cambio climático é de 738.768 euros.





Ao respecto do control de especies exóticas invasoras, di a Memoria exactamente o mesmo que a do 2019: “Continuarase co desenvolvemento de medidas encamiñadas á erradicación ou ao control destas poboacións, así como a metodoloxía de avaliación de riscos destas especies, priorizando as actuacións de acordo coa análise de riscos e o Plan estratéxico galego de xestión das especies exóticas invasoras”. Inexistente na súa plasmación orzamentaria.

Por outra banda, prevese un orzamento ridículo para protección de espazos protexidos e para a reciclaxe de residuos. De novo, “píntase” a ampliación do complexo medioambiental de Cerceda, que se di permitirá a Sogama, SA cuadruplicar as súas taxas de reciclado e diminuír o vertido. No ano 2020, todos os Estados da UE deberán reciclar, polo menos, o 50 % dos residuos municipais; Galicia non chega nin ao 20 %. E os orzamentos de 2020 só recollen unha partida de 250.000 euros para a reciclaxe de residuos domésticos e de 69.341 euros para a reciclaxe de residuos industriais.

O proxecto de orzamentos presentados tira definitivamente a toalla en materia de vivenda, pasando de cualificar 8 vivendas de protección pública neste último ano ás 26 previstas para 2020 cando se precisan da orde das 14.000. Polo que son unhas previsións do goberno galego a todas luces inservibles, que reflicten a desidia nunha cuestión fundamental como é a construción de vivendas de protección pública como nas axudas ao aluguer. A mocidade queda abandonada á súa sorte, dificultando a súa emancipación, así como ás familias que viven en condicións precarias e a todos os que non dormen pensando en perder o fogar.

Máis cando constátase o desleixo na xestión das axudas ao alugueiro por parte do goberno galego, que deixa fora a máis do 82 % por cento dos demandantes nas liñas de apoio. Mentres hoxe hai 205.000 persoas en Galicia residindo nunha vivenda insegura, e outros 149.000 nunha vivenda inadecuada, mentres a Xunta pensa facer fronte aos problemas de infravivenda de 47.400 fogares con só 200.000 euros, o que supón 4 euros por fogar.

Prodúcese unha redución incluso nos programas de Ordenación do Territorio, cando se anuncia unha nova lei, o que constitúe sen dúbida é unha sinal de inmovilismo e de falla de compromiso deste Goberno co país, co seu territorio e co medio.



Con respecto ao Consorcio do Casco Vello de Vigo, a dotación prevista resulta claramente insuficiente para acometer os obxectivos necesarios.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2020

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:26:36**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 07, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, polas seguintes razóns:**

O desinterese do Goberno galego no medio ambiente e nas políticas de vivenda é medible. O descenso dos orzamentos nestas materias dende a súa chegada é evidente.

No 2009 os 210.000.000 euros que se adicaban a políticas de vivenda significaban o 0,37% do PIB galego mentres que, para o 2020, só se prevé adicar o 0,12%.

Nos anos nos que a xente traballadora sufriu situacións dramáticas en forma de despexos a Xunta de Galicia desentendeuse do problema abandonando as políticas públicas de vivenda. E este abandono refléxase no aspecto orzamentario, na case nula construción de vivenda de promoción pública e na parálise da vivenda de protección autonómica, resultado das modificacións introducidas na Lei 8/2012 de vivenda de Galiza e do papel inerte do IGVS na promoción pública.

Ademais de non incrementar os orzamentos dun xeito significativo achegándoos ao que se dedica na maioría dos países europeos, ou mesmo aos de antes da chegada do PP ao goberno, os niveis de execución dos programas seguen a ser moi insuficientes como o demostran os datos da Conta Xeral do exercicio 2018.

En termos orzamentarios coas Actuacións ambientais pasa o mesmo, xa que o Orzamento en comparación co PIB galego non chegou aos niveis anteriores a



2009.

Non é de estrañar o bloqueo ao que durante 10 anos someteu o PP a estas políticas, impedindo que se implementase a Lei de Conservación da Natureza en aspectos tan importantes como o Plan de conservación e recuperación de especies ameazadas ou en perigo de extinción, dos que só 4 de 200 están vixentes.

As cifras dedicadas ao funcionamento dos Parques Naturais seguen a ser manifestamente insuficientes, non hai recursos dabondo para as políticas en Rede Natura e a promesa de ampliación de Rede Natura segue postergada.

Xunto ao debilitamento orzamentario e o incumprimento de cuestións básicas está o caos normativo que se traduce en constantes modificacións e cambios de rumbo en leis como a do solo, a de rehabilitación e mesmo a Lei de patrimonio natural que foi aprobada hai 3 meses.

A Lei do solo ten no seu haber 6 modificacións en 3 anos en cuestións transcendentales e mesmo dando xiros de 180 grados no seu sentido.

Despois de non incluír a monetarización das cesións de solo o Goberno galego decide agora volver a unha das peores prácticas dos anos da burbulla inmobiliaria renunciando a unha política de incremento do patrimonio público do solo tan necesaria nestes momentos para garantir, por exemplo, o dereito á vivenda de miles de galegos.

A Lei de rehabilitación modificouse forzada polo conflito de inconstitucionalidade plantexado polo goberno do Estado sobre varios puntos da lei. Un deles, o artigo 15.5, é eliminado na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o exercicio 2020, tratando de disimular esta autoemenda a un aspecto que criticamos e emendamos no trámite da Lei.

Non hai vontade de garantir o dereito a unha vivenda digna de todas as galegas e os galegos, senón a de apoiar o negocio especulativo.

Non hai vontade de preservar o patrimonio natural e a biodiversidade por riba



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:35:41  
Nº Rexistro: 58658  
Data envío: 07/11/2019 16:35:41.936

dos intereses da economía extractiva.

E existe unha falla de rumbo legislativo evidente, que reflexa unha ausencia de proxecto de país para as maiorías sociais.

**Por estas razóns solicitamos a devolución do orzamento para o ano 2020 da sección 07, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 16:08:13**



## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do servizo 81, Instituto Galego da Vivenda e Solo, sección 07, Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, pola seguinte razón:

O Instituto Galego de Vivenda e Solo non está a ser un instrumento útil para evitar un dos principais dramas provocados pola consecuencia da crise e do modelo de vivenda desenvolto neste país, os desafiuzamentos.

Os recortes, a falla de execución e a deixación de funcións fixeron que a súa incidencia na resolución de problemas sexa testimonial.

A renuncia a aplicar políticas públicas para garantir o dereito á vivenda dos galegos e galegas é evidente e demóstrase na parálise da promoción de vivenda de protección autonómica, da vivenda de promoción pública ou na falla de instrumentos eficaces para a mobilización da vivenda baleira.

Os datos orzamentarios indican que se no ano 2009 os orzamentos adicaban o 0,37 do PIB a políticas de vivenda, para 2020 só se adicará o 0,12 do PIB.

Mentres nos últimos catro anos a promoción de vivenda de protección non chegou a 30, no Rexistro oficial de demandantes hai máis de 14.000 persoas inscritas agardando por unha vivenda con prezos asumibles, prioritariamente de



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

aluguer.

A política do IGVS é unha estafa á xente máis humilde e que máis necesita un goberno que defenda os seus dereitos.

**Por todo elo solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos do IGVS.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 18:08:13**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos orzamentos da Sociedade Galega de Medio Ambiente, Sección 07, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos de SOGAMA seguen a incidir nun modelo de xestión de residuos en colapso. Ano tras ano, incúmpranse as directrices e obxectivos europeos en materia de xestión de residuos, así como co Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020 e as súas recentes actualizacións.

A reciclaxe que se fai dos residuos que chegan a SOGAMA, en torno a un millón de toneladas ao ano, é do 12%, queimándose o 48% e verténdose o resto xunto cos rexeitamentos e as escouras da combustión no vertedoiro de A Areosa. Un vertedoiro que foi creado como solución provisional en tanto non funcionase completamente o complexo medioambiental e que leva aberto xa máis de vinte cinco anos.

Por outra banda o tratamento de lixiviados é incorrecto, sendo realizado mediante depuradora móbil e supoñendo unha auténtica bomba biolóxica e química para o río Lengüelle, afluente do Tambre e as poboacións que beben del, en especial Santiago de Compostela. A pesar dos anuncios realizados en diversas ocasións, segue sen ser unha realidade a necesaria depuradora para o tratamento dos lixiviados. Nestes orzamentos, dos 11 millóns anunciados para a construción da depuradora só están previstos menos de seis millóns.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

É preciso ter en conta que os beneficios de SOGAMA do ano anterior, en base ás contas aprobadas polo Consello da Xuntas e cruzadas con datos públicos da empresa, foron dun 25% do total dos ingresos. Sempre baixo a suposición de que a xestión realizada se axustase ao recollido neses datos, que a venda de enerxía eléctrica se axustase aos prezos de mercado e sen esquecer que Naturgy é propietaria do 49% de SOGAMA. E dado que SOGAMA xestiona o 90% dos residuos urbanos de Galicia, que a maior parte dos concellos son clientes cautivos porque non son que de poder xestionar os seus residuos e que non se fai un tratamento axeitado do lixo, situámonos diante dunha estafa á poboación de Galicia.

Por último, a intención de Naturgy de converter a central térmica de Meirama nun centro de tratamento de puríns, lodos de depuradora, residuos orgánicos da industria e outros residuos, para a produción de bio-gas e de enerxía eléctrica por combustión dos restos dixeridos destes residuos, convertera ao concello de Cerceda no gran sumidoiro de residuos de Galicia, aumentando a presión sobre a comarca de Ordes e as augas do Tambre.

Por todo isto, pola necesidade de mudar completamente o modelo de xestión de residuos de Galicia e polo ineficaz funcionamento de SOGAMA, **presentamos a devolución destes orzamentos**, coa fin de contar cuns orzamentos que garantan o cumprimento das directivas europeas en materia de residuos, así como co Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 16:05:26**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 07, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e organismos dependentes da mesma, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

O orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non resolve os grandes problemas que ten o noso país en materia de protección dos recursos naturais e a biodiversidade, loita eficaz contra o cambio climático, ordenación e xestión sustentábel do territorio ou protección da paisaxe.

A área de patrimonio natural e biodiversidade non ten o necesario peso orzamentario. Non se consignan créditos suficientes para a protección dos espazos naturais, para a ampliación da Rede Natura e para o desenvolvemento socioeconómico dos territorios que están baixo algunha das figuras de protección. Tampouco existen partidas necesarias para a conservación e protección da biodiversidade, para a conservación e recuperación de especies ameazadas e en risco de desaparición, e para a erradicación de especies invasoras.

A loita eficaz contra o cambio climático e pola sustentabilidade debería ser un eixe central da acción do goberno mediante a creación dunha Axencia para o Clima e a Meteoroloxía que impulsase todas as accións de carácter sectorial e sectorial relacionadas coa transición ecolóxica e as transformacións nas políticas de produción e aforro enerxético, de xestión integral do ciclo da auga con criterios de sustentabilidade,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de transporte e mobilidade, de comercio e consumo, de protección da paisaxe e da biodiversidade, de xestión de residuos, de protección de recursos naturais, etc.

No ámbito dos residuos, o proxecto de orzamentos mantén unha planificación que vai en contra da Directiva Europea, do Plan Estatal (PEMAR) e do propio Plan galego de Xestión de residuos sólidos urbanos. E vai en contra da xerarquía da xestión de residuos: priman a incineración e o depósito en vertedoiro sobre a prevención, a reutilización e a reciclaxe.

Non prevén a recollida separada dos biorresiduos (coa corresponsabilidade e o tratamento de proximidade), que coa modificación do artigo 24 la lei estatal vai ser obrigatoria en pouco tempo.

Consideramos tamén necesario un cambio profundo na xestión de envases e embalaxes: pasar do sistema de xestión integral (SXI), do negocio de Ecoembes, ao Sistema de Depósito, Devolución e Retorno, que ten niveis moito mais altos de reutilización e reciclaxe e que supón unha maior corresponsabilidade.

Nos orzamentos non hai ningunha estratexia en relación cos Plásticos, máis alá de campañas e anuncios de cara á galería.

Non se procuran solución normativas para a xestión dos residuos industriais, para evitar o uso de solo rústico (Miramontes, Casalonga) como vertedoiros de residuos industriais e de construción e demolición.

Con respecto á Vivenda, nin o goberno do Estado nin o da Xunta están desenvolvendo políticas eficaces para garantir a vivenda como dereito, para incrementar a oferta e para controlar os prezos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- O investimento público en vivenda sufriu un drástico recorte na última década e por riba os niveis de execución orzamentaria son moi baixos.

- Os niveis de construción de vivenda pública en Galiza son raquíuticos, tendo en conta as persoas rexistradas como demandantes (que son só unha pequena parte das que precisan unha vivenda).

- As axudas ao alugueiro son insuficientes, teñen baremos moi restritivos, convócanse con moito retraso e tardan moito en resolverse. Ademais, segundo moitas persoas expertas, as axudas ao alugueiro teñen ou poden ter como efecto o incremento dos prezos, ao trasladarse automaticamente á renda que ten que pagar a persoa arrendataria

-O fracaso estrepitoso dos programas de mobilización de vivendas baleiras, o que impide a saída ao mercado de miles de vivendas, sobre todo daquelas que están en mans da banca e de fondos especulativos.

Consideramos pois que os orzamentos da Xunta deberían incluír as dotacións económicas para desenvolver as seguintes medidas:

-Creación dun parque de vivendas para o aluguer social mediante a promoción de vivenda pública, programas de rehabilitación de vivendas e mobilización de vivendas baleiras en propiedade de grandes propietarios e da banca.

-Creación dunha bolsa de vivendas destinadas a atender situacións de emerxencia habitacional por desafiuzamentos e para colectivos con especiais dificultades para o acceso á vivenda.

-Programa específico de vivendas en aluguer con prezos limitados para mozos e mozas de menos de 35 anos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Creación dun fondo extraordinario plurianual de fomento da vivenda dotado con 100 millóns de euros para compensar a redución orzamentaria dos últimos anos.

-Duplicar o investimento en vivenda no orzamento de 2020 e mellorar substancialmente o grao de execución orzamentaria dos programas de vivenda, incrementando a construción e a rehabilitación de vivenda de promoción pública.

Por último, en materia de ordenación do territorio, consideramos imprescindible dotar partidas orzamentarias para desenvolver as Directrices de Ordenación do Territorio, o Plan de Ordenación do Litoral e a os Plans Territoriais Integrados como instrumento de planificación e ordenación. Neste sentido, consideramos de máximo interese a aprobación dun Plan Territorial Integrado de ordenación e xestión do monte para facerlle fronte ao risco crecente dos incendios forestais.

Por estes motivos, solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 07.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:52:32**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución da Sección 07, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Pouco ou nada de momento nestes orzamentos sobre o cambio climático ou a estratexia galega de sustentabilidade. Lonxe disto, a consellería carece dun modelo de estratexia contra o cambio climático, acercándose en moitos casos ao capitalismo depredador, regalándolle ás grandes corporacións parte do territorio para o seu uso e disfrute.

Hai que cambiar as políticas enerxéticas. Hai que mudar as políticas de xestión da auga, de mobilidade, industrial, de residuos, forestal, agraria, de consumo, e non vemos esas políticas nin nas memorias nin nas cifras dos orzamentos.

Os espazos naturais e á biodiversidade seguen a ser os grandes esquecidos. Onde está ese tanto por cen de incremento en superficie protexida que tanto vendeu a consellería. Non está e seguimos á cola do estado en este eido. Tampouco aparecen por estes orzamentos a estratexia da infraestrutura verde que tanto vendeu a consellería, plans reitores de uso e xestión de algúns parques como poden ser as Fragas do Eume ou a ampliación da Rede Natura.

Por outra banda, e no que atinxe á vivenda, os desafiuzamentos en Galiza a día de hoxe sigue e ser un dos maiores problemas sociais. A violación do dereito a unha vivenda digna recollido na Constitución non se cumpre e vemos como a





política de vivenda da Xunta de Galicia non existe e non ten visos de mudar cara un modelo social, accesible e de calidade para as clases máis desfavorecidas.

Con estes orzamentos xa non é que non se garanta o dereito constitucional a unha vivenda digna, se non que a situación aínda pode empeorar, xa non polos orzamentos en si, senón que tamén pola execución que en setembro presentaban as contas do ano pasado.

Na liña 451A, Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, o orzamento é un 38,75% menor que o do ano 2009, a liña 451B de Acceso á vivenda é un 69,42% menor que no orzamento do ano 2009 e a 451C, Dirección e servizos xerais de vivenda e solo é un xa no existe directamente.

Outra mostra disto é o feito de que no ano 2017, no Programa de Vivenda Baleira, programa estrela do goberno galego para mobilizar vivenda só se executou o 3,2% dos 300.000 euros orzamentados.

Por outra banda, seguen moi lonxe do que en termos absolutos e relativos significaban os orzamentos de vivenda previos á chamada crise.

Xa por outra banda, a finais de novembro, e no que atinxe a vivenda, a consellería aínda tiña sen executar máis de 12 millóns de euros.

Se a Xunta de Galicia quere por remedio dunha vez por todas ao grave problema que temos coa vivenda no país, o que ten que facer é impulsar, mediante o aumento da promoción, adquisición de inmobles e rehabilitación, un verdadeiro parque público de vivenda de alugueiro social que permita acoller a demanda de vivenda protexida existente e futura.

Por todo isto solicitamos a **devolución** do orzamento da sección 07, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.



Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:57:57**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Servizo 80, Instituto Galego da Vivenda e Solo, Sección 07, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Os desafiuzamentos en Galiza a día de hoxe sigue a ser un dos maiores problemas sociais. A violación do dereito a unha vivenda digna recollido na Constitución non se cumpre e vemos como a política de vivenda da Xunta de Galicia non existe e non ten visos de mudar cara un modelo social, accesible e de calidade para as clases máis desfavorecidas.

Con estes orzamentos xa non é que non se garanta o dereito constitucional a unha vivenda digna, se non que a situación aínda pode empeorar, xa non polos orzamentos en si, senón que tamén pola execución que en setembro presentaban as contas do ano pasado.

Na liña 451A, Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, o orzamento é un 38,75% menor que o do ano 2009, a liña 451B de Acceso á vivenda é un 69,42% menor que no orzamento do ano 2009 e a 451C, Dirección e servizos xerais de vivenda e solo é un xa no existe directamente.

Outra mostra disto é o feito de que no ano 2017, no Programa de Vivenda Baleira, programa estrela do goberno galego para mobilizar vivenda, só se executou o 3,2% dos 300.000 euros orzamentados.

Por outra banda, seguen moi lonxe do que en termos absolutos e relativos significaban os orzamentos de vivenda previos á chamada crise.



Xa, por outra banda, a finais de novembro e no que atinxe a vivenda, a consellería aínda tiña sen executar máis de 12 millóns de euros.

Se a Xunta de Galicia, quere pór remedio dunha vez por todas ao grave problema que temos coa vivenda no país, o que ten que facer é impulsar, mediante o aumento da promoción, adquisición de inmobles e rehabilitación, un verdadeiro parque público de vivenda de alugueiro social que permita acoller a demanda de vivenda protexida existente e futura.

Por todo isto solicitamos a devolución do orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 13:57:34**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

O modelo centralizado de xestión de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) impulsado pola Xunta de Galicia a través de SOGAMA tense demostrado ineficaz ambiental e economicamente:

- Non se adecúa ao noso territorio. A centralización dos residuos nun contexto dun número moi elevado de núcleos de poboación provoca que os residuos «viaxen» demasiados quilómetros.
- A centralización dos residuos non evita a existencia de vertedoiros. SOGAMA non conta con capacidade suficiente para procesar todos os residuos que lle chegan polo que unha parte vai destinada a vertedoiro.

Por outra parte, o actual sistema de tratamento de residuos inserido dentro do Plan de Xestión de Residuos Urbanos en Galicia 2010-2020, non conta nin coas medidas necesarias nin coa dotación económica requirida para cumprir cos obxectivos marcados pola Unión Europea para 2020: nese ano a taxa de reciclaxe debe situarse no 50% (na actualidade sitúase arredor do 15%) e, en segundo lugar, debería reducir o volume global de residuos nun 10% respecto ao 2010 e, finalmente, o volume de residuos destinados a vertedoiro debería ser cero.

A proposta de xestión dos RSU por parte da Xunta ten que nacer con estas premisas e esta mesma pór en marcha medidas políticas e económicas que



faciliten que os Concellos e as Comarcas poidan tratar os seus residuos orgánicos mediante procesos de compostaxe comunitaria e/ou compostaxe individual.

Por todo isto solicitamos a devolución do orzamento de SOGAMA.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 13:57:04**



### Á Mesa da Comisión 3.<sup>a</sup>

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, relativo a **Sección 08 – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas, Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. e Augas de Galicia**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

#### **Sección 08 – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas, Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. e Augas de Galicia.**

Os orzamentos da consellería veñen fondamente limitados pola cantidade que se dedica a amortización e gastos financeiros da débeda, que acadan no ano 2020 os 1.642 millóns de euros, cantidade que supón unha pequena redución con respecto a o ano 2019 no que se incrementou este programa un 37,13 % con respecto ao ano 2018.

No que se refire á ordenación e inspección do transporte, máis alá dun hipotético incremento do número de viaxes realizadas en transporte metropolitano como único indicador cuantificable, o proxecto de orzamentos presenta unha redución de 16,7 millóns de euros (unha diminución respecto do ano anterior do 26,01 %) o que trae como consecuencia inmediata a ausencia de medidas concretas sobre aspectos tan relevantes como a intermodalidade, as melloras nas estacións de autobuses existentes, etc.

Dentro deste mesmo programa, contemplan unha cantidade que, se se suma á cantidade consignada para o ano 2020 e os compromisos para os seguintes, supón un investimento superior aos 13 millóns de euros en estudos en materia de transportes; debemos entender este proxecto como substitución do que figuraba nos orzamentos do ano 2019 baixo a denominación de desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte a demanda na Comunidade Autónoma de Galicia; paralelamente non se xustifica minimamente o que se pretende facer, que obxectivos se pretenden acadar, etc.

Con respecto á construción, conservación e explotación de estradas, atopamos un proxecto de orzamento que contempla unha redución moi substancial de 38 millóns de euros, unha inadmisíbel diminución do 14,02 % con respecto ao ano



2019. O anterior elimina, obviamente, calquera impulso aceptable de actuacións como o Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020, a mobilidade alternativa a través das Sendas de Galicia, nin, por suposto, o Plan Move.

A planificación e xestión hidrolóxica, instrumentalizada a través de Augas de Galicia, experimenta un certo incremento que o sitúa o mesmo nivel que no ano 2018, logo de verse reducido no ano 2019 un 22,86 %; seguimos a ver como a consellería considera como unha dádiva as axudas aos concellos da nosa comunidade autónoma e non aposta orzamentaria e regulamentariamente por apoiar ás administracións locais.

Con respecto á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., non resulta explicable o aumento dos seus gastos por servizos externos (que pasan de 1,7 millóns de euros a 3,2 millóns de euros) nin do incremento no seu número de persoal (que pasa de 14 a 18 persoas), cando esta entidade resulta cada vez menos efectiva para a realización de infraestruturas por parte da Administración autonómica e practicamente quedou reducida para a xestión dos viarios unidos á autoestrada Santo Domingo – Santiago de Compostela.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2020

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:26:56**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 08, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, atendendo ás seguintes razóns:

O actual contexto de cambio climático ó que chegamos pola irresponsabilidade dos distintos gobernos que non foron quen de asumir compromisos serios durante moitos anos é un vector que debера ser central á hora de presentar os orzamentos desta consellería. O vector principal de afectación directa á cidadanía desta situación ten que ver co acceso a auga, un ben cada vez máis escaso que precisa de cambios radicais na s políticas de xestión do ciclo integral do auga. Ademais da redución do recurso, as continuas agresións en forma de contaminación comezan a debullar unha situación de alarma no referente ó dereito ó acceso a auga, e polo tanto, da propia vida. Precísanse medidas decididas de conservación do ciclo da auga; actuacións medioambientais no territorio, medidas de eficiencia das infraestruturas hidráulicas, cultura do aforro, control dos verquidos incontrolados..., cuestións que non se están abordando de xeito decidido dende A Xunta de Galicia e que estes orzamentos continuistas tampouco emendan.

As políticas da Consellería de Infraestruturas seguen a apostar pola creación de infraestruturas destinadas á utilización do transporte privado e individual, sen ter unha estratexia coherente cos retos da loita contra o cambio climático. Estes orzamentos seguen sen apostar pola dinamización do transporte público nin pola



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

xeración de vías para as formas de mobilidade individual sustentables, cuestións fundamentais na loita contra o cambio climático e na defensa do dereito á mobilidade.

Segue ausente dos orzamentos a vontade de ter unha política propia de promoción do tren, que debería de comezar pola reclamación da transferencia das competencias en cercanías, para poñer en marcha o servizo. Galicia é unha das CCAA que carecen de servizo de cercanías, a pesar de que se trata dunha reclamación histórica e a pesar de contar coa infraestrutura ferroviaria precisa para crear un tren de proximidade. A aposta por este servizo debera ser unha das prioridades desta Consellería pero pasan os anos e segue sen aparecer nos orzamentos a plasmación de liñas políticas neste senso. O ferrocarril é a mellor das opcións para o transporte colectivo e de mercadorías, fundamental na loita contra o cambio climático, e sen embargo, novamente queda fora dos plans da Xunta de Galicia nos orzamentos.

Tamén botamos en falta medidas importantes para mellorar os problemas de seguridade viaria, para abordar a magnitude do problema e mudar a tendencia ascendente de sinistralidade e mortalidade nas estradas galegas.

En Infraestruturas repítense promesas dos últimos anos que falan dos moitos incumprimentos da Xunta de Galicia, que ano tras ano aparecen como prioridades nos orzamentos, máis nunca se chegan a executar.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58638  
Data envío: 07/11/2019 16:23:58.791

Polo tanto, debido a que as políticas que pretenden desenvolver estes orzamento son contrarios á lóxica ambiental, económica e social, e non debuxan un cambio de orientación necesario para o futuro, e por elo **SOLICITAMOS a devolución dos orzamentos da Consellería de Infraestruturas e mobilidade, Sección 8 para o ano 2020.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:47:08**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos orzamentos de Augas de Galicia ,da sección 08 , dos orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, atendendo ás seguintes razóns:

A Lei 9/2010, do 4 de Novembro, de augas de Galicia, crea e regula Augas de Galicia, como ente público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, con personalidade xurídica de seu e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e das competencias reguladas por lei.

Dentro de dos fins e principios fundamentais do ente público de Augas de Galicia sitúase a “utilización sustentable e racional da auga e contribución á preservación e mellora do medio ambiente” e, en particular, do bo estado ecolóxico dos ecosistemas acuáticos, tal e como fixa a Directiva marco de Auga. Fin que é imposible de acadar cuns orzamentos que son claramente insuficientes tanto no cuantitativo como no cualitativo. Non existen partidas para solventar problemáticas endémicas como a situación de colapso do sistema de depuración da estación de augas residuais da Silvouta, en Santiago de Compostela, ou a máis que necesaria depuradora de Sisalde, no termo municipal de Ames, onde se verquen, en plena Rede Natura, augas contaminadas ao Dominio Público Hidráulico. Neste sentido, tamén no ámbito cuantitativo, son claramente insuficientes as partidas destinadas á mellora do sistema de depuración da EDAR de Vilagarcía, provocando a contaminación sistemática dun complexo medioambiental e produtivo da entidade da ría de Arousa. Por outra banda, no aspecto cualitativo, non existen partidas espe-



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

cíficas para afrontar o proceso de cambio climático en curso, tendo en conta que o principal vector de afección social e ambiental do cambio climático está no vector auga. Neste senso estes orzamentos non inclúen partidas específicas para reducir a vulnerabilidade social ante os efectos da seca, unha das consecuencias máis directas. Tampouco existen partidas para paliar a súa incidencia, como a revisión das condicións dos aproveitamentos hidroeléctricos, a aposta pola preservación dos bosques de ribeira, frear a reforestación das cabeceiras, recuperación dos acuíferos contaminados ou reducir a masa forestal de especies consumidoras de recursos hídricos como a acacia ou o eucalipto.

Outro dos principios que recolle a Lei de Augas que debe rexer a xestión de Augas de Galicia, e que en base a estes orzamentos é imposible de cumprir é o da “compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a actividade económica, a conservación e a protección do medio ambiente”. É imposible de cumprir por dous factores fundamentais. Primeiro: non están previstas partidas dentro destes orzamentos para facer fronte ao impacto ambiental nos ecosistemas acuáticos que teñen actividades económicas con especial incidencia no estado ambiental das augas como o da minería a ceo aberto en casos como en Lousame, Frades ou Touro; os múltiples vertedoiros existentes en Galicia como os de Areosa ou Miramontes; a afección do lindano en Porriño ou Mos ou a problemática de xestión de residuos de granxas avícolas como no caso da Limia por citar algúns exemplos. En segundo lugar, non se pode garantir a compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, se non se inclúen partidas de orzamento para facer fronte á mercantilización e privatización da auga. Neste aspecto é necesario prever dotación orzamentaria para que as entidades municipais dispoñan dos axeitados mecanismos de xestión, asesoramento xurídico, técnico e administrativo tanto para reverter os procesos de privatización, co-



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

mo para poder desenvolver mecanismos que permitan un servizo mancomunado e público da auga.

Non existen tampouco partidas para poder cumprir coa “garantía de calidade da subministración da auga urbana en defensa da saúde dos cidadán e cidadás”, pois segue sen destinarse recursos para facer fronte á problemática das cianobacterias nos encoros para abastecemento de auga para a poboación. Unha problemática que afecta directamente á saúde das persoas.

E por último, segue a ser materia pendente unha efectiva sensibilización e educación ambiental nos fundamentos da nova cultura da auga, o impulso de indicadores de xestión a través dos cales executar as rendicións de conta anuais e a creación dun observatorio con participación de expertos, asociacións e sociedade civil implicada, para garantir de forma real a “participación de persoas usuarias, transparencia e información ao público en xeral”

En resumo, trátase de garantir que Augas de Galicia cumpra cos principios, funcións e competencias recollidas na Lei de Augas. **É por iso polo que presentamos esta emenda á totalidade, de devolución, dos orzamentos de Augas de Galicia para o 2020.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58641  
Data envío: 07/11/2019 16:26:02.416

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 14:23:38**

CSV: BOPGDSPG8xIRIG8q9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



---

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 08, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e organismos dependentes da mesma, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

En relación coa mobilidade, os orzamentos insisten en liñas de traballo obsoletas, que non están acordes coas esixencias do presente e o futuro, con importantes desafíos ambientais e novas necesidades sociais.

Como punto de partida, acreditamos na necesidade dun gran pacto institucional e social pola Mobilidade e a Intermodalidade, que debe ter o conseguinte reflexo orzamentario.

Cómpre un cambio profundo de políticas en relación coa mobilidade, coa oportuna reorientación do orzamento para levar a cabo as seguintes liñas de actuación:

-Planificación integral do transporte público que integre o transporte público por estrada (necesidade dun novo Plan para o século XXI), o ferrocarril de cercanías, o transporte de ría nas zonas onde é operativo e a intermodalidade co transporte aéreo.

-Fomento da mobilidade natural (peonil e ciclista) modulada segundo tipoloxía de espazos e vías.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En relación coas infraestruturas consideramos necesario un cambio profundo nas prioridades declarando prioridade política de primeira orde a loita contra a violencia viaria e a sinistralidade nas estradas, travesías e áreas urbanas.

Cómpre complementar co Plan de sendas con actuacións integrais nas estradas que teñan en conta as necesidades de mobilidade das persoas que viven na contorna e a creación de condicións de seguridade e mellora da calidade de vida.

É necesario desenvolver un Plan de mellora da seguridade en travesías que actúe sobre a contorna urbana con criterios de calidade e garanta as mellores condicións para a mobilidade, a accesibilidade e a seguridade das persoas usuarias das espazos públicos.

Cómpre tamén establecer unha planificación e priorización das actuacións en materia de variantes e vías de alta capacidade, co obxectivo de desviar o tráfico de paso das contornas urbanas.

Con respecto á xestión integral do ciclo da auga, é preciso actuar con eficacia, axilidade e contundencia para resolver a situación de emerxencia que afecta ás rías e a moitos ríos, así como para levar a cabo os Plans galegos de abastecemento e saneamento. Consideramos, pois, necesario que o orzamento inclúa as dotacións necesarias para

- Crear unha mesa de cooperación e participación arredor da preservación e bo uso dos recursos hídricos, coa participación de todos os axentes sociais, institucionais e económicos relacionados con este ámbito.



- Dar cumprimento ás medidas incluídas no Pacto Local da Auga, especialmente as referidas á definición dunha estrutura tarifaria homoxénea e de referencia para os servizos do ciclo urbano da auga en Galicia, e á aprobación dos criterios para o financiamento de investimentos de infraestruturas hidráulicas

- Garantir que o reparto de fondos públicos xestionados pola Xunta de Galiza e destinados a obras de xestión do ciclo da auga se fagan con criterios de transparencia, obxectividade e concorrencia pública.

- Constituír o Consello para o uso sustentábel da auga, previsto na Lei de Augas de Galiza e elaborar un documento de directrices e boas prácticas sobre o uso racional, eficiente e sustentábel dos recursos hídricos.

- Iniciar a elaboración do Plan Galego de Abastecemento e dos Plans Locais de Abastecemento que sexan necesarios.

- Definir os criterios xerais, en coherencia cos plans de seca, para a elaboración por parte das entidades locais afectadas dos seus plans de emerxencia.

- Realizar un estudo sobre o impacto das actividades económicas e dos asentamentos da poboación na cantidade e na calidade dos recursos hídricos, así como sobre as medidas de minimización destes impactos.

- Desenvolver medidas de apoio aos concellos, ás mancomunidades, aos sectores produtivos e comunidades de augas que primen a preservación dos acuíferos e das concas fluviais así ás entidades que xestionen sistemas de abastecemento, tratamento e consumo de auga con criterios de aforro, redución, reutilización, eficiencia e calidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Elaborar un manual de boas prácticas e un selo de calidade.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 08.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:54:52**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución da Sección 08, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Galicia necesita outra política de Transporte. Unha política integral que teña como obxectivo prioritario a articulación territorial do país. Articulación que debe estar vertebrada por unha interconexión de calidade entre áreas metropolitanas, núcleos vilegos, zonas periurbanas e rurais, capaz de dar resposta ás demandas de mobilidade presentes e futuras da nosa poboación.

Resulta pois, fundamental, transcender a dimensión espacial do termo transporte (centrado no acto físico de portar mercadorías e persoas) e introducir a dimensión social que leva consigo implícita a mobilidade, centrada na capacidade das persoas para exercer un desprazamento. Dimensión social transversalizada en todo momento por un elemento clave: a accesibilidade.

As políticas da Consellería de Infraestruturas seguen a apostar pola creación de infraestruturas destinadas á utilización do transporte privado e individual, sen ter unha estratexia coherente cos retos da loita contra o cambio climático, ao que hai que sumar a desastrosa política sobre transporte público desenvoltas polo goberno galego.

Consideramos imprescindible constituír unha Mesa para o Diálogo do Transporte Público con representantes da Xunta, sindicatos e empresas do sector, concellos e Deputacións, direccións de colexios e ANPAS, ademais de asociacións da sociedade civil que sumen representatividade, coñecementos e capacidade



propositiva para podermos, así, articular un espazo de información, deliberación, debate e deseño participativo do novo Plan de Transporte Público de Galicia.

En infraestruturas... máis do mesmo.

O Ministerio de Fomento non incluíu o Corredor Atlántico ata xaneiro de 2018 entre as prioridades estratéxicas ferroviarias.

Para a execución do Corredor Atlántico ferroviario, tal e como está deseñado, cómpre o desenvolvemento do Porto Seco de Monforte mediante a conexión coas infraestruturas viarias. En 2018 o goberno de Feijoo destinou a esta partida 750 mil euros que quedaron totalmente sen executar (e que reiterou en 2019).

Polo tanto, debido a que as políticas que pretenden desenvolver estes orzamentos son contrarios á lóxica ambiental, económica e social, e non debuxan un cambio de orientación necesario para o futuro, é por elo que SOLICITAMOS a devolución dos orzamentos da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para o ano 2020.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:58:30**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, a AUGAS DE GALICIA, Sección 08, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

O cambio climático e as continuas agresións ós recursos hídricos en forma de contaminación comezan a debullar unha situación de alarma no referente ó dereito ó acceso á auga e, polo tanto, da propia vida.

Precísanse medidas decididas de conservación do ciclo da auga; actuacións medioambientais no territorio, medidas de eficiencia das infraestruturas hidráulicas, cultura do aforro, control das verteduras incontroladas..., cuestións que non se están abordando de maneira decidida dende a Xunta de Galicia e estes orzamentos continuistas tampouco emendan.

Dentro deste orzamento, Augas de Galicia destinará unha partida insignificante para concienciar sobre a auga como recurso esencial e accesible a toda a cidadanía, fomentando o seu uso responsable tanto a nivel doméstico como dentro das industrias. Tampouco aparecen partidas para dotar aos medios para esa nova cultura da auga, onde tamén se debera incluír aspectos relativos á riqueza dos ecosistemas fluviais, do espazo do litoral e sobre os perigos das especies invasoras.



Tamén dentro do ente Público, cando menos, debería propulsarse a separación das funcións de planificación e control; a profesionalización de Augas de Galicia para unha menor dependencia de custosas asesorías externas; capacitación técnica do persoal das administracións hidráulica, tanto autonómica como local; creación dunha rede de vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos e das rías, integrando a todos os axentes do ámbito da investigación e do control que existen en Galicia.

O saneamento tamén pasa a ser un dos grandes esquecidos neste orzamento a pesares de que dende a Xunta Galicia presúmese de apostar por medidas innovadoras que combinen tratamento efectivo dos residuos, non sempre de xeito centralizado, con redución en orixe dos residuos producidos.

Polo tanto, debido a que as políticas que pretenden desenvolver este orzamento son contrarios á lóxica ambiental, económica e social, e non debuxan un cambio de orientación necesario para o futuro, e por elo SOLICITAMOS a devolución do orzamento de AUGAS DE GALICIA para o ano 2020.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 13:55:06**



### Á Mesa da Comisión 3.<sup>a</sup>

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, relativo a **Sección 09 – Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación, Instituto Galego de Promoción Económica e Instituto Enerxético de Galicia**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

#### **Sección 09 – Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación, Instituto Galego de Promoción Económica e Instituto Enerxético de Galicia. Sección 09- Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación, Instituto Galego de Promoción Económica e Instituto Enerxético de Galicia**

A realidade socioeconómica actual pon Galicia nunha situación na que é necesario que as administracións públicas reforcen a economía e o emprego co fin de minimizar as consecuencias negativas que poden ter, cuestión que non reflicten os orzamentos previstos para o ano 2020 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Igual ca nos anos anteriores, continúaase sen apostar pola creación de emprego, pois cabe recordar que neste período lexislativo a economía galega medrou en termos de PIB, porén non foi capaz de recuperar o nivel de ocupación anterior á crise. Así, segundo os datos da EPA do IIIT de 2019, Galicia conta con 50.500 persoas ocupadas menos en Galicia, unha diminución que foi do - 4,37 %, mentres que para o conxunto do Estado o número de ocupados medraron nun 4,06 %. Mesmo os datos de ocupación no sector industrial tamén foron negativos para o mesmo período (- 4.400 persoas).

A economía e a creación de emprego estable e de calidade atópase intrinsecamente relacionado coa perda de poboación activa na nosa comunidade, polo que a Consellería de Economía, Emprego e Industria ten un papel fundamental na consecución da reversión demográfica do noso país. O que se contrapón coa baixa execución orzamentaria desta consellería nas partidas dedicadas á creación de emprego. O emprego de calidade tamén actúa como elemento de redistribución da riqueza. Os datos da EPA para este IIIT tamén nos arroxan os alarmantes datos de que en Galicia hai 50.100 fogares con todos os seus membros no paro e 27.400 fogares sen ningún ingreso.





Os datos para este exercicio mostran que o Índice de Producción Industrial, de media no que vai de ano, amosan que Galicia ten a segunda peor evolución de todas as comunidades autónomas, cunha taxa - 5,6 %, sendo para o conxunto do Estado positiva no 0,7 %. No volume exportado neste primeiro semestre de 2019 respecto do mesmo período de 2018, Galicia tamén presenta taxas negativas (- 10 %), mentres que para o conxunto do Estado foron positivas (+ 1,7 %). Xa que logo, a Consellería de Economía, Emprego e Industria en lugar de buscar culpables externos aos problemas que ten Galicia no eido industrial, debe ter un papel máis dinámico e buscar solucións. O que non se reflicte nos programas e medidas que se amosan nas contas presentadas para o ano 2020, que constitúen en moitos casos unha mera repetición de medidas de anos anteriores, pero carentes de programas ou actuacións con suficientes formulacións.

A aposta polo desenvolvemento empresarial e o investimento en I+D+i, imprescindibles para garantir un crecemento sostido en toda sociedade moderna tampouco é unha prioridade do Goberno da Xunta de Galicia nas contas para 2020, como non o foi nos 10 anos de goberno do Partido Popular, como mostra a baixa execución orzamentaria nos dous últimos exercicios pechados. Así, para o 2018 o gasto do programa 741.A, “Apoio á modernización e internacionalización”, quedaron sen executar case 130 millóns de euros dos créditos iniciais orzamentados, é dicir, un 43 % do total. O mesmo acontece co programa 561.A “Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica”, onde se deixan sen executar case que 94 millóns de euros dos 258 millóns consignados inicialmente, incumprindo o Reto 03 do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, no que se prevía duplicar o gasto en I+D e elevar ao 40 % do PIB o nivel de exportacións.

Tampouco o Goberno galego nestes 10 anos se anticipou ao reto do cambio climático, como sería de esperar dunha administración seria e moderna que traballa cara a un obxectivo coñecido e inescusable, e que ten no seu territorio dúas centrais térmicas que son as que maior cantidade de gases efecto invernadoiro emiten cara á atmosfera; así, 41 meses despois de aprobar o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 e 18 meses despois da presentación das Directrices enerxéticas de Galicia, descoñécese cal é a previsión da Xunta de Galicia para unha transición enerxética xusta.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2020

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 07/11/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58626**  
Data envío: 07/11/2019 16:22:02.352

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:27:11**

CSV: BOPGDSPG8xIRfG8q9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09, Consellería de Economía, Emprego e Industria** dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, atendendo ás seguintes razóns:

Analizando os orzamentos da Consellería observamos que pese a que en termos xerais a Consellería medra por enriba da media do conxunto do orzamento, un 5,5% en termos consolidados fronte ao crecemento xeral do 3% do total de gasto non financeiro, parécenos del todo insuficiente para asumir os retos de futuro que se aveciñan.

Esta macroconsellería, que suma o que foron noutros tempos, polo menos, tres Consellerías acumula algunhas das responsabilidades mais relevantes nun conxunto de políticas que son determinantes para facer fronte ás contingencias que podan aparecer fronte a unha nova ralentización da economía e solucionar os graves problemas estruturais en materia de emprego e de industria que non acadaron estabilizar nin nos últimos 5 anos de crecemento da economía.

O peso da Consellería é apenas o 4,9% do total en termos consolidados, cando as Consellerías que desenvolvían as mesmas competencias antes da crise, incluíndo os entes dependentes sumaban mais do 25% en termos consolidados.



A perda de peso das políticas económicas , industriais e de emprego é mais que evidente nestes últimos 10 anos.

Desde o punto de vista da clasificación económica do Gasto de Administración Xeral, a Consellería medra 13.5 Millóns de € en termos nominais, deles, mais do 70%, 9.5 M€ van destinados a incrementar o Gasto Corrente, e só 1 M€ vai destinado a incrementar os investimentos.

É un dos Departamentos da Xunta con menor porcentaxe de Investimentos reais directos, non chega ao 2% do total do seu orzamento e, si o miramos en termos consolidados, incluso baixa un 5,6% con respecto a este ano 2019.

Se analizamos o ámbito da distribución funcional do gasto, sobre todo os Programas orzamentarios.

As políticas de Emprego, que medran un 4,6% con respecto ao orzamento de 2019, xa eran insuficientes no 2009 e perden peso no conxunto do seu orzamento, sufriron un recorte de mais de 146 M€, en termos nominais, con respecto ao exercicio 2009. As políticas de emprego son das que mais teñen sufrido os recortes impulsados polos Gobernos do Sr. Feijóo nos peores momentos da crise, ni mais nin menos que 209 M€ en termos reais, un 43,2%.

Recortaron as políticas de emprego case á metade do que había antes da crise, e do que orzan apenas executaron o 70%. Segundo os datos provisionais da liquidación do exercicio 2018, que acompaña este Proxecto de Orzamentos, nese exercicio a súa Consellería deixou sen gastar mais de 55 M€ en políticas de emprego.

O resultado foi a destrución de 54000 empregos en 10 anos.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Respecto a falla de política industrial, no orzamento consolidado da Consellería de Economía, Emprego e Industria só hai dúas políticas que se reducen con respecto ao ano 2019 en termos nominais, e esas políticas son precisamente as políticas industriais (-1.2%) e as políticas de desenvolvemento empresarial (-0.7%).

E si o miramos en termos reais, os orzamentos destinados ás políticas industriais 11 M€ menos dos que se dedicaban no ano 2009, un recorte de case o 17% en termos reais.

Os recursos que se destinan ao turismo son maiores que os que dedican a todas as políticas industriais, 73.8 M€, fronte a 58.6 M€, 15 M€ mais para o turismo que para toda a industria, un 25% mais.

O resultado foi a destrución de 22000 empregos industriais nestes últimos 10 anos.

Sinceramente, non vemos nada neste orzamento que nos permita adiviñar un cambio de rumbo. Non vemos medidas específicas para as áreas en risco de desertización industrial, non vemos ningunha idea nova para que a transición cara unha economía menos dependente do carbón non teña que ser necesariamente traumática no noso país, como non o está a ser noutras partes de Europa, e mesmo nalgúns territorios do Estado.

Tampouco vemos ningún Plan de Continxencia fronte ao Brexit, a pesar do seu probable impacto sobre a balanza comercial galega.

Por todo isto **SOLICITAMOS a devolución dos orzamentos para o ano 2020 da sección 9 Consellería de Economía, Emprego e Industria.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58610**  
Data envío: 07/11/2019 16:18:50.867

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 14:17:09**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución aos Servizo 81, Sección 09, Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral** dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, atendendo ás seguintes razóns:

Galicia continúa na inapropiada senda do incremento dos accidentes laborais con baixa, así, segundo os datos do propio instituto no 2018, producíronse 27.941 accidentes con baixa fronte aos 27.288 do 2017, o que supón un incremento do 2.3%. Sendo a nota mais preocupante o escalofriante incremento dos accidentes mortais que pasaron de 43 no 2017 a 50 no 2018, un dato absolutamente inaceptable.

Esta situación obriga a reforzar o papen do ISSGA, que entre as súas funcións ten a coordinación das políticas en materia de seguridade, saúde e hixiene laboral que establezan os poderes públicos, co obxectivo de mellorar as condicións de traballo e eliminar ou reducir na orixe os riscos. Os datos demostran que somos incapaces de acadar este obxectivo, o que obriga a un impulso do ISSGA tamén a través do compromiso orzamentario.

Os orzamentos demostran a falta de compromiso da Xunta por garantir a seguridade e saúde dos traballadores e das traballadoras Galegas, seguridade que tamén se acada coa regulación do mercado de traballo, os datos demostran que un traballo precario é tamén un traballo mais perigoso, os datos din que namentres se teñen reducido un 0.53% os accidentes con baixa entre as persoas con contrato



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

indefinido, nos contratos temporais a sinistralidade incrementouse no último ano nun 6,73%.

Compre polo tanto actuar sobre as medidas de formación, divulgativas e informativas, pero tamén nas de prevención e control que están dentro das función do Instituto

**Estas razóns obrígnanos a solicitar a devolución do orzamento para o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 14:22:16**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Instituto Galego de Promoción Económica (Sección 09)**, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, atendendo ás seguintes razóns:

Ante a gravísima crise que está a sufrir a industria Galega, a aposta por un IGAPE con capacidade de intervención nas empresas en crise e sobre todo nos mecanismos de financiamento da PEMES deben ser obxectivos clave do seu orzamento.

Hoxe este proxecto de orzamentos demostra o desleixo coa política industrial e os obxectivos do instituto, desleixo que xa denunciámos na propia comisión parlamentaria, nos últimos meses ten marchado un elevado número de empresas, de sectores e mesmo de territorios gravemente afectados pola crise industrial que ameaza a continuidade do emprego e mesmo da actividade en subsectores que conforman o núcleo central da industria en Galicia: a produción de enerxía eléctrica, a industria do aluminio, a construción naval, sectores do metal como ISOWAT e Ferroatlántica ou da química como Poligal, sen que nin a Xunta nin o IGAPE atopasen ningunha solución



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Un só dato pon en evidencia o nefasto balance da década Feijóo no sector industrial. Hoxe hai 22.500 ocupados industriais menos que cando empezou a gobernar. En 2009 a industria galega daba emprego a 199.000 persoas. No 2019 o número de postos de traballo industriais é de tan só 177.000: en dez anos destruíronse 22.500 empregos, un 11% dos que había, o que supón perder 1 de cada 10 postos de traballo na industria.

Non desesperamos, un ano mais, na nosa petición de converter o IGAPE nun instrumento útil ante esta situación

**Estas razóns obrígnanos a solicitar a devolución do orzamento do Instituto Galego de Promoción Económica.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 14:19:46**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda , ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, relativa ao **Instituto de Enerxía de Galicia** (Sección 9), dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, con expresa petición de devolución, atendendo ás seguintes razóns:

A axencia Instituto Galego de Enerxía ten como elemento fundamental da súa política a creación de formación e investigación que permita mellorar a eficiencia enerxética, o aforro e o uso racional da enerxía das institucións e sectores económicos de Galicia a través das novas tecnoloxías enerxéticas incluídas as renovables.

Pois para o noso grupo este obxectivo é unha evidencia que non se cumpre en Galicia, pola inadecuada ou inexistente política de transición enerxética da Xunta que se demostra co escaso compromiso orzamentario deste organismo que para este ano apenas orzamenta 28,9 millóns de euros

Entre as súas funcións están, por exemplo fomentar e promover proxectos de investigación de desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, función absolutamente inabordable con 397.000€ adicados a investimento non asociado ao funcionamento dos servizos

Ademais de asesorar e promover a redución do consumo enerxético e a correcta utilización da enerxía aos sectores económicos do país, existe un eixo estratéxico do instituto dedicado as administracións públicas, polo que ao respecto das enti-



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

dades locais, non pode definirse como inútil un orzamento de 750.000€ para este fin en transferencias as corporacións locais.

É por iso que entendemos imposible acadar os obxectivos do instituto cos recursos que contempla o orzamento, pero sobre todo pola falla de compromiso do goberno autonómico con estes.

Por todo isto, **rexeitamos os orzamentos da Sección 09 ,Instituto de Enerxía de Galicia , do proxecto de Orzamentos para o ano 2020 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:30:40  
Nº Rexistro: 58645  
Data envío: 07/11/2019 16:30:40.434

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:53:17**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09, Consellaría de Economía, Emprego e Industria e de todos os seus organismos, institutos, consellos e sociedades públicas que dela dependen, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

### 1. Falta de resposta a unha crise industrial sen precedentes

Galiza atravesa nestes momentos unha crise no ámbito industrial que non ten precedentes tanto pola súa profundidade, como pola súa intensidade como polas dificultades inherentes ás consecuencias negativas das políticas aplicadas a partir da crise e do inicio de goberno de Núñez Feijóo desde o ano 2009, caracterizadas pola falta de investimento, a desregulación e a falta de planificación e de definición dun modelo industrial galego xerador de riqueza e traballo a partir das nosas potencialidades.

Neste momento son numerosos os indicadores xerais e os conflitos particulares que sinalan o agravamento do declive industrial galego e o fracaso das políticas da Xunta de Galiza. De norte a leste, desde Ferrol a San Cibrao; e de norte a sur, de Ferrol e Coruña a Vigo, temos arredor de 10.000 empregos industriais en perigo. Porén, os orzamentos da Xunta de Galiza para a Consellaría de Economía, Emprego e Industria parecen ignorar este contexto e limítanse a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

reproducir proxectos e contías como se non existira un só problema que poida dismantelar de vez o noso músculo industrial.

Como elemento significativo do desinterese do goberno galego, que reduciu a súa política industrial a dirixir a outras institucións as súas propias responsabilidades buscando culpábeis esóxenos sen analizar causas endóxeas, podemos salienta o baixo esforzo económico nesta área. Malia este contexto, os Orzamentos para 2020 aínda superando por vez primeira na década Feijoo o montante total dos dez millóns de euros tan só prevén un aumento de 13 millóns para esta área, sendo a 4ª que menos aumenta no lugar de ser, como debera, unha das áreas máis prioritarias.

Nin nas contías nin no detalle do estado de gastos podemos apreciar a corrección dunha liña política fracasada, tal e como amosan os indicadores obxectivos. Por exemplo, podemos sinalar que a tramitación deste Proxecto de Orzamentos chega nun momento no que os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) amosan que o sector industrial galego perdeu 4.400 empregos dende o terceiro trimestre do 2009 até a actualidade (terceiro trimestre do ano 2019), o que supón unha caída da ocupación industrial do 2,34%. Con independencia dos períodos a comparar, é evidente trimestre a trimestre a tendencia á baixa.

Así mesmo, os orzamentos tampouco procuran, unha vez máis, a renovación o impulso a este sector, algo que é fundamental e estratéxico, pois se temos en conta a variación por idades observamos como a maior perda absoluta de emprego industrial tivo lugar entre os traballadores de 16 a 34 anos. Vemos, polo tanto, que o emprego industrial é un emprego avellentado e como a escalada de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

peches de empresas contribúe a que este sexa un emprego que desaparece progresivamente, á par do tecido empresarial, para non remontar.

Por outra banda, podemos sinalar indicativos que alertan da perda de posicións da industria galega e da falta de resposta que ofreceron nestes anos as políticas recollidas na planificación económica do goberno galego. Por exemplo, é significativo que as vendas da industria galega sigan neste momento en negativo e que baixaran no mes de agosto en -0,3%, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE). Pola contra, nese mesmo período si aumentaron as súas vendas outros territorios como Catalunya, Aragón ou Castela e León.

Así mesmo, conséntase a tendencia á baixa do Índice Xeral de Producción Industrial (IPI) que descendeu novamente no mes de agosto até o 6% en comparación co mesmo mes do ano anterior, fronte á caída de 0,5% de media rexistrada no conxunto do Estado español, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE). Con este novo descenso son xa nove meses consecutivos de caídas interanuais.

Non existen nestes Orzamentos propostas para impulsar o naval vigués ou ferrolán, nin para desenvolver o cumprimento da Lei galega do Naval. Tampouco para frear a deslocalización de sectores como a automoción cara Portugal e outros países nin para afrontar as consecuencias do Brexit ou da guerra comercial americano chinesa. Neste sentido, establecer unha previsión para afectación por ERE de só dous millóns de euros é directamente ridículo.

Da mesma forma, renunciar novamente a reformular un IGAPE fracasado constitúe un novo erro e cómpre salientar a redución dos programas *741A-Apoio a*







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*modernización, internacionalización e mellora da competitividade e 732A-Regulación e soporte da actividade industrial* todos eles reducidos dentro duns orzamentos expansivos, polo que amosan a adhesión do goberno galego a unha liña de progresivo abandono da política industrial.

Polo tanto, podemos concluír que as medidas e contías contempladas non ofrecen unha alternativa para superar a crise industrial galega, agudizada nestes momentos.

## **2. Supeditan o centralismo político do Partido Popular aos intereses de Galiza renunciando a desenvolver un modelo enerxético galego que impulse o desenvolvemento económico e social**

Unha vez máis, malia a crise xerada na economía galega polo alto prezo da electricidade, particularmente no sector electrointensivo, este Proxecto constata a ausencia dun modelo enerxético propio que aproveite a nosa potencialidade como país produtor de electricidade. O goberno de Núñez Feijóo, malia atribuír constantemente nesta etapa política á xestión estatal da enerxía como unha das responsábeis da crise industrial galega, non está disposto a cuestionar o marco centralista e limitador do autogoberno galego ao dar prevalencia ao seu servilismo e centralismo político por riba dos intereses do pobo galego.

Unha vez máis, o goberno galego planifica a súa política enerxética con base a unhas Directrices Enerxéticas nacidas da unilateralidade, a inconsistencia e a falta de ambición. Esta cuestión é aínda máis grave neste contexto, xa que a enerxía non é só un sector estratéxico para o noso país polo que representa en





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

termos de PIB e polo seu impacto na vida das persoas e no tecido produtivo, senón que podería ser a oportunidade de garantir a competitividade galega nun cambio de modelo produtivo máis ambicioso que permitira acadar unha estabilidade no seu desenvolvemento malia as constantes crises inherentes ao sistema capitalista.

Así mesmo, renúnciase novamente a que Galiza teña unha posición propia nos grandes debates abertos respecto da transición enerxética a nivel estatal e europeo. É preocupante non detectar no goberno galego algunha folla de ruta diante dos cambios da transición enerxética e os obxectivos climáticos que sexa distinta a ficar á expectativa e asumir desde postulados exclusivamente electoralistas e autoexculpatorios o que decidan outras instancias por nós.

Xa no debate orzamentario de 2019 advertiamos que as centrais térmicas de Meirama e As Pontes estaban no punto de mira sen terse impulsado unha alternativa industrial nas comarcas carboeiras galegas. Máis aínda, instabamos no debate e nas propostas a que nun contexto de nova exclusión de Galiza do marco do novo Plan Carbón era urxente concretar, con dotación orzamentaria, unha planificación de noso.

Así mesmo, no trámite dos presentes Orzamentos tamén debe estar presente, outro ano máis, a ameaza de peche dunha empresa electrointensiva como Alcoa-San Cibrao ao que se acrecenta que neste momento Parter A Coruña (antiga Alcoa) non ten resoltos os seus problemas e malia ter sido adquirida continúa sen ter activa a electrólise.

Á luz destes feitos, este país non pode seguir permitíndose o luxo de obviar a necesidade dunha planificación enerxética propia, que aposte por recuperar a



participación pública nos beneficios do sector, e que procure fórmulas para que a nosa condición de xeradores de electricidade beneficie a nosa competitividade e contribúa tamén ao desenvolvemento social compensando os custos sociais, económicos e ambientais de ternos convertido nun país especializado na produción sen ocasión de ter voz, voto ou veto nese camiño.

Finalmente, constátanse como eivas a permanencia da falta de recursos económicos suficientes para desenvolver unha política non rotineira que se xa alternativa á cativa lei de eficiencia enerxética, á falta de innovación neste ámbito ou para compensar o tempo perdido en materia de autoconsumo.

### **3. Falta de estímulo económico par desenvolver e consolidar un Sistema Galego de Innovación que sexa tractor dun cambio de modelo económico e produtivo**

As medidas e contías recollidas no proxecto non supoñen unha rectificación da liña de desinvestimento que aplicou o goberno galego respecto da innovación e o desenvolvemento na última década. Non é posíbel corrixir con estes Orzamentos un panorama con moitas deficiencias, que impide a preparación de Galiza para o futuro a partir dun cambio de modelo económico e produtivo asentado no valor engadido.

Como resultado das políticas aplicadas polo goberno presidido por Núñez Feijoo temos un país menos innovador e con menos tecido produtivo, tal e como amosan diversos indicadores. Por exemplo, os datos relativos ás empresas innovadoras en Galiza que ofrece o IGE son ilustrativos: o número de empresas





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

con actividades innovadoras, de empresas innovadoras IEN e de empresas tecnoloxicamente innovadoras descendieron dende o 2008 ate o 2016 (último ano publicado) nun 56,9%, nun 55,6% e nun 57,6% respectivamente, polo tanto bastante máis da metade das empresas que realizaban estas actividades no 2008 xa non o fan na actualidade.

Así mesmo, nesta década non se aproveitaron os exercicios orzamentarios nos que os indicadores macroeconómicos tiveron datos positivos e abrían a porta a unha compensación da falta de investimento. Porén, mesmo malia o progresivo endebedamento do goberno galego, estes recursos non reverteron nun meirande esforzo innovador, a comezar polo financiamento. Por exemplo, no que ten a ver co esforzo porcentaxe de gasto en I+D en relación ao PIB, os datos tamén amosan unha situación preocupante. Este indicador caeu coa chegada de Feijóo ao goberno e a día de hoxe temos que o último dato sitúa o esforzo no último ano dispoñíbel (2016) no 0,87%. Malia que o o Plan Innova Galiza 2020 ten como obxectivo acadar o 1,7 de gasto no 2020 este obxectivo é difícil de crer e, ademais, as recomendacións internacionais sitúan como horizonte recomendábel o 3%.

Así mesmo, existen outros indicadores do fracaso como a incapacidade para atraer meirande investimento ou a captación de talento, que evidencian as carencias do propio Plan Innova e do funcionamento cotía da GAIN ou as reiteradas reclamacións de colectivos investigadores como o das e dos Postdoutorais.

Polo tanto, estes Orzamentos presentan un incremento insuficiente ao que se engaden precedentes respecto da execución como os de 2017 e de 2018 nesta



mesma lexislatura, con modificacións de crédito á baixa por máis de 60 millóns que impiden desenvolver as nosas capacidades e compensar a década anterior.

Esta situación é insostíbel e lastra as necesidades de desenvolvemento do noso país nun momento clave no que a entrada de cheo nunha ralentización económica é xa unha realidade. Sería, polo tanto, máis necesario ca nunca consolidar un sistema innovador cunha carreira investigadora galega clara e apoiada economicamente para favorecer o desenvolvemento do noso país e reforzar a economía produtiva, aumentando o contido en coñecemento das súas actividades e reforzando a especialización mediante a creación e dotación dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios.

#### **4. Contribúen a consolidar o modelo laboral da temporalidade e da precariedade no marco dunha escalada da terciarización da economía**

Máis alá de que mesmo nuns orzamentos que aumentan hai programas de políticas de emprego como “Formación profesional desempregados” ou “Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo” ao tempo que outros fican conxelados e, polo tanto, recortados, como “Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo” o principal problema destes orzamentos é a falta de orientación política destinada a intervir na necesaria transformación do mercado laboral galego para saír dos vectores de precariedade, temporalidade e sobre peso do sector servizos.

Sen ir máis lonxe, atendendo aos propios datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) constatamos as debilidades dun modelo moi distinto ao “crecemento





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

san” que conxura o goberno galego na súa retórica orzamentaria. Neste sentido, podemos observar como segue a caer a poboación asalariada. Se na anterior variación anual era de 15.100 persoas nesta é de 17.000. Así mesmo, se comparamos os contratos indefinidos, que aumentan en 2.600 persoas dende o 2º trimestre, vemos como non corresponden cunha recuperación real pois están aínda por debaixo dos do terceiro trimestres do 2009 (xa en plena crise) que chegaba ás 13.500 persoas. Pola súa banda, os contratos temporais incrementáanse en 10.100 persoas dende o trimestre anterior.

Por outra banda, a taxa de paro aumenta pasando dun 11,3% a un 11,5% e, ademais, onde máis aumenta é entre as mulleres. É dicir, nin sequera nos períodos nos que hai máis contratación baixa o desemprego e o escaso emprego que se xera non é de calidade, constatando o fracaso das políticas da Xunta de Galiza e a liña de traballo na que profundizan estes orzamentos.

## **5. Renuncia a asumir as demandas do feminismo galego nos 8 de marzo históricos de 2010 e 2019**

O pasado 8 de marzo de 2019 Galiza e o feminismo galego volveron facer historia co desenvolvemento dunha folga feminista que volvía esixir que nos planos laborais, económicos e de consumo foran postos en marcha compromisos esixentes coa axenda da igualdade así como que aqueles dereitos recollidos na teoría dos marcos legais foran cumpridos. Se no ano 2018 o goberno galego afirmou que “tomaba nota” case dous anos despois observamos como as medidas destinadas ao combate da fenda salarial non chegan nin a un millón de euros e o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

aumento nas axudas a PEMES para a conciliación é escaso, ao que se suma a falta de compromiso doutras áreas como a Consellaría de Política Social ou a falta de financiamento dun *Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021* que foi presentado diante da presión social da axenda mobilizadora feminista galega pero quen non evidencia unha rectificación críbel para o futuro, nin nos orzamentos de 2019 nin nos de 2020. Con esta perspectiva, a igualdade seguirá sendo un dereito lexislado pero non cumprido.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 09.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:53:02**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09, Consellería de Economía, Emprego e Industria** e das súas entidades dependentes **GAIN, INEGA e IGAPE, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, atendendo ás seguintes razóns:

Analizando os orzamentos da Consellería observamos que estes no van na liña do que Galicia necesita para desenvolver un sector industrial competitivo e evitar a actual debacle industrial e as grandes ameazas que nos acechan. O importante, o que lle interesa á cidadanía son os resultados concretos deses máis de 560 M€ que as galegas e galegos poñen nas mans do Goberno para que mellore a súa vida e a da súas familias.

E cales son os resultados no que respecta ás políticas industriais:

Peches de empresas emblemáticas, outras en grave risco, desplome do índice de produción industrial en Galicia e perda de emprego industrial.

E no que respecta a precariedade os datos non poden ser máis desalentadores: os novos contratos foron nun 91% temporais cun índice de rotación, é dicir número de contratos firmados nun ano de media por cada traballador de 4,21 e crecendo.

Onde as estatísticas son máis demoledoras é na temporalidade total dos menores de 30 anos que chegou ao 63,4%. Quen pode facer proxectos de futuro con estes datos, como vai medrar a natalidade en Galicia?





Aínda é mais desalentador o resultado do Índice de Producción Industrial. En 2008 estabamos nun índice de 140,071 e no que vai de 2019 en 103,922, é dicir perdemos 36 puntos na evolución histórica. Pero o problema é que seguimos nunha tendencia negativa este ano do -0,9 cando no total do Estado medrou nun 3,1%.

E ante isto, datos que plantexa esta Consellería nestes orzamentos:

Evolución da función 32 de políticas de Emprego:

En valores nominais as políticas de Emprego descenderon dende 2009 dos 421 M€ a 274 M€ nestes orzamentos, pero é que en termos reais, é dicir tendo en conta a inflación, o recorte foi do 41%. Como se vai crear emprego con este tipo de orzamentos?

Pero aínda o máis sangrante non é só que descendan os orzamentos, se non que nin sequera se executan, isto coas cifras de emprego e precariedade que temos é absolutamente inadmisibile e irresponsable:

Nos últimos anos só se executaron entre o 54% e o 71% do orzamentado para políticas de emprego. Entre 2011 e 2018 deixaron sen executar 807 M€.

Pasando ás partidas que máis inciden na competitividade e no desenvolvemento industrial de futuro como son as de I+D+i:

Aínda que o orzamento medra en termos nominais con respecto a 2009 en termos reais, é dicir tendo en conta a inflación, so medra un 19% en 10 anos, supoñendo o 0,28% do PIB de Galicia. Pensa esta Consellería que unha economía pode avanzar e ter futuro cunha inversión pública en I+D+i do 0,28%? Por elo solicitamos tamén a devolución do orzamento da GAIN.

A realidade é que o esforzo da Xunta de Galicia con fondos propios nas partidas orzamentarias con máis impacto como son os Investimentos Reais e as Transferencias de Capital a empresas, entidades e universidades, son totalmente insuficientes, polo que o orzamento nestas partidas medra grazas aos fondos



FEDER. Está moi ben captar máis financiamento europeo, pero o que non pode ser é que a Xunta en vez de reforzalo, dedique unhas aportacións de fondos propios claramente insuficientes.

Consideramos que os investimentos deberían estar moito máis repartidos entre os sectores con maior capacidade de crear valor engadido en Galicia a curto e medio prazo.

Hai que centrar os investimentos en I+D+i nos sectores estratéxicos da industria galega como:

- Agroalimentación e produtos do mar.
- Automoción.
- Enerxías Renovables.
- Madeira, Forestal sustentable e industria do moble.
- Naval e Industria marítima.
- Pedra Natural.
- Têxtil e Moda.

Por contra a Xunta de Galicia segue a apostar case de maneira absoluta polos Vehículos Aéreos Non Tripulados. Aínda que queremos crer que vai ser verdade, algún día, un gran sector xerador de emprego ao nivel dos antes mencionados, por moita propaganda que fagan non parece que despois de 4 anos apostando por elo isto comece a ser unha realidade. Por elo dedicar a maioría do total de Investimentos Reais ao Polígono de Rozas segue a parecernos totalmente desmesurado e non axeitado á realidade industrial de Galicia.

Preocúpanos moito que ante a retirada dos fondos FEDER da UE ao Impulso a Centros Tecnolóxicos e Organismos de Innovación, a Xunta de Galicia non o mitigue con fondos propios.



Por último seguemos co mesmo problema de sempre, orzamento insuficiente e falta de execución. No último exercicio pechado, 2018, a execución só chegou ao 71%, sendo aínda máis negativa esta execución en anos anteriores.

Por todo elo solicitaremos a devolución dos orzamentos da Axencia de Innovación de Galicia GAIN.

Os orzamentos do INEGA incrementáanse este ano en 6 M€ chegando a un total de 28,9 M€. Unha cantidade ridícula nestes momentos en que habería que apostar decididamente pola transición enerxética e sustentable. É dicir que para accións xerais de política enerxética, eficiencia enerxética, para fomentar o uso de enerxías renovables e para combater a pobreza enerxética o incremento é mínimo e non se corresponde coas necesidades do País. Ademais non se orzamentan partidas de choque para paliar as graves crises que a transición enerxética está a traer para as comarcas de As Pontes e Cerceda.

Pero ademais duns orzamentos raquíuticos, a execución histórica do INEGA é inadmisíble.

INEGA	CV	OR	%
2017	39,07	15,6	39,93%
2016	26,1	12,4	47,51%
2015	16,1	8,6	53,42%
2014	12,1	7,7	63,64%

É dicir nos últimos 4 exercicios pechados deixáronse sen executar 49 M€ case o dobre do orzamentado para este ano.

Non encontramos nestes orzamentos ningunha partida para a formación da cidadanía en eficiencia enerxética e en cultura enerxética en xeral, teoricamente competencia do INEGA.



Sabe o Goberno que só por non ter o contrato e a tarifa eléctrica e de gas máis axeitada os fogares galegos gastan entre 120 e 200 M€ de máis que si tiveran a máis idónea?

Nos orzamentos que nos presentan parece que a Xunta de Galicia pensa que a Transición Enerxética vai pasar de largo en Galicia, por elo non hai nin un € orzamentado para paliar e prever as súas posibles consecuencias e transformacións que se van producir. Non pensa a Xunta de Galicia que as políticas europeas de transición enerxética vai a afectar a toda Galicia ademais da xa constatadas nas comarcas de As Pontes e Meirama? Non considera que hai que ir desenvolvendo políticas, estratexias e inversións para afrontalas con tempo e con expectativas de éxito futuro? Parece que non. Deixan todo en mans das decisións das empresas que hoxe poden ser unhas e mañá as contrarias en función dos seus intereses particulares e meramente económicos, sen ter en conta as consecuencias para a s zonas afectadas.

De novo o Goberno da Xunta de Galicia móstrase totalmente insensible á Pobreza Enerxética que sofren máis de 400.000 persoas en Galicia segundo o IGE. Xa fai un ano impediu que se debatera neste Parlamento a Proposición de lei de En Marea para paliar a Pobreza Enerxética, e agora seguen sen dotar orzamentos para completar o Bono Social Eléctrico do Estado que só chega, e de maneira moi insuficiente, a unha minoría dos fogares que o necesitan.

Por todo o comentado pediremos tamén a devolución dos orzamentos do INEGA.

Por último imos mencionar as políticas de desenvolvemento empresarial, é dicir, o apoio á modernización, internacionalización, mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial:

O orzamento recórtase en termos reais con respecto a 2009 nun 30%.

E cales son as consecuencias: os datos coñecidos de captación de investimento poñen en cuestión a efectividade da iniciativa máis relevante do Goberno, a lei de fomento empresarial.



Datainvex informa que no primeiro semestre de 2018, xa coa lei en vigor, Galicia captou 32,6 millóns de euros de investimento exterior, un 0,27% do total do Estado

Pero o máis importante é que o investimento recibido en 2018 é a terceira parte da cifra de 2017, antes da lei. 32,6 millóns captados en 2018 fronte e a 95,6 millóns en 2017.

O actual contexto económico ten demostrado que un dos problemas máis habituais para as pequenas e medianas empresas galegas ten a ver coa súa incapacidade para acadar financiamento no sistema bancario. Situación que se ve agravada pola liquidación do sistema financeiro galego, sacada adiante pola oligarquía económica estatal coa inestimable axuda do goberno Feijoo.

Esta incapacidade para acudir a financiamento que sofren os autónomos e as PEMES galegas, é hoxe xa estrutural e afecta en maior medida aos financiamentos a longo prazo, esenciais para o crecemento, modernización e expansión destas empresas.

O espolio do aforro Galego non fixo máis que acrecentar esta situación, que puidera ser paliada con un IGAPE que ocupase unha parte deste espazo hoxe perdido en Galicia. Así este orzamentos non clarifican que futuro vai ter no espazo financeiro das empresas galegas o IGAPE e parece esquecer definitivamente a posibilidade de converter este instituto nun instrumento útil para o financiamento público Galego.

Por todo elo solicitamos a devolución dos orzamentos do IGAPE.

En resumo presenten uns novos orzamentos, convezan ao seu Presidente de que con estes orzamentos Galicia non vai medrar nin empresarial nin industrialmente, que non se crearán postos de traballo de calidade e que as actividades de maior futuro da economía pasarán de largo por Galicia.



Por todo isto **SOLICITAMOS** a devolución dos orzamentos para o ano 2020 da sección 09 Consellería de Economía, Emprego e Industria e das súas entidades dependentes: **GAIN, INEGA e IGAPE.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 13:58:58**



### Á Mesa da Comisión 3.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, relativo a **Sección 10 - Educación, Universidade e Formación Profesional**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

#### **Sección 10 - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**

Os incrementos que se observan no capítulo I débense aos incrementos retributivos do persoal docente, pero aínda así supoñen a redución de 45 persoas, é dicir, que non só non se incrementan en ningún corpo docente, senón que se reducen, polo que resulta absolutamente imposible que se atendan de forma equitativa realidades singulares como son os centros rurais e mesmo institutos de educación secundaria con pouco alumnado; tamén se desbota a recuperación dos horarios do profesorado ás condicións previas ao marco establecido polo Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo

A adecuada atención á diversidade do alumnado non resulta garantida, toda vez que non se prevé ningún incremento dos mestres especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía terapéutica; non se pode asumir que a previsión de incrementar o persoal auxiliar técnico educativo sexa unha medida suficiente. É dicir, non se garante en absoluto no proxecto de orzamentos presentado esa Educación inclusiva que desde este grupo parlamentario se apoia decididamente.

O cumprimento da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras-Edulingüe 2020 está lonxe de acadarse xa que, a nosa Comunidade Autónoma se sitúa 2,8 puntos por debaixo da media estatal en educación primaria e 110 no caso da ESO en cifras de aprendizaxe integrado de contidos e lingua estranxeira, segundo os datos correspondentes ao curso 2019/2020 e recentemente publicados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, polo que as partidas consignadas no proxecto de orzamentos resultan insuficientes.

O programa 423B-Prevención do abandono escolar presenta continuamente fortísimas reducións ao longo do ano, de xeito que, con respecto ao inicialmente orzamentado, no ano 2018 foi executado un 63,7 %. Polo tanto, de nada serve que se dote este programa con 26 millóns de euros se ao final no se executan de xeito coherente coa planificación inicial.



Os orzamentos destinados ao sistema universitario en 2020 seguen a manter a situación de debilidade económica das tres universidades de Galicia.

O programa 422C Ensinanzas universitarias, medra pouco máis que o incremento derivado das retribucións dos docentes universitarios.

Por último, a Investigación universitaria mantense practicamente estancada e non incrementa os seus recursos xa que se integran neste orzamento 2,8 millóns de euros que en realidade se destinan á construción do edificio Fontán, o que incumpre o compromiso de non empregar máis fondos nesa infraestrutura fallida.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2020

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:27:27**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda , ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, relativa á **Sección 10 Consellería de Educación Universidade e Formación profesional**, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, con expresa petición de devolución, atendendo ás seguintes razóns:

Primeira, porque a proposta de orzamentos para o vindeiro ano consolida unha década de recortes. As cifras para o vindeiro ano supoñen, en termos reais, 294 millóns de euros menos dos que tiñamos en 2009 para financiar o ensino galego.

Un descenso que vai parello á perda de peso porcentual do investimento en ensino sobre o PIB, se en 2009, tiñamos o 4,23% do PIB destinado ao ensino e para o vindeiro ano estannos propoñendo o 3,63%. O que nos coloca á cola da cola pois sitúanos por debaixo da media española (4,26%) que é xa un dos estados europeos con menor investimento en ensino. E dende logo supón unha cifra que nos deixa moi lonxe do investimento recomendado pola Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (Unesco)

Segundo, porque hai partidas claves conxeladas, o que supón recortes encubertos e que non se adecúan ás necesidades reais. Especialmente grave neste senso é o que acontece coas partidas de mantemento e reparación que son idénticas ano tras ano en vez de adaptarse a unha detección das necesidades de cada exercicio.

A terceira razón pasa pola diferenza de prioridades. Os orzamentos do Partido Popular para o vindeiro ano non corrixen o rumbo, non introducen ningunha pro-



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

posta política novidosa senón que insisten en erros do pasado, sobre todo no esquecemento do ensino como ferramenta de igualación e compensación social. As partidas destinadas a bolsas universitarias, libros de texto ou axudas a material escolar son claramente insuficientes para atender as necesidades do ensino galego.

O cuarto motivo ten a ver co abandono e maltrato do ensino rural. Botamos en falla medidas para recuperar e blindar o ensino no rural, e ao tempo, os orzamentos insisten en recortar os recursos para esta modalidade de ensino. Así, por exemplo, a partida destinada a axudas a concellos con CPIS é un 72% menor da que había en 2009.

Estamos ante un orzamento que non vai permitir recuperar os docentes que perdemos nunha década, nin as aulas, que non vai permitir aumentar especialistas en Audición e linguaxe e pedagogía terapéutica, pero que, como cada ano, non esquece aumentar os recursos para o ensino concertado. Neste ano terán case 12 millóns de euros máis, incluídos aqueles centros que segrega ao alumnado por sexo.

En definitiva, estamos ante uns orzamentos que manteñen a redución do ensino sobre o a riqueza do país, que renuncian a ter políticas educativas propias adaptadas ás nosas necesidades.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por todo isto, rexeitamos os orzamentos da Sección 10, Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional , do proxecto de Orzamentos para o ano 2020 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:51:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 10, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, polas seguintes razóns:

Os Orzamentos previstos para a Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional, malia recuperar o nivel de investimento de hai unha década, non prevén atender as principais carencias que veñen lastrando o ensino público galego desde hai anos.

Dunha banda, a propia Consellaría prevé nas súas unha redución de 45 postos docentes de Secundaria, FP e Ensinanzas especiais que sitúan o número de docentes orzados en 29.942, a cifra máis baixa desde 2014. De igual maneira, as contas da Xunta para o ano 2020 tampouco prevén, en termos orzamentarios, a recuperación dos dereitos salariais e laborais do profesorado, recortados durante os anos de crise económica, malia que as condicións de traballo do persoal docente están estreitamente ligadas coa calidade educativa.

Tampouco o Proxecto de orzamentos xerais atende as necesidades do Sistema Universitario Galego. Lonxe diso, prevé a través da Lei de medidas fiscais e administrativas –tamén coñecida como Lei de acompañamento-- a prórroga do actual Plan de financiamento do SUG (2016-2020) o que evidencia o desleixo do Goberno galego cara ás universidades e a falta de vontade política para iniciar unha





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

mesa de diálogo sen máis demora e en resposta ás innumerábeis demandas das tres universidades públicas do país.

Así mesmo, a Consellaría de Educación continúa desviando fondos que deberan ir destinados á consolidación da carreira investigadora en Galiza á construción de máis un edificio na Cidade da Cultura, o edificio Fontán.

Tampouco a normalización lingüística, mandato estatutario da Xunta de Galiza, aparece reflectida como unha prioridade para a Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional, malia o retroceso que a lingua propia do país está a vivir, como evidencia a última enquisa publicada polo Instituto Galego de Estatística que sitúa en un de cada catro menores de 15 anos o número de galegas e galegos que afirma non saber falar galego.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 10.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:53:20**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución da Sección 10, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, do Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Non podemos afrontar as necesidades educativas cun orzamento que cada vez representa menos no conxunto do PIB, pois, con estas contas, o investimento educativo estaría nun 3,8% do PIB galego, aínda lonxe do 4,7% de media da UE. Non é ata este ano 2020 cando se recupera, en termos nominais, e se supera levemente (só un 2,38%) o investimento educativo de 2009, pero en termos reais, aínda estamos por baixo.

Asemade, os orzamentos de Educación infantil, primaria e ESO, redúcense nun 1,7% a respecto de 2009, igual que se reduce o 0,31% a formación do profesorado, partida que padece un estancamento crónico. E o maior recorte é en Ensinanzas pesqueiras (-5,43%) e Ensinanzas universitarias, cunha caída, aínda en 2020, dun 2,37% a respecto do orzamento de 2009, o que fai inviable o necesario aumento do financiamento universitario en 2020.

Seguir dependendo dos concertos educativos en 2020 é unha anomalía, dun sistema que se resiste a garantir unha oferta educativa pública de calidade, con máis de 280 m € dedicados a concertos educativos, tendo, ademais, dende 2009 aumentado o profesorado do ensino concertado mentres hai 1274 docentes menos no ensino público non universitario. Asemade, estas contas non permiten saber con transparencia canto se dedica aos centros concertados que, en 2019, continúan, de xeito intolerable, segregando o alumnado por sexos.



En canto a persoal, estas contas non van permitir recuperar os dereitos de horario lectivo e aumentar o número de docentes preciso para ter unha rateos axeitadas en todas as zonas do País.

Por outra parte, é preciso un plan de inclusión educativa que remate coas carencias de persoal de atención ás necesidades educativas especiais e entenda a diversidade como un eixo central do sistema educativo.

Polo exposto, **solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 13:58:26**





### Á Mesa da Comisión 3.<sup>a</sup>

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020**, relativo a **Sección 11 – Cultura e Turismo, Axencia de Turismo de Galicia, Agadic e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

#### **Sección 11 – Consellería de Cultura e Turismo, Axencia de Turismo de Galicia, Agadic e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia**

Tanto os orzamentos de cultura como os de turismo son inaceptables por non responder ás necesidades destes sectores. De novo, un ano mais, é cultura a gran abandonada cunha situación tan inaceptable que os fondos de 2020 son máis baixos dos que había en plena crise económica e en conxunto en 2020 son aínda un 60 % máis baixos que os de 2009 ou 2010, sendo un dos departamentos que máis recortes sufriu na última década.

Non se atende a sectores considerados estratéxicos como o do libro e a edición, e para os cales no 2020, incluso nalgunhas partidas teñen menos fondos que en 2017. O mesmo acontece cas bibliotecas, que a pesar de todas as promesas feitas, o dedicado a apoio á dinamización da lectura segue por debaixo do existente en 2017.

É tamén inadmisíbel que o programa de protección e promoción do patrimonio tan só conte con 16,5 millóns, o que significa que non rexistra ningún aumento e que se atopa a altura do existente en 2013. Non se entende esta falta de orzamentos para a protección e posta en valor do noso patrimonio porque a consellería está a afirmar de forma continua que un dos eixes do Xacobeo é o patrimonio cultural e un dos seus puntos estratéxico é a súa rehabilitación.

Tampouco son admisíbeis os orzamentos destinados a Axencia Galega das Industrias culturais que sofren un total estancamento, nin sequera recuperan as cantidades de 2012, deixando sen impulso ao Centro Dramático Galego e ao Centro Coreográfico, nestes momento sen dirección e cunha situación moi precaria, o que non se entende cando debería de desenvolver políticas moi activas de impulso ás industrias culturais e aos creadores aproveitando o Xacobeo.



O estancamento que manifestan estes orzamentos vén a darnos a razón cando diciamos que o Plan Estratexia da Cultura Galega 21, presentado neste ano despois dunha demora de varias anualidades, era papel mollado e está claro que nada do reflectido nese documento de Estratexia da Cultura figura nestes orzamentos.

O mesmo podemos dicir do programa de fomento da lingua galega que segue perdendo os 60 % dos seus fondos dende 2009, seguramente o programa que máis se ve reducido. Non varían en absoluto as cantidades destinadas a programas de promoción do galego nin a campañas de normalización lingüística. Algo que non se pode entender por canto a consellería mantivo que faría una labor de dinamización da lingua entre a mocidade unha vez que se tivera o Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade, pero agora atopamos que non hai orzamento para poñelo en marcha.

E hai que falar tamén da Cidade da Cultura, un expoñente mais do fracaso da consellería, por canto é incapaz de atopar un proxecto cultural propio e que se converteu en un conxunto de edificios administrativas, e que absorbe demasiados recursos, xa que tan só do departamento de cultura ten transferencias por preto de 10 millóns, que supera a todos os recursos dedicados ás industrias culturais, pero aínda hai que engadir os pagos de Amtega e a transferencia de educación por valor de 3,5 millóns, mentres que no Plan Estratéxico da Cidade da Cultura 2012-2018, prevíase que en 2015 tería uns ingresos propios de un 4,5 millóns e catro anos despois non chega nin a metade.

Nos orzamentos dedicados a turismo observase a falta dunha orientación estratéxica que non se basea nun investimento real, nin aposta pola modernización e adaptación do sector aos novos retos. Fundamentalmente sigue a manter investimentos en campañas publicitarias pero sen un verdadeiro plan de creación de novos produtos e a busca de novos mercados, polo que realmente, este orzamentos non impulsan unha política turística máis aló do Xacobeo 2021 que centra todo o traballo da consellería, pero sen que quede claro que tipo de Xacobeo van poñer en marcha, mais aló dos fastos e fogos de artificio.

A consellería afirma que no orzamentos da Xunta de Galicia existen 82 millóns de euros dedicados ao Xacobeo, pero realmente non teñen o seu reflecto en partidas orzamentarias concretas nin se observan con claridade onde están as cantidades e proxectos citados. Isto fai que sexa imposible exercer unha labor de control sobre os orzamentos do Xacobeo e a súa execución. Mais cando o Plan Estratéxico do Xacobeo só encadra ideas abstractas e non medidas concretas e



non actúan seriamente sobre os problemas básicos do Xacobeo, as infraestruturas necesarias, o arranxo dos camiños, a seguridade dos peregrinos, a busca de solución para a masificación que existe en certos camiños, a colaboración cos concellos, a solución polos síntomas de *turismofobia* e as dificultades de compaxinar as actividades cotiás dos residentes ca afluencia masiva de visitantes, sendo necesario buscar a convivencia e minimizar os problemas e que a experiencia dos visitantes sexa o máis positiva posible, planificación que debe realizarse agora e non esperar ao 2021.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2020

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:27:44**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade de devolución da sección 11, Consellería de Cultura e Turismo**, do Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, atendendo ás seguintes razóns:

En primeiro lugar porque consideramos que a proposta de orzamentos para o 2020 pretende, ante todo, dar un paso máis na consolidación dos recortes. O goberno fala de orzamentos expansivos pero a realidade é que as galegas e os galegos temos hoxe, en termos reais, **74.884.984 €**, o 0,11% do PIB. A mesma porcentaxe que en 2019. Porén, non chegamos á metade do que tiñamos no ano 2009, é dicir hai **87.662.279 € menos**.

En segundo lugar porque, ao noso entender, son insuficientes. Dende a chegada do PP ao goberno o peso porcentual da cultura sobre o PIB non fixo máis que descender. Non acontece o mesmo en Turismo que si resulta estratéxico para este goberno. Só o turismo e non o noso ecosistema cultural que por moito que digan están dissociados. Presentaron uns orzamentos nos que se di que a Consellería de Cultura e Turismo é a que máis crece, cun alza do **8,9%** impulsada, en boa medida, polo **Xacobeo**, pero non hai tal incremento en Cultura.



Un exemplo dese desequilibrio e de que todo vai dirixido á potenciar o *Ano Santo*, vémosto nos orzamentos destinados ás Axencias dependentes da Consellería de Cultura e Turismo. É importante reparar na diferenza significativa entre ámbalas dúas:

Axencia Galega De Industrias Culturais.....	11.806.506 €
Axencia de Turismo de Galicia.....	73.835.909 €

En terceiro lugar porque estes orzamentos son neoliberais e antisociais. Un exemplo claro témolo nas partidas de fomento da Lingua, unha das partidas que máis padeceu a viraxe nas políticas culturais do PP. Esa viraxe en virtude da que pretenden que unha ferramenta de equidade social e inclusión cultural sexa, cada vez máis, un castigo á resistencia. Requisitos máis elevados e menos recursos, que implican que máis persoas e grupos queden fóra por non poder desenvolver os seus proxectos e a distribución dos mesmos. Así, cando o PP chegou a partida de **Fomento da Lingua Galega** era de goberno esta partida era de **21.770.055 €**. No **2020**, a partida será de tan só **8.507.074** euros. Isto supón unha **baixada** de máis de **13.M €** en termos nominais e de case **16,5.M€** en termos reais. Dito doutro xeito: o fomento da lingua **perdeu** nunha soa década case **o dobre dos cartos orzamentados para o vindeiro ano**.

Os datos son o resultado das políticas lingüísticas do Partido Popular que, lonxe de protexer o idioma, recortan ano tras ano as partidas dedicadas á normalización. Os orzamentos do 2020, insisten na mesma liña Os recortes en fomento da lingua sucédense, tamén, no resto dos conceptos. No ano **2009**, había **5.236.835 €**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

para campañas de **normalización lingüística**; no 2020 haberá **1.796.000 €**. Hai unha década a partida para estudos e traballos de investigación era de **1.281.461 €**; o vindeiro ano será de **500.000 €**. Antes da chegada de Feijóo á presidencia, había **2.633.200 €** para cursos e actividades **de formación**; dez anos despois haberá **450.000 €**. No **2009** os **proxectos de fomento e formación de centros educativos non universitarios** recibían **1.000.000 €**; o curso próximo contarán con **350.000 €**. Así poderíamos seguir enumerando recortes e recortes ata sumar un montante total de case 16,5 M €, pero non é necesario facelo. Compréndese perfectamente cal é o obxectivo do señor Núñez Feijóo para o seu derradeiro ano de mandato no que respecta á política lingüística: esganar o galego.

Situación obviamente moi preocupante, que se traduce nunha perda de falantes, e que é necesario reverter. Sabemos que os orzamentos poden ser outros, que isto pasaría por un cambio fiscal activo, que este goberno podería impulsar se tivese outra política cultural, porque a Xunta ten ampla capacidade fiscal, tanto nos impostos transferidos como na recadación compartida, pero non utiliza esta capacidade para obter máis ingresos. Interésalle ao PP o mercado turístico. O seu compromiso coa Cultura é mínimo.

Con respecto ás **EMPRESAS EDITORAS**. 85, 46% menos (libros en galego) Moi lonxe dos obxectivos dos que falan: consolidar, ampliar e mellorar os servizos de bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais. No ano 2009, a contía das subvencións ascendía a máis dun millón de euros, en concreto, a 1.050.000. No 2020, o orzamento para o mesmo concepto é de 200.000 euros, cinco veces menos. Este recorte supón un prexuízo terrible para o galego porque as editoras son un dos principais actores na dinamización e difusión do idioma. O panorama non mellora en absoluto se ollamos o que sucede cos orzamentos





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

previstos para as **políticas culturais** do noso país. No ano **2009**, a cultura recibía do Goberno **141.564.579 €**; no **2020**, contará cun orzamento de **74.884.984 €**, case a metade en termos nominais, e máis de **87.500.000** menos en **termos reais**. Tódolos programas de cultura acusan o recorte con respecto a hai unha década. A **DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA**, pasa de **52.123.007** euros a menos de **7.000.000**, o que supón un recorte de **52.849.791** euros en termos reais.

As **BIBLIOTECAS E ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS**, perden case **1.400.000** de euros (en termos reais).

No que se refire ás **ARTES VISUAIS** constatamos que hai un descenso do **60,4%**

En **PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HCO, ARTÍSTICO E CULTURAL** o orzamento mingua un **82,3%** Falan de protexer, conservar, investigar, aumentar e difundir o noso patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnográfico, industrial, científico, documental e bibliográfico. Iso é o que deberan facer, pero non se corresponde co que fan. Os datos orzamentarios amosan esa incongruencia.

Preocúpanos, particularmente, isto último. Todos os anos denunciámos que son moitos os **bens patrimoniais** que precisan da intervención do Goberno galego para garantir a súa preservación, pero non parece que a denuncia callara no Partido Popular. Non podemos esquecer que *O acceso ao patrimonio é un dereito*. Para levar a cabo intervencións no patrimonio e nas infraestruturas culturais haberá unicamente **1.138.594** euros; no ano **2009** había **6.454.153** euros. Para a promoción, catalogación e o inventario do patrimonio cultural haberá **537.568** euros; no 2009 había **700.000€**. Destinados a axudas para a conservación e protección do patrimonio cultural galego haberá **150.000**; no 2009 había **475.196**.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por todo isto **solicitamos a devolución da sección 11, Consellería de Cultura e Turismo.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:50:37**





## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar **Grupo Común da Esquerda ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Fundación Pública Cidade da Cultura (sección 10), do Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019**, atendendo ás seguintes razóns:

O orzamento en cultura foi un dos grandes damnificados polas políticas do Partido Popular. Nunha década, as partidas dedicadas a esta materia reducíronse drasticamente. Atendendo aos Orzamentos **2020**, vese que a Cultura, o Patrimonio e a Lingua seguen estancadas, padecendo o abandono e o desleixo. **Estamos na década da demolición, nunha década negra para a Lingua e a Cultura. O modelo político do PP nestas materias é moi claro, deixar o noso ecosistema ao bordo do precipicio.**

Na Cidade da Cultura, a Multinacional Indra ocupa a sala Eisenman cun centro de tecnoloxías no ámbito socio-sanitario. Asinouse un convenio entre a Xunta e a empresa, que xa é socia do Goberno galego na base de drons de Rozas. Participa tamén Inaer, a empresa de cabeceira de alugueiro de helicópteros da Xunta.

A redacción da lei de saúde incluíu unha cobertura legal explícita para asinar "contratos ou convenios" con "entidades públicas ou privadas" para o "desenvolvemento conxunto" de "produtos ou tecnoloxías sanitarias". Isto permite, de ser o caso, encaixar no Servizo Galego de Saúde o labor de compañías privadas como Indra ou, como xa sucedeu nos últimos anos, a estadounidense Medtronic.



**Pensado** todo o complexo do monte Gaiás inicialmente **para contidos exclusivamente culturais**, como indica o seu propio nome, o Centro de Emprendemento ía ser inicialmente o Arquivo de Galicia, pero este incorporouse á Biblioteca e o seu edificio adícase agora a incubadora de empresas e coworking.

Nesta reformulación da que a Xunta vai informando a pingas e sen comunicar ningún plan de conxunto global, a Cidade da Cultura é un saco sen fondo, exemplo paradigmático dunha nefasta política cultural que apostou por colectores grandiosos a costa de contidos culturalmente sostibles e interesantes. Á inxente obra hai que sumar unha factura de gastos diarios desorbitada, que consume máis da metade do orzamento anual que recibe.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia debera acoller nos seus espazos “servizos e actividades destinados á preservación do patrimonio e a memoria, ao estudo, á investigación, á experimentación, á produción e á difusión nos ámbitos das letras e o pensamento, a música, o teatro, a danza, o cine, as artes visuais, a creación audiovisual e a comunicación, á vez que alberga proxectos como a Biblioteca de Galicia, o Arquivo de Galicia ou o Museo-Centro Gaiás”.

O Gaias tiña un custe previsto de 100 millóns de euros, pero rematou custando 300. Os 200 millóns de sobrecustes foron en detrimento do investimento en cultura, unha das grandes damnificadas das políticas da Xunta. Porén, o Presidente Feijóo pretende facernos crer que o presunto aforro de 13 millóns de euros nas instalación do CISUG supón unha fazaña digna de mención. Non compartimos as cifras que nos ofrecen, e aínda que non queiran escoitalo, aínda falta moito para que compensen o dano inmenso que durante estes anos lle fixeron á cultura, á Lingua Galega e ao I+D+i. Hai que salientar que os recortes orzamentarios non foron aplicados a todos os ámbitos da cultura por igual, sendo,



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

a **Cidade da Cultura**, o exemplo máis claro dunha política cultural desequilibrada que vai en detrimento da protección e potenciación da nosa riqueza cultural. Á inxente obra, hai que sumar unha factura de gastos diarios desorbitada, que consume máis da metade do orzamento anual que recibe.

Neste ano, 2020, falamos de **15.802.855 €** transferidos das consellerías de cultura e educación, fronte aos 11.592.989 € do ano pasado (2019). Tendo en conta a partida destinada a fomento das actividades culturais, comprobamos como, un ano máis, máis de un de cada tres euros destinados a este fin caen no pozo sen fondo da cidade da cultura. Deste xeito, o orzamento da Cidade da Cultura condiciona enormemente o orzamento total da Consellería, supoñendo un enorme custo de oportunidade para o sector cultural de Galicia, toda vez que cada euro que se gasta da Cidade da Cultura supón un euro menos investido no ecosistema cultural galego.

O datos orzamentarios para o ano 2020 son os seguintes:

**FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA...15.802855 €**

**OBXECTIVO OPERATIVO 01:** *Desenvolver programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea e impulso estratexia de innovación en sistema cultural/creativo.*

Subvencións correntes Consellería cultura e Turismo **5.430.052 €**

Transferencias correntes Xunta:

Consellería cultura e turismo..... **4.500.000 €**

Consellería educación, Uni e Fp..... **2.800.000 €**

No Grupo Común da Esquerda, consideramos que este diñeiro debera ser investido na totalidade do ecosistema cultural galego, buscando a descentralización que espalle a cultura polo conxunto do noso territorio de



xeito que se garanta o dereito fundamental de acceso á Cultura. Porén a Cidade da Cultura é un espazo que lonxe de padecer recortes, ve incrementado o seu orzamento para mesmo ampliar a Cidade da Cultura con espazos cedidos a empresas privadas ou para proxectos afastados da súa concepción inicial

Por todo iso, **rexeitamos os orzamentos da Fundación Cidade da Cultura (sección 10)** do proxecto de Orzamentos para o 2019 **na súa totalidade e reclamamos a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 18:11:25**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, **presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, AGADIC sección11**, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, polas seguintes razóns:

O ano pasado formulamos una emenda de devolución á Axencia Galega de Industriais Culturais na que alertábamnos de que a precariedade dos seus orzamentos non permitía desenvolver as súas competencias (11.720.641€). Ese ano, a axencia recibe practicamente a mesma cantidade de diñeiro (11.806.506€) –só se produciu un leve incremento–, polo que cómpre subliñar de novo que o Goberno da Xunta non se está tomando en serio a necesidade de reforzar e promover a cultura galega.

Entres os obxectivos da AGADIC atópanse, segundo a Consellería de Cultura e Turismo:

Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.

Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado.

Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país.

Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.



Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.

Uns orzamentos para Fomento das actividades culturais sen desglosar, nos que tan só aparecen as cantidades globais por un total de 11.806.506 €, sen máis detalle. No ano 2012 dispuña de 4M€ máis, o que nos dá unha idea da falla de compromiso da Consellería de Cultura coa Axencia de Industrias Cultural de Galicia e co noso ecosistema cultural .

Reparemos, por exemplo no CDG:

Unha produción por ano é claramente insuficiente. Cada vez hai menos distribución e as xiras son máis curtas. Canto as coproducións, acúsase ao programa do CDG de ocultar tras elas unha serie de subvencións ocultas, outorgadas arbitrariamente e sen que se coñezan os criterios que rexen as adxudicacións.

Hai unha tendencia á burocratización e externalización. Á baixa produción, únense carencias orzamentarias e polémicas arredor dos procesos de selección de elencos, xiras de distribución máis exiguas que nunca, desaparición de programas de proxección exterior como o Proxecto Nós. O balance non semella moi satisfactorio: a palabra “refundación” aparece constantemente entre os críticos coa xestión da ADADIC e a esixencia de autonomía para o CDG aparece en todas as receitas como a vía que se deba seguir para normalizar o funcionamento dunha institución con máis de trinta anos de existencia.

Deberan cumprir co dereito de acceso á cultura, recuperando os orzamentos para Cultura: Artes Escénicas, Música, Danza, Libro, Museos, Patrimonio, Artes Visuais, Artes Plásticas e situando á cidadanía no centro das políticas culturais.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58596  
Data envío: 07/11/2019 16:14:40.975

**Por iso, solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para a Axencia Galega de Industrias Culturais.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 14:30:33**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 11, Consellería de Cultura e Turismo, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de orzamentos xerais para 2020 mantén os recortes nas áreas de Cultura e Fomento da lingua galega relegando toda capacidade de investimento nos fastos do Xacobeo 2021. Tal é así, que un de cada tres euros da Consellaría van para a preparación do Ano Santo.

Pola contra, os sectores culturais galegos continúan relegados a un segundo plano cun investimento inferior ao que había en 2012 e mantendo un recorte orzamentario do 47% desde 2009.

De facto, a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), creada en 2008 co obxectivo de impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural do país, mantén o mesmo orzamento que en 2019 incrementando apenas a revalorización salarial que, por dereito, lle corresponde a todo o persoal da función pública.

Nun momento enormemente cambiante para os sectores culturais que se enfrontan a grandes retos, presentes e futuros, como a dixitalización e/ou a irrupción de novas plataformas, a Xunta de Galiza renuncia ao seu papel e ás súas responsabilidades co audiovisual, o libro ou a música, por citar só algúns sectores.

O mesmo acontece co programa de Fomento da lingua galega (151B). A asfixia á que a Xunta de Galiza leva sometendo a área de Normalización Lingüística mantense.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así, para o exercicio de 2020 o Goberno galego destina apenas 8,5 millóns de euros a este programa, isto é, o 60% menos que hai unha década. Unha contía claramente insuficiente desde calquera punto de vista mesmo para executar os plans que o goberno ten aprobado, como o de normalización lingüística no tecido socio-económico ou o dirixido á mocidade.

É inadmisíbel que a política da Xunta de Galiza, nunha Consellaría de enorme importancia para o país como é a de Cultura, se reduza á promoción turística e ao Xacobeo 2021.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 11.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:53:30**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución da Sección 11, Consellería de Cultura e Turismo, do Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Os Orzamentos da Consellería de Cultura e Turismo certifican o desleixo pola nosa lingua e patrimonio, así como a falta de aposta pola profesionalización turística.

O investimento total desta Consellería é apenas un 1,3% do gasto da Xunta, sufrindo, o eido da Cultura, un gran recorte dende 2009.

Unha das partidas máis recortadas é o investimento relacionado coa obriga estatutaria de normalización da lingua galega (Programa 151A), con apenas 8,5 m € para Fomento da Lingua: só 3 € por galego/a (só tendo en conta a poboación da Comunidade Autónoma), nun contexto de retroceso do uso e das competencias en galego galego na infancia e mocidade.

Os investimentos para o Programa 432A son insuficientes para toda a infraestrutura –bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais– que supoñen a base de achegamento á cultura e patrimonio galegos; ademais, non hai ningunha actuación prevista para a consecución da accesibilidade universal nos museos e equipamentos culturais da Xunta.

En 2020 haberá menos fondos que en 2009 en promoción e protección do patrimonio histórico, artístico e cultural, nun País cunha das maiores riquezas en bens culturais (Programa 433A), sufrindo unha caída dun 25,4% en relación a 2009. Este orzamento inclúe un sobrecusto das obras de restauración da Catedral de Santiago, por máis de 770.000 €.



En canto a Turismo, a maior parte dos investimentos teñen que ver co Xacobeo 2021 e o dedicado á profesionalización turística redúcese aos 1,5 m € para o Centro Superior de Hostalería.

A Cidade da Cultura absorbe uns 10 m €, dos cales 4,5 m € son de gasto corrente.

Polo exposto, **solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para a Consellería de Cultura e Turismo.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:52:41**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á Axencia Galega das Industrias Culturais “AGADIC”, (Sección 11), dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

A Axencia Galega das Industrias Culturais disporá, para 2020, de 11,8 millóns de euros, o que supón o 0,1% do gasto total da Xunta e apenas uns 100.000 € máis que o exercicio anterior, mantendo o recorte orzamentario herdado dende 2010.

Consideramos insuficiente dito orzamento para unha institución encargada, de acordo coa súa lei de creación (Lei 4/2008, do 23 de maio), do impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego.

O sector cultural representa, segundo o Consello da Cultura Galega, un 3,5% do emprego, pero os datos amosan que a Xunta non aposta polas nosas industrias culturais.

Dende 2009, recortouse na promoción do libro –reflectido na caída da produción do libro en galego- nas axudas á creación audiovisual e paralizouse enormemente a produción do Centro Dramático Galego. Deste xeito, leva dez anos sen desenvolver a Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, sen crear entes específicos para a xestión e coordinación dos centros de produción cultural de titularidade pública.

Dado que os fondos consignados para a AGADIC non van facer posible o desenvolvemento pleno das funcións desta Axencia, consideramos necesaria a devolución do proxecto de orzamentos para a mesma.



Polo exposto, **solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para a Axencia Galega de Industrias Culturais.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 13:50:49**



## Á Mesa da Comisión 3.<sup>a</sup>

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020**, relativa á **Sección 12 – Sanidade e Sergas**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

### **Sección 12 – Sanidade e Sergas.**

É necesario apuntar que o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, relativa a Sanidade, resultan totalmente insuficientes e errados dende as necesidades asistenciais e cara á necesaria renovación do sistema.

Cabe en primeiro termo recordar, que de maneira reiterada, o Consello de Contas alerta nos seus informes sobre os orzamentos autonómicos, e especificamente sobre o que corresponde ao área de sanidade, de diversas irregularidades. Apunta, en informes recentes, que “o sistema de control interno amosa limitacións” ou que o “Sergas continúa sen implantar un sistema integral de contabilidade tal e como esixe o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia”.

En relación coas advertencias anteriores apúntase nos informes do Consello de Contas de erros na planificación sobre a orzamentación que, sistematicamente, inclúen partidas que se amosan erróneas e necesitan de notoria dotación extra, o que fai difícil a fiscalización e o seguimento dun orzamento público. Isto acontece, entre outras, de maneira destacada en partidas dedicadas a farmacia ou tratamentos ortoprotésicos, que chegan a duplicar as contías iniciais diversos anos seguidos.

Igualmente ditamina o Consello de Contas unha serie de fundacións públicas que forman parte do sector autonómico, pero que, inexplicablemente, o proxecto de orzamentos presentado continúa sen incluír.



De maneira principal, o caso do persoal amósase como o maior problema nos orzamentos, pois é o primordial problema do sistema sanitario público actual. Anúnciase un incremento de partidas para persoal que teñen un fundamento enganoso. En primeiro lugar inclúense nestes números as 72 prazas de formación, que se contabilizan como novo persoal cando o é so en formación, que non poden ser homologables. Por outra banda, existe unha anomalía nos orzamentos (xa apuntada polo Consello de Contas tamén) como é a inclusión do fondo de continxencia dentro das partidas asistenciais porque é dedicado, integramente, á contratación de persoal eventual e precario. Non en tanto, e seguindo o seu obxectivo, o fondo de continxencia está incluído en todas as partidas das demais consellerías da Xunta de Galicia como unha partida propia, como é natural. Non é así na Consellería de Sanidade e resulta sorprendente, sen que exista unha explicación para elo. Esta maquillaxe das contas sobre persoal, sumado a que o incremento no conxunto de todos os profesionais de atención primaria é so de 87 prazas (quedándose nun déficit superior a 300 respecto a 2009), evidencia unha insuficiencia na aposta pola rectificación das políticas de recursos humanos da Consellería.

No que corresponde ás infraestruturas, cabería destacar especialmente o referido á Atención Primaria. Non existen partidas específicas para ningún centro de saúde de todo o territorio, limitándose a facer mención na memoria sobre algunhas necesidades que, ademais, obvian algunhas demandas necesarias existentes. De maneira concreta, resulta desesperanzador a existencia de anuncios repetidos respecto do ano pasado como a “finalización dos centros de saúde de Milladoiro e A Estrada”, que xa se incluían como tal nos orzamentos do ano anterior, o que evidencia un incumprimento que neste ano tampouco ten partida concreta polo que non pode ser fiscalizado. Non poden ser tidos en conta de maneira real. A existencia de menos de 15 millóns de euros sumando todas as partidas para todas as cuestións relacionadas con centros de saúde (novos, melloras, equipamento...) resulta insuficiente fronte ás demandas que o propio Goberno recoñeceu anunciando durante o último ano a existencia dun plan para a culminación de máis de 50 centros de saúde na lexislatura, dato que non se cumprirá por moita amplitude.

Noutra orde de cousas, sorprende negativamente o novo descenso da aposta pola investigación e o coñecemento. Os orzamentos do ano anterior xa descendían máis dun 5 % na partida dedicada ao programa 561C, e nestes orzamentos o descenso está por riba do 6,5 %, que se suma ao descenso dos orzamentos na Axencia do Coñecemento en Saúdeo (-11,4 %) e ao dos investimentos reais na Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, que se reduce nun 19,4 %. Esta



coordinación no descenso de fondos dedicados ao coñecemento e investigación supoñen unha estratexia errada no afrontamento das necesidades presentes e futuras do sistema, e afecta tanto ao modelo de funcionamento como ao plano asistencial.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2020

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:28:54**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda, **ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **sección 12, Consellería de Sanidade**, do Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, atendendo ás seguintes razóns:

O orzamento da Consellería de Sanidade para o ano 2020 só fai consolidar a perda de peso do sistema sanitario no noso país. Así, por máis que se queira defender o incremento bruto do orzamento ou a porcentaxe sobre o global do exercicio 2020 para a Xunta, os números macroeconómicos indican outra realidade.

O porcentaxe do investimento pasou de representar no ano 2009 un 6,63% do PIB e ser tan só un 6,05%. Unha regresión que ten a peor cara se atendemos á atención primaria (1,91% do PIB) ou á protección da saúde pública (0,12%). Datos que evidencian o progresivo cambio de modelo e a reducida importancia que a Xunta outorga á prevención e promoción da saúde.

Resulta tamén preocupante que o investimento en materia de investigación sanitaria sexa inferior ao 0,1%. Síntoma da nosa pobreza na aposta polo futuro da sanidade e da investigación coma pulo industrial público.

Por outra parte non aparecen melloras nas partidas adicadas ás adicións e pese a estar nun momento de preocupantísimo incremento da ludomanía, o orzamento carece de partidas adicadas a este problema. Un abandono que vai parello á carencia dun plan para abordar as global das adiccións xa que o vixente leva caducado máis de dous anos.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Tampouco se observan cambios en materia de programas adicados a combater as enfermidades transmisibles. A penas 500.000 euros cando estamos a vivir un espectacular repunte das infeccións de transmisión sexual, como a gonorrea que ten aumentado nun 25%.

Ao mesmo tempo, as transferencias ao SERGAS que supoñen a maioría do seu orzamento teñen un incremento inferior ao 3% o que deixa claro que estamos falando de continuidade nestas contas, non de melloría. Esta situación non combate por tanto as deficiencias presentes no sistema dez anos despois do inicio dos recortes, non aborda as necesidades de melloras en relación ao avellentamento da poboación e son francamente desilusionantes na posibilidade de mellora das prestacións actuais.

Por todos estes motivos, rexeitamos este orzamento, que perpetúa un modelo descapitalizador da saúde pública e da sanidade e **solicitamos a devolución**, da **Sección 12, Consellería de Sanidade**, para traballar cunhas contas que si respondan ás necesidades de galegas e galegos.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 17:26:39  
Nº Rexistro: 58679  
Data envío: 07/11/2019 17:26:39.955

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 17:20:12**

CSV: BOPGDSPG8xIRG8q9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda, **ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da "Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde" coma organismo autónomo, Sección 12, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, polas seguintes razóns:**

A opacidade que amosan as empresas, fundacións e entes paralelos a administración representan unha motivación, como así o considera o Consello de Contas, para levar a cabo a asunción das súas tarefas dentro do Sistema Público, para unha xestión directa e transparente dos mesmos. De feito este foi un motivo mais que suficiente en anos previos para solicitar a devolución do orzamento de este organismo.

Pero ademais de esta cuestión, resulta destacable o escaso financiamento da formación e da investigacións públicas. As transferencias de capital sofren este ano un importante aminoramento. As transferencias correntes continúan practicamente igual e non hai visos de mellorar o investimento en I+D+i público.

Hai que lembrar que os investigadores e as investigadoras públicas están a reclamar os seus dereitos laborais de xeito infrutuoso ata o de agora, traballando nas fundacións públicas en condicións absolutamente precarias.

Entendemos por todos estes elementos que estes orzamentos no obedecen á necesidade de integrar este ente, pro tampouco a uns orzamentos dignos en materia de formación e investigación.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 17:26:11  
**Nº Rexistro: 58678**  
Data envío: 07/11/2019 17:26:11.189

Por todo isto, solicitamos a súa devolución.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 17:19:20**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda, **ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da "Axencia Galega de Sangue, órganos e Tecidos" como organismo autónomo, Sección 12, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, polas seguintes razóns:**

A opacidade que amosan as empresas, fundacións e entes paralelos a administración representan unha motivación, como así o considera o Consello de Contas, para levar a cabo a asunción das súas tarefas dentro do Sistema Público, para unha xestión directa e transparente dos mesmos. De feito este foi un motivo mais que suficiente en anos previos para solicitar a devolución do orzamento de este organismo.

Tendo en conta que en teoría traballan para o Sistema Público e empregan recursos públicos na súa actividade, non ten xustificación algunha manter organización paralelas para facer un traballo que debería poder ser xestionado directamente pola Consellería de Sanidade ou polo Servizo Galego de Saúde, ao contrario, a Xunta de Galicia continúa defendendo este modelo empresarial en lugar da xestión directa e transparente dos mesmos.

Entendemos que a xestión óptima de estas atribucións sería aquela que estivese plenamente integrada cos servizos de hematoloxía, análises clínicas, banco de sangue, etc carecendo de sentido ter un sistema paralelo para a doazón de sangue e órganos.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por estes motivos entendemos que o orzamento debера ser tendente a reflectir a súa integración e pedimos a súa devolución.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 17:17:23**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, **ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sociedade Mercantil Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.**, atendendo ás seguintes razóns:

En exercicios anteriores temos manifestado xa a falta de motivación para a non asunción das funcións de Galaria por parte da Consellería de Sanidade. En primeiro lugar porque a maioría das súas función en atención sanitaria foron xa traspasadas, sen embargo estas deberían selo na súa totalidade, xa que Galaria naceu exclusivamente para o asesoramento e a innovación en alta tecnoloxía sanitaria. Feitos que se recoñecen na propia Memoria dos Orzamentos de 2020.

En segundo lugar porque no relativo ás funcións para as que naceu, estas están en grande medida subcontractadas con outras empresas e incluso moitas non pasan sequera polas súas mans. É o caso das encomendas da Oficina Técnica de Seguimento ou o Teléfono único do SERGAS.

Ademais dado o contido aprobado na Lei de Farmacia de Galicia en relación á produción e xestión de radiofármacos, non parece o máis indicado que parte destas tarefas continúen fóra do SERGAS, por exemplo en relación ao Ciclotrón ou á UCR.

No resto de tarefas, poden ser perfectamente asumidas por parte da Consellería. Un elemento que favorecería a transparencia, un elemento do que carece en moitos casos Galaria, tal e coma ten denunciado o Consello de Contas.





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 17:30:45  
Nº Rexistro: 58680  
Data envío: 07/11/2019 17:30:45.644

Entendemos, polo tanto, que o orzamento de 2020 debера vir encamiñado á súa completa integración na Consellería de Sanidade, polo que solicitamos a devolución destas contas para poder ter unhas que contemplan este procedemento.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 17:21:31**

CSV: BOPGDSPG8xIRIG8q9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao “Servizo Galego de Saúde” coma organismo autónomo, Sección 12, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

O orzamento do SERGAS para o ano 2020 non contempla grandes melloras con relación ao exercicio anterior. En realidade as pequenas subas adicadas aos capítulos de persoal tanto nos programas 412A coma 412B son insuficientes para facer fronte a melloras nas ratios de persoal. Sobre todo se a Xunta tamén pretende aboar o 100% da carreira profesional ou mellorar algúns complementos.

A realidade é que non se evidencia con estas contas unha recuperación de dereitos conxelados en materia laboral desde o inicio da crise, pero tampouco o incremento de prazas nin a incorporación de categorías necesarias como a psicoloxía en atención primaria.

Novamente, a Xunta esquecese da pobreza farmacéutica, facendo caso omiso dos datos que indican que 100.000 galegas e galegos non poden facer fronte aos tratamentos pautados. Sen embargo non ten problemas en seguir mantendo curas católicas na nómina pública, impedindo a separación da Igrexa do sistema público.

Os orzamentos un ano mais non reflicten a necesidade de mellorar a saúde mental, integrar a atención ás dependencias no SERGAS ou dispoñer de orzamentos para mellorar a saúde das persoas LGTBI. Tampouco hai partidas específicas para recuperar



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

o Plan de Saúde da Muller.

Sen embargo sí se manteñen o groso dos concertos privados. Mentres as maiores queixas das e dos doentes son por listas de agarda, a Xunta prefire manter os concertos privados en troques de mellorar a pública.

Non se albiscan melloras no 061 que poidan presupoñer máis recursos. E no capítulo de investimentos reais atopámonos un ano máis con vellas promesas. Novamente centros que xa foron anunciados en anos previos volven figurar coma novidade e cun orzamento anterior sen executar.

Outros historicamente comprometidos como pode ser o CS de Aldán que conta con terreos desde fai anos, volven estar desaparecidos das contas.

En resumo, un orzamento de continuidade que non acolle as melloras necesarias. Atendendo a estas cuestións pedimos a súa devolución.

Por todo o exposto solicitamos a **devolución do orzamento do Servizo Galego de Saúde , Sección 12**, do orzamento xeral da comunidade autónoma para o 2020

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 17:25:47  
Nº Rexistro: 58677  
Data envío: 07/11/2019 17:25:47.424

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 17:14:58**

CSV: BOPGDSPG8xIRIG8q9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 12, Consellería de Sanidade e de tódalas entidades públicas, instrumentais dependentes, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos de sanidade para 2020 son unha total continuidade e non supón nada novo para a sanidade pública, é absoluto continuísmo.

Neste orzamento non se introduce ningún elemento para combater os graves problemas que ten a sanidade pública deste país.

O PP ten un modelo de Atención Primaria fracasado, que está dificultando o acceso d@s galeg@s á sanidade pública e dificultando a prestación sanitaria de calidade. Está infradotada de persoal e de orzamento, falta de capacidade resolutive pola imposibilidade de solicitar probas diagnósticas, sen protocolos claros para a derivación hospitalaria. Non resolve, non pode derivar, non pode dar a asistencia que a poboación demanda. @s profesionais nunca estiveron tan saturad@s, tan preocupad@s polos doentes. Con consultas de 40/50/60 doentes diarios non é posíbel prestar unha atención sanitaria de calidade. Nos orzamentos que se presentan Atención Primaria só aumenta un 3,74%, segue tendo 142 millóns de euros menos que hai dez anos, polo que sen orzamento non é posíbel rescatala da situación de deterioro na está.

É necesario máis persoal, a convocatoria da totalidade das prazas vacantes. É preciso que remate coa precarización na contratación. O Sergas ten que facer atractiva a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

oferta laboral para @s profesionais, senón seguirase como até agora, que tras a formación que pagamos entre tod@s acaben contratados na sanidade privada ou marchen fóra. Os contratos de continuidade que sacou a Xunta teñen moi escasa aceptación pol@s profesionais @s que en teoría van destinados. Os orzamentos non conteñen partidas para este fin, nin para recuperar os acordos retributivos paralizados polo PP hai 10 anos, en 2010, nin para integrar novas especialidades e crear equipos multidisciplinares (psicólog@s, logopedas, terapeutas ocupacionais, podólogo@s...)

Estes orzamentos para o ano 2020 preséntanse nun contexto de enorme preocupación tanto profesional como social, nun estado de conflictividade laboral permanente por demandas máis que xustas, nunca atendidas e no que a sanidade pública galega non fai máis que baixar postos nas enquisas nas que se valora o recoñecemento por parte dos cidadáns da súa calidade.

Non se contemplan medidas destinadas a baixar as listas de espera, para solucionar o escándalo de persoas durante meses e anos agardando por unha cita para consulta ou proba diagnóstica e por unha intervención. Valga como exemplo as 1200 consultas aprazadas en pediatria hospitalaria en Ourense.

A saúde mental segue sendo a gran ausente nos orzamentos, partidas para entidades e asociacións, mais nada para dotar de recursos dentro da sanidade pública. Medran as listas de espera até límites insostíbeis, máis de 8.000 persoas agardando por unha primeira cita de psiquiatría. Os cadros de persoal baixo mínimos, a media en Galiza de psicólog@s é de 3,34 por 100.000 habitantes, mentres no Estado é de 4.3 e na media da Unión Europea de 18. A prevención do Suicidio en Galicia, dous anos despois de ter presentado o Plan no Parlamento non ten a dotación orzamentaria que precisa.

Seguen destinándose grande cantidade de recursos para pagar prestacións sanitarias con recursos alleos. As chamadas colaboracións público-privadas seguen





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

lastrando o orzamento, millóns de euros en canóns polo hospital de Vigo e a alta tecnoloxía que detraen recursos para outros investimentos.

Nun momento no que o Hospital Povisa está nun proceso de venda, non se contempla partida para a súa compra e solucionar a anomalía de que 139.000 persoas da Área Sanitaria de Vigo teñan que recibir asistencia sanitaria nun hospital privado.

A promoción e prevención da saúde, só é unha prioridade no discurso, logo a realidade é que non só non se reflicten partidas acordadas a unha aposta real, o orzamento para 2020 é un 4,23% máis baixo que hai 10 anos.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 12.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:53:43**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución da Sección 12, Consellería de Sanidade, do Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

En conxunto, o orzamento sanitario para 2020 –o 41,20% do gasto da Xunta– apenas superará o 6% do PIB galego estimado para o ano vindeiro, lonxe aínda do promedio da UE do 7% de investimento sanitario.

Como característica esencial da consolidación dos recortes, cómpre sinalar que a Atención Primaria, que debера ser o centro do sistema, polo seu carácter preventivo, é unha área que dispón dun 9,88% menos de fondos que en 2009, mentres que o orzamento da Consellería medra un 9,04% - en termos nominais-.

Asemade, tamén recibe un 4,23% menos de investimento a área de protección e promoción da saúde pública, sendo insuficientes os fondos para os programas poboacionais de cribado, a promoción de estilos de vida saudables ou a prevención de drogodependencias, non mencionándose, sequera, a atención á ludomanía.

Non hai previsión para a adquisición de POVISA para o sistema público e o orzamento dedicado a concertos (85,5 millóns de euros) e a pago do canon do Álvaro Cunqueiro na EOXI de Vigo amosa a anomalía que lastra o financiamento do sistema público de saúde nesta área.

Faltan recursos para atención a terapias temperás e fisioterapia, que dependen de concertos na EOXI de Lugo e de Vigo, e non hai previsión para mellorar a rehabilitación do Dano Cerebral Adquirido.





En canto aos investimentos en centros de saúde, falta transparencia na desagregación de partidas para cada obra e gran parte das mesmas son investimentos longamente prometidos.

Polo exposto, **solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para a Consellería de Sanidade.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:53:06**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á “Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos”, Sección 12, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

A Axencia Galega do Sangue, Órganos e Tecidos, creouse mediante o Decreto 142/2015, do 17 de setembro cos seguintes fins xerais: “Garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os estándares de calidade vixentes.” “Coordinar a doazón, os transplantes de órganos e o implante de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes”. “Asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos”. Trátase de funcións esenciais da actividade sanitaria.

Para 2020 conta cun Orzamento de 25,3 millóns de euros e un cadro de persoal de 210 efectivos.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:53:59**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da “Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde”, Sección 12, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

A Axencia Galega para a xestión do coñecemento en saúde conta en 2020 cun orzamento de 3,1 millóns de euros e conta cun cadro de persoal composto por 36 persoas.

Está adscrita ao SERGAS, creada mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, para a xestión da docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, tendo como “fins xerais e obxectivos básicos realizar a xestión da formación no Sistema público de saúde de Galicia, o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios”.

Con este decreto, derrogouse a disposición da lei de saúde de 2008 relativa á creación do Instituto Galego de Investigación Sanitaria.

As liñas de acción para o ano 2020 definidas pola Consellería de Sanidade son moi amplas, relacionadas coa investigación e atracción de talento investigador, a promoción de ensaios clínicos, formación de profesionais, etc.

A realidade é que non hai orzamentos suficientes para a investigación pública e non se avanza na integración das Axencias no Servizo Galego de Saúde. Asemade, a investigación canalízase a través das fundacións de investigación biomédica, con cadros de persoal cunha alta temporalidade e baixos salarios, dos que a Consellería se desentende.



**Polo exposto, solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para a Axencia Galega para a xestión do coñecemento en saúde.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:54:15**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sociedade Mercantil Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Galaria é herdeira do Instituto Galego de Medicina Técnica SA, empresa nacida para asesorar en torno ás innovacións e tecnoloxías sanitarias.

En lugar de asumir por parte do SERGAS funcións como provisión directa de servizos sanitarios, mantívose Galaria como ente opaco e, agora, como retiro para a ex Conselleira Rocío Mosquera.

Manter por parte de Galaria a xestión de unidades como as de oncoloxía, radioterapia ou a resonancia magnética supón, como denuncia CIG Saúde, o intento de recuperación do modelo de “anel radiolóxico”, rexeitado pola maioría das e dos profesionais, por separar a especialistas en radioloxía de profesionais asistenciais que solicitan as exploracións.

Asemade, a innovación en alta tecnoloxía é subcontratada polo SERGAS a través de diferentes contratos.

En Marea entende que o Sistema Público de Saúde debe absorber Galaria e integrar os seus servizos asistenciais e persoal nas respectivas EOXI.

Polo exposto, **solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para a Sociedade Mercantil Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.



Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:56:03**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao “Servizo Galego de Saúde”, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos do Servizo Galego de Saúde para 2020 non van permitir solucionar os déficits en materia de persoal, pois non se incrementa significativamente.

O 3,5% que aumenta o investimento en persoal responde, sobre todo, á aplicación da suba do IPC e ao recoñecemento da carreira profesional, o cal son dereitos dos e das traballadoras.

O nivel de eventualidade continúa sendo moi elevado e hai un rexeitamento xeralizado ao contrato de continuidade, parche que propón o Sergas para as e os traballadores eventuais.

Os hospitais comarcais precisan de consolidación de prazas e creación de outras novas, que non se reflicten nestas contas, como tampouco se reflexa a necesaria atención á perda de servizos sanitarios no medio rural.

Polo exposto, **solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para o Servizo Galego de Saúde.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.





**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:53:39**





### Á Mesa da Comisión 3.<sup>a</sup>

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020**, relativa á **Sección 13 – Política Social, Axencia Galega de Servizos Sociais e Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

#### **Sección 13 – Consellería de Política Social, Axencia Galega de Servizos Sociais e Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.**

Contas que son as da resignación e resultan insuficientes para loitar contra a pobreza, para dar unha atención de calidade das nosas persoas maiores, das persoas con discapacidade, para poñer en marcha políticas efectivas para a mocidade, que se sustentan grazas a propia inercia do sistema, e ao sobreesforzo do seu persoal.

Con respecto á natalidade, existe unha tremenda fenda entre os desexos e as decisións que compre encher, debendo actuar sobre diferentes factores (condicións laborais, conciliación, reparto das tarefas domésticas, dispoñibilidade de servizos, axuda á infancia) que non son considerados nestes orzamentos. Mentres o goberno galego segue sen apostar polas escolas infantís públicas, que seguen a ser insuficientes, xa que so teñen prazas para dous de cada dez nenos e nenas de entre 0 e 3 anos e teñen graves eivas de recursos humanos e materiais. As de nova creación xa se recollían na memoria de orzamentos do ano pasado, e esa gran promesa electoral de escolas infantís en polígonos industriais foi un fracaso.

Na defensa da universalización da escolarización infantil de 0 a 3 anos, é necesario tamén que camiñemos cara á gratuidade desta etapa escolar. Pero a aplicación desta gratuidade non comeza por quen máis o necesita, como son as familias que dispoñen de rendas máis baixas.

A política de atención aos nosos maiores é de servizos mínimos, de feito en 10 anos de goberno de Feijoo, non se puxo en marcha nin unha soa residencia de xestión pública, o que sitúa a Galicia cunha taxa de prazas residenciais por habitante maior de 65 anos inferior á media estatal, e ao recomendado pola propia



OMS. Deste orzamento desaparecen os investimentos en novas residencias de maiores porque o fían todo á doazón do señor Amancio Ortega, que benvida sexa, pero que vergoña debería darlles que en lugar de ser un goberno solidario que dedique recursos aos nosos maiores, os orzamentos teñan que vir da caridade privada. Nestas contas tampouco non se contemplan partidas específicas para eliminar a sobrecarga de traballo que sofren ás traballadoras dos centros dependentes da Consellería de Política Social.

Consolídase ademais o retallo, por cuarto ano consecutivo, dos complementos ás pensións non contributivas.

A Risga vai seguir tendo as contías máis baixas de todo o país, e da que soamente logran novos ingresos económicos tras deixar de percibila, pouco máis do 16% .

Nos anos da recuperación macroeconómica, prodúcense repuntes da taxa de pobreza AROPE, e de feito Cáritas alerta de que no ano 2018 hai en Galicia máis persoas que viven con ingresos inferiores a 370 €/mes, que no ano 2008, incrementándose a exclusión da vivenda e hoxe en Galicia, comparando co 2013, máis persoas que viven en fogares en situación de insalubridade, con barreiras arquitectónicas, con deficiencias graves de construción, en situacións de amontoamento, con ameaza de expulsión da vivenda, e en entornos degradados e/ou barrios conflictivos. Seguen a ser tamén insuficientes os recursos económicos que a Xunta de Galicia pretende dedicar a previr e erradicar o senfogarismo, e continúan ausentes os programas de Housing First postos en marcha xa por moitas comunidades autónomas.

En materia de discapacidade, continúan as vergoñentas listas de agarda nas valoracións, unha situación que non vai mudar no próximo ano posto que non hai orzamento en materia de persoal dedicado a incrementar o número de prazas de persoal público. Ademais, centros que ían estar dedicados á atención ás persoas con discapacidade seguen sen poñerse en marcha: coma por exemplo o centro de atención a persoas con diversidade funcional para maiores de 21 anos de Ourense, unha infraestrutura fundamental para estas familias, na única provincia galega que non conta cun centro destas características.

O orzamento dedicado aos servizos de atención temperá, a nenos e nenas con trastorno no seu desenvolvemento ou con risco de padecelo ,sitúanos un ano máis á cola de España.



Os galegos e galegas somos solidarios, témolo demostrado en numerosas ocasións, pero estes orzamentos non o son tampouco nesa partida específica que volve un ano máis a diminuír, e invisten exactamente 7 veces menos que o que o facía co goberno Touriño: de 9,8 millóns de euros a 1,3 millóns de euros; o mesmo que os plans para a mocidade, sen novidades, obsoletos e que non están adaptados aos tempos investindo 1,5 millóns de euros menos que no 2009.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2020

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:29:12**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade de devolución da sección 13, Consellería de Política Social**, do Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, atendendo ás seguintes razóns:

O investimento público adicado ás políticas sociais é totalmente insuficiente, e continuará sen resolver os problemas que afronta a maioría da sociedade galega. De feito, Galicia está a cabeza das comunidades que máis recortaron en gasto social dende o ano 2009.

Non se van resolver as enormes desigualdades sociais que non deixaron de incrementarse nos últimos anos co pretexto da crise económica, e que fixeron que cada ano máis persoas se atopen en risco, ou en situación de exclusión e pobreza.

A situación é especialmente preocupante para as mulleres, que soportan maiores graos de precariedade, sendo as que menores salarios reciben e tendo unhas pensións moi reducidas coas que resulta imposible cubrir as necesidades máis básicas.

Ademais, o traballo de coidados recae nunha parte moi importante nelas, ao desentenderse das súas responsabilidades a Administración.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Non se están garantindo os coidados que precisan as crianzas e as persoas maiores. En ambos casos, estes orzamentos perpetúan un modelo de desmantelamento do público en favor dos recursos privados.

Só hai 86 dos 313 concellos galegos que contan cun centro de día público. E estamos moi lonxe de acadar a ratio que recomenda a OMS de residencias públicas. A Xunta de Galicia aumenta cada ano o seu modelo de concertación pero non incrementa os recursos públicos.

Non hai unha previsión para a creación das prazas necesarias en Escolas Infantís de 0 a 3 anos, para a universalización deste dereito, e continúaase por un modelo de subvención de recursos privados.

Por outra parte, a FUNGA volve contar cun orzamento totalmente insuficiente, cunha subida moi pequena, que non resolve o problema estrutural que afronta polo aumento significativo das persoas que dependen dela.

A atención ás diversidades e a dependencia continúa a ser unha tarefa pendente. É preciso dotar de moitos máis equipos de valoración da discapacidade estables, e non continuar coas actuais listas de agarda que superan os límites establecidos.

Son uns orzamentos que dan continuidade a unha Renda de Inclusión Social (RISGA) que non garante a cobertura das necesidades máis básicas das persoas que a perciben, pola baixa contía, e que non chega a todas as persoas que a precisan.

En resumo, non se evidencia ningunha modificación nas políticas públicas dos últimos anos, senón que se perpetúa un modelo privatizado que esquece a moitas



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

persoas, e por todo isto, dende o Grupo Común da Esquerda solicítase a devolución do orzamento da Consellería de Política Social.

Por todo isto solicitamos a **devolución da sección 13, Consellería de Política Social.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 16:03:14**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 13, da Consellería de Política Social e de todos os organismos, institutos, consellos e sociedades públicas que dela dependen, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos deben ser un instrumento para cambiar a realidade na que teñen que actuar, a realidade sobre a que teñen que incidir é a dunha Galiza na que en 2018 segundo o informe Arope 622.006 persoas, 1 de cada 4 galegos/as poboación estaba en situación de risco de pobreza e exclusión, e 128 en situación de pobreza severa. O informe do CES dinos que 345.000, o 31.8%, dos fogares galegos non ten ningunha persoa activa laboralmente. O informe FOESSA alerta sobre o aumento da exclusión severa, que hai 56.000 persoas en situación de precariedade absoluta.

A isto hai que engadir que as pensións seguen a ser das máis baixa do estado, só por diante de Extremadura. Especialmente preocupante as pensións das mulleres, cun elevado número de viuvez e non contributivas, que fai que a fenda de xénero sexa nas contías percibidas sexa do 36%.

A aplicación da Lei de dependencia segue sendo claramente insuficiente, para as persoas usuarias, para as potencialmente usuarias, para as persoas que agardan unha avaliación, que significa o recoñecemento á prestación, e para as que







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

tras serlle recoñecido o dereito, agardan meses e anos a recibir as prestacións económicas, os recursos aos que teñen dereito. Seguen manténdose atrasos para a valoración de discapacidade, que en algúns casos segue chegando a 2 anos, con centos de persoas en lista de espera. Especialmente grave é a situación de Pontevedra e Vigo. A solución da Xunta de contratar equipos temporalmente, son parches que non solucionan o problema estrutural.

En Galiza contabilízanse 68.996 persoas que teñen dereito á prestación, porén soamente 61.403 a están a recibir de xeito efectivo. Isto supón unha lista de agarda de 7.593 persoas, o que significa que o 9,47% das persoas con dereito a prestación, non a están a recibir. Ademais hai que ter en conta que, segundo cálculos do Ditame do observatorio da Lei 39/2006 de dependencia, cada mes un 1% dos que están esperando a prestación no conxunto do Estado falece sen obtela.

Galiza, con 2,97 persoas beneficiarias de cada cen habitantes, sitúase por debaixo da media estatal, que ascende a 3,91 beneficiarias por cada cen habitantes. O gasto público por dependente atendido é en Galiza claramente inferior á media. Mentres no 2018 o gasto por dependente no conxunto do estado ascende a 6.580 euros, en Galiza a contía é de 5.648 redúcese en 932 euros. Ademais, podemos observar como desde o 2012 descende ano tras ano contía media. Así, pasamos dos 6.701 euros por dependente nese ano a os 5.648 actuais, isto é, unha redución de 932 euros, o que supón un descenso do 13,7% na contía nestes anos.

O promedio de Gasto por dependente en Galiza é inferior á media estatal, como consecuencia do peso na súa carteira de servizos de menor custe tales como Teleasistencia e Promoción, ou moderados como Axuda a Domicilio, PEVS (prestación económica vinculada ao servizo) ou PECEF (prestación económica de







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

coidados no entorno familiar). Máis do 62% das 6.519 novas atencións de Galiza centráronse en Axuda a Domicilio (2.844) e Teleasistencia (1.219).

Hai unha oferta claramente insuficiente de prazas de residencias de maiores e de persoas dependentes, coa porcentaxe de prazas privadas máis alta a nivel do Estado sobre o total. Non crearon nin unha soa praza pública e o prezo das prazas concertadas é un 8% máis caro que as que se realizan de xeito directo. Despois de anos prometendo a construción de 7 residencias para persoas maiores e de ter consignadas diferentes cantidades durante varias anualidades, finalmente acoden á “caridade” de Amancio Ortega para a súa construción.

Con estes orzamentos non se vai revertir o recorte de persoal cando houbo un aumento das persoas atendidas o que significa sobrecarga de traballo e mingua da calidade do servizo. Non se contempla ningunha medida para aumentar os máis que axustados cadros de persoal, na súa maioría mulleres, de idade elevada, no que non se substitúen permisos, nin vacacións; nin aumentos de persoal para permitir o disfrute das libranzas por traballar en domingos ou festivos.

Mantense a mesma contía para as pensións non contributivas, negándose a Xunta do PP a aumentalas, cando son o único ingreso de moitos fogares.

Estes son os décimo primeiros orzamentos que presenta a Xunta de Galiza desde que o Partido Popular volveu ao Goberno no 2009, e faino dun xeito rutineiro, sen impulso, sen ningunha vontade de cambiar esa realidade dunha parte da poboación, moi vulnerábel sobre á que ten que actuar, moi polo contrario consolidan o modelo privatizador e non por un sistema público de xestión directo, clara mostra é que as partidas para a construción de infraestruturas é testemuñal, nin centros de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

día, nin escolas infantís, nin residencias de maiores, nin para a diversidade funcional.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 13.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:54:01**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución da Sección 13, Consellería de Política Social, do Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

O investimento total da Consellería de Política Social, 775,792 m €, representa o 7,78% do total do orzamento da Xunta e só un 1,18 % do PIB en 2020, aproximadamente, co cal continúan sendo fondos insuficientes ante a situación de emerxencia social que vive o País, cando o 23% da poboación está en risco de pobreza e exclusión (taxa AROPE) e cando se reduciu o poder adquisitivo da cidadanía.

Os recortes orzamentarios acumulados dende 2009 fan que persista un déficit de prazas de persoal público, tanto en centros de atención directa como no sistema de atención á Dependencia e nas Equipas de Valoración da Discapacidade.

A falta de persoal, unida a manterse a Comunidade Autónoma como unha das que menos inviste en prestacións para a Dependencia -o gasto público promedio por persoa dependente atendida en Galiza en 2018 situábase en 5.648 €, 932 € menos que a media estatal-, redonda nunha elevada tardanza nas prestacións recoñecidas pola Lei de Autonomía Persoal.

Esta Consellería continúa sobreexplotando a un persoal que seguirá sendo escaso para atender as necesidades e que manterá os seus dereitos recortados, pois mantense suspendido o artigo 19, sobre dereito a descanso, do Vº Convenio Colectivo da Xunta. En canto ao persoal, estes Orzamentos tampouco aumentan efectivos nin fondos para a Inspección dos Servizos Sociais e a FUNGA continúa con orzamento e persoal ínfimo, só con 4 efectivos de aumento.



En canto a investimentos reais, só aparece desagregado o CAPD de Ourense, pero cun Orzamento que confirma que non vai estar en funcionamento en 2020 (3,5 m €), xa que se reserva máis da metade de investimento para 2021 (4 m €). Asemade, mantense un escaso investimento en equipamento e reformas para os centros de atención directa, tendo en conta as necesidades.

Por outra parte, desaparece o “plan coma na casa”, porque as residencias da terceira idade –nas que Galiza mantén un déficit crónico- se farán coa doazón da Fundación Amancio Ortega. Se o plan contaba con 90 m €, a Consellería só sobe 56 m €, co cal os supostos fondos para as residencias non reverten noutros programas sociais.

En canto á partida para obras en PEF e mobiliario é ridícula, tendo en conta que cómpre mudar de localización o PEF de Ourense e crear novos PEF comarcais, dado a saturación existente.

Polo que respecta á RISGA, 64,39 millóns de euros supón un estancamento que non chega para desenvolver o Decreto cos tramos de inserción laboral; así, en 2018 a RISGA só cubriu ao 1,6% da poboación en risco de pobreza e esta prestación continúa deixando fóra ao colectivo de persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa.

A respecto da Atención Temperá, mantense un orzamento ínfimo (2,9 m €) para unha rede comunitaria que seguirá sen chegar a gran parte do territorio.

Polo exposto, **solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para a Consellería de Política Social.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.





**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:53:22**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da “Axencia Galega de Servizos Sociais”, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

A Axencia Galega de Servizos Sociais ten un Orzamento de 13,5 millóns de euros e un cadro de persoal de 360 efectivos.

Foi creada polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo para a xestión de servizos sociais, coa finalidade de extinguir o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, pero este proceso non se produciu.

Dado que xestiona servizos públicos da Xunta como son as escolas infantís, o seu persoal e centros debería estar plenamente integrado co resto na Consellería de Política Social.

Polo exposto, **solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para a Axencia Galega de Servizos Sociais.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**





**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:55:22**



### Á Mesa da Comisión 3.<sup>a</sup>

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, relativa á **Sección 14 – Medio Rural, Fondo Galego de Garantía Agraria e Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

#### **Sección 14 – Medio Rural, Fondo Galego de Garantía Agraria e Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.**

A Consellería do Medio Rural presenta uns orzamentos para o ano 2020 sumamente continuistas e que non se axustan ás necesidades do país. Aínda que nos atopamos na tan propagandística campaña da “Lexislatura do rural”, seguimos ver como os orzamentos non reflicten tal compromiso, polo que remataremos a actual Lexislatura cun rural máis abandonado. Co dito orzamento só se poderán facer políticas xa asentadas na consellaría, pero sen acometer programas ou proxectos novos que poidan ilusionar ou dar esperanzas de que o rural vai experimentar un profundo cambio.

O despoboamento e o envellecemento, sumado á falta de oportunidades laborais e de servizos, supoñen para o rural galego unha debilidade que temos que converter en oportunidade. Non obstante, vemos que non se fan os esforzos suficientes por parte da Administración autonómica para revertir esta situación. Aspectos como a formación de traballadores e traballadoras para o campo estanse a descoidar, perdendo así unha gran oportunidade para revertir a situación poboacional e conseguir un relevo xeracional necesario que revitalice e rexueneza o medio rural. Tendo en conta o proceso de urbanización cada vez máis acelerado e a pirámide demográfica inversa en Galicia, o mantemento da poboación activa, dinámica e próspera é esencial para a fixación de poboación e conservación do medio natural.

No tocante aos procesos de concentracións parcelarias abertos, que terían que quedar pechados nesta “Lexislatura do rural”, vemos como non se contemplan partidas nestes orzamentos, e quedan de novo á deriva coma un barco sen rumbo deixando o campo orfo de medidas de impulso que eviten o seu abandono. O fomento da mobilidade de terras é outra prioridade para o rural galego, que tamén queda varado sen apoio económico suficiente para a súa dinamización.





En canto á situación das mulleres do rural, temos que sinalar que os orzamentos non parecen mostrar a suficiente contundencia para que, malia a súa relevancia no rural, deixen de se atoparen pouco representadas ao estar fóra dos espazos de toma de decisións, invisibilizadas e con máis dificultades para o acceso ao mercado laboral en comparación cos homes. As medidas para a consolidación da identidade de xénero que é un obxectivo fundamental para o empoderamento da muller en todos os ámbitos, e especialmente no rural, non se reflicten neste proxecto orzamentario.

Respecto do sector lácteo, a situación non mellora, o Goberno mira para outro lado nun momento no que son necesarias medidas garantistas e de futuro, para evitar o abandono, cada vez maior, do sector e revertir esta situación negativa. As persoas produtoras de leite, despois de investir grandes sumas de diñeiro, non teñen perspectivas de futuro pola data de caducidade que empana o seu esforzo, miren a onde miren atópanse cun horizonte próximo. O campo galego é rico, non podemos permitir que se converta nun deserto verde improdutivo. Temos a riqueza natural pero, onde están as medidas do Goberno da “lexislatura do rural”? Porque as previsións orzamentarias contempladas para o ano 2020, non permiten afrontar un cambio de rumbo.

Os orzamentos tampouco contemplan ningún tipo de avaliación, emenda ou corrección sobre erros cometidos en anos anteriores, nin ningunha adaptación para a previsión de circunstancias excepcionais, non deixando de ser un mero trámite administrativo coa única diferenza da dispoñibilidade dos fondos europeos correspondente ao actual período 2014-2020 do PDR, onde unha cantidade moi importante aínda queda sen executar. Neste sentido resulta fundamental manter a continuidade das axudas agroambientais, e dos pagos compensatorios, vitais para o interior, nomeadamente as zonas de montaña. Arredor de 16.000 familias, con explotacións de carne de vacún, precisan dese complemento de renda para cadrar as contas a fin de ano, e non pechar, e non abandonar, e non se sumar ao deserto verde ao que parece que está condenado o campo galego. O Goberno galego ten que modificar xa o PDR para que non se interrompan a curto prazo estas axudas, e dispoñer o orzamento que sexa preciso nos orzamentos para o ano 2020, co fin de darlles cobertura económica ata que entre en vigor o novo regulamento da Unión.





Por último, salientar que resulta claramente insuficiente a contía orzamentaria prevista para os danos producidos pola fauna salvaxe, tampouco non se reflicten medidas novidasas que permitan avanzar en controis e solucións.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2020

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:29:27**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **EMENDA Á TOTALIDADE, de devolución, da sección 14, Consellería de Medio Rural**, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, atendendo as seguintes razóns:

Partindo dos datos de abandono, perda de superficie agraria útil, perda de emprego agrario, peche de explotacións, envellecemento e empobrecemento do rural dos últimos anos, os orzamentos desta sección deberían de ir enfocados cara un cambio radical de modelo, unha vez confirmado o fracaso do actual, con políticas que deben encamiñarse a crear emprego e oportunidades de vida para as persoas, aproveitando o potencial produtivo do país nos ámbitos da produción alimentaria e enerxética e dotando de servizos que garantan a igualdade coas zonas urbanas.

Deberían centrarse os cambios na resolución de problemas estruturais que lastran o seu desenvolvemento, coma a ordenación do territorio, e a potenciación dun sistema público do coñecemento e a creación de instrumentos que equilibren a cadea comercial, evitando os abusos contra o sector primario.

Sectores coma a horticultura, fruticultura, cultivos de alto valor engadido, e que nun contexto de crise poderían crear emprego mediante a incorporación de novos activos, están estancados, dado que as iniciativas nestes campos teñen un alto índice de fracaso inicial polos déficits de falta de asesoramento técnico, circuítos comerciais e axudas de incorporación, orientadas so ao fomento da inversión.

O sector forestal segue orientado ao monocultivo de especies de rápido



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

crecemento e de baixo valor engadido, e pouca capacidade de xeración de emprego, e débese camiñar cara as producións de calidade que xeren valor engadido e emprego.

Un de cada 5 euros da Consellería dedícase á loita contra incendios sen que se revirta a tendencia e se reduza progresivamente en extinción aumentando as políticas preventivas.

Con este contexto e analizando a evolución do sector primario cumpriría unha viraxe radical das políticas públicas, algo que non se reflexa no proxecto de Orzamentos para o ano 2020, que mostran sobre todo continuísmo.

Uns dos piares fundamentais para o futuro do agro galego son a investigación, formación e asesoramento e, nestes orzamentos, tampouco se albisca un cambio na tendencia ao desmantelamento que durante estes 10 últimos anos practicou o Partido Popular no goberno.

Lonxe de incrementar o persoal a AGACAL redúceo e segue sen cubrir as vacantes das prazas de investigadores, que no CIAM son a metades delas.

Tamén seguen a debilitarse as OACs.

Aínda que nos anuncios do goberno fábase, a nivel forestal, de montes piloto , de dinamización, da necesidade dun maior número de SOFOR, ou da aprobación dun Plan de Ordenación de Recursos Forestais por cada Distrito, non se incrementan os recursos humanos destes para levar adiante este traballo.

Na Extensión agroforestal apóstase máis pola externalización da formación.

A todo isto teríamos que sumarlle a incapacidade da Consellería para executar os orzamentos, deixando no ano 2018 116 millóns de euros sen executar.

Son os Orzamentos dun goberno que non ten vontade real de mudar o seu modelo de abandono do rural.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 17:25:05  
Nº Rexistro: 58675  
Data envío: 07/11/2019 17:25:05.189

**Por todo isto SOLICITAMOS a devolución dos orzamentos da Consellería de Medio Rural para o ano 2020.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda..

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 17:24:30**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 14, Consellería de Medio Rural, e Organismos, Consorcios, Entidades, Fundacións e Sociedades Públicas dependentes desta, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

E imos iniciar o cuarto orzamento desta X lexislatura que o PP cualificou de Lexislatura do Rural. Se as medidas anunciadas e disque postas en marcha neste 2017 tivesen incidencia efectiva na economía, actividade e sociedade rural os indicadores terían acusado. A tendencia á baixa da SAU cesaría iniciando un repunte; o abandono e peche de explotacións gandeiras tería cesado para comezar un ascenso paulatino no seu número; a ocupación e posta en produción das terras abandonadas de facto terían fixado, cando menos, algunha poboación nas zonas desertizadas.

Pola contra atopámonos cuns orzamentos rodeados de propaganda que especifican partidas para Mobilidade de Terras sen sabermos que tratamento se lle vai dar e sen ter presentado o goberno ningún documento que dea idea de como se van mobilizar as terras abandonadas para poñelas en actividade produtiva, con Aldeas Modelo sen definición clara, con Polígonos Agrarios sen deseñar, cunha revisión do Plan Forestal no dique seco sen traza de posta en marcha, sen unha





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

planificación de asentamento poboacional no rural nin de recuperación da natalidade, cunha eliminación de servizos básicos...

Porque a situación de emerxencia do noso rural esixe planificación acorde coas necesidades do mesmo. Sendo por tanto imprescindible uns orzamentos de choque con incrementos substanciais mantidos no tempo e cunha mudanza de prioridades políticas que potencien o asentamento de poboación e as pequenas explotacións ben dimensionadas e pequenas industrias transformadores que dean percorrido económico no valor engadido dos nosos produtos.

Porque a intensificación do sector lácteo e do avícola e porcino xa nos está pasando factura na volatilidade dos mercados que se acusará ó remate da nova PAC no 2027 coa case segura liberalización de prezos, sen contar co problema medioambiental de eutrofización de augas e terras que ameaza as zonas de actividade gandeira intensiva.

O sector lácteo cunha acusada intensividade e concentración nalgunhas comarcas do territorio galego continúa a precisar dun sector industrial transformador daquí que dea valor engadido á súa materia prima.

Por outra banda a horta convencional está necesitada dunha adecuación lexislativa acorde coa realidade da mesma e dun plan de expansión, debidamente orzamentado, que prime a multiplicación das pequenas explotacións asentadas no territorio. É posiblemente o sector con máis futuro e do que máis necesita Galicia que compra alimentos en cantidades esaxeradas podendo producilos con maior calidade.

Esta crecente acumulación de cabezas de gando de leite en pouca superficie pode crear problemas nun futuro próximo debido á flutuación dos prezos dos insumos que podería mandar ó traste unha boa parte do sector. Faise por tanto





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

necesaria unha forte aposta pola dotación, na medida do posible de terras agrarias a este sector que aumenten a base territorial das mesmas e que as faga menos dependentes dos insumos esóxenos.

Especial coidado demanda o noso monte inmerso actualmente nun caos que o fai escasamente rendible e albo fácil de actividade incendiaria. O plenamente privado excesivamente atomizado na propiedade necesita un apoio inmediato coa expansión e xeneralización das UXFOR ou no seu defecto outras figuras ou medidas de actuación conxunta que faciliten a ordenación, aproveitamento e xestión do mesmo e das faixas de protección de núcleos.

O monte propiedade das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común está demandando medidas que faciliten a súa xestión e permitan que se orienten cara a unha multifuncionalidade real ademais do apoio na xestión de biomasa, ordenación e condonación das falsas débedas.

A protección das áreas de bosque autóctono, a súa expansión xunto coa plantación de árbores de madeiras nobres e froitos rendibles medioambiental e economicamente, que favorezan e dinamicen industrias transformadoras diversificadas sería unha das medidas políticas a poñer en práctica.

A xestión do territorio precisa de accións e medidas políticas que recuperen unha poboación dinámica e unha actividade económica que free o abandono e desertización de vastas áreas e permitan a xestión da biomasa dando utilidade á terra e diversidade á actividade e á vida no rural.

Por tanto, porque non son os orzamentos que necesita un rural maltratado que camiña cara á existencia testemuñal e que demanda un tratamento de choque atrevido, valente e con sentido común.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Porque as necesidades dunha planificación a longo prazo, firme, e consensuada orientada á dinamización e revitalización do espazo agro-gandeiro-forestal que estimule e alimente unha diversificada e abundosa industria de transformación dos recursos aí xerados contribuíndo á fixación de poboación e recuperación dunha aceptable normalidade na pirámide poboacional non están contempladas nestes orzamentos.

Porque a nova PAC ameaza con ser un período de transición cara a uns mercados agrarios sen mecanismos de compensación e cos prezos liberalizados, os sectores agropecuarios galegos están en situación de debilidade en comparación e competencia cos máis dos outros países europeos, razóns polas cales serían máis acáidos uns orzamentos orientados á revitalización e fortalecemento do rural galego.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 14.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:54:20**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución da Sección 14, Consellería de Medio Rural, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

En termos xerais, estes orzamentos son case unha repetición idéntica dos do ano pasado, e esta é unha situación moi preocupante, porque tendo en conta que está demostrado que non están funcionando as políticas que están pondo en marcha, entendemos que apostar por uns orzamentos continuistas non é ningunha boa nova.

A realidade é que se levan moitos anos pondo en marcha políticas que, por desgraza, o que están favorecendo é o abandono do rural, a degradación das condicións materiais das persoas que viven no rural, e non se está conseguindo ese obxectivo que din perseguir, que é un rural máis competitivo e un rural máis vivo. Entendemos dende o Grupo Parlamentario Mixto que estes orzamentos non van a servir para conseguir estes supostos obxectivos, porque son practicamente unha copia dos anteriores e o aumento insignificativo dalgunhas partidas orzamentarias non chega para a realidade na que nos atopamos Tamén a diminución de moitas outras partidas fan que aparezan dúbidas sobre o alcance que a Xunta de Galicia quere que teñan estes orzamentos.

Nestes orzamentos vemos como programas tan importantes coma as infraestruturas e os equipamentos no medio rural, viron diminuído o seu orzamento nun 37,75% respecto ao do ano pasado, a partida 712A sobre a fixación de poboación no medio rural redúcese nun 6,34% ou a 712C sobre o



Fomento do asociacionismo agrario e a divulgación da tecnoloxía que merma un 31,89% respecto ao ano pasado.

A Xunta debe facer autocrítica e poñer en marcha medidas urxentes que aborden o problema dos incendios forestais de maneira global e que aposten por unha ordenación territorial sostible, un cambio de modelo forestal e un rural vivo. De non facelo, situacións como a desa dramática fin de semana do outubro pasado poderían repetirse.

Para o Grupo Parlamentario Mixto, estes orzamentos, van a dar como resultado que Galiza fique cada vez máis vulnerábel e dependente, impedida de dispor dunha política agro e rural propia, feita en función das súas necesidades.

En concreto a crise que levan padecendo durante anos os nosos sectores produtivos agrarios está na orixe desta situación. Comezase por imposibilitar que a xente poda vivir do seu traballo, mediante a imposición de prezos ridículos e obstruíndo toda posíbel alternativa, para logo lle ofrecer como a mellor saída o abandono e o monocultivo forestal de crecemento rápido nas terras agrarias abandonadas.

Galicia sofre unha perda de poboación no rural desde hai varias décadas. A poboación arrímase á costa nun éxodo sen precedentes do rural, en busca do maná prometido como son as oportunidades de traballo e a consecución dunha mellora na calidade de vida. Isto dáse nas provincias do interior Lugo e Ourense cara as zonas costeiras de Pontevedra e da Coruña, onde tamén se produce esta marcha desde o interior cara as cidades.

Porén o maná está no rural e sempre estivo alí. As condicións de vida son inmellorables e incomparables sempre que as administracións se impliquen e axuden á poboación coa garantía de servizos ao igual que ocorre nas grandes



urbes. É necesario ver e potenciar a necesidade de habitabilidade do rural: a cidade non come se o campo non traballa.

A perda de cultivos en Galicia amosa esta realidade do éxodo en busca do maná. Así desde o inicio da crise, segundo un artigo publicado na Opinión da Coruña, máis de 33.364 hectáreas de terras de labor abandonáronse. É a superficie dedicada a cultivar cereais, forraxes, hortalizas e legumes.

Nunha táboa publicada polo Instituto Galego de Estatística o 11 de setembro de 2018 vese o avance inexorable do éxodo e da perda de cultivos. Así, no ano 2006 producíanse 1.985.590 toneladas de millo forraxeiro que pasaron no ano 2017 a 1.936.384. No ano 2006 había 5.983.521 toneladas de pradería polifita que pasaron no ano 2017 a 3.218.426.

Tamén se reduciu o cultivo de pataca, afectado nos últimos anos pola couza guatemalteca.

Esta perda tamén é visible no sector vitivinícola. É posible revertir esta situación creando novas oportunidades de traballo e de negocio para a xuventude no rural, que permita revertir o éxodo e que fixe poboación no rural que permitirá un gran avance socioeconómico en Galicia.

Gustaríanos, a En Marea, que estes orzamentos se comprometeran a:

1. Crear un plan estratéxico para revertir a situación dun déficit nas principais producións agrícolas e dotalo de orzamento.
2. Elaborar, xunto coas produtoras, liñas específicas de implantación de cultivos estritamente agrarios en coordinación coas actividades agrícolas e gandeiras existentes.



Non están recollidas nos orzamentos.

Por todo o exposto, solicitamos a devolución dos orzamentos da Consellería de Medio Rural para o ano 2020.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:58:15**



## Á Mesa da Comisión 3ª

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, relativa á **Sección 01 - Consellería do Mar e Portos de Galicia**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

### Sección 15 – Mar e Portos de Galicia

Os orzamentos da Xunta previstos para o ano 2020 no que se refire á sección de Pesca, seguen a ser fundamente continuistas e non contan cá mínima transparencia exigible en canto á información dispoñible. Para acadar os obxectivos que se establecen na Memoria non se dotan as partidas orzamentarias coas suficientes cantidades, o que pon de manifesto a falta de vontade política do Goberno galego de cara a afrontar os novos retos do sector pesqueiro.

Un destes retos fundamentais debería corresponder á continuidade da actividade, para o que sería preciso contar co necesario relevo xeracional. Non obstante, existen problemas para atopar persoas formadas, e xa se están a producir casos de barcos amarrados por falta de patrón. O Goberno segue sen presentar unha aposta firme e decidida pola formación, deixándoa nun segundo plano, incluída a dirixida ás persoas menores de 30 anos.

Estamos ante unhas contas que conteñen uns investimentos opacos e sen apostas concretas, agás a acuicultura, que parece ser o obxectivo prioritario deste Goberno; mentres non se dotan suficientemente partidas fundamentais como a saúde e a seguridade, melloras das zonas de produción., etc.

Ademais da experiencia de anos anteriores, nada xustifica que as partidas presentadas vaian ser executadas. Así do orzamento inicial da consellería do Mar para o 2018 que ascendía a 155 millóns de euros, quedaron sen executar da orde de 75 millóns de euros, practicamente a metade.

Tampouco se dá resposta aos problemas do sector marisqueiro, tales como: a rexeneración das rías, dada a dramática situación propiciada pola caída de capturas nos bancos de libre marisqueo. Nin dragados, nin sementeiras, nin



actuacións contra os depredadores, nin novos estudos sobre as causas da mortalidade dos bivalvos para saber como actuar contra deles.

En I+D+i, continúan a destinar unha porcentaxe insuficiente para acadar o obxectivo no Plan Estratégico de Galicia 2015-2020, de fomentar o sector primario, baseado na innovación e na calidade do produto galego, para fixar a poboación ao medio rural. Tampouco contempla medidas suficientes para a eficiencia enerxética das embarcacións, nin para a mitigación do cambio climático a pesar dos efectos inminentes que está a ter na pesca.

Os motivos de rexeitamento tamén se estenden ás cuestións relativas aos portos galegos, por canto continúan sen executarse cuestións fundamentais de seguridade, como o plan de sinalización de bateas ou dragaxes pendentes. Repítense en gran medida as mesmas obras ampliando os prazos e non se avanza cara a outros investimentos importantes que non están recollidos.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2020

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 12:29:42**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 15, Consellería do Mar** dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, atendendo ás seguintes razóns:

O sector do mar de Galicia vive hoxe unha situación de emerxencia, tal como demostran os datos da propia administración autonómica, o sector ten hoxe 2.789 persoas menos que cando Feijóo chegou ao goberno, no marisqueo a flote perdemos 488 permisos dende 2009 e 482 embarcacións menos, fronte a esta situación non podemos admitir uns orzamentos absolutamente continuístas que non dan solución aos problemas estratéxicos do noso sector mariñeiro.

Ademais de que a política orzamentaria da consellería non deu lugar a mellorar a situación, é precisamente neste consellería onde esta política orzamentaria é mais distante da realizada realmente, soamente no último ano completado 2018 a consellería non foi que de utilizar ou executar o 48,3% do total orzamentado inicialmente, e apenas o 20% de partidas tan importantes como ao programa 723A competitividade e mellora da calidade e produción. Esta situación que se repite anualmente demostra como estamos ante un claro exemplo de ficción orzamentaria.

Fronte a isto dende o Grupo Común da Esquerda apostamos por uns orzamentos que prioricen determinados sectores e actividades do noso mar, que atendan a xente que traballa no sector e incentive a incorporación da xente moza. Así bo-



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

tamos en falta iniciativas e partidas destinadas a mellorar a produtividade e beneficios da nosa frota artesanal e de sectores da acuicultura tan importantes como o marisqueo ou a miticultura, mediante programas concretos de apoio a produción e comercialización dos seus produtos.

Compre articular propostas que permiten incrementar a superficie produtiva no marisqueo e mellorar a utilización de cría e semente autóctona fronte a invasión de semente foránea, ou introducir partidas que permitan eliminar de forma paulatina a obriga dos plans de explotación de vixilancia, para que esta sexa realizada integramente por profesionais públicos capacitados e suficientes para controlar o furtivismo, dende o control das explotacións a necesaria educación dos colectivos para a súa total erradicación.

Necesita este orzamento aportar partidas que axuden aos colectivos cando estes nos poden faenar dende aqueles períodos motivados polo mal tempo ata os paros e vedas de carácter biolóxico.

O noso grupo aposta por último por incrementar as partidas destinadas a investigación e elaboración de informes propios, que poidan reforzar a posición e demandas do sector fronte a decisión políticas cuestionábeis cientificamente que poidan partir de outras administracións implicadas na xestión pesqueira



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:31:35  
Nº Rexistro: 58646  
Data envío: 07/11/2019 16:31:35.465

**Por todo isto rexeitamos os orzamentos da Consellería do Mar (Sección15) e solicitamos a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:55:13**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, ente público **Portos De Galicia sección 15**, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, atendendo ás seguintes razóns:

O Ente público Portos de Galicia adscrito á Consellería do Mar destinado a xestión dos portos autonómicos presenta para o exercicio do 2020 un proxecto de orzamentos para o entender do noso grupo, insuficientes e incapaces de cumprir cos obxectivos fixados polo propio ente público que figuran na memoria.

Así entre as liñas estratéxicas figura a necesidade de desenvolver estratexias de complementariedade e especialización sen que a día de hoxe esta estratexia exista, este grupo, e outros con anterioridade, vimos demandando a necesidade de entender ao portos Galegos como un todo de tal forma que non se exerza a competencia entre portos, se non que se busque unha estratexia global que permita mellorar as súas condicións e resultados de forma conxunta, é tanto así que o proxecto de orzamentos desatende unha vez mais a necesidade de reclamar a transferencia das competencias sobre os portos de interese xeral, fundamentais nesta estratexia de cooperación e non competitividade.

Estas estratexias contemplan a necesidade de establecer e mellorar a interrelación porto-cidade, feito imposible con este proxecto, que na vía dos ingresos, continúa introducindo a errónea taxa de ocupación que impide a utilización do espazo de portos a decenas de colectivos e concellos, cando estes terreos son parte fundamental da actividade diaria, cultura, social e económica dos mesmos. Unha vez



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

mais demandamos a reforma deste apartado da lei de portos. Un ente que no apartado dos ingresos ten incrementado un 10% a presión sobre os usuarios profesionais dos portos e as entidades e concellos que os utilizan.

Este anteproxecto o tanto na súa literatura como nas súas inversións insiste na necesidade de colocar nos portos de Galicia actividades produtivas que dende a noso punto de vista desnaturalizan o carácter dos nosos portos, transformándoos en moitos casos en polígonos industriais e afeando as fachadas marítimas de Galicia. Cremos necesario reforzar a inversión prevista para facilitar o traballo aos colectivos profesionais, tanto de mariscadoras, pescadores e redeiras, que neste proxecto amósanse moi por baixo do necesario.

Por último son moitos os portos que necesitan de investimentos en materia de seguridade para evitar desgraciados accidentes como os acontecidos durante o presente ano, é por iso que non se pode entender que non exista unha liña estratéxica propia en materia de seguridade, é que moitos destes portos que necesitan actuacións urxentes, ou non aparezan nas inversións ou estas sexan absolutamente insuficientes.

**Por todo isto rexeitamos os orzamentos de Portos de Galicia (Sección15) e solicitamos a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:33:18  
Nº Rexistro: 58654  
Data envío: 07/11/2019 16:33:18.982

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 16:01:03**

CSV: BOPGDSPG8x8xIRG8q9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



---

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar **Grupo Común da Esquerda** , ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, do ente público **Instituto Tecnolóxico para o control do Medio Mariño INTECMAR (sección 15) , dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

O Sector do mar galego produce un impacto sobre o noso PIB do entorno do 2,1% polo tanto todas as accións encamiñadas a mellorar as condicións de comercialización e a seguridade dos nosos produtos do mar, son non so necesarias se non imprescindibles, así os obxectivos do INTECMAR debería bastar para incrementar o compromiso orzamentario deste organismo.

Precisamos mudar un cativo orzamento case idéntico ao previsto non 2019 para acadar obxectivos tan importantes para o noso sector como:

Crear plans de investigación que incrementen a axilidade na detección e prevención de blooms de algas tóxicas. Para isto é necesario incrementar de forma mais decidida os recursos humanos dispoñibles.

Garantir a inmediatez da comunicación dos resultados das mostraxes e os resultados de tal forma que se coñezan en tempo real adecuado por parte das profesionais do mar.

Acadar un investimento maior que permita incluír novas liñas de investigación para prever e combater as mareas vermellas.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Conseguir novos ingresos que suplan a finalización das axudas europeas no ano próximo do proxecto COCKLES.

En definitiva desbotamos esta proposta de orzamentos para o INTECMAR por pouco ambiciosos e incapaces de atender as necesidades, que en materia de investigación, necesitaría o instituto

**Por todo isto solicitamos a devolución do orzamento do INTECMAR.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 15:58:34**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 15, da Consellería do Mar, e axencias, entidades e fundacións públicas dependentes desta, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos mostran a folla de ruta do goberno que os presenta; deberían servir para solucionar os problemas que ten a xente, deberían reflectir que o goberno toma nota de cales son os grandes problemas que ten a poboación e actuar a través dos mesmos para solucionarlos.

Despois de levar 10 anos á fronte da Consellaría do Mar preséntanse uns orzamentos 65 millóns e euros máis baixos que os que había no ano 2009, case 800 millóns e euros acumulados que se deixaron de investir nun sector estratéxico como é o mar. Un país altamente dependente da pesca como é Galiza precisa uns orzamentos que impulsen, promovan e acompañen ao sector, e os que se presentan non van nesa dirección.

Preséntanse uns orzamentos escasos, e o drama é que logo ano tras ano presentan un nivel de execución baixísimo, con reducións de créditos por enriba do 50%. Unha parte moi importante do orzamento provén dos fondos FEMP, segundo o informe do Consello de Contas, no ano 2017 de 62.776.926 orzamentado só executaron 33.933.672. No ano 2018 de 65 millóns de fondos FEMP orzamentados só se certificaron 24 millóns, deixáronse sen executar 41 millóns.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No programa 723A, competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, que é o que contén maior orzamento deixan sen executar practicamente seis de cada dez euros.

Neglixencia absoluta á hora de xestionar os recursos, que mostran desleixo e inacción para co sector.

O balance deste período dos dez orzamentos precedentes que foron na mesma dirección é desolador:

Galiza nestes 10 anos perdeu arredor dun terzo dos pesqueiros do Gran Sol por déficit de cota ou por abandeiramento noutros países que si a teñen.

O enorme potencial marisqueiro do noso país veuse dramaticamente minguado en especies propias, como é a ameixa babosa, fina, ou no berberecho. Resulta inexplicábel que teñamos que mercar fora a cría de moluscos bivalvos na vez de producila. No marisqueo a pé reducíronse 489 Permex e o que máis grave é que aumentaron os de homes e diminuíron en 1145 os de mulleres.

Neste período as persoas afiliadas á seguridade social no réxime especial de pesca e acuicultura descenderon en 3.551.

Sectores como a baixura, a pesca artesanal, o xeito, abandonadas, obxecto da desidia da Xunta que volve a primar os intereses do gran capital, dunha elite económica, en detrimento das xentes do mar.

As infraestruturas portuarias seguen repetíndose ano tras ano cunha execución máis que lenta, non respondendo este ritmo a facilitar e apoiar a actividade produtiva do mar, a contribuír a mellorar a capacidade de xerar emprego.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Non contempla medidas para solventar a caída das rendas das persoas que viven do mar, nin para o relevo xeracional. Como exemplo a axuda inicial a xoves pescadores sendo ridícula no orzamento de 2019 con 400.000 euros para 2020 redúcese en 100.000.

A situación de indefensión que acaba provocando acoso, cansazo e a conseguinte expulsión da actividade e o despezamento tampouco se enfronta nestes orzamentos.

Non se adoptan medidas para a recuperación de zonas improdutivas, aumento da produción dos bancos, proxectos de coexistión, etc. Obxectivos imprescindíbeis para enfrontar o drama dos baixos ingresos das mariscadoras, as escasas capturas ou un modelo de comercialización obsoleto.

Multiplícanse os fondos para o sector da transformación, sen vinculación co produto autóctono nin con marcas vinculadas a Galiza.

Estes orzamentos mostran unha Consellaría sen proxecto, máis alá do reparto de subvencións, centrada en executar a folla de ruta que lle marca o poder económico e ir conseguindo que o sector abandone a actividade para poder entregarlle os recursos do noso mar en bandexa ao capital foráneo.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 15.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:54:37**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 15, Consellería do mar, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, atendendo ás seguintes razóns:

Estamos ante uns orzamentos que continúan sen atender ás necesidades reais do sector, que está afrontando nos últimos anos unha posición de desvantaxe.

A proposta de orzamento non demostra unha preocupación real por solucionar a complexa situación que atravesa o sector do mar, senón que supoñen unha continuidade coas políticas levadas adiante nos últimos anos, que non fixeron máis que dificultar a situación das traballadoras e traballadores do mar.

Só un incremento do 3,38% uns 5 M€. Uns 63 M€ menos, en euros reais, que cando chegou esta Conselleira a Consellería, un 27% menos, a este ritmo se recuperarían os orzamentos de antes da crise dentro de 8 anos. Uns orzamentos continuistas sen xiros estratéxicos en función das novas ameazas, debilidades ou oportunidades do sector. Chama a atención que por exemplo entre os orzamentos do 2019 e o 2018 había un programa co mesmo orzamento exacto ao euro que o ano anterior. Vese que so se fixo un corta pega.

Evidencian estes orzamentos que a Pesca e o Marisqueo xa non é unha prioridade para o Sr. Feijóo. Da o sector por amortizado e sen moito futuro.

E se os orzamentos non atenden as necesidades do sector, a execución é un verdadeiro escándalo, como é posible que no último exercicio pechado, o 2018, deixaran sen executar 75 M€, o 48% do orzamento.



Uns orzamentos, por outro lado, pouco transparentes para coñecer realmente onde van os cartos.

E cal é o resultado, un desplome da capacidade de pesca:

Descenso importantísimo do número de barcos e arqueo total tanto en Gran Altura, como na Pesca Comunitaria de altura e no caladoiro Cantábrico-Noroeste.

Chama moito a atención o desplome do número de barcos do palangre de superficie no caladoiro Cantábrico-noroeste onde baixaron os buques un 63% e o arqueo total un 90%.

Ou o total de barcos en augas comunitarias que descendeu un 45%.

O descenso do número de barcos de artes menores é mais reducido, pero todo indica que a súa actividade é moito menor que antes e votan moitos días no porto.

E que pasa co emprego, pois o número de traballadores, so tendo en conta os do réxime especial do mar, descendeu desde que vostedes están no goberno en 3.367 cando no total de España incrementáronse en 4.390. Se consideramos todas as traballadoras e traballadores que desenvolven actividades relacionadas co mar, o descenso superaría os 9.000.

No marisqueo, ata 2018, temos unha redución do 12 % no número de permisos que no caso das mulleres desplómase nun 30%. Non parece que estes orzamentos vaian a darlle a volta a isto.

Escoitamos continuamente que os armadores non poden cubrir as tripulacións, sobre todo nos postos que requiren máis formación, pois canto se inviste en formación pesqueira, o 5,8% do orzamento un 15% menos que no 2009.



Para aportar máis valor engadido as pesquerías son imprescindible as inversións en I+D+i, pois canto dedican para estas actividades no orzamento, o 3% claramente insuficiente. Pero ademais no 2018 deixáronse o 24% destas partidas sen executar.

É evidente que a mellora de infraestruturas asociadas á pesca debe de ser unha prioridade incuestionable, por operatividade e sobre todo por seguridade. Pasan os anos e obras imprescindibles de mellora e acondicionamento seguen a esperar por toda Galicia. E ano tras ano están presentes nos orzamentos, pero nunca se rematan e algunhas nin siquiera se inician. Pero o Goberno pon para estes traballos un 25% menos de orzamento que en 2009. Pero o máis asombroso é que no 2018 deixouse sen executar neste o programa o 85% do orzamento.

O programa de COMPETITIVIDADE E MELLORA DA CALIDADE DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA e a Acuicultura é evidentemente o programa máis importante desta Consellería, dos traballos que se desenvolvan neste eido dependerá a viabilidade futura do sector, porque o futuro, é evidente non é a cantidade se non a calidade e valor engadido dos produtos pesqueiros tanto en fresco como procesados. Ademais a sensibilidade social cara a calidade e seguridade alimentaria dos produtos do mar é moi alta e as persoas están dispostas a pagar por ela. Para iso hai que ter previstas actuacións moi esixentes e intensivas. Pois non parece que sexa unha prioridade deste goberno. Dispóñese dun 44% de orzamento menos que no 2009 e moito máis grave no 2018 xa que deixou sen executar o 77% do orzamento. Pero como é isto posible? Non hai preocupación por problemas como o do anisakis que esperta unha grande alarma social?

A regulación dos mercados da pesca e a mellora da comercialización debería de ser un dos grandes retos da Consellería. Refléxase nos orzamentos cun incremento con respecto ao 2019 dun 33%, uns 3 M€ máis. Pero aínda son un



31% menos que no 2009, e voltamos ao mesmo, un 52% sen executar no 2018. Pero non é unha prioridade evidente?

Para o DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZONAS DE PESCA figura un 9,5% máis de orzamento que o ano pasado, pero os 17 M€ orzamentados parécennos moi escasos para o enorme traballo que hai por diante e que será decisivo para que as autoridades da UE sexan conscientes da aposta pola sostibilidade neste sector en Galicia, o que podería incrementar o noso prestixio neste eido nas institucións europeas cos retornos para o sector que iso podería implicar. E de novo encontrámonos cun nivel de execución lamentable de só o 49%. Os obrigados pola UE Mapas de Transición Sostible de Galicia que se comezan a elaborar, tamén terán que analizar todo o sector pesqueiro e marisqueiro e seguro que aparecen moitas actuacións a realizar para garantir a mencionada sostibilidade.

É necesario tamén unha moito mellor xestión dos fondos europeos marítimo pesqueiros (FEMP). Hai moitas iniciativas subvencionadas que pouco ou nada tiñan que ver coa actividade da pesca e na mellora da súa sustentabilidade e competitividade.

Hai moitas outras ausencias nestes orzamentos que cómpre sinalar, posto que non atenden as demandas dos traballadores e traballadoras do mar.

En primeiro lugar, non se conta con partidas para sufragar os necesarios paros biolóxicos, unha realidade cada vez máis habitual que se produce para recuperar especies como o polbo, ou aqueles derivados da incapacidade de pescar determinadas especies por mor da redución de TAC e cotas.

Tampouco se contemplan as compensacións necesarias para adoptar medidas que permitan aos mariñeiros obter ingresos en caso de que non poidan saír o mar por razóns de mal tempo.





Tamén é escasa ou inexistente, a aposta orzamentaria para a modernización, mellora, potenciación e eficiencia das artes tradicionais que permitan a estas, de acordo coas directrices da UE, dar o paso e gañar o peso necesario dentro do modo de explotación dos nosos recursos mariños.

Constátase a inexistencia dunha política decidida de saneamento das nosas Rías, que se atopan nunha situación moi preocupante, especialmente na desembocadura dos cursos de auga. As necesidades de recuperación integral das nosas rías requiren dunha planificación global. Os parches e a falta de planificación levan a situacións como as vividas nas Rías de Arousa, Pontevedra e Vigo coa plaga de marteilía que practicamente fixo desaparecer o berberecho desas Rías.

Chama a atención que a pesar do acordo unánime adoptado polo Parlamento de Galicia, o orzamento desta Consellería non contemple partida algunha para mellorar a loita contra o furtivismo e dotar de vixilancia profesional pública os areas de forma que deixe de recaer sobre as traballadoras do mar.

Con este proxecto de orzamentos, demóstrase que en termos de gasto e inversión o mar continúa sen ser unha prioridade para o Goberno.

**Por todo isto rexeitamos o orzamento da Consellería do Mar e solicitamos a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**





**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 15:57:08**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, do ente público **Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño INTECMAR (Sección 15)**, dos **Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020**, polas seguintes razóns:

O Sector do mar en Galicia produce máis de 1.250 millóns de euros no que ten a ver coa produción marisqueira, pesqueira e mitícola, por iso toda a inversión destinada a entender os perigos aos que está sometida e investigar mecanismos de protección e mellora da produción, deben ser unha prioridade para o goberno.

O orzamento deste instituto demostra esta falta de compromiso. O orzamento destinado a investimento, é dicir, a proxectos que permitan mellorar e incrementar as liñas de investigación do instituto son claramente insuficientes e non vai permitir investigar máis e mellor a situación das mareas vermellas, coñecer mellor as súas causas e mellorar as predicións anticipándonos mellor ás súas consecuencias ou establecer mais liñas de investigación sobre os parásitos que afectan os nosos produtos marisqueiros, e recoñecer as causas e as solucións, mellorar polo tanto a produción científica e a colaboración con institutos similares en calquera parte do mundo, isto hoxe con este orzamento non é posible.

O crecemento vexetativo do orzamento evidencia unha falla de atención e sensibilidade cara os cada vez maiores riscos e ameazas tanto no que respecta a saúde do medio mariño como as ameazas sobre a seguridade alimentaria.



Vese que o orzamento non se fai sobre necesidades e novas estratexias de actuación, se non que se establece o orzamento para que as investigadoras e investigadores fagan o que poidan co que lles dan.

Neste senso é moi elocuente que hai partidas que se repiten de maneira reiterativa como por exemplo o orzamento para material de laboratorio que leva varios anos dotado coa mesma cantidade 49.030 €. É que non hai cada ano necesidades diferenciadas en función de programas de actuación ou incidencias especiais por crises sobrevidas?

Seguridade alimentaria. Cada ano menos dotada orzamentariamente e que chega este ano á, poderíamos dicir, ridícula cantidade de 211.000 € para un asunto desta importancia. Un 33% menos que o ano anterior e un 60% menos que en 2018.

Non se vai poder facer un control de especies introducidas nas depuradoras como a marteilía que esgotou o berberecho en moitas zonas e sobre a que non se actuou o suficiente ata que o problema xa non tiña solución en varias Rías. O mesmo poderíamos dicir da incidencia do Perkinsus que afecta, sobre todo, á ameixa xapónica.

Estes orzamentos impedirán:

- Investir en Formación e difusión.
- Investir en investigación en novas tecnoloxías de explotación marisqueira.
- Investir no incremento da produtividade dos bancos marisqueiros.
- Acadar solucións para a mellora das zonas marisqueiras.
- Acadar solucións e actuacións para a mellora da Calidade das augas.
- Conseguir unha moito maior cooperación co sector marisqueiro e mariñeiro para, dunha maneira participativa, implicar a todo o sector na mellora do medio mariño.
- Incrementar a cooperación coas universidades.



**Por todo isto solicitamos a devolución do orzamento do INTECMAR**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 16:02:17**



## Á Mesa da Comisión 3.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade que afecta á contía global dos estados dos orzamentos e que transfiren crédito entre seccións ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.**

### **1.- Uns orzamentos continuístas que reflicten un proxecto esgotado**

**1.1.- Uns orzamentos que se presentan coa característica de excepcionalidade cando a Xunta de Galicia limítase a facer o que ten que facer.**

Un Goberno autonómico con maioría absoluta despois de máis de dez anos continuados de exercicio non fai nada excepcional presentando os orzamentos: limítase a cumprir coas súas obrigas. Por certo, como están facendo outros gobernos autonómicos en España de xeito simultáneo (Canarias, Extremadura, Navarra, País Vasco, Andalucía, Castela-A Mancha), en similares condicións de falla de certeza sobre as previsións de transferencias de fondos derivadas do sistema de financiamento autonómico.

**1.2.- Uns orzamentos que presumen dun comportamento singular de Galicia nunha contorna inestable cando os datos indican outra cousa.**

Galicia hoxe está máis integrada, afortunadamente, en España e en Europa que nunca. No plano orzamentario, os fondos procedentes do orzamento comunitario e as transferencias finalistas da Administración Xeral do Estado explican unha boa parte da formación autonómica bruta de capital público. O Fondo de Facilidade Financeira xunto coa capitalización do sistema financeiro e a mellora na percepción internacional da solvencia do Estado a baixada dos tipos de xuro e polo tanto a menor carga financeira. As transferencias finalistas facilitan sensiblemente a prioridade outorgada ao combate contra a violencia de xénero, en favor do emprego ou na promoción de vivendas.



O consumo das familias, que é o elemento máis relevante do cadro macroeconómico, depende da actualización e reforzamento do sistema de pensións, da elevación do salario mínimo interprofesional e do bo comportamento do emprego en España.

Máis importante aínda é que Galicia leva tendo un perfil de crecemento sensiblemente similar ao español. Se España vai ben a Galicia tamén lle irá. Se España entra nun momento de desaceleración económica o máis probable é que a Galicia tamén lle suceda. Son múltiples os mecanismos de transmisión dos impulsos de crecemento (ou de desaceleración), a través do comercio (o resto de España é o principal mercado de exportación), os fluxos de capital, os fondos públicos ou os movementos de persoas.

O cadro macroeconómico presentado pola Xunta de Galicia confirma esta apreciación. Non hai nada singular, en sentido positivo, no perfil de crecemento de Galicia en relación co resto de España.

### **1.3.- Uns orzamentos que renuncian á modernización da economía**

A Xunta entregase a realizar unha sorte de economía – vudú, permitíndose incluír nas previsións de crecemento para 2020 os efectos positivos dun Xacobeo que en realidade terá lugar un ano despois.

Por contra, deixa de introducir medidas suficientes no relativo á promoción e apoio de sectores produtivos fundamentais. As nosas producións fundamentais, despois dun ano 2019 con evidentes dificultades para o comercio exterior, afronta un contexto externo incerto:

- A incerteza persistente en relación co Brexit
- O recrudecemento da guerra comercial entre Estados Unidos e China
- As ameazas de Trump ás exportacións europeas ao mercado estadounidense



- A aceleración dos plans de descarbonización en todo o mundo e singularmente na Unión Europea, nun proceso absolutamente imprescindible pero que obrigará a unha transición industrial rápida.

Así, cando o sector industrial galego perdeu case que 30.000 postos de traballo dende 2009, con Feijóo no Goberno, resulta inexplicable que estes orzamentos, lonxe de abordar unha política coherente e apostar por un apoio aos sectores produtivos, reduce as súas partidas en tal ámbito, pois minóranse os recursos necesarios para axudar á transición enerxética e apoiar ás comarcas afectadas pola crise industrial, renunciando a apostar pola modernización económica e polo emprego industrial.

Igualmente o Goberno galego ven reducindo as partidas que máis poderían axudar ao tecido económico e industrial en pleno contexto de dificultades económicas previstas polo Brexit, a guerra arancelaria entre Estados Unidos e China, ou o endurecemento transición industrial fixada pola UE.

#### **1.4.- Uns orzamentos que manteñen unha política tributaria equivocada**

No relativo aos ingresos, a documentación orzamentaria resulta ser excesivamente ambiciosa sobre os ingresos alleos pero restritiva nos propios da Xunta de Galicia, nunha sorte de comportamento free-rider que pon en risco a necesaria acción sobre as partidas básicas do Estado do Benestar.

O incremento das desigualdades provocadas polo mercado esixiría actuar tanto neste plano canto na súa corrección a través dos instrumentos públicos, ou sexa, avanzar na progresividade fiscal. Sen embargo, a Xunta de Galicia segue a optar por unha política de marketing fiscal e de redución substancial da progresividade: sen efectos sobre o ritmo de crecemento, con efectos negativos sobre o compoñente redistributivo. En tal sentido:

- Moitos dos beneficios fiscais consisten en pequenos regalos a contribuíntes escollidos que, na maior parte das ocasións, teñen un efecto agregado irrisorio. Carécese ademais de información sobre a capacidade





dos incentivos fiscais introducidos para alterar o comportamento dos individuos –polo tanto sobre a súa eficacia-.

- Os cambios máis relevantes teñen sido nos últimos dous anos:
  1. A redución dos tipos do Imposto de Patrimonio –que só afecta aos 12.000 contribuíntes de maior riqueza en Galicia-.
  2. O incremento substancial das bonificacións en sucesións para as herdanzas de entre 400.000 (practicamente xa exentas de tributación) e 1 millóns de euros por herdeiro, aparte da vivenda habitual. O que provocaría que unha herdanza de 3,5 millóns de euros, a distribuír entre tres herdeiros non xeraría recursos apenas para as arcas públicas autonómicas.

A Xunta de Galicia afecta negativamente á progresividade do conxunto do sistema tributario sen producir efectos sobre o ritmo de crecemento.

### **1.5.- Uns orzamentos que contradín o compromiso de déficit 0 no exercicio de 2020**

A Xunta de Galicia tiña establecido como obxectivo chegar ao déficit 0 no ano 2020, en función dos escenarios aprobados no último ano do Goberno Rajoy, que serviron en 2019 para confeccionar o orzamento autonómico. Sen embargo en 2020 renuncian a ese horizonte e prolonga un ano máis a consolidación fiscal, incorrendo nun déficit do exercicio similar ao do exercicio precedente, de 68 millóns de euros. Non criticamos o volume de endebedamento. Criticamos a renuncia a un compromiso previo, que era defendido no debate orzamentario precedente con enerxía. E só explicamos esta viravolta pola condición electoral do exercicio 2020.



## 1.6.- Un compromiso insuficiente con prioridades de gasto desatendidas durante 10 anos.

Pese a manter o nivel de déficit de 2019, hai un esforzo insuficiente en gastos de capital, o que obrigará a reducir substancialmente os recursos destinados ás infraestruturas de transporte de Galicia (en 56 millóns de euros nada menos), cunhas partidas que se sitúan no 55 % dos investimentos do 2008 ou 2009, ao tempo que diminúe en 14 millóns de euros as partidas para promoción de solo destinado a actividades económicas, e rebáixase noutros 2 millóns as partidas para desenvolvemento empresarial.

O incremento en 9 millóns das partidas destinadas ao turismo, especialmente relacionado co Xacobeo, resulta ser un aumento menor que os ingresos previstos por patrocinios, co que se deduce que tamén aquí cae o aporte neto previsto polo Goberno galego.

Resulta preocupante que logo de seis anos de crecemento económico ininterrompido no Estado, a Xunta de Galicia sexa incapaz de facer o esforzo necesario para soste os elementos necesarios do Estado do Benestar, deixando ao descuberto os ocos de 10 anos de recortes.

Os orzamentos van moi por detrás das necesidades en materia de Política Social, e as afirmacións do Goberno galego sobre o apartado social obvian o deterioro resultante na sanidade, sinaladamente a atención primaria ou as listas de espera, así como os retrasos na atención á dependencia ou na execución de residencias. En realidade o orzamento de 2020 simplemente repoñería, ao final do exercicio, os recortes introducidos ao longo do exercicio 2019 na atención primaria. O incremento nas partidas de sanidade permite unha mellora retributiva xeral para o persoal público, e o resto dependerá da asignación do chamado Fondo de Continxencia.



Continúase pois sen abordar na intensidade necesaria a cura das feridas sociais, cunhas desigualdades demasiado amplas, cun desemprego que hai tempo que non baixa dos dous díxitos, co peor comportamento de todas as comunidades autónomas.

Todo o cal lévanos a concluír que o proxecto de orzamentos remitido non da resposta axeitada aos principais retos para o impulso do crecemento económico, a diminución das desigualdades e a creación de emprego en Galicia, polo que esixe adoptar outro tipo de medidas máis ambiciosas e importantes que as contempladas no Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2020 presentado polo actual Goberno da Xunta de Galicia.

## **2.- Outra política orzamentaria é posible. Outra política que fomente o emprego de calidade e a modernización económica, que reduza a desigualdade e promova a mellora dos servizos sociais.**

Cara a poder abordar diversas actuacións non previstas no documento orzamentario remitido dende o Goberno autonómico para o exercicio do 2020, cas limitacións que supón ter unha información moi parcial, a presente emenda á totalidade propón movementos en partidas orzamentarias por unha **contía global de 427.950.277 euros**, cantidade que representa unha variación da orde do 4,15 % sobre o total do gasto non financeiro consolidado presentado polo Goberno galego; e que, en base ás consideracións que se realizan, aumentarían a cantidade total dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio do 2020, ata **os 12.048.552.614 euros**, situando pois o aumento producido respecto ao ano anterior no 4,37 %.

### **2.1.- Unhas entregas a contas infradotadas**

En relación aos ingresos previstos, nas entregas a conta procedentes do Estado existe unha diferenza favorable a Galicia entre as contías dadas a coñecer polo Ministerio de Hacienda e as que reflicten o proxecto de orzamentos. Así no Consello de Ministros celebrado o pasado día 11 de outubro se deron a coñecer a



estimación da liquidación do sistema de financiamento de 2018, que é favorable á Galicia, e que se percibirá no 2020, observado unha diferenza de 28.652.277 euros, que é necesario incorporar para o exercicio do 2020.

Ademais do incremento pola consideración anterior, existen outra serie de aumentos nos ingresos posibles da Comunidade que, nunha estimación realista e moderada.

## 2.2.- Unha política de ingresos non conformista e máis progresista

Requírese unha política de ingresos non conformista e máis progresista, que implicará:

En relación ao **I.R.P.F.** a modificación dos tipos a aplicar nos tramos máis altos da tarifa autonómica, a partir de bases liquidables superiores a 47.600 €, de tal xeito que se promova unha maior progresividade neste tributo de carácter persoal.

No **Imposto sobre o Patrimonio**, unha diminución do mínimo exento ata os 400.000 € (exceptuando a vivenda habitual polo mesmo importe) estando en desconformidade ca rebaixa do 20 % que se promoveu polo Goberno galego neste imposto que, como é sabido, unicamente teñen que abonar aquelas persoas que alcanzan un maior patrimonio da nosa comunidade, rematando ca mínima visión progresista que existía ao respecto. Non parece solidario que o Goberno galego propugne que (a partir de 2020) os 7.700 patrimonios máis elevados de Galicia, teñan unha redución da orde dunha media de 1.600 euros.

Unhas previsións máis realistas na recadacións do **Imposto de Sucesións e do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados**, en función das cifras das liquidacións coñecidas de períodos anteriores, a evolución coñecida para o terceiro trimestre do actual exercicio e tendo en conta a súa previsible evolución.



A posta en marcha dun **Imposto sobre as grandes superficies comerciais** (partida 102000), xa vixente noutras comunidades autónomas, como un ingreso novo que non é contemplado nos orzamentos presentados.

Unha serie de **impostos sobre os custes medio-ambientais de determinadas actividades**, como o imposto sobre as instalacións que inciden en el medio ambiente como as da telefonía e telemática e as liñas de transporte de enerxía eléctrica (partida 170); ou dun imposto sobre a emisións de gases nocivos á atmosfera (partida 2501). Todos eles igualmente en vigor noutras comunidades autónomas.

O **aumento do actual gravame polo aproveitamentos pola auga encorada**, conxelado dende fai moitos anos, cun aumento nas tarifas do 50 % (en termos reais un aumento inferior ao do momento da súa promulgación), recaendo directamente sobre as sociedades que se benefician de tal ámbito.

De xeito congruente, os cambios impositivos referidos, correspóndense ca **proposta de modificación legislativa** concreta, a aprobar mediante as correspondentes emendas, co obxecto de levar a cabo os cambios correspondentes no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas relacionado co orzamentos para 2020 e que, como é sabido, deberá ser presentadas no tramite parlamentario posteriormente.

A falta de responsabilidade fiscal da Xunta tamén se pon de manifesto na política de beneficios fiscais que leva a cabo. Nos orzamentos do 2014, 2015, 2016 e 2017, 2018 e 2019, a Xunta de Galicia realiza unhas previsións onde se cuantifican tales bonificacións fiscais.

Dende 2014 estes beneficios fiscais supuxeron unha caída acumulada que acada os 2.827 millóns de euros e destacando o Imposto de Sucesións e Doazón, que acumula uns beneficios fiscais de 717 millóns de euros.

Así pois, o volume de beneficios fiscais no medio longo prazo supón a perda dun volume de recursos públicos moi importante co seu respectivo impacto na equidade do sistema.

#### Resumo Beneficios Fiscais da Xunta. 2014-2019. Miles euros.

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
<b>IRPF</b>	19.125	21.373	28.900	24.755	23.151	26.211	27.260
<b>IP</b>	804	804	804	94.514	200	800	700
<b>ISD</b>	88.289	76.691	117.477	144.250	142.367	148.186	155.450
<b>ITP-AXD</b>	15.309	20.567	30.469	103.085	44.366	59.469	66.898
<b>Hidrocarburos</b>	14.718	19.078	6.483	8.745	8.975	4.625	0
<b>Taxas e prezos</b>	171.959	173.985	179.758	178.088	186.079	191.148	200.835
<b>Total</b>	<b>310.204</b>	<b>312.499</b>	<b>363.892</b>	<b>553.437</b>	<b>405.139</b>	<b>430.439</b>	<b>451.153</b>

Fonte: Orzamentos de Galicia. Euros.



Unha revisión dos beneficios fiscais é fundamental para reverter a perda de equidade que presenta o sistema.

Así, esta revisión tería como principal obxectivo analizar os diversos descontos que existen por compra, así como tamén, a análise da redución por parentesco para o Grupo II

As estimacións previstas darían como resultados a seguinte previsión de recadación.

MEDIDA	CONTÍA	DENOMINACIÓN
3	35.000.000	Incremento Minoración Selectiva Beneficios Fiscais

#### 4. Mellora do Plan de Inspección e de Loita contra o Fraude Fiscal

Por outra banda, Galicia ten un problema grave co fraude fiscal e parece que a Xunta de novo, evade as súas responsabilidades. Os resultados indican que en Galicia a economía somerxida acada o 22,8% do noso PIB, o que equivale a un volume de 12.400 millóns de euros e que sitúa a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma con mais economía somerxida, soamente superada por Canarias e Andalucía.

O obxectivo sería de reducir a economía somerxida galega á media española na próxima lexislatura, o cal faría situala no 20% do PIB, isto é, unha redución do 2,8%. Así pois, esta medida implicaría aumentar o noso PIB en torno a uns 1.300 millóns de euros.

Os ingresos anuais obtidos desta media serían os seguintes.



MEDIDA	CONTÍA	DENOMINACIÓN
4	15.000.000	Incrementos derivados reforzamento Plan de Inspección e Loita contra o Fraude Fiscal

## 5. Incremento do endebedamento neto.

Os Orzamentos 2020 indican que o endebedamento bruto da Xunta de Galicia reducirase un 4,3% con respecto ano o ano 2019, isto é, unha redución de 76,6 millóns de euros.

A Xunta vaise endebedar por un total de 1.961,7 millóns de euros, dos cales 1.518,7 millóns irán destinados a amortizacións e 173 millóns correspóndese co endebedamento neto.

Deses 173 millóns, 124,7 millóns son para o financiamento de activos financeiros, mentres que os 48,2 millóns restantes sería co que se correspondería co endebedamento neto.

Dende En Marea consideramos que resulta fundamental a sustentabilidade das contas públicas, mais tamén consideramos que existe marxe suficiente para modificar os ritmos de redución de débeda

Deste xeito En Marea propón reducir o endebedamento neto nun 10,45% en lugar do 27,3% que se indica nos orzamentos 2020. O aumento dos recursos derivados desta medida expóñense no seguinte.

MEDIDA	CONCEPTO	CONTÍA	DENOMINACIÓN
5	950	40.000.000	Préstamos recibidos e emisión de débeda



Así pois, a **adopción das medidas descritas anteriormente**, permitirán incrementar os ingresos públicos nun total de **226.000.000** euros.

#### CADRO RESUMO EIXOS ACHEGA ADICIONAL DE RECURSOS

EIXO	CONCEPTO	CUANTÍA
<b>1</b>	Fondo compensación Territorial	<b>10.000.000</b>
<b>2</b>	Novas Medidas Fiscais	<b>126.000.000</b>
<b>3</b>	Revisión pormenorizada dos beneficios fiscais	<b>35.000.000</b>
<b>4</b>	Plan loita contra fraude Fiscal	<b>15.000.000</b>
<b>5</b>	Endebemento neto	<b>40.000.000</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>226.000.000</b>



**SEGUNDO.-** A continuación expóñense ás baixas de crédito que se dan nos diferentes programas. A suma das baixas realizadas acadan os **263.780.263 euros**.

<b>Minoracións, Baixas das seguintes Partidas de gato contidas no anteproxecto de Orzamentos 2020</b>				
<b>#Sección, Servizo, Programa, Capítulo, Concepto -&gt;Importe#</b>				
01	01	111B	22200	110.000
01	01	111B	22799	165.000
01	01	111B	6400	55.000
01	02	111B	10000	11.000
01	02	111B	11000	33.000
02	01	111C	100	44.000
03	01	111D	100	6.600
04	10	111A	100	11.000
04	10	111A	110	99.000
04	10	111A	22699	200.000
04	11	111A	100	6.600
04	20	461A	100	6.600
04	20	461A	110	66.000
04	20	461A	22001	15.000
04	20	461A	22608	350.000
04	20	461 <sup>a</sup>	22699	92.000
04	20	461A	6400	550.000
04	21	461A	1000	6.600





04	30	312C	1000	6.600
04	30	312C	110	16.500
04	40	441A	100	6.600
04	40	441A	110	7.700
05	11	311A	100	6.600
05	11	311A	110	7.700
05	12	121B	100	6.600
05	21	121A	100	11.000
05	21	121A	110	55.000
05	21	121A	632	700.000
05	21	121A	6402	100.000
05	21	324B	22706	110.000
05	22	131A	100	6.600
05	23	141A	100	6.600
05	24	121C	100	6.600
05	24	121C	22706	11.000
05	24	121C	6400	11.000
05	25	212A	100	6.600
05	26	111E	100	11.000
05	27	122A	100	6.600
05	28	121A	100	27.500
05	28	121A	110	38.500
06	01	611a	100	13.200
06	01	611A	110	27.500



06	01	612A	6	275.000
06	02	621A	100	6.600
06	03	612A	100	6.600
06	04	612A	100	6.600
06	05	124A	100	6.600
07	01	541A	100	13.200
07	01	541A	110	27.500
07	01	541A	526	44.000
07	02	541D	100	6.600
07	03	541B	100	6.600
07	03	541B	470	275.000
07	04	521A	100	6.600
04	10	571A	73200	29.700.000
08	01	511A	100	13.200
08	01	511A	110	33.000
08	01	512B	73204	40.000.000
08	01	511A	6400	100.000
08	01	512B	432	2.000.000
08	02	512A	100	6.600
08	02	512A	640	2.000.000
08	03	511A	100	6.600
09	10	731A	100	13.200
09	10	731A	110	55.000
09	10	731A	222	110.000



09	10	731A	640	1.540.000
09	20	732A	100	6.600
09	20	732A	6330	11.000
09	20	734A	77001	500.000
09	20	734A	7810	500.000
09	30	751A	100	6.600
09	30	751A	741	120.000
09	40	322C	4706	2.500.000
09	40	322C	640	77.000
09	40	324A	100	6.600
09	40	324C	4703	495.000
09	40	324A	4816	100.000
09	40	324A	6402	275.000
09	41	322A	22706	950.000
09	41	323A	100	6.600
09	41	323A	212	38.500
09	41	323A	2706	165.000
09	41	323A	6320	400.000
09	41	323A	64001	300.000
09	41	323B	471	1.100.000
10	30	421A	100	50.000
10	30	421A	110	50.000
10	30	422A	4821	27.530.000
10	30	422A	48331	2.500.500



10	30	422M	4821	2.650.000
10	30	422M	132	11.232.567
10	30	422A	132	16.345.029
10	30	423A	482	1.100
10	30	423A	484	660
10	30	423A	485	3.300
10	30	423A	486	7.700
10	40	561B	74315	2.500.000
11	10	431A	100	13.200
11	10	431A	110	33.000
11	10	432A	100	6.600
11	20	432B	443	5.717.052
11	20	432B	74315	4.500.000
11	30	433A	10	6.600
11	40	151A	10	6.600
11	40	151A	10	3.300
12	01	411A	10	13.200
12	01	411A	11	38.500
12	80	412A	500	20.000.000
13	01	311A	100	13.200
13	01	311A	110	38.500
13	01	311A	22001	55.000
13	01	311A	22603	55.000
13	02	213B	100	6.600



13	03	311A	100	6.600
13	03	312A	4801	64.398.466
13	04	311A	100	6.600
13	05	313A	100	6.600
14	01	711A	100	13.200
14	01	711A	110	38.500
14	02	551B	6401	2.000.000
14	02	713B	100	6.600
14	03	713E	100	6.600
14	04	551A	100	6.600
15	01	721A	100	38.500
15	01	721A	110	44.000
15	02	723A	64	1.100.000
11	80	411A	100	33.000
12	80	412B	500	9.000.000
12	80	412A	140	742.793
04	A1	311A	6400	77.000
04	A1	571A	100	6.600
04	A1	571A	22200	1.650.000
04	A1	571A	7700	880.000
06	A2	621A	100	6.600
06	A2	621A	22001	16.500
06	A2	621A	22708	27.500
09	A1	741A	100	6.600



09	A1	741A	22706	250.000
09	A1	741A	6260	600.000
09	A2	733A	7807	900.000
09	A3	561A	100	6.600
09	A4	741A	100	6.600
15	01	541C	60	2.200.000
11	A1	432B	100	6.600
11	A2	761A	100	6.600
23	02	621B	500	1.400.000
08	02	512A	70	312.000

**TERCEIRO.-** Unha vez posto de manifesto o incremento de recursos adicionais e as baixas de crédito nas diferentes partidas, son propostos os seguintes incrementos, que acadan un total de **489.780.263 euros**.



<b>PLAN DE CHOQUE VIOLENCIA MACHISTA (35.000.000€)</b>					
05	11	313B	4600	<b>Plan de Protección da igualdade e prevención da Violencia machista a desenvolver polas corporacións locais</b>	7.000.000
05	11	313B	4801	<b>Plan de Garantía independencia económica mulleres vítimas violencia de xénero</b>	5.000.000
05	11	313B	4813	<b>Recursos Integrais para as mulleres en situación de especial Vulnerabilidade</b>	4.500.000
05	11	313B	4802	<b>Plan integral de emerxencia para poñer fin aos Femicidios</b>	4.500.000
05	11	313B	64011	<b>Mellora da Asistencia psicolóxica a agresores e unidades especializadas de tratamento</b>	4.000.000
05	23	141A	6251	<b>Programa de cooperación coas CCLL: Establecemento de sistemas de vídeo vixilancia, mellora de iluminación e reforzo de patrulla en enclaves urbanos negros para as mulleres (aparcadoiros, pasadizos)</b>	1.500.000
05	22	131A	6231	<b>Equipación de instalacións con Cámaras de Gesell nos xulgados</b>	1.000.000



				das 7 cidades	
05	22	131A	6221	Reformas nas instalacións xudiciais para asegurar dependencias separadas vítimas / agresores	1.000.000
05	22	131A	6401	Plan estratéxico de intervención para a atención integral ás mulleres que retiraron as denuncias VIXE	1.500.000
05	11	313B	64012	Mellora do sistema de seguimento integral de casos de VIXE e detección policial do risco (Viogen), incorporando a valoración do agresor e a situación dos menores, non limitándose so aos riscos de agresión física.	2.500.000
12	80	412A	62111	Programa de actualización e mellora dos protocolos sobre violencia machista en centros sanitarios e asistenciais.	2.500.000
<b>IGUALDADE (5.500.000€)</b>					
05	11	313B	6404	Plan de implementación da estratexia de igualdade e non discriminación nos sectores de I+D+I de Galicia.	500.000





05	11	313B	6405	Plan de fomento do acceso á formación profesional e disciplinas universitarias tradicionalmente masculinizadas	500.000
05	11	313B	6406	Plan de igualdade e prevención da violencia de xénero no deporte	1.000.000
05	11	313B	6407	Plan de fomento do deporte feminino de base en disciplinas masculinizadas	1.000.000
05	11	313B	6408	Plan de promoción profesional das mulleres en sectores masculinizados e de maior valor engadido	1.000.000
05	11	313B	6409	Impulso da titularidade compartida da explotacións agrarias	1.000.000
05	11	313B	64010	Plan de inspección para detección e eliminación da fenda salarial	500.000
<b>ASEGURAMENTO DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS (3.000.000€)</b>					
05	22	131A	64002	Creación dunha aplicación informática que permita a tramitación dos procedementos xudiciais integramente en lingua	3.000.000



				galega	
<b>MELLORA DAS CONDICIÓNS DE DEREITO A UN FINAL DE VIDA DIGNO</b>					
<b>(3.551.263€)</b>					
04	10	111A	6401	<b>Creación da Oficina de atención ás vítimas de franquismo (con anexo específico para roubo de bebés)</b>	525.000
12	02	413A	6403	<b>Programa de información e sensibilización sobre o documento de instrucións previas</b>	525.000
12	80	412A	62111	<b>Incremento de recursos para ADO para a atención de cuidados paliativos</b>	1.000.000
12	80	412A	62111	<b>Garantía intimidade na fase terminal: habilitación de espazos hospitalarios individuais reservados para doentes e acompañantes.</b>	1.000.000
05	80	122B	6401	<b>Formación multidisciplinar sobre o dereito a un final de vida digno dende as perspectivas ética, médica e psicosocial.</b>	501.263
<b>COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO (2.000.000€)</b>					
05	26	331A	4900	<b>Cooperación no Exterior</b>	1.000.000



05	26	331A	4810	<b>Axudas en materia de cooperación ao Desenvolvemento, institucións sen fin de lucro</b>	550.000
05	26	331A	4812	<b>Fondo Galego cooperación e solidariedade</b>	150.000
05	26	331A	7900	<b>Axudas cooperación no Exterior</b>	300.000
<b>ESTRATEGIA GALEGA DE TURISMO SOSTIBLE. (5.000.000€)</b>					
A2	761A	6400		<b>Promoción e difusión do Turismo</b>	2.000.000
A2	761A	7440		<b>Convenios coas universidades en materia de turismo</b>	1.000.000
A2	761A	7701		<b>Axudas desestacionalización sector turístico</b>	2.000.000
<b>PLAN DE EMERXENCIA PARA O EMPREGO, ELIMINACIÓN DO PRECARIADO (45.500.000€)</b>					
9	40	322C	4710	<b>Programa Emprego por conta allea, persoas desempregadas de longa duración e maiores de 45</b>	14.000.000
9	40	322C	4711	<b>Programa especial emprego Feminino e equiparación salarial</b>	10.500.000
9	40	322C	4712	<b>Plan de Emerxencia emprego xente Moza e erradicación do precariado</b>	10.500.000
9	40	322B	4713	<b>Plan loita contra a precariedade</b>	10.500.000



				Laboral	
<b>IMPULSO COMERCIO DE PROXIMIDADE DOS PRODUTOS LOCAIS E DA SOBERANÍA ALIMENTARIA (5.180.000 €)</b>					
9	30	751A	6401	<b>PROMOCIÓN DO COMERCIO E DOS PRODUTOS GALEGOS</b>	1.400.000
9	30	751A	4810	<b>Diagnose e Asesoramento ó Comercio de Proximidade</b>	280.000
9	30	751A	7613	<b>Espazos Comerciais Municipais, Mercados Excelentes e emprendemento</b>	1.400.000
9	30	751A	7705	<b>Renovación Comercio Retallista de proximidade</b>	2.100.000
<b>I+D+DI (10.000.000€)</b>					
9	A3	561A	4800	<b>AXUDAS PREDOUTORAIS E FOMENTO CONTRATACIÓN I + D +I</b>	700.000
9	A3	561A	4440	<b>TRANSFERENCIAS CORRENTES ÁS UNIVERSIDADES PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA</b>	350.000
9	A3	561A	7032	<b>Creación do Centro Superior de Innovación e Deseño Téxtil de Galicia en Arteixo (Primeira Anualidade)</b>	760.000
9	A3	561A	7033	<b>Creación do Centro de Recursos para o Desenvolvemento Sostible</b>	350.000



				<b>de Galicia en As Pontes (Primeira Anualidade)</b>	
09	A3	561A	7034	<b>Creación do Centro de Eco-Empresas de As Pontes (Primeira anualidade)</b>	350.000
9	A3	561A	7035	<b>Creación do Centro de Eco-Empresas de Cerceda (Primeira anualidade)</b>	210.000
9	A3	561A	7036	<b>Creación do Centro de I+D+i de novos materiais a partir de elementos reciclados e novos procesos de reciclaxe en Cerceda(Primeira anualidade)</b>	210.000
09	A3	561A	7037	<b>Creación do Centro de promoción, planificación e desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais en Galicia en As Pontes (primeira anualidade)</b>	210.000
09	A3	561A	7440	<b>TRANSFERENCIAS de Capital ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS</b>	210.000
09	A3	561A	7710	<b>Emprendemento Innovador</b>	1.750.000
09	A3	561A	7810	<b>ACTUACIÓNS DE I+D+i A INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO</b>	1.400.000
09	A3	561A	6033	<b>Creación da empresa pública da Economía Circular de Galicia</b>	3.500.000



				<b>(EcoCirga) para a transformación, reutilización e valorización de residuos (Primeira Anualidade)</b>	
<b>NOVO MODELO PRODUTIVO, INDUSTRIA E ENERXÍA (38.350.000€)</b>					
09	20	732A	6401	<b>Seguimento medioambiental parques eólicos e liñas eléctricas</b>	140.000
09	40	324A	6400	<b>Promoción da prevención de Riscos Laborais</b>	105.000
09	40	324C	6400	<b>Promoción do Cooperativismo e da Economía Social</b>	350.000
09	20	733A	48010	<b>Financiamento da Tarifa Social eléctrica (cambio de denominación ticket eléctrico)</b>	4.200.000
09	A2	733A	7804	<b>Aforro e Eficiencia enerxética Fogares</b>	3.150.000
09	A2	733A	7805	<b>Plan piloto de reforma enerxética de fogares nos Concellos de As Pontes e Cerceda</b>	4.200.000
09	A1	741A	6409	<b>Campaña promoción viticultura Galega no exterior</b>	70.000
09	A1	741A	77001	<b>Apio ao acceso ao financiamento das explotacións leiteiras</b>	140.000
09	A1	741A	77002	<b>Programa de microcréditos</b>	140.000
09	A1	741A	77003	<b>Axudas por Danos producidos por</b>	350.000



				<b>Xiadas e Sarabias</b>	
09	A1	741A	7816	<b>Redes e mellora da produtividade a través da cooperación</b>	490.000
09	A2	733A	6417	<b>Desenvolvemento do Mapa da Transición Sostible de Galicia</b>	350.000
09	A2	733A	6418	<b>Desenvolvemento dos proxectos piloto do Mapa da Transición Sostible de Galicia nos Concellos de As Pontes e Cerceda</b>	105.000
09	A2	733A	7806	<b>Axudas as Familias para Instalación de equipos Autónomos Fotovoltaicos</b>	2.100.000
09	A2	733A	7606	<b>Instalación de puntos de Carga de Vehículos Eléctricos</b>	175.000
09	A2	733A	7706	<b>Plan de Desenvolvemento do Transporte Público eléctrico</b>	210.000
09	A2	733A	7601	<b>Axudas de aforro e eficiencia Enerxética a Corporacións Locais</b>	1.750.000
09	A2	733A	7700	<b>Axudas de aforro e eficiencia Enerxética a Empresas</b>	2.450.000
09	A1	741A	7709	<b>Plan de Desenvolvemento dos produtos agroalimentarios artesanais de calidade</b>	1.400.000
09	A1	741A	7710	<b>Plan estratéxico de mellora da</b>	1.400.000



				<b>industria do Moble</b>	
09	A1	741A	7711	<b>Plan específico para o desenvolvemento de iniciativas de produtos de proximidade nas comarcas de As Pontes e Cerceda</b>	700.000
09	A1	741A	7712	<b>Plan específico para o desenvolvemento de iniciativas empresariais no eido das enerxías renovables nas comarcas de As Pontes e Cerceda</b>	1.400.000
09	A2	733A	6419	<b>Creación da Empresa pública de xestión de enerxías renovables de Galicia (ENERGA) (Primeira anualidade)</b>	350.000
09	A2	733A	6421	<b>Creación da empresa pública comercializadora de electricidade Enerxía de Galicia (ENERGA COMERCIALIZADORA). (Primeira anualidade).</b>	350.000
09	A2	733A	6421	<b>Creación da empresa pública comercializadora de electricidade Enerxía de Galicia (EnerGal). (Primeira anualidade)</b>	350.000
09	A2	733A	6420	<b>Elaboración do mapa de recursos</b>	210.000





				enerxéticos renovables de Galicia	
09	A2	733A	7707	Programa de luminosidade sustentable e contra a contaminación lumínica.	350.000
<b>DESENVOLVEMENTO DE TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓNS (2.000.000€)</b>					
04	A1	571A	6031	Plan RETEGAL contra a fenda dixital no rural galego. (Primeira anualidade)	2.000.000
<b>AXUDAS A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO NO SECTOR DO MAR (140.000 €)</b>					
15	01	721A	4800	Incremento do orzamento para Axudas a familiares de falecidos en accidentes no mar	100.000
15	01	721A	4810	Incremento das axudas a institucións de interese social	40.000
<b>COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA (2.031.400 €)</b>					
15	02	723A	7700	LIMITACIÓN IMPACTO PESCA NO MEDIO MARIÑO E ADAPTACIÓN DA PESCA Á PROTECCIÓN DE ESPECIES	1.057.000
15	02	723A	7703	EFICIENCIA ENERXETICA E MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMATICO. SUSTITUCION OU MODERNIZACION MOTORES	134.400
15	02	723A	7705	VALOR ENGADIDO, CALIDADE DOS PRODUTOS E UTILIZACIÓN	140.000



				<b>CAPTURAS</b>	
15	02	723A	7706	<b>SAÚDE E SEGURIDADE</b>	210.000
15	02	723A	7800	<b>AXUDA INICIAL A XOVENES PESCADORES</b>	490.000
<b>ENSINANZAS PESQUEIRAS (350.000 €)</b>					
15	03	422K	6401	<b>DESENVOLVEMENTO FORMACION PROFESIONAL NAUTICO MARITIMO PESQUEIRA</b>	350.000
<b>PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PESQUEIRA (4.500.000 €)</b>					
15	03	561A	6404	<b>PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN</b>	4.500.000
<b>INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (665.000 €)</b>					
15	A1	541C	13000	<b>INCREMENTO DO PERSOAL INVESTIGADOR</b>	350.000
15	A1	541C	6230	<b>MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTENSILIOS</b>	70.000
15	A1	541C	6280	<b>ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE LABORATORIO</b>	35.000
15	A1	541C	6400	<b>SEGURIDADE ALIMENTARIA: REDE DE CONTROL DE GALICIA</b>	210.000
<b>PLAN RECUPERACIÓN DO MEDIO RURAL, LOITA CONTRA INCENDIOS E RECUPERACIÓN POBOACIÓN RURAL (46.060.000€)</b>					
14	03	712B	7401	<b>Plan: Autosuficiencia enerxética</b>	3.500.000



				<b>explotacións Agrarias</b>	
14	03	712B	7725	<b>Plan Apoio incorporación Xente Moza</b>	7.000.000
14	03	712B	7730	<b>Plan de mellora e recuperación Sector Lácteo</b>	8.400.000
14	03	713E	6042	<b>Plan específico de Loita e erradicación da vespa Velutina e do castiñeiro</b>	2.800.000
14	03	713F	60	<b>Mobilidade Terras Agrarias improdutivas</b>	4.900.000
14	03	713B	7700	<b>Programa de recuperación de masa forestal autóctona en espazos deforestados polos lumes forestais e superficies abandonadas non aptas para o cultivo agrario</b>	2.100.000
14	03	713B	6402	<b>Guía de aproveitamento sustentable de masas forestais autóctonas</b>	70.000
14	04	712C	4812	<b>Incrementar a axuda directa aos Sindicatos agrarios</b>	280.000
14	04	713C	7723	<b>Liñas de apoio financeiro á substitución da gandeiría intensiva por extensiva</b>	1.400.000



14	01	711A	6402	<b>Plan de información nas cidades sobre a soberanía alimentar</b>	70.000
14	04	713C	7722	<b>Fomento de prácticas silvopastorís</b>	70.000
14	04	712B	7725	<b>Impulso a iniciativas innovadoras de xestión territorial</b>	700.000
14	03	713C	410	<b>Plan de Choque contra o cambio climático, axudas perdas ocasionadas inclemencias meteorolóxicas</b>	4.200.000
14	04	712B	7725	<b>Programa de acceso e incremento de base territorial ás explotacións gandeiras. Articulación mediante préstamos a interese cero e 10 anos, para xente nova, até un máximo de 25 hectáreas a un máximo de 500 m de distancia da explotación</b>	1.400.000
14	03	713B	6047	<b>Mellora de casetas de vixilancia, cursos de formación e vehículos</b>	7.000.000
14	01	711A	6403	<b>Implementación de directrices agroambientais no NOVO PDR: liña de información e formación incentivadora da agroecoloxía, cambios no patrón de labranza, redución de fertilizantes e</b>	700.000



				<b>produtos químicos e aproveitamento dos residuos nas explotacións</b>	
14	04	713C	7730	<b>Pago directo de 7500 euros para as persoas activas en fincas con modelo agroecolóxico.</b>	700.000
14	01	711A	6404	<b>Creación dun novo Servizo de Apoio á Xestión de Terras de Galicia para desacelerar a inmovilización de terras asociada ó déficit de información, á presenza de conflitos, de titularidades descoñecidas, á problemática de deslindes, etc., relacionados coa propiedade rústica</b>	700.000
14	01	711A	6405	<b>Impulso a unha nova «Lei para o desenvolvemento da Montaña Galega», en base á premisa de cohesión social e territorial, promovendo o desenvolvemento local e sustentable e mediante a posta en valor das potencialidades de cada zona e a xeración de riqueza endóxena</b>	70.000
<b>PLAN DE DEFENSA E PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL NOVO DO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS (7.840.000€)</b>					



07	02	541D	6012	<b>Posta en marcha do Programa Galicia Biodegradábel</b>	70.000
07	02	541D	6013	<b>Actualización do plan para a catalogación de especies exóticas invasoras vexetais</b>	700.000
07	02	541D	6014	<b>Programa de eliminación de especies forestais e arbustivas invasoras</b>	3.500.000
07	02	541E	76	<b>Axudas a proxectos para a creación de espazos azuis. Puntos verdes de encontro interxenacional. Hortos urbanos e compartidos entre maiores e mozos. Recuperación de solares como bosquetes urbanos. Mobiliario urbano verde. Mellora da maquinaria de mantemento de zonas verdes/maquinaria eléctrica.</b>	700.000
07	02	541E	6402	<b>Financiamento de estudos para a recuperación de humedais e creación de parques periurbanos</b>	70.000
07	02	541E	6403	<b>Plan para catalogar e cuantificar a biodiversidade fluvial, con posteriores estratexias de recuperación das especies ameazadas, e control de</b>	700.000



				<b>poboacións de especies invasoras</b>	
07	03	541B	6407	<b>Actualización do Plan de Especies ameazadas e dotación económica para a protección destas</b>	700.000
07	02	541D	6012	<b>Ampliar a Rede de Puntos Limpo e mellora do funcionamento dos xa existentes</b>	1.400.000
<b>PLAN GALEGO DE GARANTÍA DEREITO CONSTITUCIONAL DE ACCESO A VIVENDA DIGNA (13.650.000€)</b>					
07	83	451A	7801	<b>Programa de rehabilitación de vivendas colectivas sobre vivendas baleiras en parroquias pouco poboadas para convertelas en residencias públicas da terceira idade, en función de mapa xeográfico de necesidades elaborado previamente pola Consellería</b>	4.900.000
07	83	451A	7802	<b>Axudas rehabilitación de vivendas</b>	1.400.000
07	83	451B	4801	<b>Programa axudas afectados por execucións Hipotecarias</b>	1.400.000
07	83	451B	4806	<b>Axudas ao Aluguer, Plan redución desafiuzamentos aluguer</b>	1.400.000
07	83	451B	48051	<b>Plan prevención e Loita contra os desafiuzamentos</b>	1.750.000



07	83	451B	61702	Creación de Parque de vivenda Pública Autonómica en aluguer	2.800.000
<b>MELLORAS MOBILIDADE, INFRAESTRUTURAS E TRANSPORTE PÚBLICO (17.325.000€)</b>					
08	02	512A	6600	Estudo para a implantación dun Tren de Cercanías en Galicia	2.100.000
08	A1	512B	6002	Acondicionamento LU651 Folgoso do Courel	525.000
08	A1	512A	6413	Melloras Ou536 Pobra de Trives-Larouco	1.400.000
08	02	512A	6133	Actuacións de mellora paradas e Estacións de Autobuses	700.000
08	02	512B	7601	Mobilidade pública sustentable en áreas urbanas e metropolitanas. Programa de axudas á conversión das frota de transporte de viaxeiros en vehículos de carácter híbrido ou eléctrico	3.500.000
08	03	511A	6401	Mobilidade eléctrica nas áreas urbanas e metropolitanas. Estudo da implementación de rede de tranvía en todas as áreas urbanas e metropolitanas de Galicia, así como do ten-tram	700.000





08	03	511A	6402	<b>Programa de extensión de puntos de recarga de vehículos eléctricos</b>	1.400.000
08	03	511A	6403	<b>Financiamento de estudos para a implementación de rúas e firmes naturalizados e reciclados</b>	2.800.000
08	02		7601	<b>Incremento de orzamento para eliminación de barreiras arquitectónicas</b>	4.200.000
<b>Plan de Impulso , Mellora e Recuperación Ensino Público Universal (30.100.000€)</b>					
10	60	42A	120	<b>Ampliación Profesorado primaria</b>	5.600.000
10	60	422M	120	<b>Ampliación Profesorado secundaria</b>	4.200.000
10	10	423A	221072	<b>Plan contra a obesidade infantil</b>	350.000
10	10	423A	221071	<b>Comedores Escolares</b>	2.100.000
10	10	422C	4800	<b>Plan Acceso Universal Universitarios</b>	7.000.000
10	10	423B	6403	<b>Plan contra o Abandono escolar</b>	700.000
10	10	422I	6401	<b>Plan Formación Profesorado</b>	700.000
10	60	423A	6280	<b>Plan gratuidade Libros de Texto</b>	2.100.000
10	10	421A	6800	<b>Plan piloto: incorporación da Educación Social nas equipas orientadoras</b>	700.000



10	10	421A	6800	<b>Plan piloto: desenvolvemento da enfermería escolar</b>	700.000
10	30	422A	7800	<b>Plan apoio ao gasto escolar das familias</b>	350.000
10	10	423B	6405	<b>Programa de educación afectivo-sexual ensino non universitario</b>	700.000
10	50	423B	12000	<b>Educación Inclusiva</b>	3.500.000
10	10	421A	6400	<b>Impulso Mesa de Diálogo pola Educación no Rural</b>	700.000
10	30	422A	7900	<b>Programas de prevención da ludomanía</b>	700.000
<b>NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (6.748.000€)</b>					
11	40	151A	4701	<b>Subvención Empresas editoras para proxectos en lingua Galega</b>	210.000
11	40	151A	4802	<b>Bolsas nos lectorados</b>	420.000
11	40	151A	4811	<b>Academia Galega</b>	420.000
11	40	151A	6400	<b>Campañas normalización centros educativos</b>	3.150.000
11	40	151A	6402	<b>Actividades Formación</b>	420.000
11	40	151A	6401	<b>Estudios e traballos de investigación</b>	490.000
11	40	151A	6404	<b>Proxectos fomento e formación nos centros non universitarios</b>	350.000



11	40	151A	6405	Convenios cos medios de comunicación en Galego	910.000
11	10	431A	12	Prazas profesorado lingua portuguesa	350.000
11	20	432B	610	Plan infancia e Xuventude	28.000
<b>PLAN FOMENTO ACCESO UNIVERSAL Á CULTURA (10.290.000)</b>					
11	20	432B	7812	Plan cultura en igualdade	700.000
11	20	432A	6257	Plan viabilidade dos museos Galegos	700.000
11	30	433A	4812	Subvención nominal Real Academia de Belas Artes	210.000
11	20	432B	4815	Plan de cultura no rural	700.000
11	30	433A	6191	Conservación, protección e consolidación xacementos arqueolóxicos	700.000
10	30	433A	6401	Promoción, catalogación, inventario do patrimonio cultural	700.000
10	30	433a	7801	Axudas para a conservación e protección do patrimonio cultural Galego	1.400.000
11	20	432A	7700	Apoio a produción, promoción e edición do libro en Galego	350.000
11	20	432A	7701	Axudas á promoción	210.000



				<b>internacional libros e creadores</b>	
11	20	432A	640000	<b>Actuacións, promoción e difusión dos arquivos</b>	70.000
10	20	432A	6402	<b>Promoción da lectura e do libro</b>	350.000
11	20	432A	6404	<b>Actividades difusoras e de promoción de arquivos e patrimonio documental</b>	350.000
11	30	432A	6401	<b>Actividades difusoras museos e infraestruturas culturais</b>	700.000
11	30	432A	7820	<b>Memoria Histórica democrática</b>	3.150.000
<b>Plan Mellora e Garantía Sanidade Pública Universal (81.000.000€)</b>					
12	80	412B	122	<b>Reposición Cadros de Persoal.</b>	15.000.000
12	80	412A	112	<b>Reposición Cadros de Persoal</b>	5.000.000
12	80	412B	6291	<b>Plan Saúde Bucodental</b>	5.000.000
12	80	412B	6292	<b>Plan Galego Saúde Mental</b>	5.000.000
12	80	412B	6293	<b>Plan de recursos de rehabilitación para o Dano Cerebral Adquirido</b>	2.000.000
12	80	412B	6294	<b>Plan de mellora da Atención Primaria</b>	20.000.000
12	01	411A	6401	<b>Plan Creación Programa Sanitario Público I+D+i</b>	1.000.000
12	80	412B	6294	<b>Plan de garantía de interrupción voluntaria do embarazo no</b>	2.000.000



				<b>sistema público de saúde</b>	
12	80	412B	6295	<b>Desenvolvemento protocolo unificado de atención á perda xestacional e morte perinatal</b>	1.000.000
12	80	412B	6296	<b>Plan de formación de profesionais sanitarias para detección e atención de enfermidades transmisibles relacionadas co cambio climático e que utilizan vectores como mosquitos e carrachas, así como de enfermidades emerxentes asociadas ao cambio climático</b>	1.000.000
12	80	412B	6296	<b>Plan de atención directa por parte do SERGAS de todos os trastornos aditivos e da ludomanía</b>	5.000.000
12	02	413A	6400	<b>Cumprimento de acordos sobre a mellora da atención á Endometriose</b>	1.000.000
12	80	413A	481	<b>Ampliación Fecundación In Vitro</b>	1.000.000
12	80	412A	6201	<b>Reversión ao público Povisa e Novo Hospital de Vigo</b>	40.000.000
12	80	412A	6210	<b>Para novos centros de saúde</b>	7.000.000
12	80	412A	621.0	<b>Centro Alta Resolución Vigo</b>	2.000.000
<b>LOITA CONTRA POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL (114.000.000€)</b>					



13	01	311A	1	<b>Incremento persoal centros atención directa</b>	10.000.00
13	01	311A	6221	<b>Plan de incremento de recursos públicos en residencias e centros de día no medio rural e vilas medias; incorporación das residencias provinciais de Lugo.</b>	12.000.000
13	01	311A	6222	<b>Mellora integral centros de menores e novos centros</b>	2.000.000
13	01	311A	6221	<b>Aumento dos investimentos reais en equipamento e reformas para os centros de atención directa.</b>	2.000.000
13	01	311A	6221	<b>Incremento recursos CAPD Ourense</b>	1.000.000
13	03	312A	4806	<b>Plan de Transición cara Renda Social Galega partindo desenvolvemento decreto da RISGA</b>	65.000.000
13	01	311A	4805	<b>Incremento fondo Extraordinario pensións non contributivas</b>	5.000.000
13	01	311A	4601	<b>Plan equipos apoio multidisciplinar para inclusión sociolaboral oficinas inclusión social colaborados coa consellería de Emprego</b>	4.000.000
13	01	311A	4806	<b>Desenvolvemento estratexia</b>	5.000.000



				<b>Galega atención persoas sen Fogar</b>	
13	01	311	4807	<b>Loita contra a pobreza enerxética, melloras eficiencia enerxética illamento</b>	5.000.000
13	04	312E	4601	<b>Despregamento rede Galega atención Temperá</b>	8.000.000
13	04	312E	4811	<b>Desenvolvemento Sistema Galego de Asistencia Persoal</b>	3.000.000
13	04	312E	7602	<b>Plan eliminación barreiras arquitectónicas</b>	2.000.000
13	04	312E	13	<b>Incremento persoal equipos valoración Discapacidade</b>	2.000.000
13	02	312B	44317	<b>Incremento fondos Fundación Galega Impulso da Autonomía Persoal</b>	500.000
13	02	312B	4802	<b>Plan Piloto familias acolledoras menores</b>	500.000
13	02	312E	60	<b>Plan inicio extensión ensino 0-3 anos (novas escolas infantís*)</b>	8.000.000
13	04	312D	4600	<b>Incremento Axuda no Fogar Dependencia</b>	3.000.000
13	04	312D	442	<b>Incremento capacidade Plan Concertado de Servizos Sociais: aumento de persoal.</b>	3.000.000



Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 18:10:58**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a través do seu voceiro Luís Villares Naveira, solicita a esa Mesa se proceda a realizar a seguinte **corrección de erros** no documento con número de rexistro **58668 (emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020)**.

**Onde di:** “Por iso, En Marea propón incrementar o gasto en 410 millóns de euros a través dunha revisión da política de ingresos e especialmente dos agasallos fiscais, como expresión da necesaria xustiza fiscal que require unha autonomía galega social que procura o benestar, tratando de facer que aqueles que máis acumulan acheguen máis ao sistema e poidamos facer fronte ás emerxencias que vivimos actualmente en Galicia.”

**Debe dicir:** “Por iso, En Marea considera insuficiente o incremento do gasto de 250 millóns que realiza a Xunta no Proxecto de Orzamentos 2020. Deste xeito propoñemos incrementar dita contía en 226 millóns de euros máis, que será financiada a través dunha revisión da política de ingresos e especialmente dos agasallos fiscais e que suporá un aumento total do gasto de 476 millóns de euros, un 4,2% superior ao ano 2019.”

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto





**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 08/11/2019 13:39:45**



### Á Mesa da Comisión 3.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade que afecta á contía global dos estados dos orzamentos e que transfiren crédito entre seccións ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.**

#### **1.- Uns orzamentos continuístas que reflicten un proxecto esgotado**

**1.1.- Uns orzamentos que se presentan coa característica de excepcionalidade cando a Xunta de Galicia limítase a facer o que ten que facer.**

Un Goberno autonómico con maioría absoluta despois de máis de dez anos continuados de exercicio non fai nada excepcional presentando os orzamentos: limítase a cumprir coas súas obrigas. Por certo, como están facendo outros gobernos autonómicos en España de xeito simultáneo (Canarias, Extremadura, Navarra, País Vasco, Andalucía, Castela-A Mancha), en similares condicións de falla de certeza sobre as previsións de transferencias de fondos derivadas do sistema de financiamento autonómico.

**1.2.- Uns orzamentos que presumen dun comportamento singular de Galicia nunha contorna inestable cando os datos indican outra cousa.**

Galicia hoxe está máis integrada, afortunadamente, en España e en Europa que nunca. No plano orzamentario, os fondos procedentes do orzamento comunitario e as transferencias finalistas da Administración Xeral do Estado explican unha boa parte da formación autonómica bruta de capital público. O Fondo de Facilidade Financeira xunto coa capitalización do sistema financeiro e a mellora na percepción internacional da solvencia do Estado a baixada dos tipos de xuro e polo tanto a menor carga financeira. As transferencias finalistas facilitan sensiblemente a prioridade outorgada ao combate contra a violencia de xénero, en favor do emprego ou na promoción de vivendas.



O consumo das familias, que é o elemento máis relevante do cadro macroeconómico, depende da actualización e reforzamento do sistema de pensións, da elevación do salario mínimo interprofesional e do bo comportamento do emprego en España.

Máis importante aínda é que Galicia leva tendo un perfil de crecemento sensiblemente similar ao español. Se España vai ben a Galicia tamén lle irá. Se España entra nun momento de desaceleración económica o máis probable é que a Galicia tamén lle suceda. Son múltiples os mecanismos de transmisión dos impulsos de crecemento (ou de desaceleración), a través do comercio (o resto de España é o principal mercado de exportación), os fluxos de capital, os fondos públicos ou os movementos de persoas.

O cadro macroeconómico presentado pola Xunta de Galicia confirma esta apreciación. Non hai nada singular, en sentido positivo, no perfil de crecemento de Galicia en relación co resto de España.

### **1.3.- Uns orzamentos que renuncian á modernización da economía**

A Xunta entregase a realizar unha sorte de economía – vudú, permitíndose incluír nas previsións de crecemento para 2020 os efectos positivos dun Xacobeo que en realidade terá lugar un ano despois.

Por contra, deixa de introducir medidas suficientes no relativo á promoción e apoio de sectores produtivos fundamentais. As nosas producións fundamentais, despois dun ano 2019 con evidentes dificultades para o comercio exterior, afronta un contexto externo incerto:

- A incerteza persistente en relación co Brexit
- O recrudecemento da guerra comercial entre Estados Unidos e China
- As ameazas de Trump ás exportacións europeas ao mercado estadounidense



- A aceleración dos plans de descarbonización en todo o mundo e singularmente na Unión Europea, nun proceso absolutamente imprescindible pero que obrigará a unha transición industrial rápida.

Así, cando o sector industrial galego perdeu case que 30.000 postos de traballo dende 2009, con Feijóo no Goberno, resulta inexplicable que estes orzamentos, lonxe de abordar unha política coherente e apostar por un apoio aos sectores produtivos, reduce as súas partidas en tal ámbito, pois minóranse os recursos necesarios para axudar á transición enerxética e apoiar ás comarcas afectadas pola crise industrial, renunciando a apostar pola modernización económica e polo emprego industrial.

Igualmente o Goberno galego ven reducindo as partidas que máis poderían axudar ao tecido económico e industrial en pleno contexto de dificultades económicas previstas polo Brexit, a guerra arancelaria entre Estados Unidos e China, ou o endurecemento transición industrial fixada pola UE.

#### **1.4.- Uns orzamentos que manteñen unha política tributaria equivocada**

No relativo aos ingresos, a documentación orzamentaria resulta ser excesivamente ambiciosa sobre os ingresos alleos pero restritiva nos propios da Xunta de Galicia, nunha sorte de comportamento free-rider que pon en risco a necesaria acción sobre as partidas básicas do Estado do Benestar.

O incremento das desigualdades provocadas polo mercado esixiría actuar tanto neste plano canto na súa corrección a través dos instrumentos públicos, ou sexa, avanzar na progresividade fiscal. Sen embargo, a Xunta de Galicia segue a optar por unha política de marketing fiscal e de redución substancial da progresividade: sen efectos sobre o ritmo de crecemento, con efectos negativos sobre o compoñente redistributivo. En tal sentido:

- Moitos dos beneficios fiscais consisten en pequenos regalos a contribuíntes escollidos que, na maior parte das ocasións, teñen un efecto agregado irrisorio. Carécese ademais de información sobre a capacidade



dos incentivos fiscais introducidos para alterar o comportamento dos individuos –polo tanto sobre a súa eficacia-.

- Os cambios máis relevantes teñen sido nos últimos dous anos:
  1. A redución dos tipos do Imposto de Patrimonio –que só afecta aos 12.000 contribuíntes de maior riqueza en Galicia-.
  2. O incremento substancial das bonificacións en sucesións para as herdanzas de entre 400.000 (practicamente xa exentas de tributación) e 1 millóns de euros por herdeiro, aparte da vivenda habitual. O que provocaría que unha herdanza de 3,5 millóns de euros, a distribuír entre tres herdeiros non xeraría recursos apenas para as arcas públicas autonómicas.

A Xunta de Galicia afecta negativamente á progresividade do conxunto do sistema tributario sen producir efectos sobre o ritmo de crecemento.

### **1.5.- Uns orzamentos que contradín o compromiso de déficit 0 no exercicio de 2020**

A Xunta de Galicia tiña establecido como obxectivo chegar ao déficit 0 no ano 2020, en función dos escenarios aprobados no último ano do Goberno Rajoy, que serviron en 2019 para confeccionar o orzamento autonómico. Sen embargo en 2020 renuncian a ese horizonte e prolonga un ano máis a consolidación fiscal, incorrendo nun déficit do exercicio similar ao do exercicio precedente, de 68 millóns de euros. Non criticamos o volume de endebedamento. Criticamos a renuncia a un compromiso previo, que era defendido no debate orzamentario precedente con enerxía. E só explicamos esta viravolta pola condición electoral do exercicio 2020.



## **1.6.- Un compromiso insuficiente con prioridades de gasto desatendidas durante 10 anos.**

Pese a manter o nivel de déficit de 2019, hai un esforzo insuficiente en gastos de capital, o que obrigará a reducir substancialmente os recursos destinados ás infraestruturas de transporte de Galicia (en 56 millóns de euros nada menos), cunhas partidas que se sitúan no 55 % dos investimentos do 2008 ou 2009, ao tempo que diminúe en 14 millóns de euros as partidas para promoción de solo destinado a actividades económicas, e rebáixase noutros 2 millóns as partidas para desenvolvemento empresarial.

O incremento en 9 millóns das partidas destinadas ao turismo, especialmente relacionado co Xacobeo, resulta ser un aumento menor que os ingresos previstos por patrocinios, co que se deduce que tamén aquí cae o aporte neto previsto polo Goberno galego.

Resulta preocupante que logo de seis anos de crecemento económico ininterrompido no Estado, a Xunta de Galicia sexa incapaz de facer o esforzo necesario para soste os elementos necesarios do Estado do Benestar, deixando ao descuberto os ocos de 10 anos de recortes.

Os orzamentos van moi por detrás das necesidades en materia de Política Social, e as afirmacións do Goberno galego sobre o apartado social obvian o deterioro resultante na sanidade, sinaladamente a atención primaria ou as listas de espera, así como os retrasos na atención á dependencia ou na execución de residencias. En realidade o orzamento de 2020 simplemente repoñería, ao final do exercicio, os recortes introducidos ao longo do exercicio 2019 na atención primaria. O incremento nas partidas de sanidade permite unha mellora retributiva xeral para o persoal público, e o resto dependerá da asignación do chamado Fondo de Continxencia.



Continúase pois sen abordar na intensidade necesaria a cura das feridas sociais, cunhas desigualdades demasiado amplas, cun desemprego que hai tempo que non baixa dos dous díxitos, co peor comportamento de todas as comunidades autónomas.

Todo o cal lévanos a concluír que o proxecto de orzamentos remitido non da resposta axeitada aos principais retos para o impulso do crecemento económico, a diminución das desigualdades e a creación de emprego en Galicia, polo que esixe adoptar outro tipo de medidas máis ambiciosas e importantes que as contempladas no Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2020 presentado polo actual Goberno da Xunta de Galicia.

## **2.- Outra política orzamentaria é posible. Outra política que fomente o emprego de calidade e a modernización económica, que reduza a desigualdade e promova a mellora dos servizos sociais.**

Cara a poder abordar diversas actuacións non previstas no documento orzamentario remitido dende o Goberno autonómico para o exercicio do 2020, cas limitacións que supón ter unha información moi parcial, a presente emenda á totalidade propón movementos en partidas orzamentarias por unha **contía global de 427.950.277 euros**, cantidade que representa unha variación da orde do 4,15 % sobre o total do gasto non financeiro consolidado presentado polo Goberno galego; e que, en base ás consideracións que se realizan, aumentarían a cantidade total dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio do 2020, ata **os 12.048.552.614 euros**, situando pois o aumento producido respecto ao ano anterior no 4,37 %.

### **2.1.- Unhas entregas a contas infradotadas**

En relación aos ingresos previstos, nas entregas a conta procedentes do Estado existe unha diferenza favorable a Galicia entre as contías dadas a coñecer polo Ministerio de Hacienda e as que reflicten o proxecto de orzamentos. Así no Consello de Ministros celebrado o pasado día 11 de outubro se deron a coñecer a





estimación da liquidación do sistema de financiamento de 2018, que é favorable á Galicia, e que se percibirá no 2020, observado unha diferenza de 28.652.277 euros, que é necesario incorporar para o exercicio do 2020.

Ademais do incremento pola consideración anterior, existen outra serie de aumentos nos ingresos posibles da Comunidade que, nunha estimación realista e moderada.

## 2.2.- Unha política de ingresos non conformista e máis progresista

Requírese unha política de ingresos non conformista e máis progresista, que implicará:

En relación ao **I.R.P.F.** a modificación dos tipos a aplicar nos tramos máis altos da tarifa autonómica, a partir de bases liquidables superiores a 47.600 €, de tal xeito que se promova unha maior progresividade neste tributo de carácter persoal.

No **Imposto sobre o Patrimonio**, unha diminución do mínimo exento ata os 400.000 € (exceptuando a vivenda habitual polo mesmo importe) estando en desconformidade ca rebaixa do 20 % que se promoveu polo Goberno galego neste imposto que, como é sabido, unicamente teñen que abonar aquelas persoas que alcanzan un maior patrimonio da nosa comunidade, rematando ca mínima visión progresista que existía ao respecto. Non parece solidario que o Goberno galego propugne que (a partir de 2020) os 7.700 patrimonios máis elevados de Galicia, teñan unha redución da orde dunha media de 1.600 euros.

Unhas previsións máis realistas na recadacións do **Imposto de Sucesións e do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados**, en función das cifras das liquidacións coñecidas de períodos anteriores, a evolución coñecida para o terceiro trimestre do actual exercicio e tendo en conta a súa previsible evolución.



A posta en marcha dun **Imposto sobre as grandes superficies comerciais** (partida 102000), xa vixente noutras comunidades autónomas, como un ingreso novo que non é contemplado nos orzamentos presentados.

Unha serie de **impostos sobre os custes medio-ambientais de determinadas actividades**, como o imposto sobre as instalacións que inciden en el medio ambiente como as da telefonía e telemática e as liñas de transporte de enerxía eléctrica (partida 170); ou dun imposto sobre a emisións de gases nocivos á atmosfera (partida 2501). Todos eles igualmente en vigor noutras comunidades autónomas.

O **aumento do actual gravame polo aproveitamentos pola auga encorada**, conxelado dende fai moitos anos, cun aumento nas tarifas do 50 % (en termos reais un aumento inferior ao do momento da súa promulgación), recaendo directamente sobre as sociedades que se benefician de tal ámbito.

De xeito congruente, os cambios impositivos referidos, correspóndense ca **proposta de modificación legislativa** concreta, a aprobar mediante as correspondentes emendas, co obxecto de levar a cabo os cambios correspondentes no proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas relacionado co orzamentos para 2020 e que, como é sabido, deberá ser presentadas no trámite parlamentario posteriormente.

Tamén é posible captar novos ingresos coa **mellora da xestión recadatoria**, partindo dos rendementos obtidos no pasado máis próximo, e que principalmente pasa por **reforzar a loita contra a fraude fiscal** nos ámbitos da fiscalidade sobre as que exerce esta labor a Comunidade Autónoma.

A utilización desta forma de legislar, acudindo ao procedemento lexislativo especial de aprobación orzamentaria, ademais do menoscabo do necesario debate parlamentario de cada unha das leis sectoriais que se modifican, evita a necesaria participación cidadá na súa tramitación, xa que, en contra do indicado na normativa vixente, este proxecto de lei non foi sometido ao preceptivo proceso de exposición pública, impedindo a posibilidade de realizar suxestións por parte da cidadanía.

O propio artigo 9 (Obrigas específicas de información de relevancia xurídica) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sinala que se debe facer pública "c) A relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de anteprojectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento en que se produza a



aprobación do anteproxecto, con indicación do seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de o facer". Cuestión que non aconteceu no caso que nos ocupa.

Igualmente o procedemento de elaboración de anteproxectos de lei, regúlase nos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, sen que conste na información remitida, o necesario cumprimento dos requisitos establecidos. É máis: resulta significativo que todos os informes que acompañan o proxecto de lei (*Consello de Contas, sostibilidade financeira, impacto de xénero, legalidade*) teñen a data do 15, 16 e do 17 de outubro, sen poder ser verosímil que o expediente completo se realizase nos dous días anteriores e o mesmo día da aprobación polo consello da Xunta de Galicia o 17 de outubro.

Xunto co anterior, débese ter en conta o establecido no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, prevé que *"en todas as iniciativas normativas xustificárase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia"*, cuestión que tampouco se efectúa.

Constátase, polo tanto, unha total ausencia dos informes necesarios por parte mesmo das distintas consellarías, respecto da xustificación das modificacións propostas ou das cuestións que directamente lles compete. Polo tanto, de calquera outro tipo de informe sectorial ou dos órganos de colaboración ou asesoramento creados, que sería desexable – e incluso legalmente en certos casos exigible – cando se modifican leis de transcendencia para Galicia. E mesmo os informes de impacto económico, que nun momento como o actual resultan especialmente relevantes; así, por exemplo, varias das modificacións propostas deberían ser ditaminadas polo Consello Social e Económico de Galicia.

Con respecto aos denominados novos beneficios fiscais, malia que levan meses queixándose dos problemas de ingresos que ten a Xunta ao non recibir diversas cantidades, chegando a advertir da posibilidade de atrasos no pagamento de facturas ou salarios por falta de fondos, renuncia agora aos ingresos que podería obter vía impostos xa que a Lei de acompañamento inclúe novas rebaixas para a cidadanía, pero que benefician de xeito máis importante ás persoas con máis patrimonio, e que teñen unha dimensión escasamente efectiva, realizados para transmitir unha idea de baixada xeral impositiva que non é real.

Tal como, por exemplo, no imposto sobre Sucesións e Doazóns, a elevación do mínimo exento de 400.000 euros a un millón de euros, sen contar nesa contía a residencia habitual, suporá unha diminución de 5.400.000 euros, o imposto por herdar só será pagado polo 0,06 % máis ricos dos galegos.



Na redución do imposto de TPO e AXD autonómico á compra de vivendas, tanto primeiras como segundas residencias afectará a preto de 3.500 parroquias que a Xunta considera “zonas pouco poboadas ou áreas rurais” co obxectivo de “dinamizar as zonas menos habitadas”, segundo di o Goberno galego. Porén, nesa listaxe hai parroquias de concellos claramente turísticos, ou que forman parte das áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña, nos que non existen problemas de despoboamento senón máis ben unha especulación urbanística de segundas residencias.

Medidas fiscais que benefician á cidadanía cun maior nivel adquisitivo á vez que tamén inclúe unha suba de taxas para diversos tipos de actividades pesqueiras, mineiras ou de transporte, entre outras, tributos que non son progresivos.

Feijóo di que “recortar orzamento implicaría recortar os servizos públicos”, o que ben facendo desde hai anos, pero renuncia aos ingresos que podería obter vía impostos, incumprindo os principios reitores do noso sistema tributario que aparecen recollidos no artigo 31 da Constitución española:

*1- Todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade, que en ningún caso, terá alcance confiscatorio.*

*2- O gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos, e a súa programación e execución responderán os criterios de eficiencia e economía.*

Unha política fiscal para ricos que aumenta o nivel de desigualdade, pois se traduce en recortes dos servizos públicos.

O sistema tributario ten un dobre labor de redistribución: pola vía recadatoria e tamén vía dos beneficios fiscais, sempre como di a Constitución, en función da capacidade económica do contribuínte. Tendo en conta ademais que todo beneficio fiscal é unha situación de privilexio contraria aos principios de igualdade e de xustiza contributiva recollidos na Constitución, polo que o dereito ao beneficio fiscal ten que se considerar como un dereito só susceptible de se exercitar se cumpren con rigor todas as esixencias formais e de fondo que a concesión do beneficio require, o que leva a unha interpretación restritiva deles.

A Xunta de Galicia con este proxecto de lei renuncia a avanzar na implantación dun sistema tributario que recade de maneira máis eficiente e progresiva, co obxecto de que permita reforzar o Estado do Benestar e conseguir unha economía





e unha sociedade máis igualitaria xa que non hai xustiza social sen unha tributación xusta.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2019

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2019 16:26:44**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á totalidade, de devolución, ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas** para o ano 2020, polos seguintes motivos:

O Goberno galego segue a legislar a golpe de improvisación en función de intereses privados e non das maiorías sociais. Só así se explica os constantes cambios en cuestións transcendentales en leis de sectores que requiren estabilidade, rumbo e seguridade xurídica.

Utiliza a Lei de medidas fiscais e administrativas sistematicamente para agochar eses cambios do debate político.

Para o exercicio 2020 propóñense modificar as seguintes 28 leis e decretos:

- Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos.
- Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 972010, de 4 de novembro de augas de Galicia.
- Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamento de auga embalsada.
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto



lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.
- Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.
- Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia.
- Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da





Administración xeral da CAG.

- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia."

A modificación máis relevante das medidas fiscais é a do Imposto sobre sucesións e doazóns para incrementar os mínimos exentos na tributación, modificación que segue no camiño da non progresividade fiscal e debilitamento do público que defende o Goberno galego.

As modificacións que se propoñen sobre a Lei 2/2016 do Solo de Galicia son a sexta modificación en 3 anos dende que está en vigor. E unha vez máis, non para cuestións menores, e unha vez máis incoherentes coa liña escollida en 2016.

O Goberno galego recupera unha das peores prácticas xeralizadas nos anos da burbulla inmobiliaria.

Modifica a letra d) do artigo 21 e o artigo 29 da Lei do Solo de Galicia para que da obrigatoriedade da cesión do 10% do aproveitamento tipo da área de reparto se pase á posibilidade da entrega de solo polo seu valor en metálico.

Isto significa, unha vez máis, renunciar por exemplo ao fortalecemento das políticas públicas de vivenda, empobrecendo o patrimonio público do solo, para acceder ás demandas históricas dos lobbies promotores.

É dunha especial gravidade, nun contexto no que existen máis de 14.000 demandantes de vivenda de protección sen resposta por parte das administracións públicas, xa que o solo público en mans dos concellos é un dos instrumentos indispensables para a promoción pública de vivenda.



Isto indica claramente que o Goberno galego seguirá a esquecer a promoción de vivenda pública ou de protección en Galiza, sumándose ás reformas da lei 8/2012 de vivenda de Galicia nas que se permitía rebaixar a reserva de solo para vivenda de protección por debaixo do 30%, e á inacción do IGVS na promoción de vivenda pública, cuestións que explican que Galiza se atope no vagón de cola no Estado na licitación de vivenda protexida e pública.

Ademais dáse entrada pola porta de atrás de determinados usos residenciais en solo rústico:

A LSG e o seu Regulamento só permiten os usos residenciais vinculados a explotacións agrarias. Agora modifícase o réxime do solo rústico para facilitar os usos residenciais NON vinculados á explotación agrícola nin gandeira, mediante as seguintes medidas:

a) Elimínase o requisito de que a persoa que promove a edificación residencial teña que ser titular dunha explotación agrícola ou gandeira (modificación do art. 39.1).

b) Elimínase a obriga de xustificar a idoneidade do emprazamento elixido para edificar e a imposibilidade ou inconveniencia de situala en solo urbano ou urbanizable (modificación do art. 39.1).

c) Amplía o concepto de edificación tradicional no que quedarán englobadas todas as edificacións existentes en maio de 1975, con independencia da súa tipoloxía. Na interpretación integrada da LSG vixente, a edificación tradicional debía responder á tipoloxía tradicional. Por esta vía poderán rehabilitarse e mesmo ampliarse os galpóns, naves industriais, chabolos e todo tipo de edificacións (incluídas as propias do chamado feísmo) para transformalas



en edificacións residenciais que non necesitan estar vinculadas a explotacións agropecuarias (modificación do art. 40).

d) As edificacións levantadas en solo rústico con licenza municipal, calquera que sexa o uso para o que se concedeu autorización, tamén poderán ser transformadas en vivenda (modificación da disposición transitoria terceira). Por exemplo, naves industriais, equipamentos públicos situados en solo rústico, galpóns agrícolas, poderán ser transformados en vivendas ou usos residenciais.

e) As edificacións construídas ilegalmente en solo rústico, respecto das que teñan transcorridos os prazos para exercer a acción de reposición da legalidade urbanística (6 anos), e que quedan na sometidas ao réxime das edificacións incompatibles co ordenamento urbanístico, tamén poderán ser transformadas en usos residenciais (modificación do art. 90.2).

En definitiva, volvemos ao esquema da Lei do solo de 1956 –do réxime franquista- de permitir a edificación de vivendas en solo rústico.

A LSG vixente establece como condición xeral para edificar en solo rústico que se xustifique a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea.

A modificación exceptúa desta necesaria xustificación ás edificacións que se pretendan destinar a usos residenciais vinculadas a explotacións agrícolas.

Unha serie de cambios que rematan por desfigurar o proxecto de lei aprobado en 2016 dun xeito opaco e improvisado.

Este proxecto de lei modifica nada máis e nada menos que a Lei de Patrimonio Natural aprobada o 2 de agosto, hai menos de 3 meses.



O art. 136.3 da Lei 5/2019 do patrimonio natural, dispón: "3. A obriga de reparar o dano causado prevista no artigo 126 non prescribe."

A modificación deste artigo empeora a redacción da lei vixente e induce a confusión intencionadamente xa que a Lei 26/2007, de responsabilidade ambiental estatal dispón:

“ Esta ley no será de aplicación a los daños medioambientales si han transcurrido más de treinta años desde que tuvo lugar la emisión, el suceso o el incidente que los causó.

El plazo se computará desde el día en el que haya terminado por completo o se haya producido por última vez la emisión, el suceso o el incidente causante del daño.”

Na redacción proposta por este proxecto de lei non queda claro a que se aplica o prazo de 15 anos, si ao prazo para esixir a reparación do dano causado ou ao prazo para executar a resolución administrativa que ordena a reparación do dano causado. E son cousas moi diferentes.

Polo que debería manterse a redacción actual e, en todo caso, engadir que a resolución que ordene a reparación do dano deberá executarse no prazo de 15 anos, sen prexuízo da posible inicio de novo procedemento para esixir a reparación do dano.

A modificación dunha lei en menos de 2 meses de entrar en vigor indica precipitación ou a deficiente redacción do Goberno galego.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por outra banda propónse a modificación doutro texto legal aprobado este mesmo ano no Parlamento galego, a Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación de Galicia, e a pesar do que se di na exposición de motivos, non é cuestión de corrección de erros ou cuestións menores, senón en puntos relevantes como é o caso do artigo 15.5 do que se elimina a letra a) que permitía que mediante plan especial se puidese excluír o mantemento da trama urbana, das aliñacións e das rasantes existentes nos conxuntos históricos.

Dito apartado é un sobre os que o Goberno do Estado presentou un conflito de inconstitucionalidade. Directamente retirase tratando de que pase o máis desapercibido posible.

A modificación da Lei 13/2013 de caza de Galicia para permitir outras modalidades para a caza maior, é a mostra da incapacidade da Xunta de Galicia para xestionar o problema do xabaril.

Nun tema complexo e con múltiples causas, o Goberno galego opta, ante o aumento das protestas, por unha medida improvisada, probablemente ineficaz e que pode ocasionar problemas de inseguridade no monte. Nisto a Xunta pon de acordo a cazadores e ecoloxistas.

Vólvense a modificar leis como a 6/2017 de Portos de Galicia, a 8/2013 de estradas de Galicia ou a Lei 3/2007 de prevención de incendios de Galicia, textos constantemente modificados nos últimos anos.

Ante o fiasco das políticas de mobilidade de terras da Xunta introdúcese unha medida para xerar titulares de prensa.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

As aldeas modelo son un exemplo máis da política de publicidade e propaganda despois de 10 anos de desleixo co medio rural e de perda de superficie agraria útil.

Son só uns exemplos do errático xeito de legislar do Goberno galego, que ano tras ano recorre á lei de medidas fiscais e administrativas para corrixir o rumbo de leis constantemente ante a falla dun proxecto de país para as maiorías sociais. Parabolicamente, cunha crise industrial grave, nin nos Orzamentos nin neste proxecto de lei introduce ningunha medida para procurar solucións para traballadores e traballadoras.

Este proxecto de lei é o paradigma dun goberno sen ideas, confuso e sen solucións para os retos que ten por diante este país.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta esta emenda de devolución ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2020.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2019 14:28:18**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**, doc. núm. **57866, (10/PL-000020)**, polos seguintes motivos:

O Proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2020 confirma o reiterado e abusivo recurso deste Goberno a estes procedementos de carácter excepcional e urxente, que impide debater de forma ampla e consultando cos sectores afectados as medidas que se inclúen. Así Unha vez máis utilízase este mecanismo que supón unha tramitación express que pretende modificar dun golpe 30 Leis, normas de carácter heteroxéneo e que supoñen unha grande inseguridade xurídica dada a opacidade desta tramitación e que subtrae do debate público os cambios e modificacións que se queren introducir na lexislación, se ben pode haber modificacións puntuais que poden supoñer unha actualización da normativa, tamén se introducen outras eludindo un debate coas partes implicadas, e é esa falta de diálogo a que dá como resultado que ano tras ano se modifiquen as mesmas normas froito do fracaso das modificacións levadas a cabo sen consenso, de forma improvisada, sen unha estratexia definida e pola porta de atrás.

No que ten a ver coas medidas fiscais, o proxecto de lei afonda na política impositiva de carácter regresivo que está a caracterizar aos gobernos presididos por Núñez Feijóo. Deste xeito, atopamos medidas que avanza cara a unha concepción da fiscalidade que carga a tributación nas rendas do traballo e nos impostos





indirectos. Trátase de potenciar unha tributación regresiva onde se engade, á xa menor imposición das rendas do capital, a rebaixa de tributación das rendas obtidas a título gratuito.

A ampliación e exención do imposto de sucesións en herdanzas até o segundo grao de parentesco até 1.000.000 é o exemplo deste interese por beneficiar ao 10% máis rico dos galegos. Desta forma, contribúen ao impulso da acumulación de riqueza vía rendas pasivas en detrimento das rendas do traballo, inventándose un novo suxeito de dereitos tributarios como é o “patrimonio familiar”.

Así mesmo, neste proxecto enmáscárase a redución, no imposto de transmisións patrimoniais, do tipo de gravame para quen adquira vivenda en zonas limítrofes a grandes núcleos de poboación que aínda non están explotados inmobiliariamente dun 10% a un 6%, como transmisión en áreas pouco poboadas, non importando se esta vivenda vai ser habitada ou non, favorecendo actividades marcadamente especulativas.

É tamén negativo baixo o punto de vista deste Grupo Parlamentar o incremento de todas as taxas de contía fixa, na grande maioría necesarias para o exercicio de actividades ou traballos que esixen licenzas ou a obtención de certificacións ou permisos, pero exceptuándose actividades lúdicas como as licenzas de caza.

Continúase polo tanto cunha traxectoria de redución de impostos ás rendas máis altas a través do imposto de sucesións ou do patrimonio e compensando esa redución vía incremento de taxas que repercuten nunha variedade de contribuíntes, en sentido contrario á necesaria redistribución da riqueza nunha sociedade con tantas necesidades como a galega. Desta forma, non se produce ningún tipo de





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

modificación fiscal que repercute unicamente nos que perciben rendas máis baixas senón que todos os beneficios fiscais repercuten sempre, unicamente ou en conxunto co resto da cidadanía, nos contribuíntes con maiores rendas.

No tocante ás medidas administrativas, moitas das modificacións refírense a cuestións puntuais sobre normas de recente aprobación, mesmo a normas aprobadas hai escasos meses, o que denota unha vez máis esa improvisación lexislativa do goberno galego. Pero tamén temos modificacións de maior calado, así un ano máis introdúcense modificacións na Lei so Solo en cuestións relevantes que afectan ao patrimonio público do solo ou a cambios de uso en construcións que estean fóra de ordenación, cuestións que merecen ser sometidas a debate, á máxima transparencia, á participación das entidades locais con competencias e na que non se xustifica esta tramitación urxente.

Así mesmo hai unha reformulación ampla na Lei de Emprego Público de Galiza, sen consultar cos sindicatos ou representantes do persoal.

Un ano máis, hai modificacións na normativa relativas ao medio rural, medidas de cara á galería como a creación de aldeas modelo pero sen previsión orzamentaria adecuada, e novamente unha modificación na Lei de Prevención e Defensa contra os incendios forestais, modificada ano tras ano sen buscar o consenso e a participación de todos os sectores afectados que leva a que novamente se teñan que introducir modificacións diante da falta dunha estratexia clara e definida do goberno galego durante a última década respecto dun dos principais problemas do noso país.

Polo demais, introdúcense modificacións en todo tipo de normas, como unha especie de caixón de xastre, que ou ben constitúen unha adaptación normativa ou





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ben se trata de parches menores que sen estar acordadas por consenso e negándose un debate sosegado non servirán para achegar solucións axeitadas á realidade e ás necesidades da Galiza de 2020.

Por todas estas razóns, a través desta emenda de totalidade, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) SOLICITA A DEVOLUCIÓN DO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 12:50:35**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, expresión institucional do grupo político de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, coa expresa **petición de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2020**, polos seguintes motivos:

**1. De novo, o abuso dunha técnica lícita pero recoñecidamente deficiente, que foxe do debate político e oculta á opinión pública os motivos das reformas.**

Un ano máis pola vía da Lei de medidas fiscais e administrativas que acompañan aos orzamentos para o ano 2020, o goberno do Partido Popular quere introducir reformas ás agachadas, negando un debate político amplo sobre cuestións que afectan a amplos sectores de poboación e que merecían un tratamento monográfico e non o seu amoreamento. Trátase de artigos novos que no seu momento non desenvolveu, resolver cuestións que non quedaron ben resoltas, ou ben, ampliar a regulación en ámbitos da súa conveniencia para ampliar o número de votantes. Esta facilidade coa que se realizan as modificacións chocan co dereito comunitario europeo, e estatal, podendo darse flagrante agresións á normativa básica comunitaria.

A UE esixe unha “better regulation”, onde se establece a regulación normativa comprensiva para toda a cidadanía, sinxela e que sexa eficiente. Con esta dispersión en varias leis, decretos e o remexido da lei de medidas, a cidadanía non pode saber a que aterse, que ademais non contan coa negociación cos sectores aos que afecta, e que dada a configuración deste noso Parlamento, deixa pouca marxe de manobra.



Neste proxecto de lei de medidas modifícanse medidas en materia de tributos cedidos:

- Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos: modifica o IRPF, ISD e ITPAXD na liña do que comezou o ano pasado.

No capítulo de tributos propios:

- Eleva outra vez as taxas de contía fixa e modifica a lei 6/2003 de taxas, prezos e exaccións de Galicia.
- Modifica o canon da auga e do coeficiente de vertedoiro
- Modifica o imposto sobre o dano medioambiental, por uso de auga embalsada.

En cando as medidas administrativas modifica estas leis:

Lei 4/2019 de administración dixital de Galicia

Lei 1/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

Lei 1/2019 de rehabilitación e rexeneración e renovación urbana de Galicia

Lei 6/2017 de portos de Galicia

Lei 4/2016 de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral de Galicia

Lei 2/2016 do solo de Galicia,

Lei 2/2015 de emprego público de Galicia

Lei 13/2013 de caza de Galicia

Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia

Lei 8/2013 de estradas de Galicia.

Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia

Lei 5/2013 de fomento da investigación e da innovación de Galicia

Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia

Lei 3/2012 do deporte de Galicia

Lei 2/2012 de protección das persoas consumidoras e usuarias

Lei 6/2011 de mobilidade de Terras

Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia.

Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia



Lei 8/2008 de saúde de Galicia

Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia

Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais

Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia

Lei 6/1985 do Consello de Contas

Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, Decreto legislativo 1/1999.

## **2. Lexislar a golpe de ocorrencias e non de proxectos estratéxicos.**

Igual que o ano pasado hai leis nas que as modificacións son *reincidentes*: a lei do solo, a lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, a lei de estradas, a lei de mobilidade de terras, a lei de portos ou a lei do deporte. Que unha norma legal sexa obxecto de modificacións ano a ano denota falta de reflexión do goberno, falta de conciencia sobre o significado das normas de carácter xeral e máis aló diso falta de visión estratéxica e de planificación. É dicir, estamos ante unha característica básica dun goberno que legisla a golpe de ocorrencias e non a consecuencia de executar un proxecto de país.

Máis aló diso, a reiteración nas modificacións revela a pouca consistencia e os erros característicos da présa por realizar as modificacións, e nalgúns casos intúese un uso pernicioso, a comenencia do goberno, non na mellor defensa do interese público. Este panorama introduce unha maior inseguridade e enfado da cidadanía que ve que o que o ano anterior non era posible, este ano si que o é.

## **3. Sobre as medidas fiscais, en particular.**

A **nivel tributario**, a Xunta de Galicia insiste en facer unha proclama de baixada de impostos, e cala para quen é a mesma: baixadas de impostos para as persoas ricas,



as que maiores patrimonio teñen. O ano pasado facía unha rebaixa do tipo impositivo do patrimonio que só afectaba a patrimonios superiores a 700.000 euros, *calderilla* para os acaudalados da Revista Forbes, e non para os mortais de a pé. A clase traballadora, sometida á ditadura da precariedade, soña con ver algunha vez esa cantidade de diñeiro, e só aspiran a levar unha vida tranquila e ordenada, e uns impostos progresivos que lles permitan facelo con dignidade.

Por contraste, e a consecuencia desa inxustiza tributaria, a Xunta non é capaz, ou mellor deberamos dicir, non ten vontade política, de instaurar a gratuidade universal nas garderías de 0-3 anos para que a xente traballadora teña un servizo aceptable de conciliación. Esta medida permitiría a unha gran parte da xente unha mellora substancial das condicións de igualdade, a rebaixa da fenda salarial, xa que os servizos de gardería permiten, principalmente ás mulleres, realizar o seu traballo con normalidade e incorporarse novamente ao mercado laboral. Esta expansión das garderías no eido rural tamén permitiría unha maior conciliación da vida laboral e familiar das persoas así como a creación de dinámicas socioeconómicas xeradoras de oportunidades: onde hai servizos básicos hai maior crecemento da poboación, onde estes desaparecen, mingua a mesma.

Realizando polo miúdo a relación de medidas fiscais atopamos:

Deducións na cota íntegra autonómica do IRPF, das cantidades por mellora na cualificación enerxética en edificios e/ou vivendas unifamiliares, limitadas a cantidade máxima da base da dedución a 9.000 euros, cunha dedución máxima do 15%: en total 1350 euros por unha inversión desas características e que ademais, é incompatible coa prevista por investimentos en instalacións de climatización e ou auga quente sanitaria onde se empreguen enerxías renovables. Para ser realmente eficaz debería ampliarse a cantidade máxima da base de dedución e posibilitar unha mellora en sectores máis amplos das vivendas da poboación.



En canto á outra dedución, referida ás deportistas de alto nivel, tampouco vai favorecer a aqueles que comezan no deporte, que son os que máis precisan a axuda, e pode ser incluso regresiva, é dicir, fai un raseiro uniforme, no que se iguala a todas as deportistas, sendo que algunhas teñan un patrimonio amplo. A aposta neste caso tería que ser cando menos, para todas aquelas persoas deportistas, sexan de alto nivel recoñecidas ou non, cunha revisión das rendas en cómputo total, que permita incorporase ao maior número de persoas.

En canto ao ISD: increméntase a redución por parentesco do Grupo II, xa modificado no ano 2016. A perda de recadación fiscal é evidente, o que repercute á súa vez nos servicios públicos básicos, e nunha posibilidade de recadación progresiva, que pague máis o que máis cartos ten. Dende EM pensamos que quen recibe un patrimonio próximo a un millón de euros está manifestando unha evidente adquisición de riqueza, que é o que nos estados democráticos e de corte social xustifica o groso das políticas impositivas. Por iso consideramos inxusto que quen pasa a ter un patrimonio de 999 mil euros dun día para outro tribute o mesmo que quen non ten máis que débedas e traballa e non sae de pobre.

En canto ao ITPAXD incorpora un tipo de gravame nas adquisicións de vivendas nas parroquias que teñen consideración de *zonas pouco poboadas*. Baixo esta nomenclatura que fai pensar en zonas de alta montaña, zonas remotas ou zonas de notoria depresión demográfica, a orde da consellería de 9 de febreiro de 2017 pola que se determinan as parroquias que teñen a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a efectos das deducións previstas nos artigos 16.7 e 17.8 do texto refundido das disposicións legais de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011 deixa ao descuberto unha verdadeira fraude. Aquí aparecen zonas costeiras de veraneo, como o tristemente coñecido pola desfeita urbanística Concello de Barreiros, Miño (na mesmísima parroquia de Perbes, onde Fraga tiña o seu chalé), O Grobe ou a Illa de Arousa. Alguén se cre que isto son concellos onde haxa que promover a adquisición de segundas residencias para combater o despoboamento? Que clase de tomadura de





pelo é esta? O máis grave de todo é que con esta rebaixa o que estamos facendo é entre todos abaratarlle o acceso aos chalés e pisos de veraneo a persoas que xa teñen unha primeira residencia habitual, de forma que o deixamos de ingresar para que eles merquen máis barato nos impide ter máis recursos para atender os numerosos servizos de pediatría suprimidos por todo o país ou a falta de ambulancias medicalizadas que atendan as emerxencias.

Seguen por outra banda aumentando ano tras ano os tipos das taxas de contía fixa e a creación de outras novas. Estas supoñen un encarecemento da vida media en xeral, cando lembremos, inda que o SMI sobe, tamén soben ano tras anos este tipo de taxas que minguan esta ampliación dos salarios.

Nun alarde de compromiso co medio ambiente, que non é tal, introdúcese modificacións en canto á regulación do canon da auga e do coeficiente de vertedoiro, que repercuten nos concellos.

#### 4. Sobre as medidas administrativas.

As medidas transcendentales en materia de **emprego público**, coa creación de escalas e especialidades que non se consultaron cos sectores afectados, e que ademais non dan prioridade ás persoas que teñen formación específica en relación a esas escalas, co que as persoas con titulación específica poden quedar relegadas polo sistema de competición, debido á amplitude das mesmas, e imposición noutros casos de titulación técnica para o desenvolvemento de tarefas que non o requiran, como por exemplo, na escala de bombeiro/a forestal e xefe de brigada, o da escala auxiliar de coidadores/as.

As modificacións máis relevantes na Lei 2/2016 do Solo de Galicia son a substitución da cesión obrigatoria do solo correspondente ao 10% do aproveitamento tipo da área de reparto, polo equivalente en metálico, en canto ao



solo urbano non consolidado e solo urbanizable. Unha medida destas características, que afectará a morfoloxía do espazo urbano, merecía unha tramitación separada, porque o estado de opinión hoxe é máis favorable a espazos públicos e dotacionais que a simple conversión no seu equivalente monetario e deixa entrever os problemas de financiamento dos concellos galegos, asfixiados por unha normativa estatal completamente inxusta coa forma de asentamento territorial en Galicia.

A Xunta acomete esta reforma pola porta de atrás e ignora a denuncia feita no Informe da Valedora do Pobo do ano 2018, onde insta un cambio normativo na Lei do Solo, tras indicar que o réxime urbanístico disciplinario deseñado na LSG é un absoluto despropósito, porque encarga aos Concellos funcións sen medios persoais nin materiais e a proximidade aos administrados fainos vulnerables á corrupción e febles á hora de cumprir e facer cumprir a norma. Este é o respecto da Xunta ás institucións do autogoberno como a Valeduría cando non din o que o PP quere oír. Ningún.

Por outra banda a Xunta volve a repasar leis como a 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais, introducindo a posibilidade de que sexan os obradoiros duais de emprego realizados no concello en convenio coa Xunta os que realicen estes traballos de prevención, nos perímetros de alto risco de incendio, mao de obra moi barata para a realización de traballos de prevención.

En canto ás modificacións en materia de política social inclúese a gratuidade da atención educativa nas escolas de 0-3 anos, non incluída para o primeiro fillo, apartándose así dos países europeos do noso entorno, e que marcaría a diferenza no verdadeiro compromiso coa conciliación e a igualdade, xa que permitiría a volta ao mercado laboral e a rebaixa da fenda laboral das mulleres.

Tamén inclúe modificacións nos Programas Individualizados de Atención debido ao retraso estrutural no recoñecemento do mesmo que facilita a opción entre a prestación inmediata sen exclusión dun recurso , e que porén non vai á causa, que é



a falta de equipas profesionais e a falta de recursos asistenciais, así como non se contemplan outras formas como o asistente persoal que redundan na mellora de calidade das persoas con discapacidade: outras modificacións que avanza na consecución de dereitos, reclamada durante moito tempo polas persoas usuarias como era a compatibilización dun traballo coa RISGA, que hoxe ten uns importes límites que non permiten a cidadanía saír desa pobreza extrema, son vistos con bos ollos, inda que non van á causa do problema, que é estrutural. Non se pode saír da pobreza e da exclusión social e non hai recursos suficientes nin prestacións que o permitan por carecer dun plan integral de atención as persoas en risco de exclusión social que seguen tomando como referencia o IPREM cunhas contías irrisorias.

Outras modificacións relevantes veñen da man da UE, e de disposicións que en materia de protección das persoas consumidoras e usuarias en canto á resolución de litixios en materia de consumo, que se traspuxo a través da lei 7/2017. Tamén en materia de cultura e turismo fanse modificacións para facilitar a actividade desenvolvida polas vivendas de uso turístico que porén incumpre a normativa da UE, posto que non esixe os requisitos de control e seguimento que se recollen nestas modificacións.

No tocante á modificación das autorizacións de instalacións de salas de xogo, pola incidencia que está a ter este nas poboacións con menos recursos, a reforma acordada é covarde e pouco ambiciosa: debera acordarse a moratoria completa ata a aprobación da nova Lei do xogo que está a tramitar o goberno galego.

Por último, mencionar a forma de modificar o canon da auga, para o cobro do mesmo que afecta aos concellos, e que previsiblemente repercutirá nas usuarias, ao non se preveren mecanismos que o impidan ou seleccionen aos grupos de consumidores -nomeadamente os grandes consumidores profesionais ou industriais- sobre os que repercutilo.



**Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario presenta a emenda de devolución ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2020.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 07/11/2019 17:33:25**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGs8xIRG8q9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

